



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 44

**Sesión Plenaria**  
17 de outubro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia (doc. núm. 339, 10/PPLI-000001)

Publicación da Proposición de lei, BOPG nº 140, do 05.07.2017

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de Portos de Galicia (doc. núm. 14376, 10/PL-000005)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 179, do 21.09.2017

1.3 Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (doc. núm. 13196, 10/PPL-000009)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 154, do 28.07.2017

Publicación do Ditame, BOPG nº 191, do 11.10.2017

### Punto 2. Comparecencias

#### 18547 (10/CPP-000036)

Da sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, por petición propia, para dar conta da súa política en materia de paisaxe e ordenación do territorio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

### Punto 3. Mocións

#### 3.1 17886 (10/MOC-000049)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 15654, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

#### 3.2 17887 (10/MOC-000050)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 15083, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

**3.3 17888 (10/MOC-000051)****Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón**

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun novo plan sectorial eólico de Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo mentres non se aprobe. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 15065, publicada no BOPG nº 174, do 13.09.2017, e debatida na sesión plenaria do 26.09.2017)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

**Punto 4. Propositions non de lei****4.1 1042 (10/PNP-000096)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Fernández, Raúl e dous deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

**4.2 5776 (10/PNP-000492)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****González Vázquez, José e cinco deputados/as máis**

Sobre a solicitude polo Goberno galego ao Goberno central da cesión ás comunidades autónomas do rendemento do imposto sobre sucesións e doazóns derivado da obriga real de contribuir, da obriga persoal do causante non residente, así como da adquisición de bens inmobles situados fóra de España, xunto coa delegación das competencias de xestión, recadación, inspección e revisión correspondentes  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

**4.3 8124 (10/PNP-001368)****Grupos Parlamentarios: Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego**

De iniciativa popular, sobre a realización por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria das adaptacións necesarias para incluír a obrigatoriedade da materia de Historia da Filosofía como troncal na oferta de bacharelato, así como a demanda ao Goberno do Estado para que propicie nos traballos para o denominado Pacto educativo un debate en profundidade sobre a situación da filosofía no sistema educativo e a necesidade da súa pervivencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 164, do 29.09.2017

**4.4 14901 (10/PNP-001193)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Villares Naveira, Luis**

Sobre o establecemento pola Xunta de Galicia, en colaboración cos concellos e a Fegamp, dun plan de mellora da rede de distribución de auga no conxunto do territorio galego  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 170, do 06.09.2017

**4.5 16414 (10/PNP-001257)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Pazos Couñago, José Alberto e dez deputados/as máis**

Sobre o requirimento polo Goberno galego ao Concello de Vigo do remate da urbanización do contorno do hospital público Álvaro Cunqueiro habilitando, en condicións de igualdade, as prazas de aparcamento en superficie necesarias para o normal funcionamento do centro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

**4.6 17226 (10/PNP-001299)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da introdución de modificacións en diversos artigos da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

**4.7 17349 (10/PNP-001306)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola seca nas producións agrarias e gandeiras do sur da provincia de Ourense, en particular na produción de castaña, mel e forraxes para o gando

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

**4.8 17987 (10/PNP-001338)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre a realización de xestións polo Goberno galego para frear a destrución de emprego, garantir os dereitos laborais e procurar a viabilidade e continuidade da empresa Maderas Iglesias, S. A. nos seus centros de produción do Porriño e Mos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

**4.9 17997 (10/PNP-001339)****Grupo Parlamentario de En Marea****Rodríguez Estévez, David**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación cos labores que están a desenvolver os axentes medioambientais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

**Punto 5. Interpelacións****5.1 10194 (10/INT-000431)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre o proceso de elaboración do novo Plan forestal de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 128, do 14.06.2017

**5.2 10583 (10/INT-000456)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e seis deputados/as máis**

Sobre a diminución da contía orzamentaria dedicada ás axudas ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 136, do 28.06.2017

**5.3 16633 (10/INT-000565)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as incidencias detectadas no inicio do curso escolar 2017-2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 18475 (10/POPX-000052)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a valoración do Goberno galego en relación co número de empresas deslocalizadas de Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**6.2 18494 (10/POPX-000053)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a avaliación do Goberno galego en relación cos efectos da situación das rías na produción marisqueira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**6.3 18514 (10/POPX-000054)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a retirada do Anteproxecto de lei polo que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 14105 (10/POP-001842)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e cinco deputados/as máis**

Sobre os cambios políticos que se teñen producido na provincia de Pontevedra nos últimos dous anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

**7.2 15290 (10/POP-002030)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Romero Fernández, Cristina Isabel e seis deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos efectos do constante incremento da chegada de turistas a Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

**7.3 18512 (10/PUP-000110)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da responsabilidade de dotar suficientemente as partidas orzamentarias destinadas á igualdade, así como á violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**7.4 18515 (10/PUP-000111)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e 13 máis**

Sobre a campaña publicitaria da Xunta de Galicia *#DameGalicia*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**7.5 16652 (10/POP-002105)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do impacto social, ambiental e paisaxístico que tería a execución do proxecto de creación da área deportiva das Costeiras, no concello de Baiona

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

**7.6 12962 (10/POP-001581)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis**

Sobre as medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie nos concursos de solo empresarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 158, do 04.08.2017

**7.7 16734 (10/POP-002117)****Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco**

Sobre o grao de execución orzamentaria actual no referido ao número de solicitudes aprobadas, así como ao importe total adxudicado, das partidas correspondentes ao ticket eléctrico, destinado a axudar as familias ao pagamento das facturas da luz, así como no referido ás axudas urxentes de tipo social para evitar cortes na subministración de luz e gas a consecuencia do non-pagamento de recibos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

**7.8 18482 (10/PUP-000109)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición da Xunta de Galicia en relación co proxecto de reapertura da mina de cobre a ceo aberto de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

**7.9 13753 (10/POP-001708)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a calidade asistencial en atención primaria e nos hospitais comarcais despois da modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

**7.10 15404 (10/POP-002048)**

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis**

Sobre o número de novos permisos de explotación marisqueira convocados para o ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 174, do 13.09.2017

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

*O señor presidente comunica que a deputada dona Eva Solla Fernández xustificou a súa ausencia.*  
(Páx. 13.)

### **Proposta de alteración da orde do día**

*A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a palabra e intervén para propoñer a inclusión dun novo punto na orde do día, con base no artigo 73.1 do Regulamento, cuxo contido sería unha comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia ante os graves incendios forestais que asolaron Galicia estes días. (Páx. 13.) Interveñen tamén o señor Fernández Leiceaga (S) (Páx. 15.) e o señor Villares Naveira (EM) (Páx. 15.), que anuncian o apoio dos seus respectivos grupos a esta proposta.*

*O señor Puy Fraga (P) solicita a palabra e intervén para propoñer outra alteración da orde do día consistente na substitución da comparecencia da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio por unha comparecencia para informar da situación da vaga de incendios por parte da señora conselleira do Medio Rural. (Páx. 8.)*

### **Votación das propostas de alteración da orde do día**

*Votación da proposta de alteración da orde do día da sesión plenaria, formulada polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea, pola que se pide a comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia ante os graves incendios forestais que asolaron Galicia estes días: *rexeitada por 29 votos a favor, 40 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 16.)*

*Votación da proposta de alteración da orde do día da sesión plenaria, formulada polo G. P. Popular de Galicia, de inclusión dunha comparecencia da señora conselleira do Medio Rural no canto da da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio: *aprobada por 40 votos a favor, 30 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 16.)*

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Presentación da proposición de lei: Sr. representante da comisión promotora (Toirán Vázquez).*  
(Páx. 17.)

*Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 22.), Sra. Vilán Lorenzo (S) (Páx. 24.), Sra. Quinteiro Araújo (EM) (Páx. 27.) e Sra. Prado del Río (P). (Páx.29 .)*

*Rolda de réplica: Sr. representante da comisión promotora (Toirán Vázquez). (Páx. 33.)*

### **Debate de totalidade do Proxecto de lei de portos de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei. (Páx. 34.)*



Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 35.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 39.), *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 43.) e *Sr. Merlo Lorenzo (EM)*. (Páx. 47.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) retíralle a palabra ao Sr. Merlo Lorenzo (EM) logo de chamalo á cuestión por terceira vez.* (Páx. 49.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 49.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 53.), *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 55.) e *Sr. Merlo Lorenzo (EM)*. (Páx. 56.)

*O señor presidente retíralle a palabra ao Sr. Merlo Lorenzo (EM) logo de chamalo á cuestión por terceira vez.* (Páx. 58.)

### **Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.** (Punto primeiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a este proxecto de lei que se manteñen para o seu debate en pleno.* (Páx. 58.)

Presentación do ditame da Comisión: *Sra. presidenta da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo (Romero Fernández)*. (Páx. 58.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 60.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 64.), *Sr. Sánchez García (EM)*. (Páx. 69.)

*O señor presidente retíralle a palabra ao Sr. Sánchez García (EM) logo de chamalo á cuestión por terceira vez.* (Páx. 72.)

Continuación da rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición sobre o ditame e, se é o caso, defender as emendas mantidas: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 72.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións sobre as emendas mantidas polos demais grupos: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 76.), *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 79.) *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 81.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 83.)

### **Votación dos textos lexislativos**

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia: *aprobada por 54 votos a favor, 6 en contra e ningunha abstención.* (Páx.85 .)

Votación das emendas á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de portos de Galicia: *rexeitadas por 20 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación das emendas á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de portos de Galicia: *rexeitadas por 20 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación das emendas á totalidade de devolución do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de portos de Galicia: *rexeitadas por 20 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

*O señor Losada Álvarez (S) pide a palabra e intervén para solicitar a votación por puntos do Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.* (Páx. 87.)

Votación das emendas números 1, 5, 6, 8, 10, 11, 14 e 20 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 6 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 87.)

Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia non incorporadas ao ditame da comisión, agás as xa votadas: *rexeitadas por 20 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 20 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación das emendas números 3, 4, 5, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 26, 31, 41, 43, 45, 58, 60 e 86 do G. P. de En Marea á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia non incorporadas ao ditame da comisión: *rexeitadas por 6 votos a favor, 40 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 88.)

Votación das emendas do G. P. de En Marea á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia non incorporadas ao ditame da comisión, agás as xa votadas: *rexeitadas por 20 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación do Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia: *aprobado por 40 votos a favor, 20 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

### ***Declaración institucional con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza***

*O señor presidente procede a dar lectura a unha declaración institucional con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, que a Cámara aproba por asentimento* (Páx. 89.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e quince minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.*

*O señor presidente recorda a alteración da orde do día aprobada ao comezo da sesión plenaria.*  
(Páx. 91.)

**Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar da situación dos lumes en Galicia.** (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 91.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 99.), *Sr. Quiroga Díaz (S)* (Páx. 102.), *Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. 106.) e *Sr. Balseiros Guinarte (P)*. (Páx. 109.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 117.)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno.* (Páx. 121.) *Nesta rolda interveñen a señora Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 121.), *o señor Quiroga Díaz (S)* (Páx. 124.), *o señor Villares Naveira (EM)* (Páx. 125.), *o señor Balseiros Guinarte (P)* (Páx. 128.) e *a señora conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 130.)

**Alteración da orde do día**

*O señor presidente comunica que o G. P. de En Marea retirou a súa moción, que figura como número 3 da orde do día.* (Páx. 134.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia.** (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 135.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 38.), *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 139.) e *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 141.)

*Nova intervención da señora Prado Cores (BNG).* (Páx. 142.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 144.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 144.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 147.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)* (Páx. 149.) e *Sr. González Vázquez (P).* (Páx. 151.)

*A señora Blanco Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 153.)*

### ***Votación das mocións***

*O señor presidente anuncia unha solicitude de votación por puntos, por petición da señora Rodríguez Arias, petición aceptada pola portavoz do grupo autor da moción. (Páx. 156.)*

*Votación dos puntos 3 e 6 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia: aprobados por 57 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 155.)*

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia, agás dos puntos xa votados: rexeitada por 20 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 155.)*

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario: rexeitado por 20 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención. (Páx. 155.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 156.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Fernández Fernández (S). (Páx. 156.)  
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 158.),  
Sr. Cal Ogando (EM). (Páx. 160.)*

*O señor presidente (Calvo Pouso) retíralle a palabra ao señor Cal Ogando logo de chamalo á cuestión por terceira vez. (Páx. 161.)*

*Continuación da intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 161.)*

*Nova intervención do señor Fernández Fernández (S) (Páx. 163.)*

*Suspéndese a sesión ás oito e vinte e oito minutos do serán.*

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

*Ábrese a sesión.*

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 192, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a este pleno a deputada dona Eva Solla.

Entramos, polo tanto, na orde do día.

*(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)*

Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

**A señora PONTÓN MONDELO:** Si, señor presidente, con base no artigo 73.1, se vostede o considera.

Como todos e todas sabemos, o Parlamento debe ou debería de ser o centro da vida política, e o Estatuto de autonomía que neste momento está vixente no noso país establece que a principal ou unha das principais obrigas do presidente da Xunta de Galiza é precisamente responder politicamente ante este Parlamento.

Hoxe e onte, e o propio sábado e o domingo, vivimos unha situación excepcional no noso país, con centos de persoas asediadas polo lume, con miles de persoas evacuadas e o noso territorio ameazado polos lumes, que mesmo provocaron catro vítimas mortais —quero aproveitar para transmitirles desde aquí toda a nosa solidariedade a estas persoas—, e pensamos... *(Murmurios.)* Eu, de verdade, quero xustificar...

**O señor PRESIDENTE:** Perdón.

Silencio. Silencio, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...por que solicitamos unha alteración da orde do día. Creo que é un tema o suficientemente grave como para que á oposición se nos deixe falar. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Non sei por que lles molesta, de verdade. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Se nun Parlamento non podemos falar, o certo é que é mellor que pechemos a democracia.

**O señor PRESIDENTE:** Señora Pontón, eu entendo que vostede o que vai plantexar é unha alteración da orde do día.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Si, pero gustaríame poder explicar por que, porque non é un capricho. E creo que tanto os deputados, antes de votar esta alteración, como os cidadáns que poñen estar seguindo este debate teñen dereito a saber por que estamos solicitando esta alteración.

**O señor PRESIDENTE:** Pois brevemente, por favor. Concederemos iso.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, pois nós —como dicimos— cremos que hai unha situación... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Dirixo eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Creo que o ten claro vostede tamén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois, entón, deixe, que estou falando coa señora Pontón agora. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, silencio.

Señora Pontón, cando queira, formule a alteración da orde do día.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Ben, pois nós consideramos que ante esta situación,...*(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...por responsabilidade ante os cidadáns, por cumprimento do Estatuto e por responsabilidade política, na sesión de hoxe debería de comparecer o presidente da Xunta de Galiza para explicar todo o que leva pasado durante estes días. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Porque pensamos que o debate político é fundamental para analizar as responsabilidades...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...para saber se as cousas se fixeron ben ou mal. E quen ten que responder politicamente como principal autoridade deste país é o propio presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Polo tanto, solicitamos esa inclusión no punto 2 como primeira comparecencia nesta sesión plenaria.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

*(O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.)*

Si, señor Leiceaga, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Para que o Parlamento coñeza que esta petición está feita polos tres grupos que nos sentamos a este lado do hemiciclo.

E, coincidindo coa argumentación realizada pola señora Pontón, nós tamén consideramos que o presidente da Xunta debería comparecer hoxe, alterando a orde do día, de maneira que puideramos ter un debate sobre esta cuestión, os incendios forestais que asolaron o país nesta fin de semana.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Leiceaga.

*(O señor Villares Naveira pide a palabra.)*

Si, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Coa venia, presidente.

Esta petición, efectivamente, foi realizada polos tres grupos parlamentarios. En Marea consideramos que a situación de emerxencia nacional que viviu o noso país esta pasada fin de semana xustifica que a Cámara galega, que é a sede onde se residencia a soberanía nacional do noso país, sexa o lugar onde a Xunta de Galicia, co seu presidente á fronte, dea explicacións. Non é admisible que nos enteremos única e exclusivamente polos medios de comunicación, por declaracións institucionais, por declaracións que o presidente faga á prensa, fóra da Cámara de representación parlamentaria. Este é o lugar onde hai que dar explicacións, e isto é o que exige a cidadanía galega neste momento. Polo tanto, entendemos que está máis que xustificado, e toda a cidadanía o entenderá perfectamente, dentro e sobre todo fóra desta Cámara, que hoxe o presidente da Xunta veña aquí explicar...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...que foi o que pasou e que é o que está pasando no noso país.

Por esa razón, pedimos a alteración da orde do día para pedir a comparecencia do presidente da Xunta. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

*(O señor Puy Fraga pide a palabra.)*

Si, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Grazas, señor presidente.

Como todos os deputados saben, a alteración da orde do día depende da maioría, e a maioría parlamentaria, neste caso a do Grupo Popular, entende que a garantía mellor dos debates,

especialmente para a oposición, é que non se utilice esa maioría para alterar a orde do día. *(Murmurios.)*

Non obstante, entendemos que a situación é excepcional, é extraordinaria, e que a Cámara debe de recoller un debate sobre o que está a acontecer, porque non deixou de acontecer o problema dos incendios; hoxe mesmo moita xente está traballando e xogando a vida para loitar contra os lumes na provincia de Ourense. E, polo tanto, entendemos que, excepcionalmente, sería oportuno que nesta Cámara se explicase cal é o estado da situación e cal é o operativo que está a funcionar aínda na loita contra os lumes que asolagan boa parte do noso territorio.

En definitiva, señor presidente, acolléndome ao artigo 73, eu solicito que se substitúa a comparecencia prevista esta tarde da conselleira de Medio Ambiente pola solicitude de comparecencia da conselleira do Medio Rural para falar da situación dos lumes en Galicia.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Pois temos que proceder a dúas votacións.

En primeiro lugar, comezamos votando a solicitude dos tres grupos, na que piden a comparecencia do presidente da Xunta.

Votamos esta solicitude.

*Votación da proposta de alteración da orde do día da sesión plenaria, formulada polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea, pola que se pide a comparecencia do señor presidente da Xunta de Galicia ante os graves incendios forestais que asolaron Galicia estes días.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposta de alteración da orde do día.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a proposta feita polo portavoz do Grupo Parlamentario Popular, que consiste na inclusión da comparecencia da conselleira do Medio Rural na que correspondía á conselleira de Ordenación do Territorio, que, de aprobarse, quedaría loxicamente aprazada para outra sesión.

Votamos esta solicitude.

*Votación da proposta de alteración da orde do día da sesión plenaria, formulada polo G. P. Popular de Galicia, de inclusión da comparecencia da señora conselleira do Medio Rural no canto da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; abstencións, 30.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta alteración da orde do día.*

**O señor PRESIDENTE:** Polo tanto, a comparecencia da conselleira do Medio Rural substanciarase no horario da tarde.

E continuamos coa orde do día: textos legislativos.

### **Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa legislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación desta proposición de lei ten a palabra para defendela don Lois Manuel Toirán Vázquez, a quen lle rogo que se achegue á tribuna, que será acompañado polo vicepresidente primeiro do Parlamento.

**O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Toirán Vázquez):** *Amar:* «O amor florece desde dentro, en primeira persoa, e medra como un irmanciño novo, que gabea polos rostros e polas mans da xente. O amor fai ancho o sorriso, coma un peirao xigante onde atracan os barcos cargados de alegrías, e arrodéase de flores, de paxaros, de nubes de algodón e atardeceres de azucre. O amor converte o peito nunha praza onde viven os saúdos, coas apertas e os regalos, onde caben os nenos que habitan os domingos e comen chocolate e rin fóra das sombras». Ana María Fernández.

Señor presidente, deputados, deputadas, bos días a todos e a todas.

Esta é a razón pola que moitos homes e moitas mulleres traballamos para estar hoxe aquí. Somos pais, somos nais, somos irmáns, somos irmás, avós, avoas, tíos e tías, persoas que un día, cando se separou unha parella, vimos como nenos e nenas foron afastados da metade das persoas que os querían, da metade das persoas que asumiron a responsabilidade e sentían o amor necesario para participar na súa crianza e no seu coidado.

Os datos sobre as separacións e divorcios son ben elocuentes e clarificadores dunha realidade social que, a pesar do forte efecto da crise, ten unha ascendencia crecente, común tamén a nivel de Estado. Cinco mil quiñentas parellas aproximadamente separáronse ou divorciáronse en Galicia no ano 2006; delas, dúas mil seiscentas tiñan fillos. Se botamos conta e consideramos tanto os nenos e nenas como os seus pais, nais, avós, avoas, irmáns de distintas parellas, primos, tíos e outros familiares, resulta que moitos centos de miles de persoas fomos afectados directamente nas dúas últimas décadas. Son datos que nos fan ver a transcendencia enorme que sobre nenos e nenas galegos están tendo as separacións.

Neste ano pasado, só un 17,4 % de fillos e fillas desas familias puideron seguir contando en igualdade cos seus pais, coas súas nais e familias extensas. No Reino Unido estimaron que

un terzo dos nenos e nenas de familias separadas perdían máis cedo ou máis tarde todo contacto coa persoa non custodia. Sinalaron que socialmente iso non era asumible.

Non se trata de defender os dereitos dos pais sobre os fillos, senón de subliñar o interese para os fillos de manter lazos estreitos cos seus dous proxenitores. Para que os lazos familiares e de confianza entre os pais e fillos se manteñan, cómpre sempre frecuencia e regularidade dos contactos. E para iso entendemos —coa excepción de situacións anormais de abusos, negligencias ou maltratos— que a corresponsabilidade parental permite no interese do menor preservar os lazos familiares entre pais e fillos.

*Nena de flan:* «O avó morreu cando eu tiña nove anos, a pena non se me foi en días. Faltábame o seu cariño, faltábanme os seus contos e mesmo me faltaba o seu caxato do puño retorto para facerlle a trasnada de llo esconder. Ata estrañaba que non houbera quen se burlase de min dicíndome: “Rapariga triga que ten formigas na barriga”. Aínda lembro o contento que se puxo o día en que eu lle dixen que de maior quería ser xornalista. O avó era famoso entre os veciños por predicir o tempo e por entender os misterios da lúa, da sementeira, do nacemento dos puchos; para todos amañaba unha resposta ocorrente. A casa non volveu ser coma antes».

Estamos nunha sociedade na que o papel dos membros da familia e o formato mesmo da familia está a cambiar, onde os roles de homes e mulleres se asemellan, asumindo unhas funcións antes case que exclusivas delas. Pero este cambio natural da sociedade ten que vir acompañado e potenciado polos poderes públicos, con diferentes e múltiples ferramentas, unha delas a lexislativa; dúas funcións se lle poden dar a estas leis: a de regular unha realidade social e a de favorecer ese cambio.

Podémolo perfectamente ver se nos comparamos co País Vasco. No ano 2009 as porcentaxes de familias separadas con responsabilidade parental eran idénticas, 6,8 % do total. No 2016, o ano pasado, no País Vasco, logo da aprobación da súa lei, tamén a través dunha iniciativa lexislativa popular, alcanza xa o 34,2 %, xusto o dobre. As familias galegas separadas están neste momento lonxe das aragonesas, das navarras, das catalás ou mesmo das valencianas, que oscilan entre o 34 % e o 42 %.

Son estas porcentaxes as que fan que a nivel de Estado a corresponsabilidade suba dun xeito notable. Unha lexislación máis inclusiva e igualitaria potencia a súa evolución; así, temos a Cataluña, con lexislación propia desde o 2010, co seu 42 % de familias con corresponsabilidade.

Moitos e moitas de nós, en múltiples actos públicos celebrados por todo o país, temos insistido en que este tema é algo que interesa por igual a todas as persoas, de todo tipo de ideas, que non debe verse como un tema deste ou daquel partido, senón como un tema de toda a sociedade. E, de feito, podemos constatar que teñen contribuído a favorecelo grupos de todo o arco parlamentario. Así, en Valencia tense feito co Partido Popular e Compromís; en Cataluña, PP, Convergència, Esquerra Republicana, ICV —onde estaba integrada Izquierda Unida— e o PSOE catalán como promotor; en Aragón, co Partido Aragonésista como promotor, o socialista, o popular e a Chunta Aragonésista; en Navarra, coa proposta de lei de Izquierda Unida, que logo aproban UPN e os socialistas; e no País Vasco, co PP e o PNV coa colaboración do PSOE.

Todos eles tiveron moi claro cal era o camiño a seguir. Tamén o ten moi claro o Tribunal Supremo coas sentenzas que tratan de mitigar a falta dunha lexislación estatal máis igualitaria. Pero non foi só no Estado. En Europa países como Suecia ou recentemente a República Checa lexislaron, ao igual que o fixo Francia xa no ano 2003, e ademais por unanimidade.

Queremos destacar tamén a Resolución 2079 do ano 2015, da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, sobre a igualdade e a corresponsabilidade parental, na que insta os Estados membros a superar prexuízos na repartición de roles, a incluír na súa lexislación normativas para o favorecemento da coparentalidade e a potenciación da mediación. Sinala o seguinte, textualmente: «Para un proxenitor e un neno ou nena, a habilidade de estar xuntos é unha parte esencial da vida familiar. A separación do neno do seu proxenitor ten efectos irremediabes na súa relación. Tal separación só debería ser pedida por un tribunal e só baixo circunstancias excepcionais que impliquen riscos graves no interese do neno ou da nena». Ademais, a asemblea cre firmemente que o desenvolvemento da responsabilidade parental compartida axuda a superar os estereotipos de xénero sobre as funcións de mulleres e homes dentro do ámbito familiar, e constitúe simplemente un reflexo dos cambios sociolóxicos que tiveron lugar nestes últimos cincuenta anos.

Así, especificamente, no apartado 5.5 pide introducir na súa lexislación o principio de alternancia de custodia dos fillos despois dunha separación, ao tempo que limita as excepcións aos casos de abuso e negligencia, e axustar o tempo de residencia de acordo coas necesidades e intereses dos nenos. Esta resolución tivo 46 votos, 2 abstencións e ningún en contra.

Pero é que, ademais, no resto do mundo tamén todas as novas lexislacións van encamiñadas neste sentido. Destacamos, dentro das de América, a lexislación pola custodia compartillada do Brasil, aprobada tamén por unanimidade.

No traballo levado a cabo nestes tempos tamén contactamos cos concellos galegos para solicitarlles apoio a unha regulación das separacións cara a nenos e nenas. Unha trintena de concellos, a través do seu pleno ou ben da sinatura do seu alcalde ou da súa alcaldesa, accederon a apoiar o inicio dos traballos no Parlamento galego para lexislar sobre esta regulación. Entre os grupos que apoiaron están todos os aquí representados.

Cando sexades pequenos, non teredes que ir traballar; en vez diso, poderedes brincar nas pozas ata vos converter en ras. Cando sexades pequenos, non teredes que discutir, mellor poderedes apañar amoras. Cando sexades pequenos, aprenderedes a atrapar o tempo cunha rede, e metelo nun bote de cristal por se escapa, e a usalo só para cousas importantes. Cando sexades pequenos, construiredes as vosas casas en calquera recuncho e sereades tan pequenos que sempre caberedes nelas. Cando sexades pequenos, abriredes a boca para beber a choiva. Cando sexades pequenos, poderedes falar cos grilos, coas baleas, cos parrulos. Cando sexades pequenos, non comeredes nin espárragos nin espinacas nin fígado, pero poderedes beber a lúa do estanque. Cando sexades pequenos, non veredes os telexornais, será a avoa quen vos conte como é o mundo. Cando sexades pequenos, de maiores ides querer ser pequenos, e ese gran día, cando sexades pequenos, aquí estaremos nós para coidarvos, tranquilos.

A proposta hoxe presentada nace do traballo de vinte anos. Tivemos como metodoloxía esencial escoitar multitude de pais e nais, persoas especialistas, institucións, asociacións, entidades de todo tipo, grupos políticos, que tiveran que ver dun xeito ou doutro co coidado e atención de nenos e nenas. Expoñelo aquí exixiría moito tempo dispoñible, pero indicar que escoitamos xuíces e, de xeito particular, os de primeira instancia, das audiencias, Tribunal Superior de Xustiza, asociacións da maxistratura, anterior e actual fiscal xefe de Galicia e os xefes territoriais, avogados, gabinetes de orientación familiar e Imelga da Xunta, psicólogos e psiquiatras, incluídos os do Servizo Galego de Saúde, pediatras, mediadores, equipos de mediación, puntos de encontro, profesores e catedráticos nas universidades, membros da Comisión do Dereito Civil Galego, a Valedora do Pobo, fundacións como Preescolar na Casa, todos os que tiveran que ver cos ámbitos educativos, grupos políticos galegos e estatais, ademais de contar coa colaboración na organización dos actos de concellos, deputacións e diversas direccións xerais da Xunta de Galicia.

A opinión xeral por parte das persoas especialistas foi que a situación actual tiña que ser superada polo propio benestar de nenos e de nenas. Os nosos interlocutores teñen recoñecido o papel dos pais no desenvolvemento harmonioso dos nenos, a importancia para os nenos de preservar lazos estreitos cos dous proxenitores, tamén despois da separación entre eles. Os efectos benéficos para o desenvolvemento do neno dunha residencia alterna ben planificada e, sobre todo, rigorosamente respectada, as vantaxes dunha mediación familiar que permita desapaixonar as relacións e restablecer o diálogo, e tamén responsabilizar os pais, animándoos a definir eles mesmos conxuntamente as condicións de vida do seu fillo despois da separación; a importancia das situacións de transición que deben desenvolverse en completa tranquilidade para o neno, a fin de darlle seguridade; a importancia de poder en todo momento dirixirse a profesionais para ter formación sobre os dereitos e necesidades específicas dos nenos. Foron moitos deles os que nos aconsellaron que a mediación debe cumprir un papel esencial, e por iso participamos moi activamente na creación do Servizo de Mediación Interxudicial en Lugo.

Foron as universidades de Vigo e Santiago as que elaboraron o máis recente estudo levado a cabo con 467 nenos e nenas e adolescentes galegos, chamado este estudo «O impacto da ruptura dos proxenitores no estado da saúde física dos fillos». Nel faise un estudo dos posibles efectos dunha separación dos fillos e fillas e sinálase que non é a ruptura da parella o que leva efectos negativos para o estado de saúde dos fillos e fillas, senón a xestión inadecuada por parte dos proxenitores, como sinala a literatura científica e constatan os nosos datos.

A maioría dos autores afirman que as alteracións físicas, psicoemocionais e comportamentais se relacionan maioritariamente coa inadecuada xestión da ruptura. Así, entre outros factores, a ausencia da coparentalidade eleva o risco atribuído ao divorcio e ao seu impacto nos menores. Para reducir estas consecuencias, é necesario apoiar as familias. O papel dos profesionais que se atopan en contacto directo cos menores, como a atención primaria ou os centros escolares, é moi importante, xa que poden deseñar e implementar novas intervencións dirixidas á protección e á prevención.

Programas como o existente aquí en Santiago, «Ruptura de parella, non de familia», deberan espallarse por Galicia para crear unha sociedade máis sa.

No ano 2015 —hai dous anos— fíxose un estudo en Suecia, un dos primeiros países europeos coa corresponsabilidade parental, co respaldo do Consello Sueco de Saúde e Benestar, no que tiveron unha mostra de 147.000 menores de idade, onde responderon preguntas sobre a relación entre pais e fillos e os recursos materiais, onde se estudaba a coparentalidade, se a coparentalidade melloraba a saúde dos fillos. Do estudo extraeuse que os nenos con presenza en igualdade dos dous pais amosaron menos problemas psicosomáticos e gozaban dunha mellor saúde que aqueles que vivían coa custodia monoparental. Conclúen que, en liña cos estudos previos, a corresponsabilidade é un elemento de protección da saúde mental e física en comparación coa custodia monoparental. E é aquí un novo aspecto fundamental: é necesario continuar no cambio profundo de mentalidade, a de prevención, a da mediación, a de acceso á información, a implicación de todas as persoas do contorno, onde as institucións como esta na que estamos hoxe leven a cabo o papel que lle corresponda. Estamos formando persoas —carreira de adulta— que aprendan a vivir en igualdade, cunha autoestima que os afaste da violencia, da depresión e mesmo do suicidio, e que enfrente o éxito como persoa, como escolar e logo laboral.

Foi xa hai sete anos, no ano 2010, cando Meniños, Cáritas, Preescolar na Casa e mais a Asociación Galega de Pais e Nais Separados asinaron un manifesto, feito público, no que sinalaban cinco puntos: pola defensa dos nenos e nenas a poder contar, efectivamente, no plano de igualdade co seu pai e súa nai e as súas familias extensas; pola necesaria coordinación e inicio dos camiños na mesma dirección entre familias, políticas, programas, servizos educativos, sanitarios, sociais, culturais e deportivos; por un ensino realmente gratuíto, cunha atención á diversidade efectiva; polo fomento do bo trato, para promover unha formación positiva e erradicar todo tipo de violencia contra a infancia; pola conciliación da vida laboral e familiar; por políticas que poñan os medios que permitan a nenos e nenas que poidan ter coidados e educación familiares básicos.

Todos os nenos do mundo teñen dereito a ter catro avós e catro avoas, como catro soles, para escoitar mil contos a carón do lume. Todos os nenos do mundo teñen dereito a xogar ás catro esquinas e a ter centos de amigos e a perderse ás pilladas entre as casas dos veciños. Todos os nenos do mundo teñen dereito a ter catro soños e catro castelos construídos na area das súas praias, mentres contan as ondas que non teñen número. Todos os nenos do mundo teñen dereito a ser un millón de veces felices.

No campus de Lugo, na Facultade de Formación do Profesorado, teñen unha ilustración que abarca todo un corredor que transmite unha idea básica en educación: para educar un neno, para educar unha nena, cómpre toda a tribo.

Grazas a todos os grupos parlamentarios e ás persoas representantes que nos deron un trato exquisito e nos trataron como iguais, grazas pola súa sensibilidade cara a unha realidade social que pide ferramentas para avanzar. Estamos á súa disposición para calquera tipo de información que necesiten ou dúbida que aclarar para o traballo que hoxe vimos solicitar que se inicie. E temos a mellor disposición para ir abrindo camiños en colaboración cos representantes e coas representantes de todos os grupos parlamentarios, para mellorar entre todos e todas o texto que aquí se propón.

Un millón de grazas polo seu respecto e pola súa atención. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Toirán.

Pode permanecer no escano ata o momento do remate do debate.

Rolda de grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas ao señor Toirán e tamén ás persoas que nos acompañan na bancada de convidadas e convidados hoxe.

Nós queriamos comezar a nosa intervención, a primeira ademais desta sesión plenaria, lamentando que non quixeran modificar a orde do día para incorporar esa comparecencia do presidente da Xunta de Galiza, precisamente nun momento no que aínda está a arder o país, entre outros moitos lugares da provincia de Lugo e de Ourense, un dos corazóns ecolóxicos de Galiza como é Os Ancares, onde a veciñanza denunciou de maneira reiterada ao longo destes días a falta de medios para facer fronte ás lapas descontroladas, que, por certo, comezaron xa o xoves, e cuxas consecuencias están aínda por verse cando se extinga o lume. O que fai falta neste país é falar de política forestal, de ordenación do territorio, dunha vez e por todas e non só de terrorismo ambiental. *(Aplausos.)*

E xa vou centrarme na cuestión que nos acolle neste primeiro punto da orde do día, respecto, ademais, dunha cuestión importante como é unha iniciativa lexislativa popular. Queremos, ademais, desde o Bloque Nacionalista Galego comezar por recoñecer o traballo desenvolvido na recollida de sinaturas. Non é doado conseguir o apoio suficiente para poder traer unha iniciativa lexislativa a esta Cámara, e iso, independentemente da opinión que nos mereza a nós como grupo parlamentario e como organización política o contido da iniciativa, é preciso subliñalo.

Desde o BNG avanzamos que non imos apoiar esta proposición de lei, e non imos apoiála por diversas razóns que paso a explicar de seguido.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que a custodia compartida xa é legal e está regulada na normativa vixente, en concreto, nos artigos 92.5 e no 92.8 do Código civil, nos que se sinala que a custodia compartida é legal con carácter xeral cando hai común acordo entre as persoas proxenitoras e só con carácter excepcional no suposto de que algunha delas o demande e con informe favorábel do Ministerio Fiscal e fundamentándoa debidamente e así se considere en interese do menor.

Neste senso, do que estamos a falar nesta iniciativa lexislativa popular é dunha custodia compartida imposta. Tanto é así que no artigo 7.2 da proposición de lei se prevé que a oposición dunha das partes ou mesmo situacións de mala relación entre as persoas proxenitoras non poderán ser obstáculo ou impedimento suficiente para non outorgala.

Desde o Bloque Nacionalista Galego queremos deixar claro que concordamos e apoiámos a custodia compartida, mais nos termos nos que se atopa regulada actualmente, pois o que se

nos presenta nesta iniciativa ofrece unha imaxe dunha sociedade presuntamente igualitaria, que non é tal.

Falar, como recolle o texto da iniciativa lexislativa popular e como expuxo precisamente agora na súa exposición o señor Toirán, dunha pretendida igualdade de dereitos e obrigas entre nais e pais, cando non é socialmente real na actualidade, supón obviar unha parte do debate e unha peza chave para entender a sociedade na que vivimos. *De facto*, o modelo que propón a lei —insisto—, impor como solución salomónica a custodia compartida das crianzas, non ten en conta en absoluto o contexto histórico e social no que nos atopamos e mesmo pretende abordar a custodia das fillas e fillos de maneira uniforme, á marxe da situación real que atinxe a moitas mulleres e a moitos homes.

Debemos ter en conta que vivimos aínda, a día de hoxe, no ano 2017, en pleno século XXI, nun contexto de discriminación e violencia exercida contra as mulleres polo simple feito de selo; violencia que adquire múltiples e diversas formas e que en moitos casos nin é visíbel nin se denuncia, noutros nin sequera se considera violencia de xénero. Unha realidade na que os homes, como reflicten os datos, non asumiron aínda responsabilidade nin se implicaron na práctica o suficiente nos coidados, tampouco mentres existe convivencia na parella. Sirva de exemplo que a inmensa maioría das solicitudes de redución de xornada para desenvolver esa tarefa coidadora —en crianzas, si, mais tamén en persoas adultas dependentes—, na súa maior parte, en máis do 70 %, seguen sendo solicitadas por mulleres; un feito que pon en evidencia unha dupla cuestión: a pervivencia e reprodución do rol tradicional e absolutamente patriarcal da muller-nai coidadora e, doutra, a feminización da pobreza, porque a redución de xornada en situacións de convivencia recae maioritaria e preferentemente sobre o salario máis baixo —o dela—.

A corresponsabilidade, a implicación de ambas as dúas persoas proxenitoras na crianza dos fillos e a equiparación de dereitos e obrigas debe traballarse e facerse visíbel desde o comezo e non a golpe de sentenza xudicial. Porque, alén do máis, lonxe de contribuír a salvagardar o interese dos menores, estaríamos a afondar nos conflitos.

E isto non é apenas unha apreciación do Bloque Nacionalista Galego, senón que é un dos argumentos sinalados polo Consello de Estado e o Consello Xeral do Poder Xudicial en senllos informes elaborados ao fío dunha reforma legal proposta —lembrarán— nas Cortes Españolas no ano 2013, moi semellante á actual. Lembremos que daquela o que se propuña era impor a custodia compartida naqueles casos en que mesmo ningunha das persoas proxenitoras a solicitase.

Dicía na altura o Consello Xeral do Poder Xudicial: carece de sentido alterar o criterio xurisprudencial asentado a través dunha modificación que dificilmente pode reverter nos intereses dos fillos nin servir para que os pais poidan desenvolver da mellor maneira as funcións inherentes á garda e custodia. Polo contrario, é máis que previsíbel que outorgar de oficio a garda conxunta agudice as tensións e controversias que frecuentemente poden xurdir despois da ruptura da convivencia.

Desde o BNG cremos que partillar a custodia das crianzas exige dun altísimo grao de cooperación entre as persoas proxenitoras, pois todo o relativo ao coidado delas, á súa educación

e benestar, debe ser consensuado, e iso en procesos de separación e divorcio nos que non hai acordo —lembramos que a lexislación actual, sempre que haxa acordo entre as partes previo e con carácter xeral de aplicación, custodia compartida—, nos que hai tensións e mesmo nos que se prevén conflitos entre as partes, como se recolle no artigo 7.2 desta iniciativa lexislativa popular, é sinxelamente imposíbel que se produza ese grao de cooperación e consenso que precisa o interese das e dos menores.

Apostar por unha solución única, imposta xudicialmente como solución salomónica, arredada do contexto social e histórico no que vivimos, sen acordo previo entre as partes ou mesmo sen solicitude destas, non é o máis prudente; e non só non é o máis prudente, é que pode chegar a ser temerario, porque supón borrar dun plumazo a complexidade e diversidade das relacións humanas e dos procesos de separación, que cada cal é un mundo.

Desde o BNG cremos que a custodia compartida debe, pois, ser máis un modelo posíbel cando así o acorden voluntaria e libremente as persoas implicadas —insisto: voluntaria e libremente—, pero non como norma xeral, porque ningunha das opcións que poden tomarse sobre as e os menores despois dunha separación debe xulgarse a máis acaída nin a boa e desexada que debe prevalecer sobre outras nin a negativa que debe combaterse.

Por iso, defendemos que é preciso adoptar máis e mellores medidas de coeducación e de corresponsabilidade, dirixidas ao conxunto da poboación, ao longo de toda a nosa vida; educación tamén como parte fundamental dunha sociedade que non discrimine, que non imponha roles por razón de xénero. É así como se equiparan responsabilidades e como se loita por unha equiparación tamén nos dereitos. E, por suposto, garantir mediación, acompañamento e asesoramento legal e psicolóxico ao longo de todo o proceso de separación.

Pola miña banda, máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Bo día.

Grazas, presidente.

Eu tamén quero saudar a todos os convidados e convidadas que están na nosa tribuna.

Gustaríame comezar a miña intervención partindo de varias cuestións básicas e sinxelas, que son as seguintes.

Hoxe xa non é preciso falar de separación ou divorcio. Hai que falar de ruptura de parella, porque cada día hai menos matrimonios, cada día as parellas viven separadas en canto á



cuestión de organización económica e vital e non chegan ao matrimonio; polo tanto, xa non debemos falar de divorcio ou de separación.

E esta cuestión váleme para a seguinte, que quero contar, e é que hoxe hai moitos tipos de parellas; hai tamén parellas homosexuais de homes e de homes, de mulleres e de mulleres que teñen fillos, que piden a custodia exclusiva e que piden a custodia compartida. O que significa que o relevante non é falar de pai ou nai, o relevante é falar de roles que cumpre cada un dentro da súa parella.

A priori, é practicamente imposible dicir se a custodia compartida, o que se chama custodia compartida, é boa ou mala para as fillas e os fillos, porque non hai estudos serios nin científicos sobre a custodia compartida, nin para o un nin para o outro. Todos temos percepcións persoais, todos temos unha irmá, un amigo, unha filla, unha prima que está nunha situación así, pero neste Parlamento non podemos legislar para casos particulares, temos que legislar para toda a poboación.

A cuarta cuestión é que a custodia sexa exclusiva ou compartida. No momento en que entra no xulgado é imposta sempre, salvo que haxa mutuo acordo. Se non hai acordo entre os membros da parella, vai ser un xuíz ou unha xuíza quen tome a decisión, imposta polo seu criterio exclusivo, escoitando os que teña que escoitar —cando os escoita, porque non escoita a todos—.

O Instituto Nacional de Estatística di que os tribunais optan cada vez máis por este réxime, sempre que as parellas chegan ao xulgado para a súa ruptura. Pasamos dun 9,7 % en 2007 a un 24,7 % en 2015; son datos estatais. En Galicia rebáixase este 20 %, estamos arredor dun 20 % respecto da media estatal.

E isto ten relación coa última cuestión que vou contar, e é que en España —é verdade, como dicía a voceira do BNG—, hai regulación estatal e tamén hai regulación autonómica. ¿Cal é o problema? O problema é que o Tribunal Supremo, no ano 2013, reinterpreto a lexislación estatal e decidiu cales ían ser os seus criterios, de sete señores, sete maxistrados do Tribunal Supremo que non son precisamente progresistas e que ían decidir cal ían ser os requisitos para outorgar a custodia compartida en España.

Dixo o Tribunal Supremo que o punto de partida non é que sexa a excepción, senón que ten que ser a regra xeral, sempre que non resulte prexudicial para a filla ou o fillo, pois, segundo o propio Tribunal Supremo, sen basearse —como digo de novo— en ningún estudo nin científico nin serio, segundo o criterio de sete señores do Tribunal Supremo, o mantemento da potestade conxunta resulta sen dúbida a mellor solución para eles en tanto lles permita seguir relacionándose establemente cos seus dous proxenitores. E iso é o que se está a aplicar.

Como dicía antes, hai regulación —dicíao tamén a voceira do BNG—, no Código civil, no artigo 92, e, se hai acordo, hai custodia compartida sempre, sempre que non exista nunca un caso de maltrato. Está prohibido taxativamente polo Código civil. E interprétase o maltrato en sentido moi amplo: atentado contra a vida, integridade física, liberdade, integridade moral ou liberdade e indemnidade sexual dun ou doutro ou dos propios fillos ou fillas, e incluso naqueles casos nos que existan indicios de que isto está a ocorrer. Excepcionalmente,

con informe do Ministerio Fiscal —que xa non ten que ser favorable, porque o dixo o Tribunal Constitucional e declarou inconstitucional que teña que ser favorable ou non—, por iso que se chama o interese superior do menor, que vai decidir un xuíz ou unha xuíza, decídese a custodia compartida, reinterpretada polo Tribunal Supremo dende o ano 2013, como dicía antes.

E os requisitos do Tribunal Supremo son: ¿que fixo a parella antes da súa ruptura?, os desexos dos menores, o número de fillos ou fillas, o seu respecto mutuo, os informes exixidos, a distancia entre domicilios e calquera outro criterio —dixo o Tribunal Supremo— que permita ter unha vida adecuada a ese fillo ou a esa filla, nunha convivencia —leo literalmente a sentenza— *«que forzosamente deberá ser máis compleja que la que se lleve a cabo cuando los progenitores conviven, sin que la mera constatación de que un régimen de guarda y custodia se adapta mejor al interés de los progenitores resulta suficiente para deducir que se adapta mejor al interés del menor, que es el que prima»*.

Pero é que logo, no ano 2015, o Tribunal Supremo deulle unha volta —e isto é obrigatorio, é doutrina para os tribunais— e matizou: a custodia compartida non exige un acordo sen fisuras, élle suficiente unha actitude razoable e eficiente entre os membros da parella, e con iso xa lle vale.

Non quero aburrir, pero isto significa unha cousa: significa que, como dicía antes, é o Tribunal Supremo quen está a legislar e establece os criterios, segundo decidan sete señores, obrigando o resto dos tribunais. E nós dicimos que quizais sería mellor ou máis democrático que os parlamentos decidisen como se legisla.

Porque en España, como dicía antes, tamén hai lexislación autonómica. Hai unha lei catalá, non dun PSOE catalán, senón do PSC, que está dentro do Partido Socialista Obreiro Español. Hai lexislación autonómica. A lei catalá foi a primeira, do ano 2010, prima a coparentalidade, garante a relación co resto da familia e supera esa terminoloxía arcaica que seguimos utilizando de patria potestade e de que si é patriarcal, claramente, patria potestade e custodia compartida. Comeza a falar de parentalidade, responsabilidade parental e garda. Xa é hora tamén de que cambiemos esa terminoloxía.

O debate que temos hoxe no Parlamento, sete anos despois, non é exclusivo. En Italia estase a falar recentemente, no Reino Unido —por certo, no Reino Unido rexeitando a custodia compartida obrigatoria—, en Chequia, en Bélxica, en Francia.

E o Grupo Parlamentario Socialista hoxe vai facilitar o debate, vai votar a favor da iniciativa lexislativa popular, porque cremos no debate e cremos que é necesario votar a favor da toma en consideración para debater profundamente este texto, pero temos que dicir que este texto require moita máis precisión. É un texto manifestamente mellorable, pero respectamos as 15.000 firmas que ten detrás, que recollen o sentir dunha parte da sociedade galega moi importante, e que podería ser precisado se na tramitación parlamentaria se lle dá esa oportunidade.

Se a pasase, o noso grupo faría multitude de cambios, incluso poderíamos disentir da súa conveniencia, pero cremos que é necesario, porque estamos a falar nesta cuestión, aínda

que non o pareza, do autogoberno galego, do autogoberno da nosa comunidade. Non nos ten por que valer a lexislación estatal, podemos ter lexislación propia, porque temos dereito civil propio, aínda que para nós sexa dubidosamente constitucional este texto, e quero explicar por que.

Dado que a nosa Lei de adopción do ano 2006 está recorrida ao Tribunal Constitucional, e dependemos dunha sentenza, se nos din que é inconstitucional porque non temos competencia para legislar sobre familia, porque non temos normas sobre familia, se esa lei é inconstitucional, esta tamén o pode ser. Se consideramos que o Tribunal Constitucional ten variado o seu criterio e ampliado os dereitos civís forais, a través dunha cuestión técnica que se chama conexión orgánica, podería ser constitucional, pero pode que non o sexa. E plantéxanos moitas dúbidas.

E tamén nos plantexa moitas dúbidas, e nos parece inaceptable, a redacción do maltrato dentro desta iniciativa lexislativa popular. É moito máis preciso o Código civil, sendo moi anterior á regulación actual.

Creemos que o texto, como dicía antes, é moi mellorable e é discutible o seu encaixe dentro do noso dereito civil propio.

Sabemos que, en Valencia, a última proposición de lei sobre custodia compartida foi declarada inconstitucional polo Tribunal Constitucional, considerando que non teñen dereito propio e que non se pode desenvolver algo que non existía previamente.

Creemos que Galicia ten a suficiente entidade como país e ten a suficiente tradición lexislativa como para darnos a oportunidade de discutir se temos ou non competencia sobre un texto, sobre unha cuestión que está na rúa e sobre a que debemos abrir o debate.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista esa é a nosa opinión, e imos votar a favor desta toma en consideración.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Bo día.

O primeiro que queríamos facer é saudar e agradecer a presenza de todas as persoas que nos acompañan hoxe, tamén por suposto recoñecer todo o traballo feito para presentar esta iniciativa lexislativa popular. Abrir cada día un pouco máis as portas deste Parlamento ao conxunto da sociedade é ao que aspiramos, e as iniciativas lexislativas populares son unha mostra e un exemplo disto, aínda que, por suposto, queda moito que facer.

Como saben, solicitamos aprazar todos os puntos da orde do día, tamén este, especialmente este, porque, con todo o respecto que temos a todo o traballo feito —no que volvo incidir— para esta iniciativa popular, nós tamén entendemos que non debemos estender o apagón informativo que houbo na Radio Galega e na Televisión pública estes días tamén a esta Cámara.

Hoxe todas seguimos pensando no acontecido estes días, e ante todo penso que o primeiro que toca é agradecerlles o esforzo incansable a todas as persoas que o domingo nos deron unha lección de solidariedade e de resistencia colectiva (*Aplausos.*). E, por suposto, hai que agradecerlles tamén o esforzo constante a todos os traballadores e traballadoras que se enfrontaron ao lume sen os medios suficientes, traballando algúns voluntariamente máis de vinte e catro horas, a pesar das condicións de precarización ás que se ven sometidos. Porque estes días, por desgraza, caracterizáronse por vermos un Estado desaparecido e un goberno totalmente incapaz, pero tamén apareceu un pobo autoorganizado, forte, para salvarse a si mesmo. (*Aplausos.*)

Hoxe non é un día para actuar con normalidade. Este pleno só ten sentido se é para falar da situación actual, das medidas de apoio que necesita a xente nestes momentos e das políticas que impidan que se repita no futuro unha situación semellante e das responsabilidades políticas que se deben depurar. O pobo tamén falou onte, e o pobo debe ser escoitado neste Parlamento, e os debates que tiñamos que estar tendo hoxe —como así solicitamos dende En Marea— serían única e exclusivamente falar da situación de emerxencia que vive o noso país. (*Aplausos.*)

O Partido Popular non quere escoitar os milleiros de persoas que onte sinalaron nas rúas os culpables e as políticas que están detrás desta traxedia. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Por favor, silencio. (*Murmurios.*) Á cuestión, señora Quinteiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Perdón, perdón, o debate estouno moderando eu, e, como teño que moderalo eu, creo que levamos un tempo fóra da cuestión, e, polo tanto, prégoles, señora deputada, se pode ir á cuestión, que neste caso é, e por respecto aos invitados que temos arriba, a iniciativa lexislativa popular. (*Aplausos.*)

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Volvo manifestar o meu absoluto respecto a esta iniciativa lexislativa popular. Se pasa o trámite, contará, por suposto, co traballo de En Marea para falar e debater sobre este texto.

Repito: nós solicitamos aprazar a orde do día, por este punto especialmente, porque temos moitísimo respecto ao traballo desenvolto por todas as persoas recollendo as sinaturas. Pero o respecto tamén é cos milleiros de persoas que onte tiveron... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio. Xa foi debatido iso, señora Quinteiro, xa foi debatido (*Aplausos.*), e, polo tanto, prégoles que fale da iniciativa, que é a que estamos aquí debatendo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Para nós o único tema do que cabe falar hoxe é analizar o sucedido, e vou volver incidir: ante a traxedia, ante as vítimas, ante os milleiros de hectáreas devastadas, non cabe desviar...

**O señor PRESIDENTE:** Pois teño que chamala á cuestión, señora deputada. Chámoa á cuestión, señora Quinteiro. *(Aplausos.)*

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Entendo, señor presidente, que me chame á cuestión, pero eu vou volver incidir: a cuestión para nós hoxe é clara, a cuestión é que non queren escoitar, *(Murmurios.)* porque pretenden facer unha falsa situación de normalidade, porque vostedes podían modificar a orde do día... *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, eu xa lle dixen que tiña que ir á cuestión.

Señora Quinteiro, xa se debateu iso. Señora Quinteiro, non provoque unha situación que é desagradable para todos. Tería que volvela chamar á cuestión, e cunha terceira chamada á cuestión non pode seguir falando. Eu dígollo porque esta é a norma que existe no Parlamento.

Entón, prégoles que vostede vaia á cuestión, que, neste caso, é falar da custodia compartida.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Volvo repetir: para nós a cuestión hoxe non é a custodia compartida... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señora Quinteiro, chámoa á cuestión por segunda vez, e advírtolle —silencio, por favor— que, se a teño que volver chamar outra vez á cuestión, non poderá seguir falando deste tema. Vostede verá.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Vale, pero hai un tema que lles vai traer un problema: se non nos deixan falar neste Parlamento, seguirán falando as rúas, e, mal que lles pese, terán que escoitar a rabia do pobo que está organizado fóra, que se organizou de maneira exemplar o domingo para respostar ante a desaparición do Estado, volveu respostar con contundencia. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señora Quinteiro, chámoa á cuestión e non pode seguir falando.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Fáganlle caso á xente, que protestou... *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, señora Quinteiro, terminou o seu tempo. Síntoo.

*(Aplausos.)*

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Toirán Vázquez, representante da comisión promotora, e resto de persoas que hoxe nos acompañan na tribuna, e por respecto a estas persoas, non vou entrar no debate que se

dará esta tarde, porque, por unha cuestión de excepcionalidade, o Grupo Parlamentario Popular apoiou unha solicitude de alteración da orde do día para falar dos incendios. Eu lamento que En Marea non queira falar de custodia compartida e puxera unha escusa nesta tribuna para non falar de algo no que iremos ver despois que van votar, pero nós, por respecto... *(Aplausos.)*

É lamentable que a división do voto dun grupo non respecte máis de 15.000 persoas que asinaron esta iniciativa. As persoas que hoxe nos acompañan son unha parte da sociedade galega, que está comprometida con este tema.

En calquera caso, nós queremos mostrar toda a nosa solidariedade coas familias das persoas falecidas; esas si que nos merecen todo o noso respecto e a nosa consideración.

Vou entrar no debate, porque é o que realmente importa neste momento, a pesar de que algúns o queiran rebentar, pero 14.468 sinaturas de galegos e galegas piden a esta Cámara unha regulación da corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia. É unha realidade que o modelo de familia mudou. Hoxe a sociedade non se organiza no modelo tradicional que todos coñecemos, senón que hai familias monoparentais, parellas casadas, parellas non casadas, parellas homosexuais, parellas heterosexuais. Sexa cal sexa o modelo de familia, a nosa obriga é garantir o respecto ás liberdades individuais e á liberdade organizativa, e nese contexto temos tamén que garantir os dereitos dos fillos e das fillas cando se produce unha separación dos seus proxenitores e ser capaces de illar os problemas xurdidos na relación de parella, e que estes non afecten o dereito destes fillos ou fillas a relacionarse co seu pai ou coa súa nai, tal e como determina o artigo 9 da Convención internacional dos dereitos do neno.

Hai un sentir nunha parte importante da sociedade —e aquí falamos tamén, concretamente, da sociedade galega— que considera actualmente que na maioría dos casos de ruptura de parella, cando xorden conflitos ao redor da garda ou custodia, o proxenitor non custodio só ten na práctica un dereito de visitas, e tamén en relación coa división do período de tempo que fillos e fillas teñen estipulado para estar na compañía do seu pai ou da súa nai, estes deberían de producirse en igualdade de dereitos para homes e mulleres, porque só por esta banda, señora Rodil, isto só faría superar os estereotipos de xénero que atribúen a garda, custodia e coidado da familia, única e exclusivamente, ás mulleres. Esta sería unha forma de superar e de romper con eses roles que asignan e atribúen única e exclusivamente á muller a garda e coidado da familia.

Por tanto, nós recollemos este sentir, e coincidimos a grandes rasgos co texto lexislativo que hoxe debatemos, pero tamén temos que ser honrados e expoñer dúas cuestións que nos preocupan.

En primeiro lugar, preocúpanos unha cuestión de constitucionalidade, que xa advertiu a señora Vilán, xa que a regulación das relacións paternofiliais son competencia do Estado. Hai cinco comunidades autónomas que a regularon de xeito exclusivo, como son Valencia, Cataluña, Aragón, País Vasco e Navarra.

Na Comunidade Valenciana, como vostedes ben saben, a normativa de custodia compartida foi anulada polo Tribunal Constitucional en novembro do ano pasado, e non podemos esquecer que, para legislar autonomicamente na materia, é precisa unha conexión cunha materia anteriormente regulada no dereito foral que supoña unha modificación ao desenrolo, como sería o caso de Aragón, na súa compilación de dereito foral, que recollía institucións en materia de relacións parentais, ou a compilación do dereito civil foral de Navarra, ao igual que o Código de familia catalán, ou no País Vasco a raíz dunha lei do ano 2003 sobre parellas de feito, que tamén abordou cuestións relativas ás relacións paternofiliais, polo que na súa Lei de custodia compartida de 2005 invocan esta conexión. E, a pesar diso, hoxe a lei do País Vasco tamén está recorrida no Tribunal Constitucional. E aínda que en Galicia contamos coa compilación do dereito civil de 1963, que vén substituír o dereito foral galego no escrito anterior á súa publicación, este non regulaba as relacións parentais con fillos menores, como tampouco o fixo a Lei de dereito civil de Galicia de 1995, nin a vixente do 2006. De aí, que nesta materia se aplique o dereito civil común.

Sen embargo, no seo da Comisión superior para o estudo e desenvolvemento do dereito civil de Galicia, co obxecto de revisar a aplicación do dereito vixente na nosa comunidade e introducir novas aplicacións do dereito galego, creáronse nove grupos de traballo, e un deles adicouse a estudar a custodia compartida; traballo este que quedou en suspenso porque había un anteproxecto ministerial para a súa aprobación no Estado que logo non viu a luz.

Por tanto, señorías, non lles oculto que temos serias dúbidas de constitucionalidade sobre a inclusión no dereito civil galego da custodia compartida, xa que só posuímos unha conexión coa figura do acollemento, o que xa advertiu tamén a señora Vilán en relación coa adopción.

E a segunda cuestión que nos preocupa é en torno á obrigatoriedade de optar pola custodia compartida. Nós consideramos que o obxectivo desta regulación deberá ir na liña do consenso que existe en torno a que a custodia compartida é a mellor solución para o exercicio da garda e custodia dos menores cuxos proxenitores se teñan separado. Entendemos que deberá ir encamiñada a cumprir os mandatos da recente xurisprudencia que está marcando o Tribunal Supremo cando di que é «unha medida que haberá que considerar normal e incluso desexable». Pero entendemos que a garda e custodia compartida deberá acordarse cando un xuíz considere que o interese do menor —que é o que sempre deberá prevalecer— se atopa amparado pola mesma. Por iso, resulta habitual referirse a esta solución como un traxe a medida, xa que deben valorarse diversas circunstancias concorrentes para decidir que esta é a solución máis axeitada; cuestións como as relacións existentes entre os proxenitores e os fillos e fillas, a vontade de cada un deles de asumir eses deberes, a posibilidade de conciliar a vida familiar e laboral, escoitando tamén a vontade e desexos do menor e o ditame de expertos, sen esquecer tamén criterios relevantes para o benestar do menor, como a idade ou o arraigo social, escolar e familiar.

Igualmente, señorías, regular a custodia compartida suporá tamén fomentar o acordo entre os proxenitores a través da mediación familiar co fin de reducir a litixiosidade, así como de promover a corresponsabilidade parental, de deixar atrás o concepto de «visitas» e subliñar a relevancia do contacto cotiá e frecuente entre os proxenitores e os seus fillos e fillas.

A mediación parécenos fundamental, xa que os proxenitores teñen que ser conscientes da importancia de pactar polo ben do menor e de evitar o que dicía o promotor, que é unha xestión inadecuada da ruptura. Por tanto, deberán de presentar un plan de parentabilidade que recolla aspectos como a educación, a saúde, o benestar, os tempos de convivencia e o lugar ou lugares de residencia do fillo ou filla. E aquí quero facer tamén unha reflexión: a custodia compartida non ten que implicar necesariamente unha alternancia de residencia de fillos cos proxenitores en períodos iguais. E tamén quero destacar que en relación coa asignación da vivenda, aínda que prevaleza o interese superior do menor, tamén se terán en conta as diferentes necesidades dos proxenitores e, sobre todo, a de quen teña máis dificultades para atopar unha nova vivenda.

Outra cuestión que suscita moita polémica é a achega económica. A custodia compartida non leva implícita unha situación na que ningún dos proxenitores faga achegas económicas. O convenio regulador deberá incluír os acordos relativos a cargas familiares e de alimentos, atendendo ás necesidades ordinarias e extraordinarias: periodicidade, xeito de pago, actualización e extinción. E teranse en conta as necesidades dos fillos e fillas, ordinarias, extraordinarias e calquera outra, así como tamén a atribución da vivenda familiar.

Por tanto, señorías, non debemos ter medo a unha figura que só busca o interese supremo do menor, con independencia de que isto favoreza unha maior relación e convivencia cos dous proxenitores. Puidera parecer que eles son os beneficiados —que tamén—, pero o noso obxectivo é que prevaleza sempre o interese superior do menor, sen esquecer que deberemos extremar as precaucións en consonancia coa normativa existente sobre violencia de xénero e o Estatuto da vítima, excluindo en todo caso a corresponsabilidade parental nos supostos de violencia de xénero e doméstica. Isto, ademais, está recollido no Pacto de Estado contra a violencia de xénero que se acaba de aprobar en Madrid, e nós coincidimos neste sentido.

Por tanto, estas dúas cuestións, señorías, lévannos a un camiño, á aprobación hoxe desta iniciativa lexislativa popular, pero cun compromiso: o de que antes de proceder á súa tramitación escoitemos, cando menos, a Comisión superior para o estudo e desenvolvemento do dereito civil de Galicia, co fin de que nos facilite asesoramento sobre este punto de conexión que precisamos para evitar que o Tribunal Constitucional anule a norma autonómica. Tamén nos gustaría contar co asesoramento de expertos —e dicíao aquí o promotor—: xuíces, fiscais, xuíces de familia..., os operadores xurídicos que están no día a día e na práctica destas cuestións. A cidadanía quere que resolvamos problemas, non que xeremos máis. Por tanto, a norma non pode servir para incrementar a problemática nas situacións de ruptura de parella, ten que servir para facilitar estas cuestións.

Remato.

Debo lembrar que no Congreso do Partido Popular de España, dentro da ponencia de política social, acordouse apoiar a custodia compartida. O Partido Popular incorporou nesta ponencia que se impulsaran as reformas legais necesarias para incorporar no Código civil a custodia compartida como a modalidade máis desexable no caso de separación ou divorcio. Pero neste compromiso o Partido Popular subliñamos que as modificacións no Código civil nesta ma-



teria deberían contar cun amplo consenso social e político. E creo, señorías, que hoxe nesta Cámara podemos dicir que se cumpren ambos criterios.

Agradecendo o traballo da Comisión promotora e agardando que no futuro se reduzan os conflitos paternofiliais, sobre todo porque iso redundará en beneficio do interese superior do menor, ese debe ser o faro que nos guíe neste camiño que hoxe comezamos a transitar. ¡Bo camiño!

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Señor Toirán, se quere, pode vostede facer unha réplica.

Cinco minutos.

**O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Toirán Vázquez):** Non vos podeades imaxinar a profunda dor que as vosas palabras causaron nas persoas que están pendentes hoxe desta Cámara. Non o podeades nin imaxinar.

Recordo particularmente cando falamos co voso compañeiro Jorquera. Estaba tramitándose —non sei se era no Congreso ou no Senado— unha moción para apoiar a custodia compartida —falábase así, non sei se era no Senado ou no Congreso—, e as vosas dúas compañeiras no Congreso votaran a favor. E así foi a vosa postura ata o ano pasado, ata o 2016. Por favor, pídovos co corazón na man que cambiades esa rabia, esa desconsideración cara a nós e cara ás persoas que hoxe estiveron aquí escoitándovos. Non foi así a actitude do Bloque ata o ano pasado.

Mirade, demostrades un descoñecemento da realidade profundo, un verdadeiro descoñecemento da realidade. Non existe a custodia compartida en ningún lugar do mundo, ¡en ningún lugar do mundo! Todas as lexislacións propugnan e buscan que pais e nais, sexan como sexan as parellas, se preocupen dos seus fillos, e a lei ten esa finalidade. Non sei se o voso modelo pode ser o de Melilla, o de Extremadura ou o de Murcia, que practicamente non o teñen. Non sei se ese é o voso modelo.

O Tribunal Superior especificouno xa perfectamente, especificou todo o argumentario que dei antes. Era interesante que puiderades ver a xustificación que están dando en lugares que camiñan cara a..., como por exemplo en Suíza; os seus argumentos, que os lerades. Ou os argumentos que deron en Suecia, ou os argumentos que deron en Gran Bretaña ou en Brasil. Era interesante que virades os argumentos e por que queren camiñar cara a ese fin. Non sei se os lestes ou se non os lestes, pero poñedes sempre a palabra «violencia» por diante. ¿Que nos queredes dicir con iso? ¿Que nos queredes dicir con iso?

E non se poden imaxinar ata que punto agradecemos profundisimamente como fomos tratados desde o inicio desta lei e como fomos tratados os membros da comisión promotora polos distintos grupos políticos. De verdade, sexa cal sexa o resultado, tanto se optades porque aquí saia unha lexislación ou non, xa tedes feito un camiño, polo menos no que a nós nos toca. Sabedes que a política ultimamente, mellor dito, os políticos, as súas actitudes, non están moi ben vistas,

pero para nós —de cara ás persoas que sufrimos esta circunstancia e como vemos que sofren os nosos fillos e as nosas fillas— xa empezastes o camiño desa rehabilitación coa sociedade.

Cando falades de inconstitucionalidade, é algo que a nós non nos preocupa. Nós sempre pensamos que a técnica ten que estar ao servizo da sociedade. É dicir, se en Valencia ninguén presentara un recurso de inconstitucionalidade, hoxe seguirían tendo a lei. Foi por trifulcas políticas, non foi outra cousa. Non sei se Cataluña, Navarra, Aragón ou o País Vasco teñen maiores competencias que Galicia. Eu creo que a parte técnica, a parte xurídica, co compromiso de todos, non ten por que ser un obstáculo, nunca o foi ata o de agora en ningún dos lugares, a non ser que ese tipo de política da que antes me queixaba sexa o que reine aquí, que non o creo; non o vexo así.

Efectivamente, no de fomentar a participación e fomentar a mediación, é curioso como mentres, por un lado, nos din unha cousa... Teñen que saber que a partir do 1 de setembro deste ano en Francia hai un proxecto piloto en trece cidades francesas e que ocupa ata o 31 de decembro de 2019. Ninguén pode presentar ningún tipo de demanda ata que non pase polo servizo de mediación; é dicir, ata que non se comprometan a buscar unha solución. Son medidas que se están levando a cabo no mundo, que se están levando a cabo noutros lugares e ás que nós estamos moi atentos.

O primeiro que nos dixeron todas as persoas especialistas é que ten que haber un encontro, que ten que haber un lugar para chegar a acordos e, efectivamente, así o é e así o estaremos buscando sempre. Todo o que levamos feito —como se indicaba aquí a través de Paula—, contactos con persoas e especialistas, etc., está á disposición de quen o queira. Pero o que si que lles pido é que non sexa unha tramitación a longo prazo; é dicir, que iso non sirva de excusa para que... Nun tempo prudencial, evidentemente, que se leve a cabo, polo menos nesta lexislatura, se é que se decide que o haxa que facer.

Novamente moitísimas grazas polo seu respecto, pola súa sensibilidade e por permitirmos estar aquí e poder traballar e regular isto, porque nisto si que é necesario unha regulación; sexa nun sentido, sexa noutro, si que ten que haber esa regulación.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Toirán.

Rógolle ao vicepresidente que o acompañe.

O vicepresidente xa o acompañe para abandonar o hemiciclo.

Continuamos con textos lexislativos.

### **Debate de totalidade do Proxecto de lei de Portos de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas á totalidade do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea. Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra a conselleira do Mar.

Cando queira.

**A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo):** Grazas, señor presidente.

Señorías, moi bos días.

Comparezo hoxe nesta Cámara para dar conta do proxecto da que é a primeira lei de carácter autonómico; un texto que está chamado a alcanzar e cumprir tres obxectivos: o primeiro, establecer un marco regulador, organizativo e de colaboración dentro do conxunto da infraestrutura portuaria de Galicia; o segundo, incrementar as sinerxías dos portos galegos no transporte das mercadorías; e, o terceiro, coordinar competencias en materia de investimentos portuarios, transportes e ordenación do territorio.

E comparezo hoxe ante Galicia para explicarlles a norma que regulará o réxime de xestión, explotación e administración do sistema portuario galego; unha norma adaptada ás necesidades reais das confrarías, dos clubs náuticos, dos operadores, dos investidores e dos empresarios provedores da actividade portuaria; un sistema portuario, o noso, de actividade económica de gran relevancia, que se traduce en cifras. A Galicia portuaria son infraestruturas, son 122 instalacións portuarias de distinto tamaño distribuídas ao longo dos 1.700 quilómetros cadrados de costa que a conforman.

A Galicia portuaria é movemento: máis de 108.653 toneladas descargadas de pesca fresca, cun valor en primeira venda de preto de 265 millóns de euros e máis de 2 millóns de toneladas de mercancías.

A Galicia portuaria é economía: máis de 15,7 millóns de euros de ingresos polas actividades portuarias e un efecto multiplicador polo valor engadido xerado nos portos.

A Galicia portuaria é oportunidade para a nosa comunidade. Máis do 60 % da poboación total das provincias marítimas galegas reside en concellos que contan con instalacións portuarias.

A norma que hoxe presentamos posibilitará que Galicia avance nun proceso de evolución constante de desenvolvemento do seu propio sistema portuario ata situalo no primeiro lugar a nivel nacional e internacional.

Señorías, como saben, o punto do que partimos na materia que estamos a tratar é unha norma de carácter estatal, unha norma que, aínda non adaptándose especificamente ás particularidades de xestión dos nosos portos autonómicos, nos servía para evitar graves dificultades na súa administración, pero evidenciouse como non totalmente adaptable á xestión e á explotación dos nosos portos. Facíase, pois, necesario e inaprazable configurar a nosa propia normativa, non só para dar unha resposta máis adecuada a estas salvables e pequenas diferenzas, senón tamén para estar mellor preparados para afrontar os retos que estamos a experimentar. Sirva de exemplo a apertura progresiva dos servizos portuarios a investidores na construción, financiamento e explotación de infraestruturas portuarias.

No ano 2014 o Consello da Xunta deu o primeiro paso coa autorización do inicio e a tramitación do Anteprojecto desta lei de portos de Galicia. Desde aquel momento quixemos sacala adiante co consenso do sector portuario, fundamentalmente coas confrarías, a través das súas federacións, e cos operadores da náutica recreativa e comercial. Neste ano, en abril, o Consello autorizaba a súa remisión ao Consello Económico e Social e en agosto o seu traslado ao Parlamento, momento no que nos atopamos.

Señorías, puxémonos mans á obra. Tomabamos rumbo cara ao desenvolvemento dun proxecto complexo, pero tamén dun consenso ilusionante; un proxecto complexo porque o reto que tiñamos ante nós era de gran envergadura. Sabiamos que requiría de moito traballo, dedicación e esforzo por parte da Administración pero tamén de todo o sector. Un proxecto complexo debido ao amplo e diverso ámbito de aplicación que abarca. Estamos a falar da regulación da actividade e de todas as tarefas que se desenvolven nos 122 portos de titularidade autonómica. Estamos a falar de actividade profesional, de náutica recreativa, de actividade comercial e dos moitos usos complementarios vinculados ao litoral. Non en van, como as súas señorías xa coñecen, Galicia é con diferenza a comunidade autónoma de España que máis portos ten na comunidade, na que os portos teñen usos diferentes. Outras comunidades, pola extensión da súa costa, poderían ter o mesmo número de portos que Galicia e unha diversificación de usos similar, pero a realidade non é así. Sirvan de exemplo os 60 portos cos que conta a Comunidade de Andalucía ou os aproximadamente 50 da Comunidade valenciana.

É este un proxecto complexo que supuxo un traballo de adaptación das nosas singularidades portuarias ás directrices sobre os portos e sobre o proceso de adecuación da prestación de servizos da Unión Europea. En resumo, é un proxecto complexo que hoxe ve a luz e que rendibiliza o esforzo investidor e o traballo da nosa Administración e mais o dos axentes portuarios, centrados nun único obxectivo común: a revitalización económica de Galicia.

Falamos dun consenso ilusionante, dun proxecto ilusionante, porque fomos quen de involucrar a todo o sector e de consensuar un texto que na súa viveza foi sendo mellorado a través das alegacións que as administracións públicas, os colectivos portuarios e empresariais, os sindicatos e as diferentes asociacións ían aportando. Este proxecto de lei contén achegas recollidas nunhas xornadas de posta en común sobre as directrices que deberían rexer na futura normativa. A esta xornada asistiu máis dun cento de representantes da comunidade portuaria, do sector profesional, empresarial e comercial e tamén da náutica recreativa.

Durante a súa tramitación, no trámite de audiencia, o texto foi exposto na páxina web da Consellería do Mar e tamén debatido no Consello Galego de Pesca, así como trasladado a medio centenar de institucións e entidades da Cámara de Comercio, das administracións públicas, das federacións profesionais, de colectivos do sector marítimo, das empresas e dos sindicatos.

Logo de coñecer o texto, presentáronse alegacións procedentes de 16 entidades, na súa maioría departamentos da Administración, pero tamén de colectivos portuarios e empresariais, sindicatos e asociacións. De feito, durante a elaboración deste texto, informamos a Costas do Estado, Puertos del Estado, Instituto de Estudos do Territorio e á Fegamp, como máximo órgano representativo das corporacións municipais; e contamos ademais coa supervisión técnica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

En resumo, un proxecto ilusionante no que todos os que deberíamos participar, no que todos os que quixeron colaborar e no que todos os que tiñan que aportar algo o fixeron; un proxecto ilusionante porque era e é para todos.

Señorías, a lei que hoxe presenta o Goberno autonómico a esta Cámara é un verdadeiro exercicio de exhaustividade normativa. A Lei de portos de Galicia é competitividade. Promovemos e reactivamos a actividade económica portuaria a través da apertura progresiva dos servizos portuarios a investidores empresariais. Potenciamos así o crecemento económico e a xeración de emprego nos nosos portos, mantendo sempre a garantía de cumprimento do servizo público. Garantimos a seguridade xurídica necesaria para a planificación de proxectos económicos de capital privado, o que constitúe, sen dúbida, todo un aliciente para o investimento.

A Lei de portos de Galicia é participación. Buscamos axilizar a tramitación administrativa nas concesións co fin de aportar aos investidores maiores garantías de presente e de futuro na súa participación na actividade empresarial portuaria. Substituímos o réxime de contratación para os servizos portuarios, como o amarre ou o remolque, por exemplo, polas licenzas administrativas en réxime xeral de liberdade de acceso aos prestadores de servizos portuarios.

A Lei de portos de Galicia é estabilidade. Aumentamos en vinte anos o prazo das concesións portuarias ata os cincuenta, en consonancia co Real decreto lei 8 de 2014, do 4 de xullo, de medidas urgentes para el crecimiento, la competitividad y la eficiencia. E facilitamos a amortización dos investimentos por parte da iniciativa privada. No caso da construción dunha nave, por exemplo, con esta ampliación o tempo de amortización aumentaría, pero as cantidades a amortizar serían menos gravosas.

A Lei de portos de Galicia é transparencia. Recuperamos o trámite de competencia de proxectos no procedemento de concesión de servizos públicos portuarios, solicitando información pública e de organismos oficiais, o que nos permitirá tomar a mellor das decisións a prol do interese xeral.

A Lei de portos de Galicia é integración. Fomentamos un modelo de porto coordinado e áxil entre a Xunta de Galicia e os diversos concellos para dotar os portos dos instrumentos necesarios de planificación.

Prevemos a figura de plans directores de infraestruturas para analizar as situacións actuais dos portos, a estrutura do tráfico e das actividades portuarias e as súas necesidades de desenvolvemento nun horizonte temporal dun mínimo de cinco anos.

Contemplamos os plans especiais que recollen o sistema de cada porto e as actividades que se poden desenvolver nel, incluíndo as medidas e previsións necesarias para garantir unha eficiente explotación do espazo portuario e a súa conexión cos sistemas xerais de transporte terrestre.

Señorías, a Lei de portos de Galicia tamén é preocupación pola contorna. Establecemos un prazo para axilizar o proceso e proceder ás manobras de retirada de buques e vehículos abandonados no ámbito do dominio público portuario. Fomentamos a convivencia das actividades dentro dos portos, establecendo a compatibilidade de usos que melloren a relación porto-

cidade, dando cabida a actividades vinculadas a outras administracións ou entidades nas instalacións portuarias.

A Lei de portos de Galicia é eficiencia. Axilizamos os prazos e facilitamos os trámites para a presentación de solicitudes de autorizacións temporais de atracada, ante a crecente demanda destas prazas, así como dos servizos destinados ás instalacións deportivas.

A Lei de portos é responsabilidade. Dotamos de maior seguridade os usuarios, ao dispor nas instalacións portuarias de persoal con maior autoridade pública, dotando os gardapeiraos da condición de axentes da autoridade para previr as accións que interrompan ou dificulten o normal funcionamento das súas actividades.

E reforzamos as competencias e as facultades da Administración autonómica portuaria.

En definitiva, unha lei que nos posibilita ir un paso máis alá no proceso de evolución constante de desenvolvemento do sistema portuario galego ata situalo, como dicía, no primeiro nivel. Temos, xa que logo, unha proposta de normativa que busca axilizar o funcionamento da Administración portuaria de Galicia, xa que se adapta ás particularidades dos portos da comunidade; axilizar trámites aos empresarios nas concesións para darlles maiores garantías e outorgar un papel decisivo á participación empresarial na actividade portuaria; mellorar as condicións das dársenas e das instalacións portuarias; fomentar maior competitividade na prestación dos servizos portuarios; fomentar a participación dos concellos no desenvolvemento das actividades e servizos de ámbito portuario; establecer a compatibilidade de usos que melloren a relación porto-cidade; e asegurar o normal funcionamento dos traballos dos usuarios dos portos a través do reforzo da figura dos gardapeiraos e da axilización de trámites, como a retirada de buques abandonados.

Remato, señorías, e fágoo falando de satisfacción. Satisfacción co camiño percorrido no proceso de elaboración desta lei; un camiño realizado da man do sector e de todos os axentes implicados e interesados na consecución exitosa deste novo marco normativo para os portos de Galicia. Satisfacción ao demostrar que, apostando por un traballo en común, se pode lograr un proxecto normativo, técnico e participativo de alta calidade que veña a ser o máis representativo posible, conxugando todas as necesidades e demandas de todos os interlocutores involucrados. Satisfacción porque presentamos como principal aval ante esta Cámara o máis importante: a vontade de coordinación e colaboración, que se veu materializada no consenso social e institucional logrado por esta Lei de portos de Galicia.

Remato tamén facendo público o meu agradecemento a todo o persoal do ente público polo esforzo feito para aunar os intereses portuarios cos intereses da sociedade á que temos que servir.

E só me queda subliñar que a creación deste necesario marco lexislativo nos permitirá afrontar o máis preparados posible non só os problemas de hoxe, senón tamén os de mañá.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Iníciase agora a rolda de defensa de emendas á totalidade.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

A imposición da maioría do Partido Popular e a non aceptación da modificación da orde do día para que hoxe estivera aquí o presidente da Xunta dando explicacións do que está acontecendo, fai que esteamos celebrando este pleno cunha situación extrema en Galiza. Mentres centos de galegos e galegas están vivindo ou acaban de vivir un auténtico pesadelo, este Parlamento non pode estar alleo a esa dramática realidade. É unha triste e crúa realidade de catro persoas mortas, de casas queimadas, de naves, de granxas, de apeiros, de tractores, de vehículos... E por iso dende o BNG queremos trasladar o apoio aos familiares das persoas falecidas, trasladar a solidariedade aos seus contornos, mostrar o recoñecemento e o labor feito polas brigadas de loita contra o lume, aos homes e mulleres que durante horas deixaron a pel e o recoñecemento aos centos de persoas, de veciños e veciñas, que fixeron e seguen a facer unha defensa heroica do país, unha loita contra o lume.

Hoxe teríamos que estar aquí falando de produción agrograndeira, de política forestal, de industria de transformación, de peche de Ence, de erradicar o eucalipto e de deixar de pensar como colonizados e como colonizadas, de confiar en nós mesmos, en nós mesmas, de construír a Galiza que queremos ou de se imos deixar arder indefinidamente o país ata que non quede nada. Esa é a... *(Aplausos.)*

Deberíamos estar a falar das causas do lume e das consecuencias, deberíamos estar a falar, señora conselleira, das...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señora Prado, pido...

**A señora PRADO CORES:** ...consecuencias que para o mar pode ter...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Chámoo á cuestión. Creo que xa leva dous minutos e pico falando doutros asuntos. Pídolle por favor que se ataña á cuestión que estamos a debater.

Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...das consecuencias para o medio mariño, das medidas das que habería que estar falando e discutindo para que as cinzas e a terra solta non cheguen ás rías, non estraguen os recursos mariños e non estraguen o noso medio ambiente. Diso, nun país normal e cun parlamento normal, era do que tiñamos que estar falando hoxe, porque aí fóra hai un estado de excepción e hai un pobo que pide que aquí, neste Parlamento, se faga eco do que está pasando aí fóra. *(Aplausos.)*

As maiorías absolutas son para estas cousas, e parece que o que toca é falar dunha lei de portos na que no único que estamos de acordo coa súa exposición, señora conselleira, é en

que é preciso, efectivamente, legislar sobre algo tan importante para o país como son as infraestruturas portuarias.

Pero vostede dixo que esta lei contemplaba tres cousas: establecer un marco normativo, incrementar as sinerxías e coordinar competencias. Dende logo, dende o BNG cremos que nada diso que vostede dixo se contempla nesta lei, porque Galiza conta cunha inxente cantidade de portos e instalacións portuarias —efectivamente, a densidade portuaria máis alta da Península ibérica, e é seguramente a máis alta de Europa— que fan que o sector portuario galego sexa estratéxico, cun gran potencial. E que desde o ano 1981, en que foi aprobado o Estatuto de autonomía de Galiza —ese estatuto raquíτικο, insuficiente e que non responde ás necesidades do noso país—, ata hoxe o Partido Popular aínda traía a primeira lei de portos de Galiza pois xa bastante di da importancia que lle teñen dado.

Pretende esta lei regular os 122 portos que hai en Galiza, de competencia de Galiza, mais non os de competencia do Estado español, os chamados de interese xeral, para que se vexa a magnitude da importancia das infraestruturas portuarias en Galiza; nada máis que contrastar os datos dos 26 portos de Cataluña ou dos 37 de Andalucía.

Este proxecto de lei de portos de Galiza, despois de terse feito agardar tantos anos, dende logo o BNG consideramos que é decepcionante e que non responde nin ás expectativas nin ás necesidades deste sector estratéxico. Ademais, é prexudicial para o futuro do sector portuario galego.

Este proxecto de lei de portos de Galiza é unha norma que o que pretende é impoñer, aínda máis, se cabe, a filosofía do mercado na súa xestión e impón un modelo urbanístico aos concellos. É unha lei claramente privatizadora dunha actividade económica e produtiva estratéxica para Galiza. Chégase a afirmar neta lei, señora conselleira, que a actividade pública se poría en marcha sempre que sexa preciso para atender as posibles deficiencias da iniciativa privada. Esta liña resume claramente a filosofía de fondo: o público activarase sempre que o privado o necesite para o seu desenvolvemento, non para desenvolver unhas infraestruturas estratéxicas para o país desde unha perspectiva pública; non, senón simplemente como subsidiaria do privado. Non corrixe e mesmo acentúa as tensións privatizadoras ás que está sometido o sector, e fica clara cal é esa auténtica prioridade e orientación ideolóxica e política que fundamenta este proxecto de lei, que é a privatización e o beneficio empresarial. O Partido Popular, máis unha vez, a ese servizo do beneficio empresarial.

Dous exemplos dese enfoque desta lei. O primeiro é que escolle entre as figuras legais existentes a de entidade pública empresarial. Podería terse escollido o organismo autónomo, para que quedara claro que estaba inserido dentro dunha administración pública, pero non, escollen o de entidade pública empresarial. E escoller esa figura significa seguir a Lei de portos do Estado, que é liberalización pura e dura. O obxectivo é obter resultados empresariais, beneficio, liberdade para aplicar políticas comerciais e empresariais autónomas para a conta de resultados de cada porto, mais nada que ver con axustarse a unha política portuaria coordinada a nivel galego. O obxectivo non é o servizo público, o que lle conveña a Galicia dun xeito integral, senón que o obxectivo é única e exclusivamente o negocio e a competencia. Por exemplo, o conflito entre o porto de Vigo e o porto de Marín responde a



esa estratexia, e é que os portos compitan entre eles para buscar o beneficio de cada porto sen ter en conta para nada nin a complementariedade nin o beneficio global. Iso ten a ver cunha dinámica empresarial de competencia, na vez de cooperación, na vez de beneficio público, na vez de especialización e complementariedade. Todos captando de todo, competindo entre si. Ese é o modelo que nos trae hoxe aquí o Partido Popular.

E o segundo exemplo dese enfoque totalmente privatizador é o de ampliar o período de concesión de trinta a cincuenta anos. O normal sería aplicar o principio de cautela, e unha concesión de trinta anos parece tempo dabondo máis que razoable para que nunha concesión, que é unha privatización do espazo público, se poida ver e facer unha avaliación dos efectos desa concesión. Mais non, o Partido Popular, no Estado español; Mariano Rajoy, a través do Real decreto lei 8/2014, saltando todos os procesos lexislativos, e esa prerrogativa que lle deu ter a maioría absoluta na anterior lexislatura, pois pasou de 30 a 50 anos, e o Partido Popular galego segue, como no podería ser doutro xeito, esa senda do Partido Popular no Estado e hoxe presentan aquí esa ampliación, un aumento do prazo das concesións portuarias, coma se fora extraordinaria e de urxente necesidade esa ampliación. O PP asume como incuestionable que para xestionar os portos se teñan que seguir criterios empresariais e calcando a lei estatal.

O que nos parece máis grave deste proxecto de lei, ou das cousas máis graves que contén, é que non cuestiona a distribución competencial; non a cuestiona, e cero ambición para que Galiza, os galegos e galegas, o Goberno galego, teña as rendas, decida sobre o conxunto das infraestruturas portuarias do noso país. Deixa fóra os chamados portos de interese xeral e non establece ningún mecanismo nin contempla que se poida demandar a xestión, a competencia sobre eses portos de interese xeral, cuestión que xa teñen outras comunidades, que xa ten Andalucía, que xa ten Cataluña... Pero o Goberno galego do partido Popular non quere ter competencias sobre os portos chamados de interese xeral; unha oportunidade perdida para que Galiza saia beneficiada e poida deseñar a súa propia política en función dos seus propios intereses e potencialidades.

Resulta paradoxal que no texto se recoñeza, na exposición de motivos, o peso económico e demográfico no ámbito costeiro, mais logo non se cuestionan os inxentes beneficios que xeran eses portos de interese xeral. Vigo, Marín, Vilagarcía, A Coruña, Ferrol ou San Cibrao son un negocio moi rendíbel para o Estado español.

O movemento de tránsito total de mercancías xerado nos portos de interese xeral sitúa a Galiza no segundo posto do Estado español en tráfico de mercadorías, en peixe fresco, en conxelado, en avituallamento, en mercadorías en xeral. As lonxas pertencentes a estes portos, ao non estar transferidas a Galiza, seguen a depender da Autoridade Portuaria, o que significa que os millóns de euros que se xeran nas mesmas — superiores aos 200 millóns de euros — é o Estado o que decide o que se fai con eles, sen que Galiza teña nada que dicir. E parece que ao Partido Popular non lle importa para nada poder xestionar esa inxente cantidade de recursos.

É máis, as 122 instalacións portuarias que ten Galiza localízanse en rías nas que se asentan instalacións portuarias dependentes do Estado, co cal, hai unha correlación moi grande entre eles. O normal sería querer legislar para o conxunto das infraestruturas portuarias de Galiza,

mais non quere o Partido Popular que iso sexa así, incluso subordina, dentro dese ámbito competencial, a permisos ou informes previos da denominada Autoridade Portuaria, cuestións que serían de competencia exclusiva de Galiza.

Dende logo, ao BNG parécenos que di moito en contra do Goberno galego que non se contemple nesta primeira lei de portos de Galicia reclamar a transferencia deses portos ao Estado.

Proxéctanse nesta lei illas privatizadoras dentro dos termos municipais dos concellos. Establece instrumentos de ordenación e tramitación non acordes coas lexislacións previstas, non só coa lexislación urbanística recentemente aprobada, senón tamén coa ordenación do territorio con especie... —¿como poderíamos chamarlle?— de reserva de dispensación. Contempla esta lei toda unha serie de reserva de dispensación da normativa xeral nos eidos portuarios que non ten ningunha xustificación, señora conselleira, señoras e señores deputados do Partido Popular. Considérase que se poden construír instalacións hostaleiras, por exemplo, ou instalacións de liñas de alta tensión dentro das zonas portuarias. É moi preocupante que se recolla no anteproxecto ou neste proxecto de lei a ampliación de ata un 30 % da superficie do porto, que só precisa aprobación da Consellería, sen que se teña en conta os concellos.

Deixa a porta aberta a recheos de forma discrecional con toda a problemática medioambiental que xera. Desde o punto de vista urbanístico, supón un auténtico desbaraxuste e unha intromisión sen precedentes dos planeamentos urbanísticos. Converte os plans de uso dos portos en documentos blindados ante a planificación urbanística e municipal, establece que as obras e instalacións portuarias executadas pola Administración portuaria se fagan á marxe do control preventivo e municipal e deixa, en resumo, os concellos fóra de calquera tipo de actuación. Só lles permite facer informes non vinculantes; é dicir, converte illas privatizadoras en contornos municipais, dentro dos termos municipais, e os concellos só poden facer informes non vinculantes. Non soluciona ningunha das cuestións que teñen moitos concellos, como que en zona portuaria se desenvolvan actividades lúdicas, mercados, feiras..., todo tipo de actividades coas que Portos de Galicia con esta lei pretende seguir facendo caixa, e non soluciona absolutamente nada desas cuestións.

En realidade, é unha auténtica blindaxe ante a revisión ou modificación dos instrumentos de planificación e ordenación municipal. Os concellos vanse limitar a facer eses informes non vinculantes.

Parécenos tremendo —e xa o di todo a respecto desta lei— que, por exemplo, nos apartados dos portos náutico-deportivos se segue cun modelo de crecemento infinito; é dicir, dáselles moitísimas máis prioridades á actividade náutico-deportiva, aos portos deportivos, que, por exemplo, á actividade portuaria pesqueira, que non ten nin un só epígrafe exclusivo, cando a actividade deportiva si ten epígrafes exclusivos. Iso xa di ás claras cal é a intencionalidade desta normativa do Partido Popular. Non se contempla nada a respecto das embarcacións tradicionais... E podería seguir enumerando cuestións.

O que é evidente é que esta lei de portos —a primeira lei de portos desde que Galiza ten competencias para poder regulala— dende logo, non responde ás expectativas. Non é a lei de portos que Galiza precisa, que unhas infraestruturas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...estratéxicas, como son as autoridades portuarias, dende logo, precisan.

E por esta razón é pola que o Bloque Nacionalista Galego presentamos unha emenda á totalidade e pedimos a devolución da mesma e que se elabore unha auténtica lei de portos que responda á auténtica realidade de Galiza.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a señora Toja Suárez.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas, señor presidente.

Bo día.

Señores deputados, señoras deputadas.

Señora conselleira, miramos ao ceo con alivio porque choveu, sen embargo, como sabe, a choiva arrastra cinzas, as cinzas van aos ríos e os ríos despois van ao mar. O peixe, o marisco, filtra iso. Active o Plan Camgal, sabe que pode activalo, sabe que pode poñer as barreiras de anticontaminación. O Decreto 438/2003, do 13 de novembro, ten as ferramentas necesarias; actíveo no litoral afectado. (*Aplausos.*) Prevención; deixen de improvisar e poñan medidas concretas e evitemos males maiores dos xa sufridos.

Hoxe estamos aquí para defender, dende o Grupo Parlamentario Socialista, a emenda á totalidade do proxecto de lei presentado polo Grupo do PP para Portos de Galicia. Son varios os motivos polos cales presentamos dende o noso grupo unha emenda á totalidade. Entendemos que debe de ser devolto, que este proxecto está desfasado, é decepcionante, non implica actuacións nin unha planificación sobre o sistema portuario galego, ten demasiadas incertezas ou sospeitas que non se clarifican e, ademais, non compartimos o tratamento que fan en relación coas competencias municipais.

¿Por que dicimos que está desfasado? Porque comezou a formularse hai máis de tres anos. A memoria xustificativa é de xullo de 2014. ¡Xa choveu dende xullo de 2014! Tres anos é un prazo de tramitación demasiado longo. Polo tanto, o menos que tiñan que facer era actualizar os informes e as achegas externas.

Chama a atención que todas as suxestións realizadas a través da web da Consellería van dende outubro de 2014 a outubro de 2015, e dende entón non se recibiu ningunha. Está tan desfasado que as consideracións da Fegamp ao informe son do 15 de novembro de 2014, da Fegamp anterior ás últimas eleccións municipais de 2015. Así, non contén a actualización necesaria, o que se contrapón ao obxectivo da súa suposta necesidade e importancia.

É decepcionante. Para nós non é ilusionante, é decepcionante, porque, ao coller a lei e ver os 147 artigos, dalgún xeito se esperan e se albergan certas expectativas, porque son unha gran cantidade de artigos. Pero logo vemos que na realidade portuaria, na realidade económica de Galicia, terá unha incidencia pública nula ou moi limitada.

Na propia memoria indican que non son obxecto do proxecto lei as taxas portuarias, cuestión en estreita relación cos servizos prestados. Pero iso non llelo di o Grupo Parlamentario Socialista, iso díllelo o Consello Económico e Social, que establece que só hai un artigo, o artigo 25, referido ás taxas e tarifas, o cal contrasta cos 147 artigos e coa extensión que dedican outros textos legais sobre a mesma materia. E o propio Consello Económico e Social suxire a inclusión dun título referido ás taxas. Se o proxecto non reflicte cuestións fundamentais, como poden ser, por exemplo, as taxas portuarias, está claro que resulta unha decepción, incluso para os sectores económicos e produtivos galegos. E tamén indica na súa memoria que non supón impacto orzamentario, é dicir, que non se prevé ningún tipo de mellora financeira ou reforma substancial que afecte o réxime económico e financeiro dos portos, o cal debería tamén constituír un factor fundamental.

Pero é decepcionante tamén porque non contempla ningún plan de investimento para realizar. A ver se nos aclaramos: por un lado din que esta lei será unha ferramenta de calado para o desenvolvemento galego e, ademais, que para Portos ten moita importancia o investimento a longo prazo para a poboación e o territorio, pero por outro lado resulta que non establece ningún tipo de planificación xeral e non establece previsión ningunha para a realización dos investimentos. E imos poñer datos sobre a mesa para que se entenda isto.

No ano 2016, hai un ano, os investimentos efectivos de Portos de Galicia foron 4,2 millóns de euros, sobre uns créditos de 9,7; sobre 9,7 investíronse 4,2. (*Aplausos.*) O que significa que deixaron fóra o 56 % do orzado, 5,5 millóns de euros. Estes son datos.

Ademais, no ano 2016 produciuse unha caída do 56 % respecto do ano anterior, o que contrasta enormemente coa memoria do Proxecto de lei de portos de Galicia, que di a importancia que teñen os investimentos a longo prazo, a gran importancia —dicimos— para a poboación e o seu territorio. Entenderán, señora conselleira, por que dicimos que é decepcionante. Pero é unha cuestión na que a propia Xunta de Galicia parece estar de acordo, xa que tamén na memoria di que tampouco se prevén impactos de carácter social e medioambientais, cando parece que estes deberían estar en boa medida en relación con este proxecto de lei.

Señora conselleira, ¿non lle parece que perderon unha gran oportunidade con este proxecto de lei de portos? Ao Grupo Socialista parécenos decepcionante, pero tamén ao Consello Económico e Social.

O proxecto de lei continúa a basear o modelo nunha entidade pública e empresarial. Sería un bo momento para facer balance sobre se esta modalidade instrumental dende hai xa vinte e tres anos é a máis beneficiosa e cales foron os resultados logo deste longo tempo transcorrido.

Portos de Galicia, como saben, obtén os seus recursos económicos fundamentais vía taxas e subvencións da Comunidade Autónoma, o que non xustifica a relación indubidable cos cri-

terios de xestión empresarial, nin moito menos coa autosuficiencia financeira, logo de vinte e tres anos de funcionamento, que debe caracterizar un ente que se define como empresarial. Pero isto ten outro inconveniente, un importante inconveniente: que, ao non formar parte da estrutura orzamentaria da Administración xeral da Xunta de Galicia, a información é moito menor, o control parlamentario é moito máis complicado.

E volvamos poñer un exemplo para comprender a importancia do control parlamentario. Segundo as propias contas feitas públicas desta entidade, o volume de contratación de obra realizado no ano 2016 foi de 8,8 millóns de euros, pero desa contía só 2,1 corresponderon a obras licitadas a través de concursos, e 4,7 millóns foron contratos menores. (*Aplausos.*) É unha porcentaxe demasiado elevada. Existe unha predilección por esta modalidade de contratación, que dificilmente debe estar xustificada en tal alta utilización, o que vén incidir na necesidade de dotar estas cuestións cunha transparencia de xestión da que hoxe en día carecen.

E por se nos van contestar que se trata de obras de emerxencia, non se molesten, non o fagan, porque xa lles dicimos que as obras de emerxencia foron unicamente 625.000 euros no ano 2016.

Así que temos que engadir unha menor transparencia —non unha maior transparencia, como vostede dixo—, unha menor transparencia que, ademais, xa caracteriza a Portos de Galicia. Porque ¿algunha vez entrou na web de Portos de Galicia? Porque, entrando nesa web, pódese constatar a falta de transparencia nas súas actuacións.

Polo tanto, un modelo organizativo problemático e, ademais, incompleto, cando os ingresos son fundamentalmente públicos, que augura, como dicíamos, a proliferación de chiringuitos portuarios que xa permitirían crear un número indeterminado de empresas públicas portuarias.

Esta lei, ademais, non clarifica a cuestión concesionaria e reflicte unha posición de barra libre nas concesións ás empresas privadas: cincuenta anos de concesión fronte á normativa europea, que fala de que naquelas que duran máis de cinco anos a duración terá que fixarse en función da recuperación do investimento. Miren por onde vai Europa e miren por onde van vostedes: cincuenta anos.

E tamén imos poñer datos sobre a mesa para que entendan isto. Portos de Galicia, para as súas amortizacións contables, considera: para os peiraos de formigón armado metálicos, trinta anos; para os peiraos de madeira, dez anos; para maquinaria, inferior a vinte e cinco anos. Cincuenta anos é o que poñen no proxecto de lei para os investimentos. Non se xustifica, é barra libre para as concesións administrativas das empresas.

En canto á planificación portuaria, parece lóxico e necesario definir, primeiro, un plan global do que, en todo caso, despois se derivarían os plans específicos para cada porto concreto. Pero non, nesta proposta optan por plans de infraestrutura específicos para cada porto pero non pola elaboración dun plan director xeral para o conxunto do sistema portuario galego. Unha vez máis, non llelo di só o Grupo Parlamentario Socialista, senón que llelo di o Consello Económico e Social, que bota en falta no texto un plan estratéxico integral para todo o sistema portuario de Galicia de competencia autonómica, con directrices xerais, con obxectivos

que se deben alcanzar e que aporte coherencia e unidade ao sistema a través dun documento estratéxico plurianual.

O Consello Económico e Social recoméndalle un pouco de coherencia porque debe de saber o que pasa cando hai plans específicos para portos e non existe un plan global: que desta maneira uns portos contan e outros, en palabras do propio presidente de Portos, son simplemente «non prioritarios». Por certo, un presidente de Portos que outorgou carácter de representantes cidadáns lexítimos a membros dunha entidade náutica elitista e que se negou a recibir o alcalde desa localidade, como ocorreu no Grove.

E se a esta orde de prioridades subxectivas engadimos que o propio proxecto de lei ignora e non menciona para nada o Parlamento de Galicia, e que ademais non establece ningún tipo de mecanismo de seguimento e control para os plans directores e de infraestruturas, que non se deba dar conta do grao de cumprimento deses plans nin que se deba exercer control, pois supón un paso atrás, que vai tan atrás que nos leva a atrás do ano 87, no que a Lei 6/1987, do Plan especial de Portos de Galicia, establecía que o plan se fixaba en anos, e que se revisaba e informaba a comisión parlamentaria correspondente, outra falla máis de transparencia de Portos de Galicia.

Xa por último, pero non por iso menos importante, gustaríame falar do que esta lei implica para os concellos, xa que deixa as administracións locais nun segundo plano moi, moi preocupante. Impón unhas consideracións urbanísticas peculiares, problemáticas e, sobre todo, non pactadas. Non contempla a necesaria coordinación e participación dos concellos, e podería incluso vulnerar o principio de autonomía local, xa que impón uns trámites fóra da normativa xeral e incluso elimina determinadas licenzas de obras.

Por poñer exemplos —aínda que xa lles digo que esta lei está totalmente de costas aos concellos—: os plans xerais de ordenación municipal deberán cualificar o que estableza Portos de Galicia; dous, non se poden incluír determinacións que supoñan interferencia ou perturbacións no exercicio das competencias determinadas por Portos; tres, os plans directores prevalecerán sobre a ordenación urbanística en cuestións como localización de infraestruturas, usos e emplacements; catro, establece un planeamento sectorial portuario que prevalecerá sobre o planeamento urbanístico municipal; cinco, o informe de Portos de Galicia a respecto dos instrumentos de ordenación territorial será vinculante sobre a planificación urbanística; seis, exclúe do control preventivo municipal e de licenza de obra as que realice Portos de Galicia por ser obras públicas de interese xeral —así todas elas, de interese xeral e por norma—, e non poderán ser suspendidas pola Administración local; sete, na disposición transitoria sexta establece unha serie de normas urbanísticas concretas, en tanto non se aproben os plans específicos, para os concellos, e afectarán á altura máxima das edificacións, superficie edificable, normas, etc.

E novamente non llelo dicimos unicamente o Grupo Socialista, senón que llelo di a Fegamp, aquela de 2014, que lles recomenda que nestas previsións do proxecto de lei deben atemperarse as normas recollidas na normativa urbanística. O Consello Económico e Social tamén recomenda coordinación local.

Así que teñen en contra os concellos, a Fegamp, o Consello Económico e Social, e van facer que Portos sexa aínda menos transparente, van beneficiar os intereses privados —aí si que

estamos totalmente de acordo con vostedes, os máis beneficiados van ser os empresarios—, e iso é o que nos veñen vender hoxe. Polo tanto, por estes motivos presentamos a nosa emenda á totalidade, porque, un, está desfasado; dous, é decepcionante, non é ilusionante é decepcionante; tres, non contempla unha planificación sobre o sistema portuario; catro, suporá aínda menos transparencia para Portos de Galicia, demasiadas incertezas, dá barra libre ás concesións administrativas afastándose da normativa europea e deixa as administracións locais nun segundo plano.

Máis nada e grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Toja.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Merlo Lorenzo.

**O señor MERLO LORENZO:** Bo día, por dicir algunha cousa.

Este deputado non entende como se poden decretar tres días de loito e manter a temática e a dinámica dunha sesión plenaria coma esta. Non o entendo. *(Aplausos.)*

Quero facer fincapé nun detalle moi importante. Vivimos nun momento de excepcionalidade, un momento dramático. E penso que é un orgullo pertencer a esa parte da cidadanía, desa cidadanía que quitou o chapapote hai uns anos dos nosos litorais, das nosas praias, e tamén dos que se botaron á rúa a tratar de axudar a paliar os efectos das lapas na nosa terra. Iso é un orgullo: formar parte desa cidadanía e non da outra cidadanía que non fai nada, *(Aplausos.)* dunha cidadanía que axudou a combater as lapas na nosa terra, que axudou aos corpos que estaban tratando de combatela, suplantándoos incluso naqueles lugares onde lamentablemente estes non chegaban.

Non me gusta que unha persoa que ten a responsabilidade do Goberno non estea aquí hoxe. Non me gusta que estea trasladando un relato, unha matraca, de terrorismo incendiario. Porque, evidentemente, pirómanos hainos en todas partes, pero as circunstancias son que o que arde son sempre os nosos montes, non arden outras institucións, non arden outras instalacións, arden os montes. ¿Por que non arden noutros sitios? Porque hai plans de prevención, hai protocolos e hai medidas para evitar iso. Os pirómanos son os mesmos, os que arden son os montes. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Oito anos de políticas forestais ineficaces...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Merlo, perdoe. Señor Merlo, desculpe un momento.

Chámoo á cuestión, creo que xa leva un par de minutos falando...

**O señor MERLO LORENZO:** Perfecto, vou agora á cuestión.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Pídlle que volva á cuestión.

**O señor MERLO LORENZO:** Vou á cuestión, está todo relacionado.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor MERLO LORENZO:** Perfecto, vou á cuestión nun momento en canto retomemos e me permitan facer a miña exposición.

Imos falar dunha lei de *lobbys* de portos —que é o que é—, pero que non é importante porque posiblemente, se o que nos vén encima —está aquí a conselleira— é o risco de alta contaminación por mor das choivas —que poden chegar para subsanar o que a política forestal non subsana—, pois debe derivar nun grave problema de contaminación para as nosas rías. É interesante ter unha lei de portos, evidentemente, pero o importante é que os portos sirvan para o que teñen que servir e non para as rías mortas. Entón, por favor, traballemos en poñer os parches necesarios para non ter que lamentar máis cousas. Esa é a primeira cuestión.

E a segunda que non entendo é por que tanto interese en sacar estas leis hoxe, con tanta premura, cando eu en Vigo, por exemplo, vivín unha situación dramática no día de onte e de antonte. O de onte foi sumamente dramático. Na miña rúa non se vía o edificio de enfronte, a menos de seis metros, pola intensidade do fume que había. Saíu un alcalde dicindo que todo estaba ben, que todo estaba controlado, cando en Alcabre e na avenida de Europa había cadeas de cidadáns tratando de axudar os corpos de seguridade a paliar o efecto das lapas. É curioso que dixera iso cando non convocan prazas para bombeiros, cando hai 40 bombeiros menos dos que tería que haber na dotación municipal de Vigo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Merlo, desculpe de novo.

**O señor MERLO LORENZO:** ...cando hai 23 condutores menos...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Merlo, perdón.

**O señor MERLO LORENZO:** ...e cando hai motobombas que levan avariadas un montón de tempo. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Perdoe. Chámoo á cuestión por segunda vez.

Sabe vostede que, en aplicación do Regulamento, se o teño que volver chamar á cuestión unha terceira vez, lle será retirado o uso da palabra. Creo que aquí se permiten as brincadeiras necesarias para que cada un poida manifestar...

**O señor MERLO LORENZO:** Isto non é unha brincadeira, isto é un asunto serio. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Estou a dicir que todo o mundo pode manifestar o que quere ao inicio... (*Murmurios.*)

Perdón, estou eu no uso da palabra. (*Murmurios.*) Agradeceríalles que escoitaran aos que falan e tamén ao presidente cando intenta que os debates vaian por onde teñen que ir.



Repítollo: é a segunda chamada á cuestión. Pídlle, por favor, que se centre no tema.

Moitas grazas.

**O señor MERLO LORENZO:** O tema de Galicia, dos cidadáns e das cidadás, é o que estamos falando neste Parlamento nestes momentos e non os demais. Ningún cidadán —e eu tam-pouco— estamos dispostos a falar dunha cousa que non nos interesa cando temos un estado de excepción coma este, (*Murmurios.*) cun nivel 2 de alerta en polo menos sete incendios. (*Murmurios.*) E os que pensan noutra cousa están noutro sitio, viven noutra realidade. O partido que máis se parece a Galicia... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, o partido que máis se parece a Galicia hoxe lamentablemente é certo, porque teñen unhas políticas queimadas e cansas que non serven para nada. (*Aplausos.*) Estamos fartos xa disto, son oito anos de ineptitude. (*Aplausos.*)

Ben, ¿que queren que lles diga? ¿Vanme chamar á orde por non falar da lei do *lobby* portuario? Pois posiblemente si, pero ningún cidadán quere hoxe falar doutra cousa que de tratar do que se falou onte nas rúas...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Merlo, chámoo á cuestión por terceira vez e retírolle o uso da palabra.

**O señor MERLO LORENZO:** [...] lume nunca máis, e tamén dixeron moitas máis cousas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Merlo, chameino á cuestión por terceira vez. Sinto que vostedes queiran facer discorrer o debate neste sentido.

Moitas grazas.

Pasamos agora á rolda a favor ou en contra das emendas por parte dos grupos non emendantes. Neste caso ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora Egerique Mosquera.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidente.

Señorías, conselleira do Mar, en primeiro lugar, este Parlamento e este Goberno non é alleo á realidade. Non é alleo á realidade e por iso presenta hoxe esta Lei de portos, en conexión total coa realidade. Pero logo das contradicións nas que incorre acotío a oposición —uns din que é unha lei que se fai ás présas, outros din que é unha lei que leva moitos anos para facerse; é dicir, válenlles os mesmos argumentos para rexeitar a Lei de portos, para rexeitar a Lei de protección animal, para rexeitar a Lei de implantación de medidas empresariais..., os mesmos argumentos destrutivos e sen propostas, sen modelo—, logo de todo isto, digo eu, vou resumir primeiramente en oito conceptos o que significa esta lei, un paso de vital importancia para o futuro do mar, da pesca, da náutica, das vilas mariñeiras; en definitiva, para o futuro de Galicia e dos seus 1.700 quilómetros de costa. Esta lei vai permitir adaptar a Lei de portos estatal ás particularidades dos portos galegos con todas as vantaxes e me-

lloras que claramente explicou aquí a conselleira do Mar, Rosa Quintana. Oito puntos que destacaríaa e que son os seguintes: reforzo do autogoberno —do que tanto vostedes proclaman aquí—, aumento da competitividade, maior seguridade xurídica, aproveitamento da franxa portuaria, adaptación ao marco europeo, maior sustentabilidade ambiental, consensuada coa comunidade portuaria e mellora e axilidade no día a día dos portos, dos 122 portos de titularidade autonómica.

Respecto das intervencións das voceiras e voceiros da oposición —bueno, nun caso non quero case nin facer referencia a el, porque dixó que non lle interesaba este tema, non lle interesa o tema ao representante de En Marea—, tentarei responder ás súas emendas, ás afirmacións manifestadas sen ningunha motivación engadida —como dixen antes—, formuladas sen plantexamentos consistentes, con críticas sempre destrutivas, en moitos casos sen seren certas. Isto é o máis grave: en moitos casos sen seren certas.

Estamos falando dunha lei feita por técnicos de Portos de Galicia, ninguén mellor ca eles para redactar este texto lexislativo, xa que coñecen o terreo e coñecen moi ben a realidade deses 122 portos de titularidade autonómica. Ademais, é unha lei que vai na mesma liña das que existen xa noutras comunidades autónomas. Polo tanto, tentarei, no tempo que teño, responder aos grupos emendantes e ás intervencións das que xa falei, malia que moitas respostas pois me valen para os tres, xa que en moitas ocasións fixeron as mesmas críticas; insisto, críticas sempre destrutivas.

Respecto das taxas portuarias, señora Toja, estas regúlanse con norma de rango de lei, na lei xeral sobre a materia que ten aprobada a Comunidade Autónoma, a Lei 2/2003, do 9 de decembro. Polo tanto, a cuestión das taxas portuarias está regulada, e a atención ao seu impacto económico nos sectores produtivos portuarios está analizada e revísase anualmente con motivo da Lei de orzamentos.

Dende o PSdeG falan tamén dun «modelo organizativo problemático». Sorprende esta afirmación; sobre todo, porque é un modelo organizativo que engarza co modelo de xestión portuaria dos portos de interese xeral do Estado, establecido na Lei 27/1992, do 24 de novembro, formulada e aprobada por un goberno socialista; modelo, ademais, de xestión estatal que mantén no texto refundido desta lei do 2001.

Outro tema que nos preocupa é o do réxime económico e financeiro e os plans de investimento. Esta é unha lei de xestión portuaria que regula os ingresos de autofinanciamento do sistema. E para tal efecto prevé a elaboración dos programas de actuación de investimento e financiamento, os PAIF —non sei se os coñecen—, que son plurianuais e anuais. Non é propio deste documento, por tanto, realizar un plan de financiamento con dotacións financeiras concretas e determinadas.

En canto á coordinación coas administracións locais e a súa autonomía, a lei prevé instrumentos de colaboración na zona de interconexión dos portos coas vilas —no artigo 39— sobre as relacións e medidas de coordinación entre a planificación portuaria e os instrumentos de ordenación territorial e planeamento urbanístico. Destacarei o apartado 6, no que se fala dos plans especiais de ordenación dos portos e di que «se poderán introducir aquelas modificacións ou matizacións

estritamente derivadas da natureza e finalidade do plan especial e necesarias para o cumprimento dos seus fins, sen que» —e matizo aquí— «en ningún caso este poida substituír o planeamento xeral na súa función de instrumento de ordenación integral do territorio». O que hai que facer é que hai que ler e analizar ben o texto para saber despois o que se di nesta tribuna.

No referente á conexión cos sistemas de transporte, contorno urbano ou plataformas loxísticas, fago referencia aos artigos 38 e ao artigo 51 sobre plans especiais dos portos e delimitación da utilización dos espazos e dos usos portuarios. Xa se prevé que eses plans inclúan as medidas e previsións necesarias para garantir unha eficiente explotación do espazo portuario, o seu desenvolvemento futuro e a súa conexión cos sistemas xerais de transporte terrestre e co contorno urbano, e que a delimitación de espazos e usos portuarios regule a necesidade de prever os espazos de reserva que garantan a posibilidade de desenvolvemento ou ampliación da actividade portuaria. Parece mentira, pois, que digan que non establece medidas axeitadas para a coordinación co resto das administracións. Para iso deberían ler ben —insisto— o proxecto e advertir como hai medidas de intervención das administracións locais, ambientais, da Mariña mercante, etc.

Respecto dese monstro que ven vostedes na iniciativa privada, esa que xera postos de traballo, esa que ten todo o dereito do mundo, amparada pola lei, a participar na mellora das vilas, a participar na mellora dos portos, como revulsivo das economías locais, sobre ese monstro —que é unha oportunidade, é unha necesidade para avanzar— só escoitamos afirmacións vagas e difusas por parte dos tres grupos sen ningún tipo de fundamento. Cando goberna a esquerda, as iniciativas privadas son fantásticas e válenlles sempre. Pero cando están na oposición, non lles valen e criminalízanas. Parece mentira que digan isto cando sabemos qué sistemas se empregan en moitos gobernos xestionados por vostedes e o que fixeron tamén cando gobernaban durante o Bipartito.

Di o BNG que considera este documento privatizador da actividade económica estratéxica. ¡Todo o contrario! É que este documento é todo o contrario. (*Murmurios.*) O que pasa é que, como dicía ao principio, os argumentos válenlles para todo, para todo. O mesmo argumento e a mesma frase válelles para estar en contra, en todo tipo de leis e todo tipo de PNL, do Partido Popular. (*Aplausos.*)

O que se pretende é todo o contrario, e voulle dicir por que: porque é acentuar a función reguladora da autoridade pública de xestión cunha moderada evolución cara a un modelo de xestión portuaria tipo *tool port* e *landlord port* —que é «porto ferramenta» e «porto propietario»—. Isto explicábao moi ben no ano 2004 o ex-presidente de Puertos del Estado, Fernando González Laxe, nun artigo en *La Voz de Galicia*, que falaba claramente da evolución e de cara a onde tiñan que ir os portos. E, ademais, dío claramente e explica que é ben certo que o capital privado é fundamental, pero non é menos certo que tamén o é o público. E fala deste modelo, que dicía que en Europa é do que temos que tirar, que é o «porto ferramenta», o porto propiedade privada, para que avancemos, para que esteamos na prosperidade, para subir ao carro da evolución e da prosperidade das vilas mariñeiras de Galicia.

Polo tanto, preséntase aquí este texto para ver os portos como servizo público e como ferramenta da actividade económica. Realmente hai que sacarlles todo o rendimento que se

pretende. O proxecto mantén intactas as potestades públicas de posibilitar, autorizar e controlar todas as actividades marítimas e terrestres relacionadas co tráfico portuario; as de fomento das actividades comerciais, industriais, de servizo, gravadas, ademais, cunha taxa portuaria na Lei 6/2003 —á que fixen referencia antes—, de taxas de Galicia. Non hai ningunha privatización ou postergamento do servizo público; polo tanto, o maior prazo das concesións, de trinta a cincuenta anos, é unha medida destinada a fomentar a actividade económica dos portos permitindo a determinación de prazos en relación con cada concesión concreta que permitan a amortización dos investimentos comprometidos nestas concesións. Esta si é a lectura seria e consensuada que se fixo co sector para sacar a adiante este texto.

Esta lei contén as suficientes medidas de posibilidades de coordinación coa xestión dos portos de interese xeral ubicados en Galicia, pero non asume a vulneración do sistema constitucional vixente de distribución de competencias entre a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

Por outra banda, resulta insostible a acusación de que se obvие o papel dos concellos, dado que, precisamente por esa vontade de coordinación e colaboración, se fixo esta lei da man da Fegamp, o máximo órgano representativo das institucións municipais. E tívose moi en conta para a redacción deste texto legislativo. Así mesmo, resultan incoherentes as acusacións relativas a aspectos urbanísticos, porque tamén neste ámbito o texto foi supervisado tecnicamente polo organismo competente, que é a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. O consenso é, por tanto, o principal aval do texto que se presenta, o consenso social e institucional.

Quero recomendarlles a lectura do artigo 71, que releian o artigo 71 tamén con calma, para comprobar que nas concesións portuarias as condicións para o seu outorgamento recollen aspectos interesantes referidos á protección do medio ambiente ou ao tráfico marítimo, entre outras moitas. E, así mesmo, no 116 —non vou relatalo porque ten varios puntos— teñen as obrigas de servizo público. E no 118 establécense obxectivos de niveis de servizo na prestación dos servizos portuarios.

Polo tanto, a lei si establece conexión con obxectivos de nivel de prestación de servizos de calidade, de medio ambiente, e obrigas de servizo público. Hai que ler ben o texto, hai que ler a lei. Claro, eu entendo que para facer as emendas á totalidade de todas as leis que se presentan é moi cómodo ter un argumentario, pero hai que ler a lei e saber ben o que se presenta. Non se subordina todo ao investimento privado. Iso é mentira.

Gustaríame dicir tamén que non é certo que haxa un modelo de crecemento infinito e que non se aposte pola recuperación das embarcacións tradicionais. Máis ben todo o contrario, este grupo parlamentario e a Xunta teñen xa planificado o compromiso coa cultura marítima, coa súa difusión, coa súa conservación e coa promoción da mesma.

Quero dicir que, das 122 instalacións, só 23 teñen porto deportivo; e, ademais, a maioría delas, case todas, teñen tamén actividade pesqueira. Polo tanto, é compatible. Non veñan aquí con afirmacións globais de todo que non son reais.

Por outra banda, cómpre deixar claro que a meirande parte dos portos autonómicos galegos, afortunadamente, teñen unha actividade mixta —pesqueira, comercial e náutico-deportiva—, realidade que os singulariza fronte á actividade presente noutros portos autonómicos. Podo poñer exemplos desta actividade mixta, que teñen notoria dimensión económica, e que son, por exemplo, Ribadeo, Celeiro, Burela, Cariño, Laxe, Pobra do Caramiñal ou Ribeira. Polo tanto, esa realidade mixta é complexa e aténdese nesta lei, aténdese perfectamente nesta lei. En todo caso, a actividade pesqueira está perfectamente atendida, e con atención tamén ás infraestruturas e servizos para o sector mexilloeiro, que sempre foi moi prioritario para este Grupo Parlamentario Popular e para esta Xunta de Galicia.

En canto ás emendas de En Marea —xa non falo da intervención, prefiro nin citar a intervención do voceiro de En Marea porque parece vergoñenta nun caso coma este dunha lei tan esperada e tan agardada durante tanto tempo—, quero dicir —só con respecto ás emendas que presentaron, porque eu si lin todas as emendas á totalidade que vostedes presentaron—, primeiro, que xa as intencións, a declaración de intencións, están baleiras de argumentos técnicos e sen tan sequera ter en conta en moitas ocasións a lexislación vixente, iso é patente. Pero quero dicir que, respecto do Consello Reitor, no que vostedes fan tanto fincapé, o artigo 13 desta lei establece parámetros de determinación da composición dos membros do dito consello e da súa procedencia, prevé expresamente a presenza de entidades locais, corporacións, entidades, organizacións e asociacións máis representativas das persoas usuarias, e presenza, ademais, das administracións locais.

Polo demais, seguen instalados na inercia, na parálise, volven para atrás, volven sempre ao pasado, incongruencia, retroceso... Nós invitámoslos a que se sumen ao carro do progreso, que teñen tempo aínda para apoiar unha lei como esta, unha lei que busca —como dixo xa a conselleira— axilizar o funcionamento da Administración portuaria, axilizar os trámites dos empresarios nas concesións e darlles maiores garantías, mellorar as condicións de dársenas e instalacións portuarias, establecer a compatibilidade de usos e mellorar a relación porto-cidade, porto-vila; asegurar o normal funcionamento dos traballos dos usuarios dos portos a través do reforzo da figura do gardapeiraos e da axilización de trámites como a retirada de buques abandonados.

Polo tanto, vostedes teñen aínda tempo de recapacitar, teñen aínda tempo de votar afirmativamente este texto, que será garantía de éxito, seguramente, para o futuro dos nosos portos e para o futuro de Galicia. Súmense á bonanza e ao futuro. Polo tanto, nós rexeitaremos por iso as súas emendas á totalidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Egerique.

Réplica dos grupos emendantes.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** O BNG vai apoiar as emendas á totalidade presentadas polo Partido Socialista e tamén por En Marea, porque, con enfoques e con matices diferentes, son coincidentes en moitos dos aspectos.

E a verdade, señora Egerique, é que..., claro, é que, para contundentes, os argumentos do Partido Popular. É dicir, os da oposición son vagos, inconsistentes, sen fundamento, non lemos a lei... Eu pediríalle un pouquiño de modestia, ¡eh!, un pouquiño de modestia.

Nesta lei, señoras e señores do Partido Popular, vostedes poden poñerse como queiran e vir aquí sacando como primeira cuestión que é unha lei feita polos técnicos. Como todo o mundo sabe, son os técnicos os que legislan, son os técnicos os que deciden a orientación das leis, son os técnicos os que deciden que, en vez de ser servizo público, vaian cara a un enfoque de liberalización total. Todo o mundo sabe que iso o fan os técnicos, porque os gobernos están soamente para efectivizar o que din os técnicos. Non é ao revés, os gobernos non toman a dirección e a efectivizan os técnicos, non é ao revés. Son os técnicos os que din por onde hai que ir. Eu, dende logo, pediría un pouquiño de rigor, que é iso que tanto lles gusta a vostedes dicir.

A realidade é que esta lei é un cheque en branco para a Xunta de Galiza e un ninguneo total para os concellos. Iso como mínimo: un cheque en branco total para a Xunta de Galiza, que deixa para desenvolvementos futuros unha parte importantísima da lei, co cal vai vía decretazo, iso é así —¿ou non, señora Egerique?, ¿di algo a lei contrario a isto que estou dicindo, esa lei que non lemos?—. Deixa para desenvolvementos futuros unha parte importantísima, é un cheque en branco para a Xunta e un ninguneo total para os concellos. Non contempla a xestión, planificación, explotación integral do conxunto do sistema portuario galego. É unha das cuestións que lles fan chegar desde o CES: que non responde a unha planificación integral que sería necesaria. Non contempla mecanismos de coordinación entre as organizacións. ¿Ou hai algún artigo nesa lei, señora Egerique, no que se estableza un mecanismo de coordinación entre as administracións? Paréceme que non. Debería vostede lela *con un poquito máis de rigor*, cun pouquiño máis de coidado, porque me parece que non. Paréceme que non, que non pon nada diso.

E non contempla a previsión dun plan estratéxico integral para todo o sistema portuario de Galiza que marque directrices xerais, que marque obxectivos a alcanzar, que marque criterios e requisitos para ter en conta para esa planificación e execución global. Non contempla nada diso, contempla illas, contempla illas, onde o único que se busca exclusivamente é ese facer caixa. Consolida as zonas portuarias como espazos para a explotación de actividades non ligadas ao mar. De feito, fala continuamente de usos industriais e comerciais nin vinculados á actividade portuaria nin vinculados ao mar, co cal vese claramente cal é a intencionalidade. Ten un afán recadador brutal nesa ampliación dos trinta aos cincuenta anos, e un réxime sancionador brutal onde establece que pode haber sancións de ata 60.000 euros por bañarse ou pescar nos peiraos, un réxime sancionador que non ten nada que ver coa realidade de Galiza; é dicir, ata 60.000 euros por bañarse ou pescar nas instalacións portuarias sen permiso. Hai unha finalidade clara de liberalización dos servizos portuarios que semella querer converter os portos nunha sorte de polígonos comerciais, industriais ou de ocio náutico. Esa é a auténtica realidade.

Dende logo, teremos tempo de falar polo miúdo no debate das emendas parciais. Hoxe estamos a falar no debate á totalidade, á globalidade; e, dende logo, a xuízo do BNG sobran os argumentos. Non ten ambición de país, non ten ambición de que Galiza poida decidir com-

putar e xestionar integramente os recursos portuarios de Galiza. Non ten ningún tipo de ambición, deixa fóra os chamados portos de interese xeral e non contempla mecanismos para solicitar esas transferencias. E, dende logo, o que contempla é a discrecionalidade e o capricho en moito do seu articulado. Co cal, dende logo, non hai razóns, non se esgrimiu aquí ningunha razón, que desdiga as expostas na anterior intervención polo BNG, polo cal imos manter o noso voto favorable a que se retire este proxecto de lei.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Toja.

**A señora TOJA SUÁREZ:** Grazas, señor presidente.

É moi fácil subir aquí e dicir que non se len as leis e que non se preparan as intervencións cando o único que se fai é ler o que lle escriben dende o Goberno, dende a consellería correspondente. *(Aplausos.)* É unha falla de respecto aos que estamos aquí en representación dos cidadáns e das cidadás.

Pode haber discrepancias... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Vostede díxoo, tócame falar a min, síntoo. Podemos estar en discrepancia pero sempre hai que manter o respecto e valorar o traballo que fai a xente aquí.

Esta lei nin nos convence a nós nin convence ao propio Goberno nin a quen a propón. E ¿sabe por que lles dicimos isto? Porque esta lei nin sequera formaba parte do seu programa electoral nas últimas eleccións autonómicas. *(Aplausos.)* Só pasou un ano, o cal non deixa de ser e de resultar bastante sorprendente. Hai un ano esta lei nin formaba parte dos obxectivos deste Goberno, e agora resulta que é imprescindible. Pero naquel momento deberon de pensar que esta lei non sumaba votos e por iso decidiron non poñela, e agora danlle para adiante. Teñamos en conta que algunhas das formulacións que se contiñan no seu programa electoral eran temas como equipamentos portuarios, plans de dragados, incremento de seguridade, todos eles en relación co texto que hoxe se debate e que non formaba parte do seu programa electoral.

Miren, hai outra cousa que igual non lles parece importante pero a nós parécenos importante, que é o impacto de xénero. No proxecto inclúen que «se procurará acadar unha presenza equilibrada de mulleres e homes». ¡Pois así nos vai ás mulleres tamén! Deberían modificalo e respectar o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes, políticas transversais de igualdade. E tamén, señoras deputadas do PP, deberían exixirlle ao seu goberno políticas transversais de igualdade con feitos concretos.

Respecto das concesións administrativas e dos cincuenta anos que baralla, pois volvemos manter o mesmo: barra libre ás concesións administrativas ás empresas privadas. E por poñer outro exemplo, outro dato, a referencia máis próxima que temos das concesións do Goberno Feijóo é a concesión do hospital de Vigo, unha obra adxudicada por 315 millóns de euros que se vai amortizar en vinte anos, 315 millóns de euros en vinte anos, á marxe da

cota anual dos 40 millóns de euros. Aínda que se que trata de sectores distintos, o investimento dunha obra portuaria, dende logo, será bastante menor que estes trescentos e pico millóns. Pero, como referencia, esa cantidade, en vinte anos; e nesta lei, neste proxecto, están falando hoxe de cincuenta anos. Como lle dicíamos, está lonxe da normativa da Unión Europea e lonxe dos criterios contables de recuperación e de amortización que nos veñen defender aquí. Repetímoslles o mesmo: para peiraos metálicos, trinta anos; para peiraos de madeira, dez anos; para maquinaria, inferior a vinte e cinco anos. E vostedes hoxe plantexan aquí cincuenta anos, barra libre ás concesións administrativas e ás empresas privadas.

Xa lles dicimos que imos manter, loxicamente, a nosa emenda á totalidade, porque entendemos que non pode ser doutra forma. É un proxecto que está desfasado —a memoria é de 2014— e resulta decepcionante, decepcionante ante portos que de 10 millóns de euros que se invisten unicamente executan 4 millóns; non implica actuacións nin unha planificación sobre o sistema portuario galego e ten demasiadas incertezas ou sospeitas que non se clarifican. É necesario un exercicio de transparencia. Dos 9 millóns de contratación, 2,1 son concursos; 4,7, case 5, contratos menores. ¡Un exercicio de transparencia!

E xa para rematar, sen poder esquecer loxicamente todo o que está ocorrendo en Galicia, diríxome novamente á señora conselleira para pedirlle unha vez máis que active o plan Camgal, porque choveu, si, porque choveu, porque as cinzas van arrastradas cara ao mar. O marisco, o peixe, todo iso, filtra as cinzas e ten consecuencias negativas. Xa temos moito, moito que lamentar, e non engadamos máis temas a esta negra lista.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Toja.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Merlo.

**O señor MERLO LORENZO:** Moi ben, hai que dicir que si lemos as leis e si que traballamos nelas e facemos apostas. Non vou entrar a debater iso, porque para nós hoxe non é ese o debate. O debate é que hai unha desinformación, hai un descoñecemento, hai unha insensibilidade e hai unha política de mirar para outro lado cando os problemas están de fronte. E os problemas hai que atallalos de fronte. Evidentemente, pode ser moi interesante desenvolver unha lei de portos de Galicia, pero, se cabe, o interese público é outro. É dicir, hoxe o presidente da Xunta sacou unhas declaracións nas que consultou a Fegamp para saber se algún cidadán galego perdera a súa vivenda. Evidentemente, nas canles públicas de información non se puido enterar deste tipo de cuestións, porque a información que se deu durante todo o día de onte e demais non se cinguíu á realidade. *(Aplausos.)* Ese é un problema que temos tamén. E estamos de acordo en debater leis, en traballar sobre elas, pero hai que recordar que as lei despois hai que cumprilas. Porque, se só as aprobamos e non as executamos, logo tampouco serven de moito.

Falando desas cousas, pois non queremos falar de termos vagos, que é do que está pragada esta lei. E queremos que se fale, sobre todo, do que está a pasar agora, queremos saber se realmente vai haber medidas paliativas e preventivas para que iso non vaia a máis. Porque



as consecuencias directas xa as coñecemos todas e todos, pero as indirectas están por vir. E paréceme que é moi frívolo...

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión, señor Merlo.

**O señor MERLO LORENZO:** Non vou ir á cuestión, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Non vai ir?

**O señor MERLO LORENZO:** Non.

**O señor PRESIDENTE:** Pois entón abreviamos os seguintes pasos, se lle parece. *(Murmurios.)*

**O señor MERLO LORENZO:** Non sei se pode facer iso ou non, non coñezo...

**O señor PRESIDENTE:** Non debería facelo, pero sabe que o trámite...

**O señor MERLO LORENZO:** Pois entón non o faga.

**O señor PRESIDENTE:** Pero entón vostede pode seguir e eu terei que facelo tres veces, pero xa sabe que o vou facer.

Entón, vostede e eu podemos pactalo, ou, se vostede non vai falar, eu terei que cumprir o Regulamento. Como vostede decida.

**O señor MERLO LORENZO:** Eu creo que o que toca é ter altura de miras neste momento e solidarizarse con toda a cidadanía que está sufrindo e que está vivindo un momento duro e difícil...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, niso xa estamos todos de acordo, pero á cuestión. Á cuestión por segunda vez significa que, se o chamo unha terceira, tería que retirarlle a palabra.

**O señor MERLO LORENZO:** Ben, espero que non me chame á cuestión a terceira vez, porque evidentemente, todas estas consecuencias, como xa dixen antes, reinciden nun tema primordial, que é o das nosas rías. E unha lei de portos ten que servir precisamente para a actividade das nosas rías, que non é outra que a pesca e o marisqueo, principalmente. E penso que para iso temos que ter rías vivas e rías produtivas, e están ameazadas seriamente co que está a acontecer mentres falamos de cousas a futuro cando non estamos presentes co que toca agora.

No pleno anterior do Parlamento, cando fixemos propostas para evitar o que hoxe está pasando, déusenos unha resposta moi airada dicindo que, bueno, que estaba todo ben, que eles controlaban moito o tema. E xa vemos, está supercontrolado o tema. Está tan controlado como que, cando nos responderon que as brigadas que empezaban a súa actividade antes remataban antes porque...

**O señor PRESIDENTE:** Señor Merlo, ía ben a cousa, pero non vai na cuestión. Non...

**O señor MERLO LORENZO:** Si, vai na cuestión. O tema é que estamos cunhas empresas que están dando un servizo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Merlo.

**O señor MERLO LORENZO:**... en prol dun beneficio, e ese é o problema. *(O señor Merlo Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Merlo.

Señor Merlo, terminou o seu turno. Teño que retirarlle a palabra.

**O señor MERLO LORENZO:** Non se pode tocar o público para fomentar o interese do privado. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Merlo.

### **Debate e votación do Ditame, emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Mantéñense emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario dos Socialistas e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Para a presentación do ditame da comisión, ten a palabra a presidenta da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, dona Cristina Isabel Romero Fernández.

**A señora PRESIDENTA DA COMISIÓN 6ª, INDUSTRIA, ENERXÍA, COMERCIO E TURISMO (Romero Fernández):** Grazas, señor presidente.

A Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, presentada polo Grupo Parlamentario Popular, tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 28 de xullo do 2017. A Mesa do Parlamento, na reunión dese mesmo día, admitiu a trámite esta iniciativa e dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. O Pleno do Parlamento, na sesión do día 12 de setembro de 2017, tomou en consideración a devandita proposición. Así mesmo, a Mesa do Parlamento, na reunión do día 13 de setembro de 2017, acordou a apertura do prazo de presentación de emendas ao articulado e propúxolle á Xunta de Portavoces a súa tramitación pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo. Presentáronse un total de 285 emendas ao articulado; 42 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, 90 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, 123 do Grupo Parlamentario de En Marea e 30 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia. As emendas foron cualificadas o 29 de setembro de 2017.

Designouse a ponencia na sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo do 2 de outubro de 2017, cos seguintes ponentes: polo Grupo Parlamentario Popular, don Miguel Tellado Filgueira como titular e dona Marta Novoa Iglesias como suplente; polo Grupo Parlamentario de En Marea, don Antón Sánchez García como titular e don Juan José

Merlo Lorenzo como suplente; polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Abel Losada Álvarez como titular e don José Manuel Pérez seco como suplente; polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, dona Noa Presas Bergantiños como titular e don Xosé Luís Rivas Cruz como suplente.

Celebrouse a sesión constitutiva o 2 de outubro de 2017 coa asistencia dos ponentes titulares, señor Tellado Filgueira, señor Losada Álvarez e señora Presas Bergantiños; e cos suplentes, señora Nóvoa Iglesias, señor Merlo Lorenzo e señor Pérez Seco.

Nas seguintes reunións estudouse a totalidade desta proposición de lei, así como as emendas ao articulado presentadas, na procura do achegamento das distintas posicións.

Por último, na derradeira reunión, que tivo lugar o 5 de outubro de 2017, a ponencia emitiu o seu informe. Posteriormente, a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, na sesión do 9 de novembro de 2017, aprobou o seu ditame con sete votos a favor e cinco en contra, no que incorporou ao texto da proposición de lei, ademais dunha emenda técnica, un total de 53 emendas; en concreto, 29 do Grupo Parlamentario Popular, 5 do Grupo Parlamentario de En Marea, 16 do Grupo Parlamentario dos Socialistas e 3 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Das 16 do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, 7 delas foron transaccionadas.

Logo da retirada, na fase de ponencia, dunha emenda do Grupo Parlamentario Popular, mantéñense para o seu debate neste pleno as restantes emendas rexeitadas: 118 do grupo de En Marea, 74 do Grupo Socialista e 79 do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Saliéntase, por último, que a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia consta, ademais da súa exposición de motivos, dun título preliminar e tres títulos desenvolvidos en corenta e un artigos. O título preliminar establece o obxecto da lei, o ámbito de aplicación, os seus principios e as competencias administrativas; o título I está dedicado ao réxime xurídico do solo industrial; o título II versa sobre a mellora normativa para o fomento da implantación de iniciativas empresariais, e o título II sobre o réxime de incentivos para o fomento da implantación de iniciativas empresariais.

Por outro lado, a súa parte final intégrase por 2 disposicións adicionais, 5 disposicións transitorias, 2 disposicións derogatorias e 15 disposicións derradeiras; unha das cales establece a entrada en vigor desta lei, se é o caso, ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, coa excepción das medidas de racionalización dos aproveitamentos madeireiros de carácter comercial, que producirán efectos no prazo de seis meses desde a entrada en vigor dela.

Cómpre, pois, rematar a tramitación deste procedemento lexislativo coa aprobación, se é o caso, da Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

Máis nada, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Romero.

Comezamos, polo tanto, o debate coa rolda dos grupos parlamentarios para fixar a súa posición.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día a todos e a todas, por dicir algo.

Ben, eu creo que todos e todas debemos de coincidir, cando menos, no mínimo de que o noso país está agora mesmo atravesando un momento difícil. Pero eu teño que confesar, se mo permiten as súas señorías, que onte, con varios días de cansazo acumulado pola preocupación, con mestura de sentimentos entre a rabia, a impotencia e demais, cando ás doce da noite en Ourense non caera nin unha soa gota de auga, onte, cando moitos medios de comunicación daban por rematado o problema dos incendios mentres eu viña de falar con alcaldes da miña provincia que estaban absolutamente desesperados, parecíame absolutamente inaudito ter que coller hoxe o coche para vir a un pleno do Parlamento galego que se ía celebrar con normalidade. *(Aplausos.)*

Recoñezo que hai unha compoñente sentimental, porque as que non somos tecnócratas de cabeza nin corazón temos sentimentos, si, efectivamente. *(Aplausos.)*

Coa chegada da choiva na madrugada, a redución do risco e xa racionalizando —pois entendendo que temos que vir aquí tamén a falar de cousas importantes e a tomar decisións— continúa a parecerme inaudito —e teño que dicilo— que non estea aquí hoxe o presidente do Goberno para comparecer, para explicarnos a situación e para dar explicacións. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión, señora Presas, á cuestión.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Si, non se preocupe, señor Santalices, que o que imos debater agora ten moito que ver con isto.

Como a chegada da choiva non significa tampouco a chegada da normalidade, quero aproveitar a miña quenda de intervención para transmitirles todo o noso afecto ás persoas afectadas, tamén aos irmáns de Portugal e aos dispositivos de extinción, e tamén a todos os veciños e veciñas que están loitando aínda por que esta crise remate. Quero transmitirles tamén a nosa solidariedade fronte ao abandono. Haberá tempo de que analicemos con calma todo isto, pero eu simplemente —e remato esta cuestión— vou recordar que Ourense xa levaba ardendo unha semana *(Aplausos.)* e que había moita xente que levabamos tempo alertando sobre esta situación de abandono que aínda teñen moitas persoas loitando contra o lume agora mesmo.

Ben, pero hoxe continúo, centrándome máis para o que o señor Santalices non se alporice...

**O señor PRESIDENTE:** Non teña medo.

*(Risos.)*

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non me cabe dúbida de que vostede, como ourensán, tamén pasou unhas malas noites.

Pero hoxe é un día triste tamén porque, agás sorpresa, o Partido Popular imporá coa súa maioría absoluta, en solitario, a aprobación da lei que imos proceder a debater, unha lei que vostedes, expertos auténticos en eufemismos, chaman «de implantación». Pero como ben cualificou o asociacionismo ambiental e social deste país, organizacións sindicais e organizacións políticas, renomeamos esta lei como «lei de depredación». Entón, hoxe, nun dos momentos máis dramáticos do noso país, onde esta aprobación pasará desapercibida, pois temos que dicir que tamén estamos tristes porque sabemos que isto será unha nova ameaza para o noso país, con oposición no Parlamento e na rúa.

Porque a «lei de depredación», señorías, gústelles ou non, incide no modelo que nos levou a esta situación, e isto temos que dicilo. Incide na desregulación, incide na arbitrariedade, incide no desequilibrio territorial, incide no boicot e persecución do que significan os montes comunais e ese modelo de xestión no noso país, incide na desprotección ambiental, na ausencia de participación pública da Administración, no baleirado competencial. Insiste en afastar as decisións dos concellos, da veciñanza, dos colectivos, desvinculando a sociedade da custodia do territorio —o que é un erro gravísimo—. Incide en afondar na incineración e négase a promover decididamente a compostaxe e outras fórmulas para a xestión dos residuos. Abre a porta á xeneralización dos cultivos enerxéticos como modelo dominante. Abre a porta á instalación *per se* da biomasa non tradicional e sen un control racional e planificado. Incide na falta de planificación, na desordenación do monte. Incide no privilexio da eucaliptización e das especies foráneas fronte ás frondosas e ao bosque tradicional. Incide na tala desregulada fronte ao aproveitamento planificado e multifuncional do noso monte.

Veño de poñer quince exemplos tendo tan só quince minutos para intervir. E podería seguir moito máis, porque esta lei é un auténtico cóctel molotov que busca a expansión dos principios da lei da selva e que camiña na dirección contraria do que precisa este país. (*Aplausos.*) Por iso queremos pedirllas unha vez máis, señores do Partido Popular, que retiren esta lei, que abran un proceso diferente para solventarmos e debatermos qué é o que precisa este país. Perderon a oportunidade na toma en consideración, perderon a oportunidade no debate do estado da nación. Renunciaron a parar este proxecto e a buscar o consenso que precisa este país para resolver os seus problemas estruturais no tecido económico, industrial e tamén no forestal. Regulamentariamente sería posíbel o que estamos dicindo, pero quedou claro no procedemento que acompañou durante todo o tempo esta lei que, desde logo, a súa vontade non é a de dialogar, é a de impoñer, sen máis cortapisas, unha «lei Frankenstein» na que inclúen todo tipo de modificacións que afectan diversas leis de importancia transcendental.

Así, temos cambios substanciais na lei eólica, na da minería, na Lei de conservación da natureza, na Lei de augas, na Lei de montes, na Lei do solo..., e poderíamos seguir. E non só iso, senón que neste procedemento exprés parlamentario o seu grupo parlamentario, o Partido Popular, tamén introduciu máis artigos e máis modificacións, das que despois falaremos. Por poñer só un exemplo da gravidade disto e do que supón en termos prácticos, por moi regulamentario que sexa, citarei un exemplo deste autoritarismo, que pode estar regulado pero que para nós contradí o que debería ser a tramitación dunha lei deste tipo, só un exemplo. Vostedes modifican, de forma moi importante, ademais, a Lei de minas. Ben, a lei de minas estatal, ¿saben de que ano é? É do 73. Ou sexa, temos unha lei estatal, un marco, que ampara, ademais, regulación que vén do franquismo, e Galiza, que no 2008 debateu e

aprobou a primeira lei do sector, precisamente se foi a primeira é porque é un tema tremendamente complexo. De feito, o seu traballo en ponencia —que foi algo máis que dicir que emendas se aceptan e cales non— durou máis de seis meses. Isto dá unha imaxe, dá unha foto, de cal é a complexidade e de cal é a profundidade coa que hai que avaliar e someter os cambios en sectores tan importantes coma este, e é unha imaxe de que é unha absoluta irresponsabilidade o que o Partido Popular vai facer hoxe.

Vostedes despois criticarán que propuxemos moitas emendas de supresión, pero démoslle a oportunidade de deixar algún destes sectores para outro momento, de dicir que vostedes cedían na cuestión da minería, na cuestión do eólico ou na cuestión forestal, que cedían nalgunha cuestión, demostrándonos que estaban dispostos a abrir algún tipo de diálogo sobre algún dos elementos fundamentais do noso país, pero non, seguiron cara adiante, aceptaron simplemente unhas poucas emendas da oposición para disimular esta estratexia, pero que non introducen, ademais, ningún cambio substancial. Nas que se refiren ao Bloque Nacionalista Galego, aceptan unha que corruxía un lapsus, e despois aceptan unhas que harmonizaban contidos que nós introducíamos de cara a fortalecer os procesos de control, pero non aceptaron os artigos que habería que incorporar. Polo tanto, máis maquillaxe. E iso será regulamentario, pero é a antítese do que debería ser un procedemento deste tipo. Polo tanto, insistimos na necesidade da retirada.

Primeiro, perverteron as regras parlamentarias, saltaron informes a propósito, facendo a tramitación deste tipo para evitar que organismos como o CES se pronunciasen, venderon a falsidade dunha existencia e dun proceso dialogado, tiveron, aínda por riba, a cara dura de dicirnos aquí que dialogaran coas forzas da oposición, o cal xa é subreal, e reduciron os trámites ao mínimo, buscando un único obxectivo, que é que esta gran ameaza para o país pasara con total disimulo. E fixérono de forma consciente, pero somos un pobo forte, un pobo que non quere que o modelo que patrocina esta lei de depredación vaia adiante, porque xa perderon vostedes anteriormente: perderon en Corcoesto, perderon cando tiveron que retirar o Anteproxecto da lei de acuicultura, cando non se lles permitiu especular coas centrais do río Xallas e demais. Entón, quixeron facer este procedemento para que ninguén se enterase.

Aínda así, malia as présas e a ocultación, temos que dicir e agradecer o esforzo de moitos colectivos sociais e ambientais que nos fixeron achegas e que fixeron un importantísimo labor de expansión do que esta lei significa ao longo de todo o noso país. A todos eles queremos mandarlles unha mensaxe desde o Bloque Nacionalista Galego de agradecemento, pero tamén de alento, e dicirlles tamén que a aprobación desta lei hoxe é simplemente a perda dunha batalla, pero que temos moito por gañar. Onte mesmo demostramos que somos un pobo vivo e contestatario, que non se resigna a que nos digan que se estamos na situación que estamos, que se temos as deficiencias que temos, é por unha lei divina, senón que sabemos que con política e con movementos sociais e con outra resposta se pode cambiar. E demostráremolo tamén este domingo cando a xente saía á rúa para paralizar esta lei e para defender outra política forestal. *(Aplausos.)*

Señores do Partido Popular, de verdade que desde o Bloque Nacionalista Galego pensamos que deberían reflexionar sobre o que vivimos os últimos días e asumir que a política de deixar facer, a política das présas, a política da falta de modelo, non nos vai levar a ningún lado.

Vostedes chegaron tarde —xa o dixemos no anterior debate— ao debate da deslocalización, e agora pretenden aproveitar unha preocupación para facer que fan, para aproveitar unha lei que é un auténtico Frankenstein e modificar sen consenso, sobre todo o que atinxe ao sector forestal e ao extractivo. Que vostedes se centren fundamentalmente nestes dous ámbitos dá idea do modelo de país que queren.

Vostedes só conciben unha Galiza de plantacións enerxéticas e de explotacións mineiras, pero nós cremos que outro modelo de desenvolvemento é posible e que isto é absolutamente gravísimo.

O de vostedes xa non sabemos se é falta de modelo ou o modelo da lei da selva, xa non sabemos que será peor, pero, desde logo, que esta lei se centre practicamente en exclusiva no solo, na enerxía e na extracción, parécenos perigosísimo. E vostedes fano desta forma, tamén apresurada e pola vía dun suposto incremento da actividade lexislativa para ocultar a súa falta de planificación, de obxectivos e de compromisos orzamentarios tamén co tecido industrial empresarial galego. E fano para, pola porta de atrás, aproveitar unha inqueda que hai na sociedade, reducir canles de participación, limitar a exposición pública, limitar o papel dos concellos e reducir alá onde se pode as autorizacións por declaracións responsábeis, e, desde logo, non o van facer co noso silencio.

Buscan nesta lei, sen cortarse, favorecer o interese xeral de empresas extractivas ou enerxéticas, facer que ese interese prevaleza por riba do interese que a veciñanza pode ter, por riba do modelo que podemos querer desenvolver en cada un dos nosos concellos. E fano así, legalizando, autorizando e implementando dous cabalos de Troia que nós non podemos compartir: esa declaración de proxectos empresariais singulares e esa redución dos requisitos dos proxectos industriais estratéxicos.

Desde logo, nós temos que repetirlle que non imos ser cómplices con ese modelo de capitalismo de amiguetes que reduce a transparencia, que impide tamén que pequenas empresas galegas poidan competir en libre concorrència con outras. Preguntámoslle na anterior sesión do Pleno, na que tratamos esta lei, se este era o salvoconduto de Ence, se esta era a súa alternativa para legalizar proxectos como o campo de golf de Baiona, que está contando con tanta oposición, como Porto Cabral, como a mina de Touro, da que falaremos mañá, e non contestaron.

Vostedes varren para adiante, e o seu silencio administrativo, evidentemente, demostra que estabamos no certo. Tamén a súa actitude en canto ás emendas. Insisto en que non aceptaron ningunha das que van en sentido contrario, nin aquelas peticións de supresión para dar este debate doutra maneira, nin sequera para aproveitar algunha das cuestións nas que vostedes ceden case por imperativo legal e estatal na súa lei, que é en todo o referido á compostaxe. Volven perder outra oportunidade por reducir a incineración aprobando a proposta dunha estratexia galega de redución da incineración e apostando de forma seria e rigorosa pola compostaxe. Coma sempre, chegan tarde, mal e a rastro aos debates que ten este país.

Desde o BNG pensamos que non podemos permitirnos máis perdas de tempo, que non podemos permitirnos seguir a perder tempo sen dar un debate racional sobre que modelo precisan os nosos sectores produtivos, entre os que tamén está o noso monte, o noso sector

forestal, e tamén a nosa economía de forma global. Non podemos seguir perdendo máis tempo e, desde logo, o que non podemos facer é permitir hoxe a aprobación dunha lei que é unha auténtica ameaza de depredación sistemática e desregulada do noso país.

Non seremos cómplices. E pedímoslle unha vez máis que, por favor, retiren este anteproxecto salvaxe e que fagan isto doutra maneira.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Conselleiro, eu vou falar pouco de lumes, sobre todo para que non me retiren a palabra, pero si que quero falar de precisión xeográfica. Teño unha casiña nunha parroquia dun concello de Ourense, nunha aldea dunha parroquia que se chama Vilariño dos Palleiros. A parroquia chámase Castrelo e o concello chámase San Xoán de Río. Onte pola mañá o lume chegou literalmente ata o muro; grazas aos veciños da zona que o pararon alí. Pois esa parroquia, Santa María de Castrelo, San Xoán de Río, Ourense, non aparece na páxina web da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*) Eu non sei se aparecen todas, pero esa —e paréceme pretencioso ensinar a foto—, desde logo, non aparece. Non sei se era un fume virtual, un lume virtual ou era algún problema do Sigpac ese da Consellería.

Imos debater a Lei de fomento e implantación de iniciativas empresariais, dígoos porque sempre o dos datos é importante. Os datos reflicten a realidade, normalmente; normalmente. E volvo repetir: na parroquia de Castrelos onte houbo un lume que afectou unha aldea, literalmente, ata as casas; literalmente, ata as casas.

Lei de fomento de implantación de iniciativas empresariais. Nós xa manifestamos na comisión a nosa posición en contra, e hoxe tamén temos que falar —e sigo no tema— doutra lei, desta lei ficticia —ficticia como corpo lexislativo, non ficticia como práctica política—. Hoxe estase desenvolvendo no Pleno do Concello de Tui unha moción de censura; unha lei de fomento de mocions de censura do Partido Popular ao longo das provincias de Pontevedra e de Ourense fundamentalmente. (*Aplausos.*) Que aí se ve que tamén fai falta desregular, porque cando se lles enche a boca dicindo que governe a lista máis votada, vai ser alcalde... (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Tui. A lista máis votada sei cal é, a do Partido Popular, e o alcalde tamén sei quen vai ser... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** O alcalde tamén sei quen vai ser. Polo tanto, falando de libre mercado, señor Pazos Couñago, ¿que lle vai dar o alcalde ao PP, para que, sendo a lista máis



votada, prescindida da alcaldía? (*Aplausos.*) Iso é o que eu lle digo que veña aquí e nolo conte. ¿Que lle vai dar o futuro alcalde de Tui ao Partido Popular para que, sendo o partido máis votado en Tui, lle regale a alcaldía ao señor do partido Tui, Siglo XXI? Esa é a pregunta relevante, señor Pazos.

Bueno, vostede, en fin, sábese porque é dun concello que está literalmente comprando un grupo que permite que sigan gobernando. ¿Sábese, non? Comprando, dígo en termos políticos, ¡eh! (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

Imos á lei empresarial.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Imos á lei, imos á lei que está no *Boletín do Parlamento de Galicia*.

Escribiu Shakespeare, en *As alegres comadres de Windsor*, unha frase ilustrativa, que é: «se os cartos van diante, todos os camiños se abren». Se en vez de Windsor, pomos Monte Pío, ¡*chapeau!* Esta lei é perfectamente esa metáfora. Se os cartos van diante e a actividade económica, sexa cal sexa e caia quen caia, vai diante, todas as portas lexislativas e cronolóxicas se abren.

Porque eu quero retomar a intervención da presidenta da comisión, que nos deu, efectivamente, o *timing* da tramitación desta proposición de lei do Partido Popular. A verdade é que, tendo en conta que o tema da implantación industrial é un tema digamos que secundario na actividade económica de calquera país occidental, pois que non sexa o Goberno quen a presente e sexa o grupo que o apoia é unha práctica absolutamente habitual en todos os parlamentos de Europa, estou seguro.

Rexistrouse, efectivamente, o 28 de xullo deste ano, xa pasara a festa do Día Nacional de Galicia..., en fin, estabamos case en vacacións —porque supoño que temos vacacións e temos dereito; é un dereito que custou moitos anos e moitas loitas sindicais conquistar—. O 28 de xullo. Hoxe é día 17 de outubro e vaise aprobar con todas as urxencias posibles, reunindo a ponencia os días do debate do estado da Autonomía —é dicir, o debate do estado da Autonomía estíbese celebrando entre reunión e reunión da ponencia para aprobar esta lei—.

Ninguén nos explicou cal é a présa, porque quero recordar que o señor Feijóo leva gobernando dende o ano 2009. Polo tanto, ao mellor, é que hai algunha razón confesable. Se é confesable, por favor, confésena, e se é inconfesable pois deberían facer algunha penitencia en termos teolóxicos, non digo de propósito de emenda, porque, en fin...

Nesta lei seguen faltando os temas fundamentais para a localización industrial, segue faltando a investigación, a innovación, a formación, o capital humano; segue faltando todo o que diferencia os sistemas industriais dos países avanzados dos sistemas industriais dos países menos desenvolvidos.

Eu nunca pensei, a verdade, en volver ter que debater, estudar e facer unha análise económica case naquel modelo estruturalista dos anos sesenta de crecemento fronte a desenvol-

vemento. Pensei —supoño que de maneira inxenua— que iso estaba superado, que xa todos entendiamos que o desenvolvemento significa o crecemento e algo máis, e que ese algo máis é o que diferencia os países avanzados e é o que diferencia as sociedades avanzadas doutras que, lamentablemente, non o están.

E quero falar de catro cuestións fundamentais: a primeira —como sempre; eu recoñezo que son un pouco reiterativo, pero cada un ten as súas características de discurso—, ideoloxía e política. É unha lei ideolóxica, a cal non coincide coa miña, pero non me parece mal. Eu estou seguro de que vai chegar aquí algún tecnócrata do Partido Popular dicindo que «*es una lei que no, que no tiene ideología, porque ¿cómo vamos a venir a hacer ideología y política a un parlamento, si a lo que se viene es a jugar al golf habitualmente?*». Polo tanto, ideoloxía e política. E a ideoloxía e a política son moi claras: o Estado é o problema e non é a solución. E iso váleme para a *ObamaCare* nos Estados Unidos, váleme para a implantación industrial en Galicia e váleme para a negación do cambio climático por parte da dereita máis reaccionaria na maior parte dos países occidentais (*Aplausos.*); o Estado é o problema (*Aplausos.*), esa é a cuestión fundamental. E, claro, «o Estado é o problema» significa algo, ten consecuencias: o Estado é o problema para aqueles aos que a actuación do Estado lles retira privilexios —dáme igual que sexan monetarios, vía impostos, ou doutro tipo—, pero é moi importante para aqueles que non teñen ningún outro mecanismo de actuación e defensa que non sexa o público: polo tanto, hai ganadores e perdedores.

Eu estou moi acostumado a escoitalle ao señor Feijóo ese mantra de que «*gobiernan para todos*». É como o de facer máis con menos, algo que todo o mundo sabe que non é posible, non é posible facer máis con menos. É verdade que se pode ser máis eficaz, máis eficiente, pero... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, non é posible, non contén milongas, non é posible facer máis con menos. O que é posible é facer menos con máis, e, se non, mírese o Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo: 850 camas, 1.400 millóns de euros. (*Aplausos.*) Iso si que é posible. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Iso si que é posible!...

(*O señor Losada Álvarez interrompe o seu discurso para dirixirse ao señor presidente.*)

¿Estaba despistado?

**O señor PRESIDENTE:** Si, confésolle que si.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Laméntoo moito.

**O señor PRESIDENTE:** Descúlpeme, non sei o que pasou.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Non se preocupe, que a miña autoestima está perfectamente a salvo.

Bueno, en todo caso, máis con menos, non; menos con máis. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ¿Á terceira bótame...? Non, espero que... Era o tema, jeh! O Hospital Álvaro Cunqueiro ten moito que ver coa desregulación e con iso que dicía Shakespeare de que, se os cartos van diante, todo os camiños se abren.

Hai gañadores e perdedores, e vémolos nas estatísticas; vemos a concentración das rendas do capital e dos rendementos do capital, en porcentaxe de... (*Inintelixible.*), fronte ás rendas do traballo.

Non podemos permitir que o discurso de que hai que simplificar procedementos administrativos leve a recortes na Administración. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non o podemos permitir, conselleiro. Eu podo coincidir con vostede en que hai que simplificar procedementos administrativos; pero, correlativamente, se se simplifican procedementos administrativos, un país moderno ten que ter mecanismos de control *ex post* contundentes, e iso non se pode facer se a Administración adelgaza mes a mes e ano a ano. ¡Non se pode facer! E cando o señor Montoro fai unha amnistía fiscal e en España temos por cada 100.000 habitantes un terzo menos de inspectores de Facenda que en países como Holanda ou como Francia, pois, indubidablemente, estamos favorecendo a fraude fiscal; indirectamente, por omisión, pero estamos favorecéndoa.

E tampouco podemos favorecer o incremento desaforado dos beneficios. Eu son absolutamente partidario de que a taxa de beneficio dun investimento ten que permitir, primeiro, o reinvestimento dunha parte dela, e, por suposto, ser unha taxa razoable; iso que vostedes utilizaron sen ningún pudor nas renovables, porque había intereses importantes en paralas. Eu coincido coa taxa de beneficios das renovables. E dixen moitas veces neste Parlamento que, probablemente, houbo un determinado momento en que houbo unha manga ancha con certas taxas de beneficio na enerxía renovable, pero de aí ao enriquecemento brutal, fronte a condicións laborais e medioambientais moi discutibles, hai un camiño moi, moi longo.

E volvo aos datos, e volvo ao Eurostat, que onte publicou datos de pobreza, eu creo que uns datos bastante ilustrativos. Son datos de España. Eu xa sei que me vai dicir o señor presidente da Xunta —ou neste caso o señor Tellado, en fin...— que en Galicia estamos moito mellor. É un efecto numerador e denominador: estamos un pouco mellor, pero é porque a poboación aquí mingua, mentres que, noutras zonas de España, todos sabemos que segue medrando. Polo tanto, sei a cuestión... —en fin, a dividir chego, ás catro regras e non a moito máis, pero ata aí chego— «España, terceiro país da Unión Europea onde máis medrou o risco de pobreza dende 2008». E, xa digo, 2008, para que ninguén fale de que é un discurso partidario, etc.; 2008. Pero, por certo, cando caía o PIB, empeoraba o número de pobres. O máis lamentable é que, agora que o PIB medra un 3,3 %, siga medrando o número de pobres ou baixe a ritmos practicamente inexistentes.

Pero isto non é o máis grave; o máis grave é que a terceira parte dos españois pobres ten un traballo remunerado. Dío Eurostat, non o di Abel Losada nin o Partido Socialista de Galicia: «Unha terceira parte dos españois pobres ten un traballo remunerado». Medrando ao 3,5 %, ¿alguén pode dicirme a onde vai esa parte do pastel? Eu creo que a pregunta é bastante..., nada revolucionaria nin nada subversiva. Insisto, ¿a onde vai esa parte do pastel dun país en que, mentres medra ao 3,3 ou 3,5 % —e dicimos que é o crecemento máis alto da Europa

occidental practicamente—, un terzo dos traballadores son o que se chama traballadores pobres? Eu estou esperando a que me resposte a esta cuestión alguén do Partido Popular algún día; é verdade que é unha esperanza va, pero, bueno, mantéñoa.

O segundo punto: publicidade e propaganda. Proposición de lei do Grupo Popular; iso significa, efectivamente, a aceleración absolutamente estratosférica da tramitación —que todos vimos—, evitar os informes... ¿A vostedes parécelles razoable que unha lei que se chama «Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia» non teña un informe do Consello Económico e Social nin unha memoria económica? ¿Parécelles unha cousa sensata, razoable...? ¿Cren que deberían dicir algo sobre isto? Eu non sei, ao mellor... Vexo un silencio sepulcral... Ao mellor, ata é que teño razón... Pero, claro... No, no, agradezco el silencio. Yo agradezco el silencio; soy muy espiritual, agradezco el silencio. (*Murmurios.*) Pero, en todo caso, ¿a alguén pódelle parecer razoable que unha lei de fomento da implantación...? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Home!, é que son tan interactivos algunhas veces, que me gustaría que tamén interaccionaran outras. ¿Como unha lei de implantación da industria non ten unha memoria económica? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Por favor, espero que o voceiro do Partido Popular nolo explique. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estou ansioso esperando as leccións do voceiro do Partido Popular; coma sempre, por outra parte.

E, ademais desta rapidez na tramitación, modifícanse... Voume permitir, na segunda intervención, ler o relatorio de leis que se modifican. Iso si, do que nunca se fala... Fálase de acurtar prazos, fálase, en fin, de axilidade... E dicíao a voceira do Bloque Nacionalista Galego... En fin, esta dinámica de que, en el *doing business*, pois hai que estar nos primeiros lugares. Si, si, pero eu quero estar nos primeiros lugares, como Suecia; no como Qatar, jeh! Yo quiero estar como Suecia y no como Qatar. Entón, pódese estar de dúas maneiras e temo moito que esta lei vai mirando cara ao lado errado.

Logo, cando falamos de orzamentos, a cousa xa se complica máis, porque, no último debate do estado da Autonomía, entre reunión e reunión da ponencia, o Partido Socialista fixo unha proposta de transacción sobre a cuantificación do esforzo financeiro do Goberno galego, precisamente para reforzar esas implantacións industriais, que non era nada desvariada —por dicilo dalgunha maneira—: era que, no programa de apoio á modernización industrial, medrara ao mesmo ritmo que o PIB —insisto, se falamos de execución, temos que falar de pluriannualidades, pero xa por iso non falei de execución, señor conselleiro—; que ese programa medrara ao mesmo ritmo que o PIB e que o programa de innovación medrara un 50 % máis que a taxa do PIB, porque é a única maneira de ir incrementando o peso do I+D sobre o PIB para acercarse a ese obxectivo europeo. Parecíanme absolutamente sensatas; ao mellor, en vez dun 50 % por riba do crecemento do PIB, tiña que ser un 25 %. Nin se considerou; díxosenos que non. Non sei se foi a Consellería de Facenda, se foi a Consellería de Economía...

Polo tanto, insisto: discurso claramente ideolóxico. Onde están os fondos, ábrense as portas; e penso que Shakespeare era un magnífico especulador que se fixo millonario no mercado da seda de Londres. É verdade, si; de feito, *El mercader de Venecia* é case autobiográfico. Eu, en fin, non son un experto en teatro; no que, desde logo, son un experto —insisto— (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

*(Murmurios.)*

Silencio. ¡Silencio!

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Ben, resúltame... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

Remate xa.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Non se me dá mal. Hai moitas cousas que non se me dan mal e nas que, sen embargo, non son un experto, pero agradezo a benevolencia do Partido Popular.

En todo caso —insisto—, desregulación disfrazada dunha oportunidade económica que ninguén nos explicou, porque que ninguén me diga que isto —salvo a pelota que se coloca no tellado dos concellos— serve para solucionar os problemas de chan industrial en Galicia. Iso si, aí si, igual que no transporte metropolitano de Vigo: la Xunta invita y los concellos pagan. ¡Así, non! *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días a todos e a todas.

Non sei se vostedes, señores e señoras do Partido Popular, poden ler desde aí, pero, se non, vóullelo ler eu. *(O señor Sánchez García amosa un escrito.)* 29 de xaneiro de 2007, Feijóo: «*Con nosotros no moría gente en los incendios; y, con ellos, cuatro personas*». *(Aplausos.)* Nós non imos facer iso, nin o fixemos; nin o fixemos nin o faremos, porque é o exemplo máis claro do que un político non debe facer ante uns sucesos como os que ocorreron neste país. *(Aplausos.)* Nós non somos coma vostedes. *(Aplausos.)*

A falta de escrúpulos para utilizar isto na batalla política é clamorosa. Nós tampouco imos facer isto. *(O señor Sánchez García amosa unha fotografía.)* Non imos facer iso. Nós temos outros principios, temos ética, temos responsabilidade con este país e temos compromiso con este país; xusto o contrario do que demostrou o señor Feijóo nestas declaracións ou en calquera outras declaracións que fixo ao respecto. Non lles importa nada con tal de ter réditos políticos, señoras e señores do Partido Popular. Aí están as reaccións destes días da oposición, e comparen, e que compare a cidadanía, para ver esa diferenza. Pero si que é claro que quereamos falar deste problema. Claro que quereamos falar, porque a xente —incluso os votantes do Partido Popular— quere respostas, non quere responsables políticos...

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Estou na cuestión. Eu non sei...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Xa lle advirto, señor presidente: non sei se coñece o contido desta proposición de lei, pero ten moito que ver con isto.

**O señor PRESIDENTE:** Pois líguea ben.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Fomenta un modelo que provoca determinadas circunstancias que agravan este problema.

A cidadanía non quere isto. A cidadanía non quere que utilicen as institucións para desviar a atención; quere que dean explicacións; que non haxa apagón informativo; que saian a responder aquí, no Parlamento, vostedes, de todo o que aconteceu: da falta de previsión, da falta de eficacia na loita contra o lume. Queren iso, non queren que utilicen as institucións para facer publicidade e propaganda e para desviar a atención desa incompetencia, desa ineficacia na loita contra os lumes, na política forestal e no modelo de país.

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Estou na cuestión.

**O señor PRESIDENTE:** É a segunda... Non, non...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Estou contextualizando a miña intervención.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non; perdón, pero non. Eu, ata aí, sei distinguir.

Segunda chamada á cuestión.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor presidente...,

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe un momento, estou falando eu.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor presidente, se non coñece o contido da lei é problema seu... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, non, perdoe.

Segunda chamada á cuestión. E unha terceira chamada á cuestión supón retirarlle a palabra. Non sei se me entendeu.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Mire...

**O señor PRESIDENTE:** Repítolle: segunda chamada á cuestión. Se o teño que volver chamar á cuestión, retírolle a palabra.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Vostede ten unha posición de forza...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, perdoe; todo, menos iso.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...e pódea utilizar para o que queira.

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdoe, non é o meu carácter, e non vou discutir iso.

Polo tanto, ten dúas chamadas á cuestión. Vostede verá.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Este é un dos problemas do enfoque dos debates sobre a cuestión dos lumes e do sector forestal, señor presidente...

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, pero...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...a falta dun enfoque integral e de modelo de país, que é do que vou falar. Esta proposición de lei...

**O señor PRESIDENTE:** Non, hai que falar... Non...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...—déixeme falar, por favor, señor presidente—, de fomento de iniciativas empresariais profunda moito máis nun modelo que provoca abandono e envellecemento do medio rural e do país; unha das cuestións que os propios expertos sinalan como un grave problema que incrementa o risco de incendios, señor presidente.

Se non me vai deixar falar diso, non falemos; dígame vostede se non é o tema da intervención...

**O señor PRESIDENTE:** Pois, non, non...

Terceira chamada á cuestión. Non pode seguir falando...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor presidente, isto é intolerable. ¡Isto é intolerable!

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdoe. Perdoe, non podemos... Non, perdoe.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Isto é intolerable, señor presidente. Vostedes non poden calar a oposición, non poden calar a oposición... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Eu coñezo...

Señor Sánchez... ¡Señor Sánchez...! *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdoe, perdoe un momento. Non, perdoe, eu chámoo á cuestión, e outra cousa é que empecemos con chamadas á orde.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Xa lle estou dicindo... *(O señor Sánchez García diríxese ao señor presidente.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non me diga... Non, perdoe, refírase a min co respecto que merece un presidente do Parlamento. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Chámoo á orde. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Ten unha chamada á orde, señor Sánchez. Ten unha chamada á orde. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Síntoo, perdoe. Ten unha chamada á orde. *(Aplausos.) (O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben e abandona a tribuna de oradores.)*

Non provoque situacións... Chamada á orde e, por suposto, retirada da palabra. Síntoo. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben desde o seu escano.)* Non é agradable para ninguén. Para min tampouco é agradable. Síntoo. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben desde o seu escano.)* Non, non, deixe a cuestión. Xa está.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, deputados e deputadas, moi bo día a todos.

Eu creo que cómpre recordar que estamos na segunda das xornadas de loito oficial decretado pola Xunta de Galicia ante os falecementos de catro persoas durante a vaga de lumes desta fin de semana e, polo tanto, *(Murmurios.)* creo que sería importante tratar este asunto co respecto debido.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio, por favor.

Silencio, silencio, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Falamos do Proxecto de lei de implantación empresarial, que é o que nos ocupa nesta mañá. No primeiro debate no pleno que tivemos sobre esta proposición de lei, dicíalles que temos dous obxectivos: o primeiro, facerlles fronte aos desafíos que nos pon diante a economía global na que vivimos, na que Galicia quere estar presente; e, en segundo lugar, aproveitar as oportunidades que se nos presentan nun contexto de crecemento económico como o que estamos a vivir. Debemos dar un paso adiante para converter Galicia nun lugar que sexa capaz de competir con territorios do seu contorno e resulte atractivo para albergar ou para atraer novos proxectos industriais de calidade. Diso é do que se trata, e a iso estamos convidados a debater nesta mañá.

Nós seguimos convencidos de que hai unha mensaxe na que debemos incidir, e cremos que separa os grupos deste Parlamento: mentres a oposición cre que a Administración debe ser unha fábrica de trabas á actividade económica, dende o Grupo Parlamentario Popular o que pensamos é que a Administración debe ser un facilitador e o garante de que esta actividade se produza con garantías. A oposición criticou profundamente esta lei incluso sen coñecerla, antes de ser presentada, porque asumen que calquera decisión que sexa boa para a nosa economía será mala para eles. Están instalados niso de «*cuanto peor, mejor*». Ese é o discurso da oposición catastrofista que temos en Galicia.



Esta proposición de lei naceu con tres obxectivos fundamentais: simplificar, liberalizar e potenciar. E agardamos que teñan efectos inmediatos na nosa economía; esa é a intención. Queremos simplificar; simplificar os procedementos administrativos, para reducir á metade a duración dos trámites necesarios para a posta en marcha do negocio; queremos liberalizar sectores, para converter Galicia nun territorio de referencia internacional; e queremos potenciar a atracción de empresas, con incentivos e exencións, para que escollan a nosa terra para que bote a andar o seu proxecto empresarial.

Esta proposición de lei propón unha ampla batería de medidas, medidas concretas, en todas as fases do proceso de implantación dunha nova empresa en Galicia: en primeiro lugar, integración dos procedementos ambientais; en segundo lugar, melloras nas condicións de concesión do solo industrial; en terceiro lugar, desenvolvemento da urbanización parcial dos polígonos; en cuarto lugar, novos incentivos económicos para as empresas que escollen Galicia para instalarse; e, en quinto lugar, diálogo, que xa ten forma de acordo cos concellos para aliviar a carga fiscal das novas empresas que se instalen no noso territorio.

Señorías, na nosa competencia cos territorios próximos, nomeadamente co norte de Portugal, incidimos nos tres ámbitos nos que eles son máis competitivos que Galicia: refírome ás restricións normativas, refírome ao tempo para o inicio dunha actividade e refírome ao número de procedementos para poñer en marcha unha empresa.

Falábannos, dende o Bloque Nacionalista Galego, sobre a conveniencia ou non de celebrar este pleno. Eu teño que dicirlles que nós estamos aquí por un sentido do deber. Estamos onde temos que estar, porque somos representantes dos galegos e galegas, elixíronnos para representalos no Parlamento galego e, polo tanto, fomos elixidos para representar dignamente os galegos e as galegas. *(Aplausos.)* E, por iso, eu creo que cómpre recoñecer que esta tarde comparece a conselleira do Medio Rural, nesta Cámara, cando, probablemente, leva 72 horas sen durmir, *(Murmurios.)* traballando, estando á fronte e dirixindo os dispositivos para loitar contra o lume..., *(Murmurios.)* dirixindo os dispositivos para loitar contra o lume. Outros o que fixeron foi poñer a camiseta, efectivamente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señora Noa Presas, vostede di que está moi preocupada pola cuestión que ten que ver coas minas. O certo é que están tan preocupados que só presentaron unha emenda nese sentido —só unha, ¡unha!— referida á Lei de minas. Mire, a minería é unha actividade económica que vostedes criminalizan permanentemente, pero que xera en Galicia máis de 5.000 empregos directos. Estamos falando do 1 % do PIB galego e, polo tanto, nós imos defender a minería, e iso é perfectamente compatible con defender o respecto ao noso medio ambiente.

Señor Losada, eu teño que dicirlle que tamén houbo incendios en Vigo que non aparecen nesa relación; deses non nos falou na súa intervención, e veu aquí falar de moitos temas: falou da moción de censura de Tui e falou de moitos temas. O certo é que eu vivo en Ferrol, unha cidade onde, grazas ao Partido Socialista, goberna un señor que só ten 5 concelleiros nunha corporación de 25. Polo tanto, leccións democráticas sobre mocións de censura e sobre quen debe gobernar nos concellos... Ben, se vostedes están instalados nesa teoría de que é mellor que gobernen os que perdan, adiante, sigan vostedes así.

Falounos de moitos temas, falou tamén de privatizacións. Eu voulle ler unha frase: «*El actual Estado de bienestar es fruto de la colaboración público-privada*». Non sei se vostede está de acordo... Agora non hai interactividade... ¿Non está de acordo? Bueno, a frase é do señor Caamaño, ex-ministro do Goberno de Zapatero. Foi compañeiro seu de bancada, e así o recolle a filosofía dun libro, publicado recentemente, que se titula *Servicios públicos e ideología*, do señor Caamaño, ex-ministro socialista.

Mire, fálanos vostede da tramitación parlamentaria. Claro, resulta que dende o Partido Socialista, dende as bancadas da oposición, non se entende que un grupo parlamentario poida traer unha proposición de lei consensuada, dialogada, acordada co Goberno galego; ¡non o entenden! Nós traballamos da man, grupo parlamentario, Goberno... Non sei que lle ve vostede de malo. Claro, é que, cando vostedes tiveron ocasión de gobernar, o que facían era que, se facían oposición, eran Goberno pola mañá e eran oposición pola tarde, e vostedes estaban acostumados a que dende o grupo parlamentario non se colaborara co Goberno.

Mire, vostedes non foron capaces de facelo; nós, dende logo, traballamos coordinadamente. O señor Conde é membro do grupo parlamentario, e a esta proposición de lei —porque non foi advertido polos servizos xurídicos da Cámara— non lle falta ningunha tramitación, en absoluto. Polo tanto, houbo todos os informes que tiña que haber neste sentido. (*Aplausos.*)

Mire, a oposición non quixo diálogo con respecto a esta lei. A vostedes fixéronlles dar unha rolda de prensa o 11 de agosto para adiantar que ían votar en contra. ¡Daba igual! Vostedes, o 11 de agosto xa tiñan decidido que ían votar en contra, porque vostedes están en contra de todo o que proveña do Partido Popular. Afortunadamente, non é así todo o Partido Socialista, e por iso nós fomos quen de chegar a un acordo coa Fegamp, Federación Galega de Municipios e Provincias, presidida por un socialista, que ten permitido desenrolar a figura dos «*Concellos doing business*», iso que vostedes critican aquí. Afortunadamente, no seo da Fegamp, fomos quen de chegar a acordos; aquí foi imposible.

Mire, vostedes presentaron en total unhas 255 emendas, entre todos os grupos da oposición. Moitas emendas, que quedan logo nunhas cantas menos, se temos en conta que, desas emendas, 26 se refiren á exposición de motivos, non ao propio texto da lei; 80 piden suprimir directamente artigos, total ou parcialmente; e, outras 15 o que piden é que se amplíen os prazos dos procedementos previstos na lei. Nunha lei que o que pretende é reducir burocracia, vostedes presentaron emendas para aumentar a burocracia. ¿Pero pensan que a burocracia é garantía de algo? ¿É que cren que a burocracia, o exceso de burocracia, é garantía absolutamente de algo? Claro que non, claro que non. Vostedes o que queren é que en Galicia haxa trabas, trabas á implantación de novos proxectos empresariais, que o que xerarían sería novos postos de traballo. Vostedes están en contra diso; vostedes o que queren é que Galicia sexa un territorio cheo de trabas á implantación de novos proxectos empresariais.

Pois, dicíalle: desas emendas, 26 van á exposición de motivos, 80 piden a supresión total ou parcial de artigos da lei e outras 15 o que piden é que se amplíen os prazos dos procedementos. Co cal, vostedes presentaron polo menos a metade das emendas coa intención de derrogar este proxecto de lei que ten unha intención clarísima.

Mire, sen embargo, fronte a eses grupos minoritarios que non quixeron diálogo, o que houbo foi unha maioría que si quixo dialogar. Reunímonos na ponencia ata en tres ocasións, intercambiamos transaccións e chegamos a moitos acordos, especialmente co Partido Socialista; especialmente co Partido Socialista, que hoxe non vai votar a favor da lei. Pero, eu o que teño que dicirle é que propuxemos 9 transaccións, das cales só aceptou o Grupo do PSOE 7; BNG e En Marea non aceptaron as que lles ofrecemos; e nós aceptámoslles 17 emendas, tal e como as presentaron. Isto significa que lles ofrecemos insertar no texto un 20 % das súas propostas de modificación do articulado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, efectivamente, vostedes, das nosas, non aceptaron ningunha; ningunha.

Miren, aceptamos e transaccionamos emendas súas do artigo de principio relacionadas coa protección do medio ambiente, incluimos emendas do Partido Socialista para pedir audiencia aos concellos; iso si, non podemos aceptar todas as emendas que vostedes nos propuxeron neste sentido, porque, se non, aumentaríamos a burocracia, e iso, dende logo, é o que nós non queremos. Unha vez máis, vostedes pretenden que vaíamos contra o espírito da lei que presentamos.

«Concellos *doing business*». Chegamos a un acordo coa Fegamp. Supoño que vostedes están en contra. O grupo parlamentario desdíd aquí o que falaron e o que fixeron dende a Federación de Municipios e Provincias. Nós estamos moi satisfeitos dese acordo, e agora o que agardamos é que sexan moitos os concellos que se adhiran a ese marco de acordo que vostedes rexeitan.

Mire, aquí falouse de oportunismo político en relación cos incendios, antes de que o señor Sánchez marchase —supoño que vai acompañar o señor Pablo Iglesias na súa excursión por Galicia—. Falouse de oportunismo. Miren, voulles ler un *tweet* (*Murmurios*): «As non políticas de Núñez incineran os montes e tamén cidadáns en vida». Os que non queren utilizar os incendios escribían isto na súa conta de Twitter. Isto quen o fixo foi o seu ideólogo, o señor Xosé Manuel Beiras, na tarde de onte. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ese é o seu modelo. Entendo que non lles guste que lles fale diso, pero é que foron vostedes os que trouxeron este asunto á Cámara.

Volvendo á lei, mire, eu teño que dicirlles que as modificacións establecidas coa tramitación ambiental conxunta previstas na futura lei son totalmente respectuosas coas normativas comunitarias, polo que non se producirá en ningún caso unha redución ou unha rebaixa das garantías ambientais. As achegas da Consellería do Medio Ambiente a este texto son equiparables ás previstas na normativa europea neste sentido e, en ningún caso, minguan ou menoscaban a protección dos valores medioambientais e paisaxísticos, como se defende dende o partido das Mareas e dende o Bloque Nacionalista Galego.

Preténdese implementar a máxima eficacia, iso si, na tramitación administrativa de plans, programas e proxectos, evitando a repetición de trámites e dilacións indebidas. Os alcaldes dos seus partidos coinciden nesta visión, e eu lamento que vostedes non o vexan así, pero, dende logo, os alcaldes dos seus partidos están en contra.

Un argumento que se usa dende As Mareas, cando queren falar nos plenos, é que a lei reforza o dereito á expropiación; e non é verdade, ¡non é verdade! A lei non produce minoración da

protección ambiental nin do noso patrimonio; tampouco modifica a consideración de utilidade pública e moito menos reforza o dereito á expropiación.

Eu lamento que dende os partidos da esquerda se faga unha oposición catastrofista, en contra absolutamente de todo. Mire, o que non se pode é falar de deslocalización de empresas, que é o do que vai falar na sesión de control mañá a señora Ana Pontón, e votar vinte e catro horas antes en contra dunha lei que precisamente o que pretende é atraer novos proxectos industriais a Galicia. Esa é a gran contradición do Bloque Nacionalista Galego. Din pola mañá que están en contra da deslocalización de empresas e pola tarde non fan absolutamente nada para facer de Galicia un territorio atractivo. Vostedes sigan con ese compromiso co absurdo. Nós, dende logo, imos seguir traballando para atraer proxectos industriais para Galicia neste proceso de recuperación económica. Estamos convencidos de que as empresas o que buscan é estabilidade, estabilidade política, estabilidade económica, e poden ter claro que, se escollen Galicia, van atopala.

Aquí temos a sorte de ter un goberno consolidado, unha maioría parlamentaria estable, que non está secuestrada por delirios de ningunha minoría radical; iso non acontece en Galicia. Temos a sorte de ter un goberno que non vai embarcarse en ningunha aventura independentista, señora Presas, que non reste seguridade xurídica nin estabilidade institucional, aínda que a unha parte da oposición estou seguro de que lle gustaría, e aquí temos a sorte de ter un goberno que, coas súas accións, non os vai acabar intentando botar de Galicia.

Nós o que queremos é que as empresas veñan a Galicia. O seu modelo, o modelo nacionalista, o modelo secesionista é que as empresas marchen. Nós o que queremos é que as empresas veñan, que as empresas se instalen, porque esas empresas o que van xerar son postos de traballo, postos de traballo cada vez de máis calidade, cada vez máis estables.

E, polo tanto, fronte a aqueles que din non a todo, aos que queren rachar con todo, aos que queren pechar empresas e acabar coas nosas institucións, en Galicia o que lles propoñemos aos galegos é volver dicir que si, si ao crecemento, si ao emprego, si á actividade económica, si á estabilidade institucional e si ao cumprimento das leis e do marco constitucional. Ese é o modelo no que nós nos movemos e nós imos seguir traballando para que Galicia siga sendo unha terra de oportunidades.

Pódese traballar do lado do Goberno ou pódese estar permanentemente facendo oposición —iso demostran que saben facelo moi ben—, pero nós, dende logo, tendémoslles a man para que esta lei tamén a fixeran súa e, dende logo, temos a sensación de que perderon a oportunidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Estou un pouco decepcionada, pensei que o señor Tallado ía sacar algunha foto, tiña o bolígrafo xa para firmarlle.

Vou comezar a miña intervención, xa que estamos falando moito de liberdades e demais, pois transmitindo tamén o apoio, en nome do Bloque Nacionalista Galego, aos líderes da ANC e de Ómnium, perseguidos, literalmente, por manifestarse e ser independentistas. (*Aplausos.*)

E xa que falamos de tuits, pois tamén vou falar eu un pouco de tuits. Non vou entrar nalgún tuit que lin por aí, pero si agradecer a toda esa rede de contrainformación que nos tivo informados e informadas de moitos lumes dos que a Xunta de Galiza non falaba; tuits como *BrifLaza*, como *Brigada de Marroxos*, como *Diario de un bombero*, que foron auténticas redes de información cando nin os operativos nin os mecanismos de información dos operativos de emerxencia, nin a Xunta de Galiza, informaban dalgún lume. Igual podían aproveitar tamén que nesta lei collen todo tipo de leis e as mesturan baixo esta lei Frankenstein, e xa que falan do Rexistro Eólico de Galiza, do Censo do solo empresarial e demais, pois fagan tamén con esta lei un rexistro de incendios como é debido.

Teñen algún exemplo de antes de entraren vostedes no Goberno e así, igual, pois non teríamos que dicir aquí que outros concellos como Viana do Bolo, que é un concello diferente da Gudiña, aínda que as notas de prensa non o entendan, estaban efectivamente ardendo tamén, con lume cerca das casas.

Indo xa a cuestións máis concretas desta lei, pois falaba o señor Tellado de moitas cousas, e algo dixó de certo: é que realmente falamos efectivamente de dous modelos totalmente opostos; un é do Partido Popular, que encarniza esta lei, que é o do máis salvaxe neoliberalismo ao servizo das empresas que decida o Consello da Xunta ou a Dirección Xeral de Minas, que vai ser quen máis vai mandar; ou o noso, e que transmitimos a través das nosas emendas, que pasa por impulsar un cambio de modelo produtivo máis intenso en actividades de valor engadido, en actividades que promovan a investigación, e máis sustentábel e coa participación pública como motor, que sexa transparente e que valorice as nosas potencialidades, como o noso monte.

Tamén, por ir engadindo algunhas cuestión, no outro pleno o señor Tellado veu sen mirar o índice de produción industrial actualizado, e hoxe veu sen mirar os datos do emprego do sector da minería, pero téñoos eu aquí, non pasa nada.

Encántame tamén que vostede diga que criminalizamos a minaría. Para vostedes a caricaturización da visión do modelo industrial da oposición é que queremos pechalo todo. Claro, por iso foi unha consellaría impulsada polo Bloque Nacionalista Galego, nun goberno bipartito, con outra organización política, quen aprobou esa primeira lei de minería dun goberno autonómico. (*Aplausos.*) En fin, claro que aí está un pouco o modelo entre buscar un consenso, buscar diálogo con todos os sectores implicados, tamén co ecoloxista, e chegar a grandes acordos para a regulación.

Porque, miren, ninguén nega que haberá cuestións que hai que actualizar. Efectivamente, pasou moito tempo e hai trámites que hai que alixeirar, pero, por exemplo, para axilizar trámites poden facer simplemente tomar unha idea das nosas emendas, apostar por esa xanela única, que se podería facer mesmo sen elaborar unha lei, e tamén dotar de máis traballadores e traballadoras, porque, se non, non haberá quen faga esas tramitacións.

E tamén ver que modelo de desenvolvemento queren, claro, porque, se no 2009 sectores dentro da industria extractiva, como outras industrias extractivas e actividade de apoio a industrias extractivas, houbo un recorte de empregos dun 40 % e dun 55 %, pois xa me dirá; entón, debe ser que o fracaso foi durante estes últimos anos pola súa parte.

En fin, debe ser que vostedes o modelo que queren, en vez de chegar a grandes acordos e ver en que momentos compensa algún tipo de industria extractiva, é facer simplemente como esa imaxe que circulaba estes días —e que afortunadamente Turismo retirou xa— da mina no monte Neme como un grande atractivo turístico. Pero nós cremos noutro modelo, no que haxa algo máis no noso país que minas a ceo aberto.

Por comentar unha cuestión importante, miren, non retorzan o argumento Fegamp, de verdade, porque non ten credibilidade ningunha. Saúlles ben o tema da rolda de prensa e que pareza que iso é un paso máis na súa lei, pero, en realidade, niso non se recollen grandes cambios, nese protocolo, e non significa que a Fegamp en unidade apoie esta lei. É unha cuestión que vostedes aproveitaron, ademais, cun nome que ¡válgame Dios o cosmopaletismo de *Doing Business!*

E por indicar tamén algunha das ausencias, hai moitas ausencias nesta lei e que desafortunadamente tampouco intentaron suplir grazas ás emendas dos grupos da oposición. E insistimos: segue sen haber un esforzo para o I+D+i; nin unha soa medida concreta, por moito que a disfracen de lei contra a deslocalización, para evitar o traslado de empresas a Portugal, nin para que aquelas de matriz galega que se desprazaron nos últimos anos retornen ao noso país.

Limitan tamén o incentivo económico a catro subvencións e a que os concellos rebaixen os seus impostos, e aí finiquitouse a actividade de promoción económica da Xunta de Galiza. Nin a aposta por unha intervención seria...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...que facilite o acceso ao crédito, que é unha das dificultades do noso tecido económico. Tampouco medidas para pechar os ciclos produtivos na Galiza. Tampouco medidas para outro modelo de ordenación forestal que non sexa simplemente autorizar indiscriminadamente todo tipo de talas, todo tipo de plantacións. Ningunha medida concreta para fixación do emprego de calidade, para intervenir en que o emprego que se cree sexa de calidade, non terriblemente fragmentado.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** E, polo tanto —remato, señor presidente—, esta lei —insisto— o que vai introducir é unha ameaza máis para o noso territorio, unha ameaza máis para que Galiza siga unha evolución dun territorio absolutamente colonial, e nós non o imos permitir. Este é un pobo crítico que merece, que quere e que vai exixir outro destino, e demostráremolo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señor Tellado, desde logo o Partido Socialista de Galicia non quere pechar ningunha empresa. Repítoo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —non, larga así en xenérico—: eu non quero pechar ningunha empresa.

Eu a verdade é que tiven que facer —eu no ano 2006 xa era deputado neste Parlamento, é o que ten a renovación— (*Risos.*) un esforzo de víscera bastante intenso para non comportarme como se comportou o Partido Popular en agosto e setembro do ano 2006. (*Aplausos.*) Limíteime a falar dunha aldeña illada en San Xoán de Río. Custoume traballo, podo asegurarllo, señor Tellado. Pero, cando hoxe falou vostede do «canto peor, mellor», ¡de verdade que hai que ter relativismo moral! —por dicilo dunha forma fina e elegante, así como de club británico—, relativismo moral o de «canto peor, mellor».

Míre, en Ferrol eu non sei moi ben o que acontece. O que sei é que o Partido Socialista de Galicia non vai por aí predicando que ten que gobernar a lista máis votada. Polo tanto, eu creo que, neste tema, silencio, porque volvo repetir: o alcalde de Tui ten dous concelleiros. ¿Que lle prometeu para que prescindiran da Alcaldía de Tui?, vostedes, que eu sei que o seu altruísmo político non é unha das características definitorias. Polo tanto, eu ¿que preguntei? E non me contestou, non me conteste con Ferrol. (*Murmurios.*) Si, estoulle respostando a vostede, eu estou exactamente no tema.

E logo, ¡joia!, unha rolda de prensa o día 11 de agosto. Se rexistraron a lei o 28, este humilde deputado en trece días pois son capaz de lela e mesmo case de entendela. Porque é moi fácil de entender, señor Tellado, é moi fácil de entender. Só hai unha cuestión peculiar: que tres cuartas partes do texto son disposicións; eu non son xurista nin xurídico, pero non deixa de ser —digamos— unha proposición de lei peculiar.

E mire, a burocracia ¿sabe o que é? É control e garantías públicas, é evitar Sotos del Real Corporation; iso é o que é a burocracia, e eu deféndoa. Porque a alternativa á burocracia son os sinvergüenzas, e eu condénoos. Iso é o que é a burocracia para este humilde deputado e para o Partido Socialista de Galicia. Polo tanto, eu creo que queda máis ou menos claro.

Quedei antes no segundo punto, porque a verdade é que un ten certa tendencia á retórica. Paso ao terceiro, que ten que ver coa xestión industrial. E aquí só vou dicir catro programas e o nivel de execución, que xa non o vou repetir; estou seguro, si, si, señor conselleiro, claro, claro, xa sei que son plurianuais todos.

En capital físico, chan industrial; en capital humano, formación de empregados e I+D+i; e en capital financeiro, o propio Igape. Eu creo que non fai falta que lle diga máis, ¿verdade, señor conselleiro? Eu creo que entende perfectamente o que quero dicir.

Nos grupos de emendas, efectivamente, vostedes aceptaron as dúas emendas do Partido Popular. Nós aceptamos algunhas transaccións que entendiamos que melloraban o texto legal, porque eu quero que as leis que aprobe este Parlamento saian as mellores para Galicia, aínda que non sexan as miñas, ¿entende, señor Tellado? Esa é a diferenza. Esa é a razón pola que o secretario xeral do PSdeG non puxo mocasíns nin mangueiras de cámping, porque queremoslle a este país. E claro que aceptamos transaccións, pois si, porque melloran a lei, pero o conxunto da lei, o modelo económico que reflicte esta lei, non é o modelo económico do Partido Socialista de Galicia.

Un modelo económico que fala de implantación industrial que se centra basicamente en tres sectores: minería, sector eólico —que hai moito do que falar sobre o sector eólico, sen ningunha dúbida— e o que ten que ver con política forestal —espero que ata aquí siga no tema—, e que cando fala de chan industrial lánzalles —volvo repetir— a pelota aos concellos, non é o modelo dunha lei de implantación industrial para Galicia. E non o é, entre outras cousas, porque non leva o máis mínimo compromiso orzamentario, nin de control *ex ante* nin *ex post*, é retórica, é o que lle está permitindo ao señor conselleiro saír a dar roldas de prensa sistemáticas. A verdade é que o nivel de publicidade e propaganda deste Consello é verdadeiramente abraiante.

Teño aquí unha nota de prensa do Igape, 6 de outubro de 2017: «*La Xunta informa a empresarios y emprendedores sobre nuevos instrumentos financieros innovadores.*» ¿Que criterio seguiu para invitalos, porque a convocatoria non estaba publicada no DOG? Sería moi interesante sabelo, ¿non? ¿Ou invitou a todos os empresarios e emprendedores da comunidade autónoma? Eu creo que estaría ben que reflexionaran vostede e o señor Tellado sobre o tema.

Antonte aparecía publicada nun medio de comunicación a concesión de axudas con nomes e apelidos que aínda non están publicadas no DOG, con nomes e apelidos de empresas, de contías, que non están publicadas no DOG. ¿E iso parécelle que é o razoable? ¿Si? Eu chámolle publicidade e propaganda, eu chámolle unha utilización espuria dos fondos públicos..., si, si, absolutamente, señor conselleiro.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ¿Pero a vostede —remato, señor presidente— non lle parece que antes de que se poña medallas debería de saír publicado no DOG? ¿Parécelle que estou dicindo algo descabellado? ¡Oia!, eu francamente creo que non. Insisto: con nomes e apelidos. Non vou dicir aquí os nomes das empresas, porque me parece mesmo obsceno, pero antes de que saia publicado no DOG.

E, por certo, tamén —e remato xa con isto—, último debate do estado da Autonomía, entre reunión e reunión da ponencia, efectivamente tivemos tres reunións da ponencia, en fin, unha lei dun número elevado de artigos e de disposicións derradeiras, pois non sei se foron moitas, en todo caso tivemos tres, efectivamente. No debate do estado da Autonomía, o señor presidente da Xunta: máis á baixa en préstamos nos derradeiros anos, nos dous últimos anos, que na historia dos dez últimos anteriores.



Señor conselleiro, ¿vostede ao presidente envíalle as mesmas follas que nos envía ao Parlamento? Porque eu non sei se hai versión A e versión B. ¿Vostede envíalle isto ao señor Feijóo? Porque, se lle envía isto e sabe ler un cadro, é un mentiroso. Claro, a ver, se di que os avais e os préstamos dos dous últimos anos son máis que os dez últimos, é falso.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Losada, mire o tempo, mire o tempo, por favor. Remate.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** —Remato—. Vostede é magnánimo, coma sempre, coma case sempre...

**O señor PRESIDENTE:** Coma sempre, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** ...coma case sempre.

**O señor PRESIDENTE:** Coma sempre, señor Losada, grazas.

*(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Grazas, señor Losada, rematou o seu tempo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Tiven a fortuna de non estar na intervención do señor Tellado, pero estou convencido de que non falou do Bipartito nin de nada que non tivera que ver coa Lei de fomento de iniciativas empresariais. Estou segurísimo, como case sempre, de que o señor Tellado fixo unha intervención moi construtiva e que aporta moito ao país no seu papel.

Eu vou falar de por que nos opoñemos a esta lei, como intentei falar antes, porque podería dicir que nos opoñemos a esta lei polas implicacións no modelo produtivo e da creación de emprego de baixo valor que provoca. Podería falar polas consecuencias ambientais que provoca, pero tamén teño dereito a falar polo modelo forestal polo que aposta e polas consecuencias que provoca tamén, tamén, no aumento do risco dos lumes, e é o que estaba tratando de facer.

Todo o que non sexa permitirme facer iso é unha inxustiza e é o exercicio da forza sen aplicar a xustiza. Estaba tratando de explicar iso e o señor presidente cortoume a sabendas, porque sei que hai mensaxes que non lles gusta escoitar, pero é o que vou tratar de facer. Díxeno —non só eu— e falouse no debate da comisión sobre este asunto, e temos dereito a focalizar tamén no modelo que provoca e que profunda esta Proposición de lei de fomento de iniciativas empresariais, porque esta lei, como xa dixemos no anterior pleno de toma en consideración, está feita ao ditado de empresas do oligopolio eléctrico, de empresas do oligopolio mineiro e de empresas do oligopolio forestal, máis concretamente de Ence, que é a que vén condicionando totalmente non só a situación da ría de Pontevedra senón a nosa política forestal, e dixémolo aquí en todos os plenos e sempre se nos permitiu dicilo. Ence dita a política forestal neste país. *(Aplausos.)*

E tamén quero dicir que estas empresas e estas actividades calquera persoa con dous dedos de fronte sabe que precisan da ocupación de grandes superficies do noso territorio, ademais sempre coa axuda da Administración, que utiliza a declaración de utilidade pública para ocupar ese territorio. Sabemos que estas actividades provocan o abandono do medio rural, unha das causas fundamentais polas que acontecen determinados lumes que están acontecendo estes días neste país.

¿Ou alguén pode vir aquí atreverse a dicir que o abandono da actividade agraria da provincia de Ourense non ten nada que ver con que ocorran este tipo de lumes? ¿Ou é que aquí alguén pode vir dicir que reducir as distancias das franxas de seguridade ás casas é de recibo, cando vemos que agora o lume chega á porta das casas? E vostedes tomaron esas decisións, e non lles gusta escoitar as verdades.

Porque indigna a incompetencia, indigna a falta de previsión, que ten que ter responsabilidades políticas. Teñen que asumir responsabilidades políticas polo que aconteceu estes días. Pero o que máis indigna é a soberbia dunha maioría absoluta inútil cando se plantexa dende a oposición nos últimos anos debates fundamentais para analizar verdadeira e estruturalmente as causas de por que, ano tras ano, persiste o drama dos lumes neste país. *(Aplausos.)* E vostedes negáronse con esa soberbia inútil dunha maioría absoluta inútil.

Que teñan 41 deputados e deputadas non indica que teñan boas políticas en todo. Hai evidencias. Con vostedes, desde que gobernan, neste país perdeuse unha porcentaxe enorme de superficie agraria útil por reforestacións ilegais de terras agrarias, que eran cortalumes naturais para o avance dos lumes. Eses cortalumes naturais xa non existen polas súas políticas. Cando o dixemos aquí, vostedes non dixeron nada.

Todos os expertos coinciden en que un monte abandonado é moito máis fácil que arda que un monte que está coidado e que dá rendementos á xente, e para superar ese abandono do monte é fundamental a xestión conxunta da superficie forestal, e vostedes plantexaron unha fórmula, que eran as sofor, criticando a ferramenta do Bipartito, as uxfor, que tivo moitísimo máis éxito que a súa, pero plantexaron a súa, lexitimamente, e unha vez que pasaron sete anos hai tres constituídas. É un auténtico fracaso. E sempre que plantexamos solucións a un problema básico para acabar cos lumes neste país, ou que os lumes non sexan unha ameaza para as persoas, vostedes desprezaron totalmente as nosas propostas, pero tampouco puxeron ningunha outra proposta. Soberbia foi a súa resposta, a soberbia máis absoluta, o despezo ao debate honesto que necesita este país para apagar o problema dos lumes.

O que non necesita son as declaracións que fixo o señor Feijóo cando estaba na oposición. O que necesita é un debate honesto e recoñecer a realidade deste país, os seus fracasos reiterados...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...na ordenación do territorio, na política forestal, na política tamén da fragmentación do Servizo de Extinción de Incendios, porque supoño eu que tamén poderemos dicir que vostedes están no Xulgado número 3 de Santiago pola contratación dos helicópteros para facer negocio co lume.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** É unha indignidade. Vostedes teñen responsabilidade política no que aconteceu estes días, e se teñen algo de decencia, fagan algo de autocrítica, recoñezan e asuman responsabilidades políticas e empecemos a ter un debate honesto. Nós non estamos en posición da verdade absoluta, pero estamos dispostos a falar dos temas con rigor, vostedes están coa soberbia.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Sánchez, terminou o seu tempo, perdoe un momento, terminou o seu tempo.

*(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Xa está ben, terminou o seu tempo, vale xa, vale. Señor Sánchez, terminou o seu tempo. Chámoo á orde, señor Sánchez.

*(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Sánchez, perdoe un momento. Chámoo á orde por segunda vez.

Non, non, perdóeme. Non remate nada, está rematado.

Mire, chámoo á orde por segunda vez e significa que, se o volvo chamar á orde, ten que abandonar o pleno. Non me faga, por favor, volver a etapas que eu non desexaba neste Parlamento.

Rematou. *(Aplausos.)*

E, por certo, nunca escoitará de min nin verá en min violencia, que lle quede claro, ¡eh!, nunca. Fun educado para outra cousa, todo menos para o ring, para a pelexa. Polo tanto, non me gusta que faga ese tipo de referencias. Non, xa está, xa está, e terminamos aí co debate. Imos terminar este debate en paz, que temos invitados.

*(O señor Losada Álvarez pide a palabra.)*

¿Si, señor Losada?

*(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Pero é que non terminou o debate.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Di o señor Sánchez que non está en posesión da verdade absoluta. Despois de velo e despois de escoitalo, imitando o señor Beiras, ¡quen o diría! *(Aplausos.)*

Mire, curioso o concepto da democracia o que teñen vostedes, porque nos propuxo debater sen escoitar o que di o representante do grupo maioritario. Iso que vostede preferiu —agora xa vai marchar—, debater sen escoitar o que defende o outro (*Murmurios.*), iso si que é un bo exercicio da soberbia. Señor Villares, teña coidado, ten un rival que lle quere ocupar a súa silla, teña moito coidado. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Mire, o señor Sánchez vén de facer unha pirueta curiosa, si, si, botoulle a culpa a unha lei que aínda non foi aprobada dos incendios da pasada fin de semana. Pois mire, é ao que se adican vostedes. Sigán así, nós imos seguir traballando dende as institucións para defender Galicia, defender Galicia dos pirómanos que queiman o monte, e tamén dos pirómanos que buscan o rédito político tamén poñendo camisetas, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) efectivamente.

Mire, eu creo que aquí o que os molesta é que Galicia vai ben, aquí o que os molesta é que Galicia vai ben. A economía galega medra por riba do 3 %; batemos récords de exportación, ao redor dun 10 % interanual; temos menos paro que en outubro de 2016, que en outubro de 2015, que en outubro de 2014, 2013, 2011, 2010, 2009; temos máis afiliados á Seguridade Social dende hai máis de cinco anos; unha Galicia cuxa produción industrial medra máis que a media do Estado; Galicia bate récords tamén en materia de turismo. Galicia avanza, e este é o escenario de converter a Galicia nunha terra que consiga atraer proxectos industriais para instalarse na nosa comunidade.

Ese é o noso obxectivo, o obxectivo do Goberno galego, o obxectivo da maioría que representamos nesta Cámara, e vostedes poden estar a favor ou en contra, pero, en todo caso, retrátanse e os galegos están perfectamente atentos a cal é a situación de cada un.

Falábanos o señor Losada de burocracia. Mire, vostedes claro que queren máis burocracia. Queren máis burocracia para paralo todo: Por iso nas súas emendas o que propuñan eran ampliar prazos, e nós dixémoslles que non, que o que queremos é reducir prazos de tramitación administrativa, garantindo todas as exixencias medioambientais en vigor actualmente. Polo tanto, menos burocracia e axilidade e eficacia e eficiencia.

E mire, non nos faga insinuacións sobre os intereses de determinadas persoas, porque teño que recordarlle que os dous anteriores secretarios xerais do seu partido están imputados. Polo tanto, nós non aceptamos insinuacións de ningún tipo.

Falaba vostede da colaboración público-privada. É que vostedes non teñen credibilidade. Vostede non coincide co que defende o señor Caamaño. Vostedes eran os que dicían que o Hospital Álvaro Cunqueiro ía ser privado; agora todo o mundo poder ver que é público, porque vas alí coa túa tarxeta sanitaria e atendente; a mellor sanidade de España está nese hospital. E non o dicimos nós, dino os vigueses, os veciños e veciñas da área sanitaria de Vigo que son atendidos nese hospital. Esa é a realidade, así o reflicten as enquisas. Ese hospital que ía ser privado e ao final é público.

Pero é que non teñen credibilidade porque resulta que nós tamén iamos cobrar por utilizar os sillóns dos hospitais, nós iamos pagarlles aos médicos para dar altas.

Mire, a xente non os cre. ¿Sabe cal é o problema do PSdeG-PSOE? Que seguen instalados en *el no es no*, que vostedes saben que esta lei é positiva para Galicia, pero que o señor Caballero —*el otro Caballero*— di que hai que manter a corrente de seguir votando que non a todo, pero os alcaldes, tamén do Partido Socialista, que saben o importante que é atraer proxectos empresariais, a través da Fegamp, votan a favor deste convenio para favorecer a instalación de empresas nos nosos concellos, ese convenio *Doing Business*.

Mire, vostedes queren parar Galicia, están en contra de todo, ese é o lema da oposición. Queren derrogar as reformas laborais que teñen permitido crear emprego no noso país; queren derrogar a reforma das pensións; queren que se retire a Lei de saúde de Galicia, que é a que garante os hospitais comarcais da nosa comunidade. Vostedes están en contra de todo.

Agora queren eliminar concertos con centros educativos e con centros sanitarios, eses que vostedes potenciaban cando o señor Lago era membro do Goberno galego, colaboraba nese goberno. Están en contra do Plan de transporte, porque teñen intereses que aínda non foron capaces de explicar. Vostedes están en contra tamén desta Lei de fomento de implantación empresarial en Galicia. Vostedes están en contra de todo o que supón un avance.

E vostedes están en contra das empresas. Vostedes son os que queren pechar Ence, son os que queren pechar Elnosa, son os que queren pechar Reganosa, son os que queren pechar a central térmica das Pontes, son os que queren pechar a central térmica de Sabón. Están en contra do polo tecnolóxico de Rozas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Están en contra da ampliación de Citroën. Vostedes están en contra do avance de Galicia.

E por iso, precisamente por iso, cando aos galegos se lles pregunta sobre que é o que queren, o que queren é que o PP estea á fronte do Goberno e o que queren é que as Mareas de Podemos estean na oposición.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

### ***Votación dos textos lexislativos***

**O señor PRESIDENTE:** Rematados os debates, imos proceder á votación dos textos lexislativos.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando, en primeiro lugar, a toma en consideración da proposición de lei.

Votamos.

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, de corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cesamento da convivencia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 6.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, tómase en consideración esta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Esta proposición seguirá daquela o seu trámite parlamentario.

Votamos agora as emendas á totalidade de devolución ao Proxecto de lei de portos de Galicia.

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación das emendas á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de portos de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación das emendas á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de portos de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** E votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

*Votación das emendas á totalidade de devolución do G. P. de En Marea ao Proxecto de lei de portos de Galicia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Polo tanto, o Proxecto de lei de portos de Galicia continúa a súa tramitación.

Votamos agora o Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

*(O señor Losada Álvarez pide a palabra.)*

Señor Losada, ¿para que quería a palabra?

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** É que antes, abrumado pola súa magnanimidade —cousa do tempo—, esquecínme de pedir unha votación separada das emendas dos grupos de En Marea e do Bloque Nacionalista Galego, que paso a dicir sen máis.

No caso do Bloque Nacionalista Galego habería dúas votacións: unha, coas emendas 1, 5, 6, 8, 10, 11, 14 e 20; e, por outro lado, todo o resto. E no Grupo de En Marea, por un lado, a 3, 4, 5, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 26, 31, 41, 43, 45, 58, 60 e 86; e, por outro lado, todo o resto.

Xa ten a Mesa estes mesmos datos.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo tanto, comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, en concreto as números 1, 5, 6, 8, 10, 11, 14 e 20.

Votamos.

*Votación das emendas números 1, 5, 6, 8, 10, 11, 14 e 20 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 40; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos o resto das emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación das emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia non incorporadas ao ditame da comisión, agás as xa votadas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votamos.

*Votación das emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea. En primeiro lugar, as emendas 3, 4, 5, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 26, 31, 41, 43, 45, 58, 60 e 86.*

Votamos.

*Votación das emendas números 3, 4, 5, 10, 11, 12, 14, 15, 16, 26, 31, 41, 43, 45, 58, 60 e 86 do G. P. de En Marea á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia non incorporadas ao ditame da comisión.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 40; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** *E votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votamos.

*Votación das emendas do G. P. de En Marea á Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia non incorporadas ao ditame da comisión, agás as xa votadas.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos o Ditame da Comisión coas emendas incorporadas.

Votamos.

*Votación do Ditame emitido pola Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, sobre a Proposición de lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 40; votos en contra, 20.*

*O resultado da votación é positivo.*

**O señor PRESIDENTE:** Polo tanto, queda aprobado o Ditame desta comisión e queda aprobada a Lei de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia.

### ***Declaración institucional con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza***

**O señor PRESIDENTE:** E agora paso a ler unha declaración institucional... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Perdón? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, eu lin..., isto todo queda gravado. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu lin o que pon aquí... (*Murmurios.*) Xa todos sabemos que non hai.

Vou á declaración institucional. Están aí os nosos invitados e, polo tanto, imos ler esta declaración institucional, que é importante.

### *Declaración institucional con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza*

«Con motivo do Día Internacional para a Erradicación da Pobreza, o Parlamento de Galicia e as deputadas e os deputados que representamos a cidadanía galega queremos reiterar o noso compromiso unánime do ano 2010 e lembrar de novo a necesidade urxente de seguir avanzando na loita contra a pobreza extrema na que aínda hoxe malviven máis de 1.400 millóns de persoas.

Queremos tamén recoñecer o esforzo e sentir dos galegos e galegas que, defendendo os dereitos humanos, se esforzan por conquistar un mundo máis xusto e loitan contra a desigualdade.

O crecemento e a recuperación económica, aínda que están permitindo recuperar algunhas das políticas e orzamentos de inclusión social ou emprego, non serán efectivos mentres non garantan de xeito estable o seu dereito a unha vida digna a todas e cada unha das galegas e galegos que no 2016 estaban en risco de pobreza ou exclusión social, que eran o 25,4 % da poboación.

Queremos recoñecer o esforzo e a solidariedade de gran parte da poboación galega nos peores anos da crise económica: familias, veciñanza e, en especial, as nosas persoas maiores. Sabemos da súa debilidade e das serias dificultades que terían para afrontar outra crise. Somos conscientes da obriga de seguir avanzando no noso modelo social, no que non se permita deixar ninguén á marxe e no que dende os poderes públicos se garantan os dereitos constitucionais e a inclusión social. En especial, é urxente e vital para o futuro de Galicia evitar a transmisión interxeracional da pobreza. Hai que seguir loitando para evitar que o 80 % das nenas e nenos que hoxe viven en familias na pobreza estean condenadas a sufrila o resto da súa vida, así como as súas fillas e fillos.

As propias persoas en risco de pobreza, e baixo os lemas como «as persoas, primeiro» ou «somos persoas, non expedientes», resumen as súas demandas en tres principios: loitar contra as causas da pobreza e a desigualdade, moi lonxe do existencialismo e asegurando a igualdade de dereitos e unha inclusión social activa baseada na garantía de ingresos mediante o emprego ou rendas mínimas áxiles; compromiso en orzamentos e planificación, a medio e longo prazo; e unha coordinación política e técnica entre as administracións e coas organizacións especializadas que reduza drasticamente a burocracia.

Conmemoramos este día cando asistimos a unha crecente evolución dos prexuízos, estereotipos, intolerancia e ata desprezo ás persoas en risco de pobreza e exclusión. Os delitos de odio en España incrementáronse case un 93 % dende o 2011 ata o 2015. Nas redes sociais só entre o 2015 e o 2016 os delitos de odio medraron nun 82 %, segundo a Fiscalía Xeral do Estado. Fenómenos como o racismo, a xenofobia e a aporofobia —odio ás persoas en pobreza— son especialmente incidentes. Neste último caso 1 de cada 5 persoas sen fogar foi agredida fisicamente cando menos unha vez, e 1 de cada 3 foi insultada ou vexada.

As persoas non son culpables da súa pobreza, non son as nenas e nenos nin as súas nais e pais; tampouco o son da súa exclusión as persoas con discapacidade, migrantes, refuxiadas ou da comunidade xitana, as mozas e mozos tutelados ou as privadas de liberdade. Ninguén é culpable do seu sufrimento; non o son as mulleres vítimas de violencia de xénero nin calquera persoa pola súa orientación ou identidade sexual.

Non existen as relixións que defendan o terrorismo ou a violencia.

Ningunha persoa é inútil, sexa moza, desempregada, xubilada ou sen fogar. As persoas que sofren e denunciaron estas e outras moitas mentiras no último Seminario galego de participación cidadá inclusiva, ou as que afirmaron que o máis perigoso dos prexuízos é cando ti mesmo non cres, non están soas.

Os poderes públicos temos a responsabilidade de garantir a igualdade de todos os cidadáns, poñendo en marcha as medidas necesarias para reducir as desigualdades sociais, combater a discriminación e favorecer o respecto, a tolerancia e a participación activa de todas as persoas.

Temos tamén o compromiso de difundir e poñer o foco nas experiencias positivas e nos exemplos de harmonía e convivencia normalizada, que son a maioría, evitando a difusión dunha visión sesgada e non real das persoas que viven situacións de exclusión social.

Neste Día Internacional para a Erradicación da Pobreza queremos facer un chamamento para non caer na ignorancia dos prexuízos e dar un paso cara á inclusión urxente das persoas que non se atopan en igualdade de condicións para a consecución dunha vida digna».

Moitas grazas a todos. (*Aplausos.*) (*Asentimento.*)

Sen máis, suspendemos a sesión ata as 16.00 horas, catro da tarde.

*Suspéndese a sesión ás dúas e quince minutos da tarde e retómase ás catro da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.

Retomamos a sesión.

### ***Alteración da orde do día***

**O señor PRESIDENTE:** Tal e como foi acordado na sesión da mañá, pasamos á seguinte comparecencia, que substitúe a que estaba prevista na orde do día.

### **Comparecencia da Sra. conselleira do Medio Rural, por petición propia, para informar da situación dos lumes en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Presidente, señorías, boas tardes a todos.

Permítanme que hoxe comece esta intervención recordando catro nomes. Son os nomes, aos cales lles hai que poñer cara, das catro persoas que este episodio de actividade incendiaria homicida levou por diante. Son Maximina, Angelina, Alberto e Marcelino. Para eles vai o noso recordo, e dende aquí, á parte do recordo e a nosa tristeza pola perda, a certeza de que Galicia endexamais os vai esquecer. (*Aplausos.*)

Toda Galicia está de loito, e moi especialmente os veciños de Vigo, os veciños de Nigrán e os veciños de Carballeda de Avia. Unha vez máis, e como fixen hai apenas un mes, tamén quero nesta intervención ter as miñas palabras de agradecemento, no meu nome, no nome do Goberno e no nome de Galicia, aos profesionais que nas condicións máis extremas velaron e seguen a velar pola seguridade de todos os galegos e as galegas no que a incendios forestais e a incendios non forestais se refire.

Pedín o parte de última hora para darlles a coñecer cal é a situación arestora de Galicia. En Galicia agora mesmo temos 55 lumes —17 activos, 8 estabilizados e 30 controlados—. En Lugo temos 2 activos en Cervantes, 2 estabilizados e 5 controlados; en total, 9 lumes. En Ourense temos 27 lumes; 11 están activos; 3, estabilizados; e 13, controlados. En Pontevedra temos 19 lumes; 4 están activos; 3, estabilizados; e 12, controlados.

A maiores de todo isto, e despois de darlles a situación que arestora temos en Galicia, quero dicir que, á parte de ao colectivo, tamén hai que dar as grazas a todos aqueles veciños e veciñas e empresas que colaboraron nos labores de extinción, e a todas aquelas persoas que contribuíron a defender a vida das persoas e os seus enseres máis queridos, como son as súas casas. Ademais, tamén un agradecemento para as administracións locais que prestaron axuda e mesmo para aquelas administracións que, sen verse afectadas, se puxeron á disposición do Goberno galego, á disposición de toda Galicia, e achegaron medios en favor daqueles que tiñan problemas. A todos eles hai que sumar as forzas e corpos de seguridade do Estado e a Unidade Militar de Emerxencias, que foron quen de servir de David para enfrontarse a un Goliat que foron os lumes, impulsado polo vento e pola man de persoas que queren o mal para Galicia.

Nesta clave está unha das liñas e teimas da Consellería do Medio Rural e tamén de toda a sociedade galega. Galicia non arde, a Galicia plántanlle lume, e por iso me reitero en que cada incendio intencionado é un atentado. É un atentado contra o rural, é un atentado contra o medio ambiente, é un atentado contra a economía, é un atentado contra os animais. Pero, sobre todo, sobre todo, é un atentado contra o máis prezado que temos, o máis importante, que son as vidas das persoas. Así o puidemos comprobar tristemente en días pasados, e non só en Galicia. Por iso quero unir aquí a miña voz e o meu sentimento a comunidades que tamén o están pasando mal, como é o caso de Asturias, como é o caso de León, como é o caso de Cantabria; e, sobre todo, a aqueles que tamén sufriron perdas humanas, como é no país veciño, aos nosos irmáns de Portugal, que neste triste verán levan un centenar de falecidos.

Desolación, angustia, indignación, tristeza infinita..., poucas palabras para definir un sentimento que me acompaña dende que se inicia cada lume e que se volve anguria e dor dende o momento en que coñecín o falecemento dos catro galegos nun inferno que nunca tivo que ter lugar nas nosas terras, en Galicia. Deste xeito, teño que facer miñas as palabras do presidente da Xunta de Galicia: «Galicia non merece que nos provoquen tanta dor, porque Galicia non arde soa, a Galicia quéimana».

Señorías, ninguén xa oculta a intencionalidade da maior parte dos lumes que se producen. Eu creo que xa está ben de relativizar a actividade incendiaria ou, moitas veces, de disfrazala, cando do que estamos a falar é única e exclusivamente de terrorismo incendiario. Porque iso é do que se trata, sen ambaxes nin medias tintas, e ademais non temos que arrugarnos á hora de dicilo.

Como tales terroristas deben ser tratados, como tales terroristas deben ser denunciados, e tamén deben ser xulgados aqueles que utilizan o lume con finalidades apocalípticas, como se viu nestes últimos días. Os que vivimos no rural sabemos que esta *omertá* funciona e se vive. Os que vivimos e sentimos o rural sabemos da importancia da veciñanza e do equipo en grupos. Os que vivimos, sentimos e queremos o rural —pero non só o rural, porque vimos que non só afectaba o rural senón que afectaba as cidades e que afectaba as áreas metropolitanas—, temos que dar un paso adiante e facer unha fronte común contra quen planta lume. Porque un lume, dá igual que sexa forestal, un lume nun marco urbano ou un lume en calquera parque dentro dunha cidade, non persegue outra cousa máis que facer moito dano. E ese lume, ademais, en condicións de vento, calor e falla de chuvias, ao final é unha actividade homicida.

Digo isto porque, alén das tristes perdas das vidas humanas, contra estes terroristas enfrontáranse, téñense que enfrontar no día a día, os equipos de extinción, sendo quen de salvar moitas vidas. Crédeme que, se non fose por eles, isto sería unha auténtica hecatombe. Eles son persoas cunha gran valía, eles son persoas cun gran corazón, eles son persoas con moitísima dedicación. Pero tamén hai algo moi claro: eles tamén son persoas que teñen fillos, que teñen unha vida, e, polo tanto, cada día póñena en xogo. Puxérona en xogo durante esta fin de semana. Por iso quero transmitir o meu agradecemento, e o agradecemento eu creo que de todos os que aquí estades, pola súa profesionalidade a todo o colectivo de bombeiros forestais, a todos os voluntarios, á Policía Nacional, á Garda Civil, á Policía Autonómica, ás policía locais, á UME, á xente das tripulacións de hidroavións e helicópteros, aos bombeiros urbanos e comarcais, aos axentes e aos técnicos da Xunta de Galicia, ao persoal sanitario e a todos os que fixeron posible que isto se freara e non fora a máis. (*Aplausos.*)

Vaia por diante un dato que eu veño reiterando aquí continuamente. Ese dato é o seguinte: o 75 % dos lumes son provocados; é dicir, tres de cada catro son intencionados. E esta fin de semana crédeme que o cen por cento dos incendios foron intencionados. Esta é a cerna do asunto que nos atinxe hoxe aquí. A nosa comunidade sufriu nas últimas horas un ataque incendiario sen precedentes. Trátase dunha verdadeira afronta e unha aldraxe que se fixo partindo dunhas condicións excepcionais, totalmente excepcionais, dunhas condicións meteorolóxicas extremas, con fortes ventos, altas temperaturas e unha humidade por baixo do 30 %. Foi unha actividade incendiaria desaforada, e isto ten un resultado coñecido pero tamén excepcional. Fálolles dos lumes que, nun feito sen precedentes, saltaron incluso o río Miño no seu tramo final, e non de maneira illada, sendo repetida e en varias ocasións, con fronte quilométricas procedentes do país veciño, que tamén o estaba pasando realmente mal; que nos estaba pedindo axuda cando, en realidade, nós precisabamos todo o que tiñamos aquí. Démosllela cando nos vimos con posibilidades de poder facelo. Esas fronte non só eran ao carón do río Miño. Tamén nos levaron por diante gran parte do Xurés, nos concellos de Muíños e de Lobios.

Estes elementos conformaron un ataque inxente que forzou ata o límite o dispositivo empregado. O dispositivo que tiñamos é o seguinte, vóullelo agora comentar. Eran 350 brigadas, 250 motobombas, 40 pas e unha vintena de medios aéreos, medios aéreos co apoio e coa aportación que nos fixo o Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, que tiña efectivos en Galicia e tamén os tiña en Asturias, en Cantabria e en León. En total, tivemos, durante a fin de semana, 5.600 efectivos. Para completar este operativo foron mobilizados máis de 600 efectivos da UME, a Unidade Militar de Emerxencias —cen deles incluso dende Valencia, que, nun feito tamén sen precedentes, os trouxeron en avión para ser máis áxiles—. Apoiáronos tamén 18 autobombas da UME e 6 nodrizas, e mesmo dous medios aéreos propios deles, helicópteros procedentes das bases situadas en Murcia, Toledo e Guadalaxara.

Todo este operativo, o maior que nunca se tivo nesta época do ano e un dos maiores da historia, tivo que facer fronte a focos que se sucedían continua e simultaneamente multiplicándose en cuestión de minutos. Os alcaldes chamaban continuamente, porque, se había 5 focos, aos dez minutos tiñan 15 focos nas súas parroquias. Era común ver como saltaban alarmas e lumes en concellos limítrofes con escasa diferenza de tempo; especialmente nas últimas horas da tarde do domingo e nas primeiras da noite do domingo. Sirva un dato como exemplo:

o domingo, dende as 6 da tarde ata as 12 da noite, houbo 68 novos lumes; para reflexionar e entender o lume non só como unha actividade incendiaria, é unha actividade delictiva.

Por iso han de entender que a nosa prioridade foi en todo momento protexer os núcleos de poboación e a propia vida dos veciños. Por este motivo chegaron a decretarse ata 19 situacións 2 ou, o que é o mesmo, a mobilización de medios por proximidade de lapas ás vivendas. Pero crédeme que foron 19 e puideron ser máis, porque houbo momentos nos que nin se-quera deu tempo a facer os decretos pertinentes.

A maiores, hai que ter en conta que o primeiro ataque ao lume ten que vir referendado por un esforzo progresivo dos medios e un relevo dos mesmos. Polo que esa situación de despregamento foi un continuo movemento e unha operación que durou 72 horas.

No relativo aos lumes, hai que sinalar que as provincias que se viron afectadas foron as catro, pero é certo que con moi distinta intensidade. A Coruña rexistrou 34 lumes, aínda que de menor tamaño e virulencia que no resto das provincias. A provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra foron as máis afectadas, con 68, 70 e 44 incendios respectivamente en menos de 24 horas. En moitos casos obrigaron ao desaloxo de diversos núcleos de poboación. Como dato para ter en conta, direilles que en Ourense, en 48 horas, chegou a haber 104 lumes. Aínda así, direilles, para que reflexionemos e vexamos a capacidade que ten o noso operativo, a capacidade de organización das parroquias e das aldeas, que o 64 % dos lumes acontecidos entre o venres e o luns quedaron en conatos. E iso foi grazas ao labor de todo o operativo. É dicir, 177 lumes foron parados antes de que o vento os entendese.

A superficie queimada destes 276 lumes na nosa comunidade autónoma, e a pesar de que se están agora facendo as valoracións, crédeme que vai ser superior a toda a ardida durante o ano.

Houbo un labor moi importante, e nese labor, que procuramos que fora atendido en todo momento, hai afeccións derivadas dunhas circunstancias ás cales había que combater. Con todo e ter listo o operativo, estar preparados e dispor dunha evolución positiva da situación no ano 2017 en Galicia, non é sinal de que freemos e que nos leven por diante, senón que estamos traballando e cada vez con máis forza. E direilles que Galicia estaba tranquila, nós estabamos contentos, e creo que a gran maioría dos cidadáns tamén. E, a pesar de que había moitos lumes, acabamos a temporada de verán, a 30 de setembro, cunha situación moi distinta: ardera o 44 % menos da superficie que no ano 2016. É dicir, arderan 9.000 hectáreas menos. Ademais, o balance do verán, o que era o verán en si, é dicir, o período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de setembro, saldárase cun número de incendios un 20 % menor que no ano anterior, e unha superficie, no que é o verán, dun 70 % menor que o ano anterior. É dicir, no verán arderan 6.000 hectáreas menos que no ano 2016.

Estes datos mostran que o operativo coordinado pola Xunta de Galicia foi quen de facer fronte con éxito a un verán que foi extraordinariamente cálido e seco, cunhas condicións que se atopan entre as máis duras do último século no que a climatoloxía se refire. Señorías, a falta de auga e unhas temperaturas sen precedentes nestas datas, xunto ao furacán Ofelia, con rachas de máis de 100 quilómetros por hora, completaron unhas circunstancias que xa non son de verán, senón que pertencen ao outono.

Este era o escenario, o escenario ata hai pouco, ata o 30 de setembro, pero faltaban uns actores. Ese actor era o incremento da actividade incendiaria. Para que se dean unha idea, se nun verán complicado —e analizando os veráns e as medias— o número de incendios que se produce está, ao día, entre 40 e 50, nestes días producíronse ao día entre 125 e 135 incendios. Sumen as condicións, poñamos enriba da mesa esta cifra, e verán como calquera palabra sobre esta actividade incendiaria homicida queda curta. Quen planta lume nesta situación sabe que vai facer mal. O que non sei eu é se sabían que ían provocar tanto mal. O que me indigna é que esta noite aínda en Ourense houbo lume ¡É que ata aquí podíamos chegar! Quen o fai sabe que está a xogar coas vidas humanas. Xogou coas vidas humanas pero seguiu prendendo esta noite en Ourense. E contra eles eu penso que debemos estar todos, e débemolo facer todos unidos. O máis prezado que temos, sen dúbida, son as vidas.

Para tal labor, os que pasamos o sábado, como moitos de vós, o domingo, o luns e esta mesma mañá polos camiños e lugares onde se decretaron algúns dos niveis 2 estes días, saiban que reafirmamos a nosa vontade e decisión de levar esta loita ata as últimas consecuencias. Dígoo porque o Goberno galego estivo pisando todas e cada unha das áreas afectadas. Estívose en Cervantes, en Donís, en Noceda, en Friol, en Anxeriz, en Monforte, en Chavaga, en Pantón, en Cangas, en Boborás, en Albarellos, Parada do Sil —no lugar de Paradellas—, en San Cristovo de Cea esta mesma mañá, en Baños de Molgas, en Betán, Chandrexa de Queixa —no lugar de Chaveán—, Paderne de Allariz —en Cantoña—, no Concello de Lobios —en Araúxo—; en Pontearreas, Padrón, Salvaterra do Miño, en Pesqueiras, no concello de Gondomar, en Morgadás, no concello das Neves, no mesmo concello, na capitalidade; no concello de Baiona, en Baíña; no concello de Nigrán, na Paradela; en Boiro, estívose en Cures. E noutras moitas áreas afectadas que non son rurais pero que foron afectadas polos lumes, como foi o caso de Vigo.

Dende aquí quero agradecer a todos os alcaldes e a todas as alcaldesas destes concellos —con moitos deles, ou con case todos, puideron falar nestes días— o seu apoio, o apoio aos seus veciños, a súa dedicación; e tamén —hai que dicilo— a moitos de vós, a moitos dos deputados e deputadas que aquí estades presentes e que vos puxestes á nosa disposición por se fixese falla a vosa axuda, dando nomes de empresas, dicindo como criades que podíamos actuar, incluso pasando mensaxes dende distintos puntos. Moitas grazas aos que estades e aos que non puiderdes chamar ou mesmo non se vos puido contestar. Grazas porque sei que aí estivestes, polo menos percorrendo os sitios. (*Aplausos.*) Iso si que é poñerse á disposición de Galicia, que é para o que estamos.

Pero, señorías, podemos ter previsión de atención de incendios, pero o que non temos é previsión de como conter eses incendiarios; é dicir, loitar contra quen planta o lume ao lado das casas, ¿como o facemos?, loitar contra quen o fai en varios puntos á vez, contra quen o fai preto incluso de onde teñen que despegar os medios aéreos, contra quen o fai nunha carballreira, contra quen o fai nun parque público de calquera vila ou dunha gran cidade. Pero hai que actuar. Facemos falta todos, e ou nos poñemos do lado dos galegos e das galegas ou, se non, mal o estaremos facendo. Mais entenderán que a previsión diante dun fenómeno adverso e dunha previsión dunha situación que non ía ser boa acaba desbordando absolutamente todo.

A Consellería do Medio Rural en días previos —e agora relataréillelo— decidiu aprobar unha declaración de emerxencia para reforzar os servizos de extinción de incendios forestais que

ía máis aló de calquera nivel que antes se acadase nesta época, e que chegou a números só acadados neste momento de alto risco. Fíxose tendo en conta as condicións climatolóxicas adversas e a elevada actividade incendiaria rexistrada dende inicios do mes de outubro. E, sobre todo, fíxose ante a chegada desta vaga de lumes. Esta declaración supón na práctica que se habilitaron os procedementos necesarios para, por un lado, reforzar os medios aéreos coa contratación de tres helicópteros máis, un de coordinación e dous de extinción; para reforzar o persoal de extinción de terra co reinicio do traballo das 125 brigadas de Seaga, que é o 8 % do operativo que ten Galicia, e as 26 de Tragsa. Só así se puideron ter eses medios dispostos fronte á vaga de lumes destes días. E así estarán esta temporada; como mínimo, ata o 31 de outubro.

Neste senso, xa o pasado venres día 13, e dados os cambios de previsión meteorolóxica, a vexetación en situación de seca extrema, o cambio de predición do IRDI ese mesmo día —que cambiaba a tendencia—, e a diminución de augas, acordouse a incorporación desas 125 brigadas, decisión de continuidade xunto coas tomadas en días previos, cando por primeira vez incorporamos os 436 traballadores do Servizo Público de Extinción que finalizaran os seus contratos —son os fixos discontinuos de tres meses—, ademais de incrementar o tempo de traballo dos preto de 2.283 traballadores de extinción do dispositivo da Consellería ao nivel propio do alto risco, cubríndose todas as baixas, cubríndose todas as vacacións, para ter o persoal laboral da Xunta como en situación de alto risco.

Vostedes poden ver os decretos, podemos ensinárllelos, e por suposto, se eu hoxe comparezo aquí, é para que todos teñamos claridade de ata onde fomos capaces de chegar e, a pesar de estar nese límite, do que nos provocou o alto número de incendiarios espallados polo territorio.

Polo tanto, pleno operativo e operatividade diante do lume —mesmo en cifras históricas— por enriba do operativo habitual nestas datas. Pero dígolles que o operativo que tiñamos este mes de outubro e esta fin de semana incluso foi superior a moitos veráns. E fálolles por experiencia. Iso non se consegue se non hai un mínimo de previsión. A xente estivo traballando para decretar esa situación de emerxencia. E teño que darlles as grazas a todos os funcionarios, porque foi sen horario, (*Aplausos.*) a todo o persoal laboral, que non dubidou en renunciar a eses días libres que pediron para incorporarse e poñer todo o operativo en marcha. Houbo que chamalos un a un, a cada unha das persoas. E aquí quero dicir e resaltar a profesionalidade dos medios que se enfrontan ao lume. Por iso creo que é xusto, especialmente neste momento, recoñecer e facer valer o apoio á profesionalización que lles quixemos dar ao considerar o Servizo de Defensa contra os Incendios Forestais como bombeiros forestais, e de reforzar a súa oferta de emprego; que, por suposto, é un reforzo no que hai un acordo que xa viña de antes pero que eu sigo reiterando, que é un compromiso de oferta de emprego para mantelo dende aquí ata o ano 2020.

Ademais, creo que non son en van os esforzos realizados para renovar os medios —a xente tamén ten que ter medios—. En dous anos dispoñemos de 69 motobombas novas, que foron entregadas aos distritos e tamén aos concellos. E proporcionáronse 143 novos vehículos ás brigadas antiincendios.

Pero, señorías, loitar contra os lumes non é doado, e facelo en Galicia, onde hai máis de 2 millóns de hectáreas de monte, moito menos. E aquí quero facer unha paréntese, xa que esta fin



de semana non só foron montes forestais, esta fin de semana foron montes periurbanos, esta fin de semana foron lumes nos cascos, esta fin de semana foron lumes nas cidades. A isto hai que engadir, por suposto, os 30.000 núcleos de poboación que salpican o noso territorio. Sumamos unha cifra na que a prevención e a extinción de incendios se fai competencia de todos. E isto puidémolo corroborar esta fin de semana observando como o lume se prendía preto dos núcleos das casas, se prendía en viñas, mesmo ao carón de cidades —é o caso do Hospital de Lugo, ou mesmo en Vigo—. Tamén houbo incendios en cidades como na Coruña. Non é a primeira vez que o operativo de incendios da Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural —e este ano, ademais, en concreto— tivo que estar na cidade da Coruña, en San Pedro de Visma ou a carón de Marineda. Digo isto porque son moitas as causas que se xuntaron.

Pero á parte de todo isto, tamén teño que recordar que todos temos competencias, todos temos competencias nese 98 % de monte privado, nesas parcelas que temos espalladas polos distintos concellos que son privadas e que, polo tanto, debemos manter limpas. E aí temos que colaborar todas as administracións para facernos máis fortes e para facer cumprir a lei. Así —e hai que dicilo alto e claro, e isto é xa só para previr— correspóndelles aos propietarios manter limpas as súas parcelas, pero as súas propias, as das súas casas, para evitar problemas. Aínda que, crédeme, despois de andar polo territorio, despois de ver os lugares ardidos, que ardeu céspede perfectamente coidado e regado de moitas casas. É dicir, cando o ambiente é propicio, cando o vento sopra moi forte, cando hai seca —a pesar de que regaban— e, polo tanto, a humidade baixa dun 30 %, arde ata o céspede regado.

Pero, aínda así, todos debemos loitar, loitar dende xa e loitar nun futuro. E, ademais —eu viño dicir aquí varias veces, viño dicir insistentemente dende a primeira traxedia de Portugal—, todos temos unha responsabilidade, todos; uns a nivel privado, outros dende os concellos, as deputacións, o Ministerio. Cada unha das administracións ten unha responsabilidade para intentar que non haxa vítimas e que non nos leven por diante os incendios. Pero a Xunta seguirá impulsando, conscientes de que hai que seguir axudando, conscientes de que os concellos teñen que recibir apoios. Asinamos para dar estabilidade xa o ano pasado convenios de colaboración por preto de 33 millóns de euros para que, durante eses tres anos, puideran ter operativo durante tres meses un servizo; un servizo aos concellos para facilitar poder facer o desbroce dos núcleos preto das casas e para que, por suposto, tamén axudara na extinción.

Por medio destes acordos, ademais de formar parte do operativo realizado, ademais de todas esas actuacións —e xa en relación con outro operativo, que son os GES—, facilitóuselles o ano pasado e fíxoselles encomenda —encomenda que ao final ten un orzamento ao seu carón que son 6.000 euros— para axudar a identificar nos concellos a propiedade daquelas fincas —que moitas veces non é doado— para que procedan aos seus desbroces. Nos vindeiros días, ademais, asinaranse con 30 concellos os convenios —isto xa estaba en marcha— que permitirán adquirir tractores forestais equipados con desbrozadoras e apeiros para poder realizar mellor a limpeza da biomasa das franxas de seguridade. Igualmente están os equipos dos GES, cos que continuaremos, aos que tamén lles hai que agradecer ese labor que fan, un labor continuado no territorio.

Cómpre, pois, facer entre todos un esforzo para cumprir as normas, un esforzo a prol dunha maior seguridade das persoas, un esforzo a prol dos nosos bens. Pero, por suposto, eu non

podo esquecerme tamén do que é un esforzo para atender os nosos montes. Cando falamos da activación 2, iso supón que todo o persoal sae dos montes e se dedica única e exclusivamente a intentar que non cheguen os lumes ás casas.

Remato, señorías, e fágoo pedíndolles que se poñan da parte de Galicia, que sei que o están todos. En Galicia non hai ningún mal endémico que nos faga ir contra a nosa terra. En Galicia non existen os lumes de combustión espontánea. En Galicia non temos un monte que arda mellor ou peor. En Galicia temos un monte, temos un pobo, que arde porque lle plantan lume. O lume, cando avanza, leva por diante montes, dá igual que estean ben ou mal ordenados, (*Murmurios.*) leva por diante... (*Murmurios.*), leva por diante montes. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Levou por diante as mellores carballeiras de Galicia, levou por diante vides, levou por diante casas, levou por diante céspedes. (*Aplausos.*) Leva por diante o que se lle poña. (*Aplausos.*)

A mellor forma que temos de parar o lume en Galicia é parar os incendiarios, sen dúbida. E ninguén dos que está aquí ten culpa de que haxa incendiarios, ninguén ten culpa, pero todos debemos colaborar. E cando digo «todos» estoume referindo non só a todos vostedes que están aquí, estou referíndome aos que nos poidan escoitar, aos que vostedes representan. Non podemos ser cómplices dun incendiario, nunca poderemos estar ao carón dun incendiario. Temos que denunciar continuamente os incendiarios. E nesa batalla contra os incendiarios temos que estar todos: os medios policiais, a Fiscalía, a Administración, a sociedade... Todos somos poucos para levar diante dos xuíces e das xuízas —e de aí que acaben na cadea— aqueles que queren acabar non só co monte galego, que queren acabar con Galicia.

Neste ano teño que dicirlles que temos 173 persoas que foron detidas e investigadas grazas aos labores de investigación, moitas veces propiciados polos veciños. E aquí quero facer unha paréntese. Esta fin de semana foron moitos os veciños que saíron á rúa, que entenderon que podían identificar unha moto ou un coche. E, efectivamente, hai varias liñas de investigación que eu agardo que dean os seus resultados. Pero iso temos que facelo no día a día, non serve con que nos asustemos nun momento determinado porque nos veña enriba das casas. Cando está aló lonxe nun monte tamén debemos de facer todo isto. Ese esforzo ha de vir da man de todos, porque, se non, iso é imposible. Non debe vivirse no silencio nin no rural nin nas cidades. Non debe valerse un da veciñanza para calar. Non é que... «pobre, é que non é mal rapaz», ou «pobre, é que non sei o que lle pasa». E aí é onde debemos ir todos.

O rural non está só pero, ollo, estes incendios non foron só polo rural, co cal Galicia non está soa. E Galicia conta con todas as persoas de ben que, sen dúbida, lograrán acabar con aqueles que quixeron facer moito dano. E non sei se conseguiron facer todo o dano que pretendían; desde logo, fixeron moito.

Por isto, dende aquí, e a todos vós como representantes lexítimos da sociedade galega, pídvovs que nos axudedes a todos a contribuír a facer o rural —pero non só o rural senón todo o demais— máis forte. A que sexa cada vez máis operativo e que teñamos unha tolerancia cero cos incendiarios. E aínda que só sexa unha campaña, que cada un de nós sexamos un cortalumes máis, é por Galicia, é polo seu rural e é por aquelas persoas que merecen que esteamos ao seu carón.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda dos grupos parlamentarios. (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, señor presidente.

Conselleira.

Permítanme que as miñas primeiras palabras en nome do Grupo do BNG sexan de recordo a esas catro persoas que faleceron terriblemente nestes días, e de alento ás súas familias, que estou absolutamente convencida de que están pasando por un momento doloroso, inesquecible. Todas e todos sentimos que a súa dor é a nosa dor porque realmente esta é unha traxedia moi grande. (*Aplausos.*)

Eu quería tamén, en segundo lugar, recoñecerlles a todos os traballadores e traballadoras dos servizos de extinción de incendios a súa profesionalidade, a súa entrega. Están dobrando turnos, están facendo traballo voluntario e están traballando, en moitas ocasións, a pesar da precariedade que nos últimos anos ese sector veu vivindo das privatizacións, dunha situación moi dura. E eu creo que é unha honra que teñamos xente no noso país con esa entrega, con esa capacidade, (*Aplausos.*) e que nun momento coma este se poña diante dos problemas. (*Aplausos.*)

E, ¿como non?, pois claro que para nós tamén é un orgullo ver un pobo que é capaz de enfrontarse a unha situación tan, tan difícil como é ver o lume pegado na porta das túas casas ou envolvendo a túa vivenda e ver que o único que tes para defenderte son baldes de auga, mangueras, a solidariedade doutros veciños ou carrocetas —que moitas delas non tiñan nin seguro porque estaban paradas, e que algúns alcaldes tiveron que amañar e poñerse a conducir—. (*Aplausos.*) Porque, señora conselleira, en moitos sitios non había medios, nin un só medio. E paréceme gravísimo que hoxe vostede veña aquí dicirnos con toda tranquilidade que aínda que estivera todo o operativo contra os incendios funcionando todo sería igual. Porque esa é unha emenda á totalidade ao que vostedes están facendo na Consellería. (*Aplausos.*) E creo que esta situación merece, desde logo, que teñamos isto moi claro.

Eu creo que é moi inapropiado dicirnos hoxe pois o ben que o estaban facendo, señora conselleira, e o contenta que estaba vostede coa situación que había no noso medio rural. Veu aquí a dicirnos que Galiza estaba tranquila, que Galiza estaba contenta. Non creo que neste país ninguén estivera satisfeito coa situación que hai no noso medio rural, co grave problema que temos cos incendios e, sinto dicirullo, moito menos coa ausencia de previsión e de planificación que nesta materia vén tendo a Xunta de Galiza. E permítame que despois lle empece a explicar por que digo isto.

En todo caso, eu tamén hoxe quero defender —porque escoitei algúns altos cargos da Xunta de Galiza criticalas— as miles de persoas que onte estivemos nas rúas dicindo que estamos

fartas dos incendios, (*Aplausos.*) que estamos fartas de incompetencia, (*Aplausos.*) que estamos fartas de ver como se privilexian os intereses das portas xiratorias de Ence sobre o noso monte, que estamos fartas de ver como hai abandono do rural, que estamos fartas de ver como non hai ordenación. E creo que os membros da Xunta de Galiza non teñen dereito a criticar os cidadáns que saen á rúa a expresar libremente as súas opinións. (*Aplausos.*) Temos todo o dereito en democracia a facelo. E gustaríame que os medios públicos de comunicación nos deran a ocasión tamén de poder expresar isto, como o expresan os membros do Goberno.

A nosa lembranza a Asturias, a Castela, a Cantabria, a Portugal, que, efectivamente, están vivindo unha situación durísima e unha situación que realmente o que require é solidariedade e colaboración. E creo que o Goberno de Galiza lle debe unha desculpa a Portugal por dicir que o problema que estabamos tendo cos nosos lumes era unha responsabilidade do país veciño. (*Aplausos.*) Hoxe mesmo creo que o Goberno luso enviaba unha queixa ao Goberno de Galiza porque dicían que levaban anos requirindo cooperación transfronteiriza e que non había resposta por parte do Goberno galego. (*Aplausos.*)

E hoxe, señorías —eu tamén o lamento—, creo que a súa comparecencia deixou en evidencia que era importante que quen estivera neste debate fose o presidente da Xunta de Galiza, para darnos respostas a preguntas lóxicas e necesarias e para que iniciemos un debate sereno, tranquilo, que hoxe non empeza nin acaba senón que é o inicio se queremos realmente que o desastre que acabamos de ver non se volva repetir no noso país. Porque o importante é tomar nota dos erros, recoñecer o que se está facendo mal e ser capaces de modificar as cousas que vemos que non funcionan no noso país. Creo que esa é unha das grandes leccións que pode dar un goberno cando se enfronta a unha situación destas características.

Nós temos moitas preguntas para o señor Feijóo, que hoxe está ausente neste debate. Nós queremos que nos responda quen tomou a decisión de despedir 500 traballadores de Seaga e 436 do Servizo de Prevención de Incendios Forestais a pesar de que había un risco evidente e coñecido de incendios. Porque este mes non é como todos os meses, pero a responsabilidade dun goberno é analizar o que está pasando e ter os medios efectivos e necesarios como para poder prever unha situación sobre a que había moitas persoas que levabamos alertando que podía producirse se se daban as condicións climatolóxicas que o permitiran.

Nós queremos tamén saber —pero non está aquí hoxe Feijóo para contestarnos— que informes técnicos e oficiais sustentan a afirmación que fixo o presidente da Xunta o mércores 11 de outubro de 2017, cando dixo: «O risco de incendios na zona atlántica baixou de forma evidente.» Isto díxoo para xustificar o despido de traballadores do lume. Queremos saber se Alberto Núñez Feijóo mantén a afirmación dese mércores 11 de outubro no que dixo que o despido de brigadistas non ía incidir na loita contra os incendios. Queremos saber se o señor Feijóo segue mantendo esta afirmación. Queremos saber por que dous días despois, o venres 13, ás 12.37, o director xerente de Seaga envía un comunicado no que lles di aos traballadores que acababan de despedir que van ser reincorporados o luns. E eu quero hoxe agradecerlles aquí a todas esas persoas que fixeran un traballo extraordinario para poder o domingo —vendo o risco evidente que estaban tendo— estar traballando, apagando os lumes, defendendo propiedades e defendendo a xente. (*Aplausos.*) Porque se fixo porque hai esa capacidade e hai esa voluntariedade por parte dos traballadores e das traballadoras.

Tamén queremos saber quen decretou o apagón informativo do domingo neste país. Porque eu, polo menos, recibín —e supoño que vostede, conselleira, tamén— moitas queixas; queixas de persoas que vían como había lumes ou como vían lumes fóra e nos medios públicos deste país estaban co *Land Róber*. Había moitas persoas que quedaron atrapadas nunha autoestrada que estaba ardendo polos dous lados e que ninguén os avisou. Non había medios da policía para facer fronte a esa situación, e poñían a radio e o que estaban escoitando era fútbol. ¿Vostede cre que iso é presentable para uns medios de comunicación públicos cuxa función fundamental é precisamente salvagardarnos en situacións destas características? (*Aplausos.*) E, desde logo, temos moitas, moitas máis preguntas que evidentemente en dez minutos non podemos facer.

Nós, señora conselleira, desde logo queremos dicir que nos resulta indiscutible —e iso nunca o imos poñer en tea de xuízo— que nestes días en Galiza se estaban vivindo unhas condicións climáticas extraordinarias e extremas. Nunca imos negar que iso era así, ¡claro que era así! Pero ¿sabe o que non é certo? O que non é certo é que non fora previsible que nesas circunstancias, e vendo o que estaba pasando, que puidera haber un problema grave cos lumes. Iso é o que vostedes non poden dicir que non fora previsible. Vostedes eran conscientes de que estabamos atravesando unha seca gravísima. Non empezou a arder o sábado. É que levaba ardendo en Ourense durante toda a semana e había un problema grave que se empezaba a detectar, que había un risco de que iso podía pasar. Porque vostede tamén sabe que están cambiando os incendios por como está neste momento o noso monte. (*Aplausos.*) E debería recoñecer que hai que cambiar como está funcionando o sistema ante o cambio climático, ante unha seca extrema e un problema gravísimo no noso país.

Polo tanto, a responsabilidade do Goberno non é nin a seca nin o cambio climático, a responsabilidade do Goberno é se é capaz de medir o risco. Porque vostede presentounos aquí un Pladiga dicíndonos que este ano ía ser o mellor do mundo mundial. E o que estamos vendo, señora conselleira, é que todo iso se esvaeceu porque non teñen en conta os cambios que se están producindo neste momento.

E, efectivamente, claro que hai incendios intencionados. Hainos agora e houbos antes, a pesar de que algunhas das persoas que están deste outro lado en certos momentos os negaron. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu, señora conselleira, non son quen para dicir se existe ou non unha banda de terroristas incendiarios. Non o sei. Escoitei o fiscal de medio ambiente na radio pública dicir que el o dubidaba. Eu non o sei. En todo caso, imaxino que, coa capacidade que teñen os corpos e forzas de seguridade do Estado, esa banda será prontamente desarticulada. E eu serei a primeira que aplaudirei esa medida. Porque todos e todas estamos contra os incendiarios. E todos e todas condenamos que se queime o monte.

Pero, mire, tamén é terrorismo incendiario que Ence e as portas xiratorias ditén a política forestal deste país e que enchan Galiza de eucaliptos. (*Aplausos.*) Tamén é terrorismo incendiario o abandono programado do noso medio rural e a falta de alternativas, a falta de coitado para que a xente poida seguir vivindo no rural. Tamén é terrorismo incendiario que leven trinta anos coas mesmas políticas que nos conducen a esta situación e que non tomen ningunha medida para evitalo.

Mire, aquí houbo un goberno antes, antes de que vostedes chegaran á Xunta de Galiza, que, despois dunha situación dramática, tomou medidas drásticas: franxas de protección, unha lei, un cambio no servizo de extinción, cambiar a política forestal e cambiar a política de medio rural. ¿Que fixeron vostedes cando chegaron ao Goberno? Desmantelar as políticas de prevención e reducir á metade as franxas de protección. (*Aplausos*) Non hai medios, señora conselleira, para poñer en marcha un plan que realmente permita que as franxas de protección sexan efectivas. E ten que haber investimento e apoio público. Sen iso non vai haber solucións.

Nós hoxe estamos no medio dunha crise, e todos e todas coincidimos en que o importante é que se apaguen os lumes canto antes e que nin unha persoa máis siga vivindo con medo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...—remato, señor presidente— nunha situación tan, tan complicada. Pero, mire, necesítanse medidas agora para paliar os danos, medidas para evitar que haxa erosión, para evitar que as cinzas cheguen ao mar. Pero hai que pensar a medio e a longo prazo, e ou se cambia a política forestal e se modifica a política de abandono do rural, tomamos en serio que hai un cambio climático que nos está afectando e, tal e como temos de desordenado o territorio, se toman medidas serias e drásticas, ou ¿sabe que é o grave? Que dentro de cinco, seis, sete anos, dará igual quen estea sentado nese sillón. Volveremos ter un problema similar destas características. E, evidentemente, eu non creo que Galiza sexa un pobo de incendiarios.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Eu creo que hai un país que necesita un goberno que tome en serio o que está pasando neste momento no medio rural e que teña decisión e determinación para dicilo. Non que unicamente estea pensando no relato, en a quen botarlle a culpa ou se houbo antes ou hai alguén que o faga peor. Porque, con esa política, nunca, nunca poderemos avanzar. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Eu hoxe digo: «lumes nunca máis». E, desde logo, conselleira, creo que esta autocompracencia non serve absolutamente para nada. Hoxe, miles de persoas séntense aínda máis defraudadas despois de escoitala a vostede nesta tribuna. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Boas tardes, presidente.

Deputadas, deputados, invitados, medios, antes de comezar a intervención propiamente dita, ao igual que fixeron os anteriores intervinientes, o noso respecto e recordo para as vítimas,

de igual xeito que o recoñecemento e felicitación á cidadanía en xeral, e aos brigadistas e mais ao persoal de extinción en particular, que traballaron arreo; sen deixar de lado concellos, deputacións, institucións e outros organismos que colaboraron solidariamente diante do descontrol e improvisación da Administración do Goberno galego. (*Aplausos.*) Porque, señora conselleira, vostede fixo un relatorio que se podía resumir en «que malo é o mundo e que bo é o Goberno», así, moi sinteticamente.

E empezamos. Eu quixera empezar parafraseando aquela novela de García Márquez, e adaptándoa a esta situación, porque se pode case titular como «crónica dun incendio anunciado». Igual que pasaba na novela, a meirande parte da poboación, dos medios, dos analistas, intuían, sabían, que podía pasar o que lamentablemente despois ocorreu.

Repetidamente, os grupos da oposición, ademais, reiterámolo nesta sede, avisamos. Pero o Goberno galego, e a TVG incluída, non se enteraron ata que as lapas alamparon nunha noite de angustias indescribibles, precedidas de días e días de avisos en forma de lumes ao longo de boa parte do país que non serviron para prever os efectos desta vaga desastrosa.

Supoñemos que desta volta non van sacar a relucir o Bipartito. E respecto de 2006 teñen vostedes unha grande vantaxe: non imos utilizar da maneira que utilizaron vostedes aqueles lamentables sucesos. (*Aplausos.*) Imos esperar a ter a templanza necesaria e non imos ir polo lado das desgrazas persoais irrecuperables nin das materiais. Teremos tempo para iso. A pesar de que as hemerotecas están cargadas de datos, xestos e expresións totalmente desafortunadas daqueles momentos. Pero niso, borrón e conta nova, deixémolo como unha práctica para non imitar.

Esta primeira comparecencia entendémola como unha primeira toma de contacto para empezar a esclarecer esta traxedia e sacar lección, tirarlle proveito. Co tempo teremos motivo para entrar na análise pormenorizada do que pasou, na cuantificación dos danos con precisión, e poñer enriba da mesa solucións.

Indo aos feitos aínda fumeantes e frescos, o que estamos a vivir non é unha situación que se poida despachar cinguíndose ao tan cacarexado terrorismo medioambiental —que tamén, tamén, pero non exclusivamente—. O argumento, se imos aí e nos centramos niso en exclusiva, é dunha simpleza tal que non podemos aceptala como causa única baixo a que ocultar boa parte da realidade e que vostedes están a utilizar como unha coartada.

Sen quitarlle importancia ao tema, imos entrar noutro tipo de análise e noutro tipo de elementos. Porque para nós a improvisación, o descontrol, a deixación de funcións, reflectiu un nivel de incompetencia descomunal que tivo como consecuencia o desamparo da poboación, que quedou a mercé dos ventos que axudaron a pasear o lume por boa parte do país. Houbo improvisación porque as condicións climatolóxicas tan adversas de seca e de falta de choiva estaban anunciadas moitísimo antes de que rematase o mes de setembro. Ou ¿para que queremos Meteogalicia e os servizos meteorolóxicos? (*Aplausos.*) ¿Non pintan nada? ¿Non serven de guía? ¿Non son un elemento de análise? Mesmo a ruta e as condicións de *Ophelia* estaban perfectamente descritas, milimetricamente descritas, moitos días antes de que chegase. E vostedes na súa cegueira non quixeron ver, como non queren aceptar a realidade do cambio climático que muda as condicións ás que facerlles fronte no problema dos lumes.

Diante da realidade das circunstancias climatolóxicas vostedes responderon con deixación de funcións, posto que o día 30 de setembro deron por rematado o contrato de 436 persoas, de fixos-descontínuos da Xunta, ás que aludiu vostede, para logo volvelos contratar o día 11 coa vaga de lumes en marcha. ¡Ben!, ¡vale! Pero, entón, ¿por que os botaron para a casa? Iso ¿como se chama? ¿Non sabían vostedes as condicións que viñan encima?

Por se isto fose pouco, en plena efervescencia do lume, o día 12, botaron para a casa os 500 brigadistas altamente cualificados de Seaga, para volvelos reintegrar —previo aviso— o día 15 en Lugo e o 16 no resto das provincias. ¿Como podemos denominar entón isto se se saben e coñecen as condicións dese 30-30-30 ao que todos aludimos continuamente? Se isto se sabe, ¿para que está un goberno? Pois terá que ter capacidade de prever, porque, se non, xa me dirán vostedes.

Polo medio tamén quedaron apeadas boa parte das brigadas municipais, que ben é certo que necesitan unha transformación para ser operativas.

E non resolveron adecuadamente a cobertura ata, como moi ben dixo vostede, a semana crucial dos feitos da vaga de lume. Pero anteriormente non, señora conselleira.

Tamén hai que dicirllor: tiveron présa en licenciar os efectivos públicos aos que nos estabamos referindo, pero non tiveron a mesma présa en prescindir dos medios privados. Non tiveron présa porque iso alimenta un negocio. E esta situación imos ver qué factura nos pasa con estes excesos.

Destes aspectos é dos que teñen que responder en primeiro termo, como teñen que dar explicación do apagón informativo da TVG, que foi unha auténtica vergoña que os cidadáns deste país tiveran que ver noutras cadeas de ámbito estatal, e non poder velo na propia, o que estaba a ocorrer. (*Aplausos.*) Tamén terán que explicar o colapso do 112, aínda que é moito máis doado.

E isto é unha parte do descontrol que a poboación en xeral puido comprobar e sufrir alá onde o lume campou ás súas anchas, igual que o feito de que nalgún lume houbera ata 11 entidades distintas, rachando así co mando único, que é un elemento importante.

Este encadeamento de decisións son as que nos permiten falar dun elevado nivel de incompetencia para facerlle fronte á situación. ¿Casualidade? ¿É unha casualidade que, vendo o que viña, o que se botaba enriba do país coa seca, coa falta de choiva, se botasen para a casa esas brigadas e se prescindise de medios de extinción? ¿É unha casualidade? Dubidámolo.

Claro que hai incendiarios, señora conselleira, hai moitos incendiarios criminais contra as vidas, facendas e natureza, nos que vostedes se escudan para non aceptar a realidade da situación. Pero non sei se se dan conta de que, facendo tanto fincapé neste aspecto, están sementando a dúbida sobre unha parte importante da poboación, cando a realidade é que temos un pobo altamente solidario, comprometido, como amosaron os veciños durante estes días. Falando de incendiarios, se tanto fincapé fan e pensan que é ese o tema crucial, pronto esqueceron que a finais de xuño do ano 2017 —ou sexa, hai catro meses— vostedes rexeitaron unha proposición de lei do noso grupo para incrementar os medios e dotación orza-



mentaria para o control sobre os incendiarios (*Aplausos.*) e o seguimento e axilización dos trámites xudiciais dos casos dos culpables que puxesen sobre aviso a navegantes. Se era tan evidente, ¿por que a rexeitaron naquel momento xusto antes de entrar na tempada alta?

Vostede falou de 273 persoas identificadas. Pero, igual que coa anterior comparecente, ¿cantos detidos hai?, ¿cantos van quedar ao final?

Por moito que se empeñen, as causas do lume son moito máis variadas e complexas. ¡Miren que nos cansamos de apelar á prevención nesta Cámara como a mellor maneira de facerlle fronte ao lume!, a limpar montes e perímetros de núcleos, a manter efectivos profesionalizados para traballar desde finais do inverno e a un longo etcétera. E vostedes responderon unha e outra vez con negativas, con axudas para montes veciñais que abocan as comunidades a limpar en pleno período de máximo risco ou de incendios por falla de dilixencia na Administración, ou a conformarse con bandos municipais —porque xa falamos aquí, nesta sede, da problemática de limpar os perímetros dos núcleos—, ou fiándose das empresas privadas segundo o caso. Págase por apagar e non por previr. E así non podemos seguir, señora conselleira.

Quero recordarlle que desde 2013 deixaron sen gastar 39 millóns de euros na medida 551B, que é prevención de lumes e infraestruturas forestais. Tratan o problema do lume coma un suculto negocio para determinadas empresas namentres o rural esmorece entre o desleixo e grandes titulares de investimentos e accións que non son capaces de fixar poboación nin a dinámica socioeconómica. Sen embargo, este é o momento, ou debe ser o momento, o punto de inflexión, para cambiar o modelo e facer realidade o slogan da «lexislatura do rural», de sacar lección, como vostede mesmamente dicía, e, con humildade, autocrítica e traballo, saír adiante. É un punto de inflexión para cambiar o concepto de estacionalidade reinante no Pladiga que vostedes seguiron a pés xuntillas e que lles valeu para botar para a casa ese case un terzo de efectivos de extinción cando máis falla facían, o 30 de setembro e días sucesivos. É o punto para deixar o encorsetamento de plantexamentos teóricos sen relación coa nova realidade do cambio climático. É o momento de plantexar un cambio de política forestal que ordene as masas e especies forestais e usos do chan que tanta incidencia teñen na proliferación dos lumes. Non queden só coa cantilena dos incendiarios; que si, que tamén, pero hai moitísimas causas a maiores. Non podemos seguir cun plan obsoleto e desbordado que propicia o descontrol en masas forestais e usos do chan e que non se corresponde, ademais, coas necesidades do país.

Estamos na encrucillada para un cambio de modelo no tratamento que se lle dá ao monte abandonado, a visión unicamente produtivista, para incorporarlle os aspectos sociais e ecolóxicos de biodiversidade que axuden a controlar o lume.

En definitiva, señora conselleira, é o momento dun cambio de modelo, é un momento de facer análise, é o momento da crítica e da autocrítica, é o momento de ir a un plan forestal novo, é o momento de valorar, de reestruturar o dispositivo de extinción incrementando a presenza pública e restando a privada; e, na prevención, planificando con rigor o orzamento necesario para adaptarnos ás novas circunstancias medioambientais, demográficas...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** ...—acabo presidente— e socioeconómicas.

Non perdamos ese tren ou perderemos o país que coñecemos e deixaremos un legado de cinza pezoñenta para as novas xeracións de galegas e galegos. Créame, o problema do lume —vostede sábeo ben, outra cousa é que non o queira admitir aquí— é moito máis complexo que o dos incendiarios, sendo importante tamén ese aspecto.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Señor presidente, sexan as miñas palabras de condolencia para as vítimas, as súas familias e as persoas desprazadas como consecuencia da vaga de lumes desta fin de semana, e tamén o recoñecemento a traballadoras e traballadores abnegados e, por suposto, a toda a cidadanía de Galicia que defendeu coas súas mans e sen medios o ben común.

Señor presidente, non se esconda. Malia ser parlamentario, vemos o seu escano baleiro. Galicia viviu un domingo negro e o seu presidente estivo escondido, igual que está agora. Un manto negro cubriu os nosos ceos, unha mancha de negro chapapote percorreu montes, vilas e cidades, e un lazo negro percorreu os nosos corazóns. A peor noite da historia de Galicia foi vivida sen o acompañamento do seu presidente e do seu Goberno. Estivo escondido todo o domingo negro. Nas cidades, nas vilas e nos montes de Galicia só houbo unha luz nese domingo negro maior que as lapas: os ollos brillantes da xente que saíu valentemente coas súas propias mans, sen medios unha vez máis, a defender o ben común. Na longa noite de lume afundiou a Xunta e emerxeu a xente. No domingo negro, unha vez máis, esmoreceu o Estado e agromou a nación.

Unha cidadanía que pon as súas mans e dá a cara contra o lume non merece un presidente ausente. Unha cidadanía valente e brava non merece un presidente covarde. Escondeuse o domingo negro e escóndese agora. Está reunido o Pleno do Parlamento de Galicia, sede da soberanía popular, e vostede non está. Está toda Galicia representada, e vostede non está. Non se esconda, señor Núñez, non se esconda detrás dunha conselleira que non vai poder explicar hoxe o dispositivo de emerxencias porque non é da súa competencia. Non se esconda detrás dunha trama incendiaria que o director da Escola de Enxeñería Ambiental e Forestal, a Delegación do Goberno e a Fiscalía de Medio Ambiente non vén aínda por ningures. Non se esconda detrás dunha fronteira portuguesa que non limita cos lumes da provincia de Lugo nin da Coruña.

Señor presidente, non se esconda. Compórtese como presidente dun país en estado de emerxencia nacional e que está de loito. Compareza na sede da soberanía nacional e explique que faltaron medios e sobrou incompetencia. A xente merece unha explicación, merecemos unha explicación. Primeiro, pola malicia e a manipulación informativa. A CRTVG é un servizo público que o domingo debeu ter activada unha programación especial, pola que toda a poboación aprendese qué facer se o lume se achegaba ás súas vivendas, na que se informara de

onde había lumes, onde había estradas cortadas, onde había túneles colapsados, onde había rúas e parques urbanos en chamas. A televisión debería informar de como protexerse da intoxicación do fume, e funcionou como un medio de intoxicación informativa. *(Aplausos.)*

Sánchez Izquierdo debe dimitir inmediatamente como responsable directo dunha intoxicación masiva á poboación galega. Pídello En Marea pero tamén o Comité Intercentros da CRTVG e toda a cidadanía de Galicia.

Debe vostede dar explicacións pola imprudencia temeraria, ¡temeraria!, dos mandos políticos de Protección Civil. Coas proxeccións meteorolóxicas e os incendios en curso, non prohibir actividades lúdicas no monte foi unha temeridade criminal. Comezaron as xornadas de caza e había centos de grupos de excursionistas facendo sendeirismo. O monte puido ser unha trampa mortal para todos eles.

Deben dar explicacións pola falta de mobilización de todos os efectivos persoais dispoñibles. Non é certo que a Xunta tivese operativos todos os efectivos dispoñibles. Son ben coñecidos os 436 despedimentos de brigadistas porque seica era final da tempada e logo do 12 de outubro xa non podía haber incendios porque o di a Xunta. Non se cubriron nin as baixas nin as vacacións, polo que os equipos estaban baixo mínimos nesa época. Para máis detalle, o venres 14 de outubro a Xunta negouse a aumentar o número de gardas para os axentes forestais, que son quen deben dirixir os traballos.

Despois de non prorrogarlles os contratos, sabendo a situación de risco, o sábado 15 de outubro o persoal adscrito a Seaga era informado da prórroga do seu tempo de servizo por un prazo de quince días. Este persoal comezou a traballar o domingo, case sen contar co material preciso. Non estiveron listos nin pertrechados ata a mañá de onte.

Os axentes de Medio Ambiente estiveron en adscrición obrigada a incendios ata o día 30 de setembro. A pesar desa situación de risco non se prorrogou a adscrición. Como consecuencia, aínda que nestes momentos estean de garda non poden realizar estas funcións. O cadrante para as súas gardas estaba previsto que tivera efectividade a partir de onte. Non entenden vostedes un fenómeno: o da desestacionalización dos lumes. E mentres non o entendan, non podemos acabar coa angustia da xente. *(Aplausos.)*

Queremos que veña a esta Cámara para dar explicación pola falta de mobilización de todos os recursos materiais dispoñibles. Non é certo, tal e como dixó vostede, presidente, que todos os efectivos materiais estivesen traballando. Ningún dos parques comarcais das provincias de Lugo e da Coruña estaban mobilizados. Mobilizados significa co reforzo especial propio dese nivel. Coa mobilización dos parques de Viveiro, Barreiros, Chantada, Monforte e Sarria poderían ter efectivos adicionais que lles permitirían dedicar á extinción ata 6 nodrizas de 8.000 litros cada unha. Por se non o sabe, contámosllo nós: unha nodriza carga tanta auga como catro carrocetas de Protección Civil; e por cada parque mobilizado, tres efectivos máis para o lume. Así que boten contas.

Supoño que volverá dicir a señora conselleira que todo isto non era certo, pero abundan os partes dos parques comarcais onde se revela que non estaban mobilizados os efectivos e

que, polo tanto, unha conveniente orde de reforzo daría lugar a unha maior dispoñibilidade de medios.

Había medios parados porque non había persoal para atender a situación excepcional que se deu esta fin de semana. Tampouco se dispuña de brigadas aerotransportadas da Xunta porque non se prorrogou o tempo de contrato dos helicópteros. ¡Cantas bágoas se poderían ter evitado, se poderían ter aforrado, con todos estes medios mobilizados e dispoñibles, señor presidente!

Debería render vostede contas tamén pola falta de medios de protección cidadá. Cóntanse por centos as aldeas e vilas onde a policía e Protección Civil non podían fornecer a poboación de algo tan básico como mascarillas. E as liñas do 112 estaban colapsadas e a televisión non informaba de como facer mascarillas artesás, non había batelumes, non había o máis mínimo medio persoal de atención á poboación... ¿Cantas intoxicacións se terían evitado cun bo equipamento de protección civil?

Debería vostede explicar por que non se activaron todos os protocolos de evacuación. Non funcionaron os protocolos porque a Xunta non os aplica como debe. Como exemplo, cando hai lumes de nivel 2, do que tanto escoitamos falar estes días, onde arden casas, gasoleiras, debe de activarse o Peifoga, e non o fixeron, non o fixeron ben, incumprindo o establecido, polo que cuestións tan básicas como o desaloxo das aldeas non se realizou como debiera. ¡Cantos dramas teriamos evitado, señor presidente, coa activación dos protocolos!

Debería vostede explicar tamén a descoordinación do mando único de emerxencias e a ineficacia dos recursos dispoñibles. A incapacidade de coordinación de medios urbanos foi abraiante na cidade de Vigo, e impediu atender en tempo real unha oferta de medios dispoñibles que esta e outras cidades puxeron á disposición dun mando que non era quen de atender as emerxencias.

O señor Rueda bota as mans á cabeza, pero podería estar comparecendo aquí tamén e non o fai, igual que podía estar o presidente e non o fai. Polo tanto, xa que non quere comparecer aquí, polo menos non faga abraios desde aí.

En Lugo, había motobombas, señor presidente —xa sei que vostede quere ser o presidente pero non hai maneira—, que se lle cruzaban polo camiño indo dun lume a outro, porque, no canto de mandalas ao lume máis próximo, eran enviadas ao lume máis lonxano. Así pasou en Friol, onde se enviaba a motobomba de Castro, mentres en Vilalba se enviaba a Ludrio, no concello de Castro.

Deberían de dar conta tamén polo colapso do Servizo de Información e Emerxencias. Os servizos de atención telefónica 112 e 085 estiveron colapsados toda a tarde e noite do domingo, mentres a TVG botaba o *Land Róber* e *Serra moura*, e a radio galega, *Galicia en goles*.

Deberían vostedes explicar, señor presidente —señor presidente ausente—, a ausencia das forzas e corpos de seguridade do Estado para regular o tránsito viario. Faláron de medios para regular o tráfico, para ordenar a saída da xente dos núcleos, para conducila por vías seguras, para evitar que entrasen en túneles, que puideron calcinalos coma se dun forno se

tratase. ¿Onde estaban os efectivos que faltaban? (*Aplausos.*) Interceptando caixas dos chinos en Cataluña.

Faltaron —e deberían de dar explicacións por isto— os traballos de prevención programados para 2017 e que aínda non se fixeron, a maioría das casetas de vixilancia de incendios foron pechadas, as brigadas na casa ou traballando baixo mínimos, distritos coa metade dos axentes forestais que había dez anos...

Pedi a señora conselleira que a crésemos unha e mil veces. Non se trata de crer, señor presidente. Nin a trama incendiaria —que só a conselleira e vostede viron— nin os lumes portugueses son responsables destas 10 cuestións que acabamos de formular. Son 10 cuestións das que se debería de responder, e non teñen nada que ver nin coa trama nin con Portugal. Queremos respostas. A súa incompetencia e a súa imprevisión deixaron a cidadanía orfa de medios de loita contra o lume. Unha vez máis, o domingo negro a xente sentiu a soidade do seu goberno diante dunha catástrofe.

Señor presidente, decepciona vostede unha vez máis. Decepcionou coa súa ausencia durante o domingo negro de Galicia, preferiu vostede xestionar a opinión pública mediante a manipulación informativa que xestionar a catástrofe derivada da súa incompetencia. Decepcionou a súa rendición na peor noite da historia contemporánea de Galicia. Mentres a xente apagaba o lume coas súas mans, vostede dicía na radio e na televisión que non se podía facer nada. ¡Claro que se podía facer algo! Decepcionou vostede coa súa clamorosa ausencia tamén hoxe neste hemisiciclo. O domingo decepcionou coa súa incompetencia, hoxe decepciona coa súa covardía, e quen decepciona a súa xente, quen non está cando se lle chama, non merece o posto que ocupa.

O domingo negro a cidadanía puxo a súa alma, o seu corpo, os seus folgos e a súa vida para defender o ben común. Deixaron ben claro que para defender o seu país a vostede non o necesitan.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiros.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Moitas grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi boa tarde a todos.

Sirvan tamén as miñas primeiras palabras para lamentar de forma profunda a perda de vidas humanas e para trasladarlles aos seus familiares e seres queridos as nosas condolencias e todo o noso apoio nestes momentos tan complicados.

E sexan tamén as miñas seguintes palabras para testemuñarlle todo o noso agradecemento e admiración ao conxunto do operativo contra incendios, que estiveron a traballar durante esta fin de semana, e sobre todo cunhas condicións meteorolóxicas sen precedentes, nun mes de outubro na nosa comunidade.

Si, o noso recoñecemento e agradecemento aos equipos de extinción, porque se estiveron enfrontando á peor actividade incendiaria, coas peores condicións meteorolóxicas posibles e de forma simultánea, centrando sobre todo os seus esforzos en protexer os cidadáns; recoñecemento e agradecemento que lle facemos extensivo á Policía Nacional, á Garda Civil, ao Exército e a todas as persoas que colaboraron. (*Aplausos.*)

E tamén todo o noso recoñecemento e agradecemento aos milleiros de persoas anónimas, voluntarias e solidarias, que se puxeron a colaborar desinteresadamente na extinción dos incendios, prestando axuda aos seus veciños e persoas que o puideran precisar. Un enorme exemplo de determinación e valentía, pero tamén de unión e de compromiso, algo que nunca seremos capaces de pagarlles de forma suficiente. Mentres tanto, aí vai o noso agradecemento eterno e a nosa admiración máis sincera.

Señora conselleira, voulle dar traslado dunha tranquilidade, e non o vou facer coas miñas palabras, vou utilizar as do señor Anxo Quintana o 19 de agosto do 2006, nunha entrevista a nivel nacional: «*Cuando te enfrentas a una guerra, los efectivos nunca son suficientes*».

Señora conselleira, o Grupo Popular quérelle agradecer a súa comparecencia nesta Cámara de forma tan áxil e inmediata, tan só un día despois de terse producido nesta pasada fin de semana o maior terrorismo incendiario que ten acontecido na nosa comunidade. Moitas grazas pola súa seriedade, polo seu rigor e, sobre todo, pola súa vontade clara e decidida de trasladarlles a todas as deputadas e deputados, e, en definitiva, a toda a sociedade galega, todo canto ten acontecido a consecuencia dos incendios que estamos a sufrir. Oxalá o resto dos grupos desta Cámara actuaran coa mesma seriedade e responsabilidade. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*)

Señorías da oposición, hai apenas quince días xa debatemos aquí sobre o tema dos incendios en Galicia e xa lle dixemos daquela que, a pesar de que ata esa data os datos rigorosos e reais dos incendios e das hectáreas queimadas eran verdadeiramente optimistas, nós non iamos presumir de nada, nin alardeabamos de nada; non, mentres houbera un só incendio ou mentres se queimara unha soa hectárea; non, porque non todo depende de nós; non, porque hai factores climáticos e naturais que non dependen de nós, nin do Goberno nin da oposición.

Ata ese momento, a situación era moi distinta: ardera un 44 % menos de superficie que no 2016 e o 80 % dos incendios quedaban en conatos; é dicir, non sobrepasaban 1 hectárea de superficie queimada. Si, houbera algúns incendios máis que no ano anterior, pero con 9.500 hectáreas menos queimadas que no ano 2016. E aínda que a maior parte dos incendios se manifestan en horario nocturno, para evitar a actuación dos medios aéreos e en forma de multifocos, o tempo de reacción do operativo de extinción promedia entre os 16 e os 20 minutos.

Estes datos, señorías, indican claramente que o operativo coordinado pola Xunta de Galicia en circunstancias normais é altamente eficaz. Pero o escenario cambiou de forma radical, baténdose todos os récords posibles. Unha ausencia de precipitacións de récord; como consecuencia, unha seca prolongada de récord; unhas temperaturas inusuais para esta época do ano en forma de récord; a máis baixa porcentaxe de humidade na nosa comunidade no mes de outubro, que foi de récord; uns ventos secos empuxados polo furacán Ofelia, cunha velocidade superior aos 90 quilómetros por hora; é dicir, de récord.

A confluencia de todos estes factores negativos propiciou unhas condicións extremadamente explosivas para a propagación e proliferación dos incendios, pero, aínda así e todo, o monte señorías, non arde só. Galicia non arde soa, os incendios non se producen porque si, sen máis; a Galicia quéimana.

Estes factores e condicións foron moi ben aproveitados por uns individuos sen escrúpulos, sen sentimentos, sen ningún atisbo de principios éticos, sociais, ecolóxicos ou medioambientais, sen reparar sequera en que coa súa absoluta irresponsabilidade atentan contra a vida das persoas. Uns auténticos terroristas incendiarios, e así hai que dicilo.

Pero á parte dos incendios que atravesaron a fronteira que proviña de Portugal como consecuencia dos fortísimos ventos, había lumes que se producían en forma de multifocos, espallados, simultáneos, ao longo de todo o territorio, separados entre si —non o digo eu, díxoo o propio alcalde de Vigo, o señor Caballero—, entre 2, 4 e 8 quilómetros, incluso en parcelas urbanas polo centro da propia cidade olívica, en territorios de concellos gobernados por distintas ideoloxías políticas. Un atentado en toda regra contra as galegas e os galegos, sen ningún tipo de distinción ou preferencia; unicamente, iso si, coa determinante idea de causar o maior e máis grave dano posible a Galicia. Algo nunca visto.

Señora conselleira, xa están dando resultado as investigacións. Publica a Axencia Efe hoxe unha información que di o seguinte: «*Los primeiros indicios de los que dispone la Guardia Civil apuntan a la intencionalidad en gran parte de los incendios registrados en Galicia, según informan fuentes del Instituto Armado*». Tampouco o dicimos nós.

Señorías da oposición, diante destes feitos, diante destas circunstancias, este humilde deputado pensou que por unha vez ían facer uso da racionalidade, da responsabilidade, do sentido común... (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Rivas Cruz, xa que o seu grupo parlamentario non se fía de vostede, igual non confía no seu traballo...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** ...e ten que promocionar os seus líderes, (*Aplausos.*) respecto, que eu estiven calado, señor.

Pensei que por unha vez ían facer uso da racionalidade, da responsabilidade e do sentido común. Pensei, incauto de min, que vostedes, diante de tan grave ataque incendiario sen precedentes, apostarían por antepoñer os intereses de Galicia aos posibles réditos electorais. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pensamos que neste momento de tristeza, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de indignación, de rabia, de impotencia de tantos e tantos galegos e galegas, vostedes ían estender unha man e arrimar o ombreiro para colaborar e axudar na busca de solucións ás familias e ás persoas afectadas, e tamén para fortalecer o Goberno da Xunta, as forzas e corpos de seguridade do Estado, os xulgados e a todos os cidadáns para denunciar, deter e xulgar os responsables deste terrorismo incendiario, cunhas finalidades e obxectivos absolutamente incomprensibles e dificilmente catalogables.

Para iso aquí está a nosa man tendida, porque Galicia non se merece isto, porque os galegos e as galegas... *(Risos.)* Entendo que lles faga moita gracia. Como vostedes non pisaron os incendios, non viron as escenas que outros tivemos que soportar... *(Murmurios.)* Xa o sei, xa o sei. *(Aplausos.)*

Señor presidente...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Porque Galicia non se merece isto nin iso que están facendo, porque os galegos e as galegas o que demandamos son solucións e non liortas, porque as galegas e os galegos queren resultados, queren acordos e non politiqueos baratos que só conducen á confusión e á decepción das persoas de ben e, pola contra, ao envalentonamento dos delinquentes que atentan contra Galicia. *(Murmurios.)*

Sigan, sigan.

Nós apostamos polos acordos; nós, señorías, apostamos por Galicia. Outros parece que polo que apostan é polas manifestacións e polas pancartas. E vostedes, señorías, seguen instalados na crítica, na destrución, no acoso, na emenda á totalidade, no non porque non, e, se non, tampouco. *(Murmurios.)*

Xa llelo dixen con anterioridade: é o que pasa cando non hai argumentos, cando nos lles asiste a razón ou cando o único fin que perseguen é a crítica constante e o acoso continuado ao Goberno da Xunta e a este Grupo Parlamentario Popular na única busca de puro vantaxismo electoral.

O seu único fin, señorías, é confundir, crear alarma, desestabilizar e procurar o desgaste do Goberno do PP. ¡Alá vostedes! Non serei eu quen afirme que mesmo parece que vostedes estiveran desexando que acontecese este desafío... *(Protestas.)* *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Silencio. ¡Silencio! Non, non, perdón, silencio. ¡Silencio, por favor! Está no uso da palabra. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)* ¡Silencio! ¡Silencio, por favor! Está no uso da palabra, e eu mesmo creo que el vai matizar o que acaba de dicir. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, non, silencio! *(Protestas.)* ¡Silencio! ¡Silencio! *(Protestas.)*

Non, non, o señor Balseiros el mesmo ía... *(Protestas.)* Porque vostedes cortárono. Ía explicar o que posiblemente entenderon mal. *(Fortes murmurios.)*

¡Silencio! ¡Silencio! O señor Balseiros ten a palabra.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Señorías... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, ¡silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Aquí non se acusou a ninguén de que prendera lume. Non se acusou... *(Murmurios.)* Non, ¡silencio! *(Murmurios.)* Non se acusou. *(Murmurios.)* Non, ¡perdón! *(Murmurios.)*



¿Estou eu noutro debate ou eu agora...? Eu creo que atendo bastante aos debates. *(Murmurios.)*  
Non, non, ¡perdón! *(Murmurios.)* Non, non, déixeme falar a min. O tempo seralle compen-  
sado. *(Murmurios.)*

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Se me deixan rematar... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdón, eu voulle pedir ao señor Balseiros que, efectivamente, sobre iso que acaba... *(Murmurios.)* El mesmo ía facelo xa, o que pasa é que vostedes o cor-  
taron. *(Fortes murmurios.)* ¡Silencio! ¡Silencio! *(Fortes murmurios.)* ¡Xa está! ¡Silencio! ¡Xa está!  
*(Fortes murmurios.)* ¡Silencio! ¡Silencio! *(Murmurios.)* Non, non, ¡silencio! *(Murmurios.)*

Señor Balseiros, continúe.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Señor presidente, eu non fixen ningunha afirmación. De feito, dixeron que non serei eu quen afirme que parece que vostedes estiveran desexando que acontecesse este... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Non, non o direi eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Correcto. ¡Silencio! *(Protestas.)*

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Porque non somos todos iguais. *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Señor Rodríguez, silencio! *(Murmurios.)*

¡Silencio! *(Murmurios.)* ¡Silencio!, se non, teño que empezar a chamar á orde e non me gustaría. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, por favor! *(Murmurios.)* ¡Silencio todos, por favor!

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Señor presidente, a estratexia é...

**O señor PRESIDENTE:** Termine vostede.

*(O señor Balseiros Guinarte pronuncia palabras que non se perciben.)*

Xa o sei pero... *(Fortes murmurios.)* *(O señor Balseiros Guinarte pronuncia palabras que non se perciben.)*

Termine vostede, que ten tempo para o seu discurso.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Moitas grazas, señor presidente.

Créanme, señorías. Síntome autorizado, exactamente igual que a inmensa maioría dos meus compañeiros do Grupo Popular, para facer tales observacións. Porque nós, ao contrario que vostedes, o que fixemos foi estar desde o primeiro minuto ao lado dos veciños, comarca a comarca, incendio a incendio. Si, señorías, a maior parte do domingo, toda a noite e a práctica totalidade do día de onte —luns— o que fixemos foi estar cos afectados nas comarcas de Pontevedra, na de Vigo, no Baixo Miño, no Ribeiro, en Paderne de Allariz, en Cervantes, no Cebreiro, etc. Sempre ao lado dos brigadistas, da Garda Civil, da Policía, dos voluntarios, dos políticos de calquera cor, dos técnicos, dos afectados, da xente, dos galegos e das galegas, axudando, colaborando e apagando os lumes, sendo útiles, señorías, sendo prácticos e sendo pragmáticos... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** ...e axudando humildemente, señorías, axudando.

Por certo, nin eu nin César Fernández, nin José González, nin Teresa Egerique, nin Isabel Novo, nin Carlos Gómez, nin Julia Barreira, nin ningún do resto dos deputados e deputadas do Grupo Popular nos encontramos con vostedes nas zonas dos incendios. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ningún de vostedes! *(Protestas.)* *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** ¿E saben por que? *(Protestas.)* *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! ¡Silencio! *(Aplausos.)* *(Protestas.)*

Señores, ¡silencio!

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** ¿E saben por que? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, ¡silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)* ¡Señores! ¡Silencio, por favor!

¡Vou suspender o pleno! *(Protestas.)*

¡Vou suspender o pleno! *(Protestas.)*

Non, non, non, vou suspender o pleno. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)*  
Non, non, ¡silencio! Se non, véxome obrigado a suspender o pleno.

Isto é un debate, e nos debates... *(Protestas.)* Si, non se insultou a ninguén. Haberá oportunidade de rectificar despois. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Silencio!

Vamos deixar que termine o señor Balseiros.

Termine, por favor, cando poida. (*Murmurios.*)

¡Silencio!

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Señorías, se cadra estiveron pero non coincidimos, é unha cousa moi rara. (*Aplausos.*) (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Se cadra estiveron pero, ao mellor, non coincidimos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Entón ao mellor vostedes teñen o don de poder estar en todos os sitios ao mesmo tempo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor! ¡Silencio! (*Murmurios.*)

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Porque, mentres nós si estabamos —vostedes ao mellor tamén, pero non os vimos— axudando os veciños, vostedes nese tempo o que estaban era preparando as manifestacións. (*Fortes murmurios.*) Si, señorías, manifestacións que prepararon mentres nós estabamos ao lado dos afectados. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Permítanme que lles diga que me sinto preocupado..., (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

Remate cando poida, señor Balseiros.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Permítanme que lles diga que me sinto preocupado, preocupado de ver como determinados persoeiros que non pasaron ningún traballo apagando incendios —ao mellor algúns si— (*Murmurios.*) que non pasaron ningún perigo —ao mellor algún tamén—... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** ...e nin moito menos axudaron a ninguén —se cadra si—, (*Murmurios.*) e outros que probablemente nunca pisaron o rural... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio! (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Vou suspender o pleno! (*Protestas.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio! ¡Silencio, por favor!

Señor Balseiros, remate cando poida. Remate xa.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Señor presidente...

**O señor PRESIDENTE:** Bueno, levamos cinco minutos máis. *(Murmurios.)*

¡Silencio!

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Miren, señorías, é unha tristeza que poidan usar de forma tan mesquiña e manipuladora... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Vou suspender entón. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Estanme obrigando a suspender o pleno e non quería. *(Protestas.)*

Non, non, suspendemos. ¡Eu non teño problema! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Señor presidente, xa vou rematar porque...,

**O señor PRESIDENTE:** Si, remate. *(Murmurios.)*

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** ...cando as cousas sentan mal, non se queren escoitar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! *(Protestas.)*

¡Silencio!

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Señorías... *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio!

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Non se sulfuren tanto, á fin e ao cabo eu non lle chamei corrupto a ninguén, nin asasino de mulleres nin cousa parecida. *(Aplausos.)* *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señor Balseiros.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** En todo caso —e remato xa— o único que me parece é que me causa unha enorme tristeza que utilicen de forma tan maquiavélica esta desgraciada acción que tivemos cos incendios.

Moitas grazas. *(Fortes aplausos.)* *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Balseiros.

Réplica da conselleira do Medio Rural.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas, señor presidente.

A verdade é que eu comparezo por iniciativa propia. Quíxeno facer canto antes, quíxenlles explicar cal era a situación de Galicia. E é o que vou seguir facendo ao longo deste tempo. Pero tamén si é certo que cría que estabamos todos un pouco máis sensibilizados e deixaríamos de facer política e nos centrariamos no que lle atañe a Galicia —para a hemeroteca, que me recordaban algúns, pois, efectivamente, hai moita hemeroteca—.

Dígolles que o triste de todo isto e que desde que comezou a comparecencia pois segue habendo lumes en Galicia; un máis en Vilalba e un máis en Monterrei. Iso é o triste.

Quero dicirlles, señora Pontón e señor Villares —que preguntaban por que o presidente da Xunta non estaba dando a cara—, que o presidente da Xunta neste momento está trasladando o pesar de todos os galegos e galegas no tanatorio en Vigo a unha persoa que faleceu. Foi unha vítima máis deste incendio. Subiu non sei a onde, caeu e, polo tanto, tivo un problema e faleceu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Co cal xa saben vostedes onde está o presidente da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)*

O presidente da Xunta de Galicia —igual que o Goberno, igual que os seus conselleiros— non se esconde, o presidente da Xunta de Galicia está ás boas e ás malas. E o presidente da Xunta de Galicia estaba en todo momento pendente e, cos distintos equipos, presente nos distintos centros e zonas dende a noite do sábado. Polo tanto, é esa a aclaración que lles quería facer.

Vou procurar responder un pouco ao que vostedes viñeron dicíndome para clarificar certas cousas que moitas veces chaman a atención. E chama a atención —e, ademais, que intentemos facer esa política, que eu creo rastreira, pero encima unha mala política de cara aos nosos cidadáns— que nomeemos unha e mil veces Ence, que nomeemos, polo tanto, unha e mil veces os eucaliptos. Xa lles dixen que aquí non houbo diferenza entre eucaliptais e carballeiras, esa é a gran realidade. Polo cal, deixen vostedes de facer demagogia neste sentido, porque os incendiarios non entenderon de eucaliptais nin de calquera outra cousa.

Preocúpalles o Plan forestal. Pois, miren, o Plan forestal estao facendo a sociedade galega, estao facendo o sector. Están facendo a revisión dese Plan forestal. Pero ese Plan forestal non vai ser o que queiran vostedes nin vostedes, vai ser o que quere a sociedade galega. Non nos empeñemos en dirixir certas políticas que non levan a nada. Ese Plan forestal ten que ser para a xente que vive no rural e vive do rural, e temos que facelo compatible. *(Aplausos.)*

Hoxe trasladábame a San Cristovo de Cea, e alí vía a indignación do persoal que axudou a repoboar un monte, monte que se repoboou no ano 2007, despois dun incendio no ano 2003, e perfectamente ordenado. Ardeu o monte, chegou ás casas e incluso á parte agraria, pero tamén chegou ao mosteiro de Oseira. E, por favor, fagamos pedagogía, pero en positivo, do

que son uns incendios e outros, que non distingue, ademais, de especies. Non hai especies envelenadas, hai especies forestais. En Ourense é onde máis ardeu, en Ourense é onde máis actividade incendiaria hai e en Ourense non hai eucaliptos. Deixemos de demonizar unhas cousas porque nos dá a gana fronte a outras, o que non ten razón de ser.

Dicíase que despediramos xente. Miren, non despedimos a ninguén. Hai un colectivo que leva moitísimos anos —e, ademais, efectivamente, algúns dos que están aquí estiveron gobernando— e que están contratados por tres meses. Acabouse o contrato, fixéronse os trámites administrativos, antes da vaga de incendios declarouse a emerxencia —dígolles que veño aquí para darlles toda a información, para que vexan vostedes os decretos—, chamouse ese persoal e estaba incorporado antes da vaga de incendios. Unha e mil veces nomean vostedes a Seaga, e paréceme moi ben. O persoal de Seaga é o 8 % do persoal de incendios da Consellería do Medio Rural. Cando vostedes falan de empresas privadas, a min gustaríame, por favor, que clarificaran. Pero clarifiquen vostedes, para non enganar a xente, a ver cales son esas empresas privadas, porque igual estou eu á fronte da Consellería e igual aínda non me enterei.

Polo tanto, remataron os contratos e, de novo, renováronse os contratos. E renováronse, ademais, contratos sen precedentes, que eran os do persoal fixo discontinuo dos once meses —que estaban todos traballando, señor Villares, o día 11—. E grazas a iso puideron estar as motobombas todas operativas. Pero tamén hai que saber que hai turnos e que deben respectarse, independentemente de que, de xeito voluntario, houbo xente que chegou a facer ata 24 horas.

Non sabe distinguir vostede entre estar operativo e ampliar as gardas dos axentes forestais. Ademais de estar plenamente operativos —que estaban todos antes do día 11—, o que se fai é, como é alto risco, aumentar esas gardas para estar operativos as 24 horas. Tamén se fai o mesmo cos técnicos forestais. Os parques de bombeiros saiban que estaban todos perfectamente distribuídos. E non o dicimos nós, é que o dixó a presidenta da Deputación —coa cal estiven en contacto dende a primeira hora da mañá—. Ela saíu a dicir que o parque fora un exemplo a seguir —é a presidenta do Consorcio—. E o mesmo pasa nos consorcios de Lugo ou nos consorcios da Coruña, co cal un pouco de respecto ás distintas organizacións de profesionais. *(Aplausos.)*

O 112 tivo unha situación de emerxencia, como o resto dos colectivos, pero atendeu en todo momento o persoal, endexamais quedou o persoal sen atender. Polo tanto, non vaian con esa imaxe. Non imos ben. A sociedade cánsase de todo isto, e hoxe varios mozos dicíanme: «Isto vai ser outra vez máis do mesmo, non vos poñeredes de acordo, intentaredes tirar uns por un lado e outros por outro».

Mirade, eu dígovos e infórmovos en realidade do que fixemos e, a partir de aí, cadaquén coa súa responsabilidade e cadaquén coa súa conciencia.

Non houbo nos últimos anos amortización ningunha de postos de axentes forestais e o seu nivel de cobertura está nun cen por cento. E, por responder sobre se diminuímos o persoal, sobre se o operativo non estaba, pois estaba o operativo, non diminuímos o persoal. É máis, é que fixemos todo o posible —pero non agora, é que levamos feito todo o posible— para que estean nunha mellor situación.

Dito isto, haberá algo no que coincidimos, o que nos trae aquí, que foi esa vaga de lumes e como se comportou este ano. E, efectivamente, o ano 2017 foi o máis seco da serie histórica. E, efectivamente, ata o 30 de setembro a situación foi «boa» —entre comiñas, porque, mentres haxa un incendio, por suposto, de contentos, nada—.

Señora Pontón, en canto a humildade, toda a do mundo. O único que hai é traballo, o único que hai é tristeza, pero humildade..., humildade créame que poderá atopar máis, pero con similitude. Pero tamén é certo que tiñamos por diante un furacán, o Ophelia, que trouxo un fenómeno atmosférico. E ese fenómeno atmosférico mudou, nunha cantidade de hectáreas, non de incendios... Porque os incendios créame que non se reproducen, non emanan da terra. Hai incendiarios. E ¿é desviar a atención dicir que existen incendiarios? ¡Pero ata aquí podíamos chegar! Estamos preparados para apagar, para o que non estamos preparados é para cortar as mans desas persoas que se dedican a facer moito dano. E non sei se conseguiron facer todo o dano que eles querían.

Avanzouse moito en Galicia, avanzouse moito nos últimos anos. Avanzouse no número de incendios, por suposto. Se imos á serie histórica, podemos falar, no ano 2003, de 8.518 incendios; no ano 2004, de 10.300; no ano 2005, de 11.785; no ano 2006, de 6.948. E agora no ano 2017, ata o de agora, estamos en 3.162. Avanzar, avanzouse; pero ¿avanzouse o suficiente? Por suposto que non.

No número de hectáreas por suposto que se fixo un labor inmenso ao longo de todos estes anos, pero talvez alguén quería dar un golpe de efecto e dicir que isto non ía ben, que isto non ía ben. E dígolles que concentramos, en catro días, 273. O día 13 do 10 tivemos 29 lumes; o día 14, 56 lumes; o día 15, 134 lumes; o día 16, 54 lumes. Na provincia da Coruña foron 36; en Lugo foron 80; en Ourense, 105; en Pontevedra, 52. Destes 273 lumes, 96 iniciáronse entre as 20.00 horas e as 23.59 horas; é dicir, cando xa non temos efectivos e medios aéreos para poder atallalos e combatelos no mesmo momento.

Incidencias por suposto que houbo. E a iso é ao que nos dedicamos. Señores e señoras deputadas, non nos dedicamos a facer política con isto. E ¿que incidencias nos constan? Pois cónstanos a incidencia, no caso da provincia de Lugo, dunha afección nunha vivenda habitada; en Ourense, dúas, das que está verificado que son deshabitadas, e tres afectadas posiblemente baleiras ou deshabitadas; e en Pontevedra, 20 —16 habitadas e 4 deshabitadas—.

Cónstannos incidencias tamén en instalacións: en Lugo, dous alpendres e unha palloza en ruínas; no caso de Ourense un curral ou galpón; e, no caso de Pontevedra, sete naves —dúas de madeira, unha de distribución de bebidas, unha de almacenamento de material de construción e tres de gando—, así como dez galpóns.

Cónstannos tamén afeccións de vehículos: no caso de Lugo, dous; no caso de Ourense, dous; e no caso de Pontevedra, seis.

Nisto estamos a traballar, e estamos a traballar para darlle solución. O mal xa o fixeron outros. O ben fíxoo toda a sociedade galega intentando evitar maiores males. Fixérono tamén todos os colectivos e todos os profesionais, eses son os que fan o ben; o mal, outros. E agora

á Administración tócalle poñer enriba da mesa todas as medidas posibles para que esa dor sexa un pouquiño máis leve.

Polo tanto, imos habilitar medidas para paliar os danos. Niso comezouse a traballar. E imos priorizar danos comezando polas vivendas habitadas; en segundo lugar, naves e granxas. E, por suposto, empezar xa a valorar para facer as distintas restauracións dentro do ámbito forestal e tendo en conta todos os parques afectados.

Á pregunta de se reducimos medios, eu dígolles que non reducimos medios. Pero é que eu podo constatalo, eu teño os números. Pero é que poden velo vostedes, non se reduciron medios. Respecto das brigadas de Seaga, a súa incorporación empezou o domingo, e os fixos discontinuos de tres meses comezaron o día 11. Houbo previsión e houbo organización. Chamouse a xente para que se incorporara —os de vacacións—. E os demais substituíronse. ¡Como podo ver cabezas dicindo que non, se estiveron todos os funcionarios chamando para poder localizalos! ¡Pero como se poden negar obviedades e que iso non é certo! Se están vostedes empeñados, sigan así.

Falaban de hemeroteca. Miren, todos os efectivos son bos, efectivamente todos os efectivos son bos. Pero, co vento que tiñamos, houbo momentos en que houbo que retirar os efectivos que estaban á fronte do lume, porque, se non, levaríaos por diante. E é verdade que xa non está no Parlamento. Era unha das persoas que eu entendo que máis coñecía, da oposición, o que é o eido rural. Era das que realmente se preocupaba, esa era Tereixa Paz. E eu, ademais, vivino cando era alcaldesa do meu pobo. Naquel momento ela dicía: «O feito de que houbera 30 ou 40 brigadas máis durante os días 13, 14 e 15 de agosto» —que era naquel momento— «non ía determinar a magnitude da catástrofe; sobre todo, se estamos a falar dunhas brigadas que se constitúen unicamente para tres meses, e que todos e cada un dos grupos aquí presentes temos cuestionado neste ano. Sen embargo, non puideron, non quixeron ou non se puido facer máis. E recoñezo e fago esta afirmación con independencia de que os culpables deste retraso sexan ou non alcaldes do Partido Popular». Dicíao ela naquel momento.

Fago referencia a ela porque hai moitos aos que pouca referencia se pode facer porque non se preocupaban ou non son coñecedores do rural. Porque eu, señora Pontón, moitas veces, cando a escoito a vostede falar, creo que debería pasear un pouquiño máis polo rural. (*Murmurios.*) Debe pasear un pouquiño máis polo rural. (*Aplausos.*)

Podemos tamén tirar de hemeroteca co director xeral de Montes co Bipartito, que dicía: «Un incendio ten múltiples factores que inflúen, como o vento. Se hai un incendio sen vento, a superficie afectada poder ser unha hectárea; se hai vento, poden ser 10, 20, 100... Nun incendio existen múltiples factores que non teñen que ver cos efectivos e si coa celeridade coa que se dea a alarma. Moitas veces un incendio pódese evitar se chegas en cinco minutos, pero, claro, iso non é fácil no noso territorio».

A ver, sexamos un pouco conscientes, porque efectivamente que todos temos hemeroteca e debemos ser prudentes. E, dentro da prudencia, poñamos enriba da mesa como traballan uns e como traballan outros, en que puidemos avanzar uns e onde non puideron avanzar outros. Pero fagan propostas coherentes, non intenten simplemente dar un titular e ademais



facer unha política fácil na que simplemente saia continuamente unha mensaxe, que é unha mensaxe distorsionada.

Pero non só eles, tamén o señor Blanco, que era ben coñecedor de Galicia, dicía en marzo do ano 2009 —¡home!, digo coñecedor de Galicia porque ten moita familia en Melide, entón coñeceríaa naquel momento—: «O que non podemos ter son os efectivos do verán todo o ano, porque iso hai que pagalo e non hai ningunha necesidade de ter ese dispositivo, un volume tres veces superior, porque non sería posible financeiro».

É dicir, nós non estamos dicindo que non houbera que ter efectivos. Nós puxemos enriba da mesa todo o que puidemos para que houbera eses efectivos. Ao final o resultado é que se evitaron —créanme— moitísimas desgrazas que puido haber no territorio galego.

En canto aos medios de comunicación, non vaíamos contra os medios de comunicación. Eles fan o seu labor (*Murmurios.*) e nós debemos intentar facilitarllela, pero eles fan o seu labor. E é un labor que, ademais, agradecen os galegos e as galegas. ¿Que ocorre? Que, se queremos distorsionar a mensaxe, entón estamos equivocados, e non debemos utilizalos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señora conselleira, 4 persoas mortas, 55 lumes activos —segundo nos informou vostede nesta mañá—, unha fin de semana negra, miles de persoas desaloxadas e moitas persoas que o perderon todo —porque hai xente que non perdeu só a súa casa, que traballou seguramente moitísimo para poder construíla, senón que hai xente que perdeu os seus negocios porque arderon durante estes días—, e vostede vén aquí dicirme que pasee polo rural, (*Aplausos.*) que pasee polo rural. Señora conselleira, creo que hoxe era previsible a miserable intervención do Partido Popular, (*Aplausos.*) pero non era previsible, señora conselleira, que vostede viñera aquí con esta frivolidade nun día tan complicado e tan difícil, e despois de todo o que acaba de vivir este país.

Eu, desde logo, espero moito máis dun goberno que estea ao servizo do país e nun momento tan difícil e tan complicado. Creo, señora conselleira, que nos está demostrando por activa e por pasiva que lle queda moi grande o cargo que neste momento está ostentando, señora conselleira. (*Aplausos.*) Dígollo desde o respecto, pero desde o punto de vista dunha valoración política que creo que hoxe vostede acaba de demostrar.

Miren, eu vin moitos alcaldes e moitas alcaldesas de todas as cores políticas loitando cos seus veciños contra o lume. Vin moita xente que estivo horas sen durmir, dirixindo operativos, sacando xente das casas, loitando contra o lume. Creo que ninguén ten dereito a darlle leccións a ninguén sobre o que está pasando nestes días, nin temos que vir aquí a sacar car-

nés de ningún tipo. (*Aplausos.*) Creo que é absolutamente inapropiado. Se eu quixera vir aquí a facer hemeroteca... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Si. ¿Sabe o que podería sacar? As circulares do Partido Popular no 2006 nas que se pedía que non se constituíran as brigadas para a loita contra os incendios. (*Aplausos.*) Podería, claro... (*Murmurios.*)

Señores e señoras do Partido Popular, eu insisto en que estou moi orgullosa de estar onte nas rúas con miles de cidadáns que lle dixeron non aos lumes e que están absolutamente indignados pola incompetencia do seu Goberno.

Pero, miren, é que vostedes si que organizaban manifestacións mentres Galiza ardía. (*Aplausos.*) Aquí están a presidenta do Congreso dos Deputados, o presidente Rajoy e o presidente Feijóo, mentres ardía Galiza, pedindo dimisións. Isto era o que vostedes facían naquela altura. E de verdade que non quero seguir coa hemeroteca, porque é de traca, ou co *Diario de Sesións* deste Parlamento e as cousas que se dixeron aquí, nada comparable co que nós hoxe estamos pedíndolle, señora conselleira, que lle estamos formulando preguntas. Non respondeu nin á primeira, ¡nin á primeira!, señora conselleira. Eu fíxenlle moitas preguntas. Nós queremos saber por que tomou a decisión de que nunha situación tan excepcional coma esta se despedira os traballadores de Seaga e do Servizo Público de Prevención de Incendios. E vostede sabe perfectamente, igual que o sei eu —porque está nunha nota que enviaron os propios traballadores e traballadoras de Seaga— que a orde que deu a súa consellería, o *email* que lle mandou aos seus traballadores Pablo Arbones Maciñeira, director xerente de Seaga, o venres 13 ás 12.37 minutos, dicíalles: «Ante a actual situación dos lumes forestais, a Consellería do Medio Rural está a tramitar unha encomenda de xestión para mobilizar as brigadas do dispositivo de Seaga. A dita mobilización está prevista a partir do luns 16 e ata o 31 de outubro do presente ano».

E, ¿sabe o que lle responderon as brigadas? Esta é a comunicación que fixeron eles. Claro que, vendo a situación, ao que se puxeron é a traballar o domingo onde había medios —porque se desmontaran os medios o propio venres— para poder poñerse a traballar. (*Aplausos.*) Isto estano denunciando, señora conselleira, os traballadores e as traballadoras de Seaga. E, desde logo, creo que este tipo de cuestións merecen unha explicación.

Houbo moitísimas chamadas que non puideron ser atendidas polo 112 porque non había persoal suficiente para atender todas as emerxencias que se produciron. Podo darlle casos de xente —se quere, persoalmente— que estivo atrapada na autopista de Baiona chamando desesperadamente ao 112 sen que lle devolverse a chamada, e que alí tiveron que decidir, entre todas as persoas que estaban atrapadas, dar a volta aos coches sen que houbera ningún efectivo nin da Garda Civil nin da Policía nin de ninguén que axudara nunha situación tan extrema. E vostede vén a este Parlamento a dicirnos que todo funcionou perfectamente, e que son casos puntuais.

¿Vostede realmente cre que a xente non se entera do que viviu estes días? Pero ¿vostede realmente cre que ese relato é sostible? ¡Se ata o presidente Feijóo acaba de recoñecer que estiveron doce horas fóra de control!, ¡doce horas todo fóra de control e sen previsións, señora conselleira!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Creo que estamos aquí repetindo... E remato, señor presidente, se me permite, cunha consideración final. Porque evidentemente este é o inicio dun debate máis fondo. Porque está claro que aquí hai moito que investigar, moito que analizar sobre o que está pasando. En primeiro lugar, sobre como funcionou o dispositivo. Pero nós tamén llo dicimos: ou se cambia a política forestal, ou se cambia a política de abandono do medio rural, ou non hai futuro.

Pero, mire, o que está claro é que aquí hai moitas cousas que non funcionaron ben. E ¿sabe o que é lamentable? Que hai dúas actitudes que pode ter un goberno á hora de afrontar unha crise como esta que acabamos de vivir: unha é a que vostedes están facendo, que é algo repetido, xa o vivimos neste país co *Prestige*, xa o vivimos noutras ocasións, na que o importante é manipular a opinión pública...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ... e construír un relato que intente ser crible; e hai outra actitude, que, efectivamente, é a da humildade, a de recoñecer os erros e a de estar disposto a cambiar todo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...o que non funciona ben.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Porque, claro, non pode ser que vostede veña aquí e o que nos diga é que o eucalipto non é un problema para os incendios deste país, a defender a Ence e a realmente...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...non querer cambiar nin recoñecer ningún dos erros que cometeu a Consellería. Desde logo, o Bloque vai traballar para que as cousas muden en positivo neste país.

E asegúrolle que, se vostede tivera que oír...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón. Terminou o seu tempo.

Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...o portavoz do Partido Popular, o que lle estaría dicindo hoxe é que vostede tiña que dimitir. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Case, case picamos e caemos —ou algúns caeron— na provocación do portavoz do Partido Popular, que eu entendo que abertamente veu incendiar o hemiciclo. (*Aplausos.*) Dito con tranquilidade, con todo o sosego do mundo, non é de recibo dicir ou afirmar que só os alcaldes do PP estiveron e (...) (*Inintelixible*) Porque podíamos citar que só vostedes, que tal... Oia, a Deputación de Pontevedra, o alcalde de Carballeda de Avia, Vigo, Nigrán, As Neves, etc. e poderíamos seguir así indefinidamente. Pero, bueno, é claro que veu xogar o papel de malo nesta representación e, por así dicilo, a conselleira o papel de bo. Pero volvo repetir que dar leccións tampouco creo que nos conduza a nada, a ningún sitio en concreto.

Respecto das concentracións, eu creo que había que tomalas con toda a normalidade do mundo. A cidadanía está asustada, está angustiada. E é normal, é froito da sensibilidade que ten por un drama, por un problema que non sabe como atallalo, que a desbordou e polo que se viu ameazada. Non vexo a que vén iso de rasgarse as vestiduras e criminalizar unhas concentracións de cidadáns. Non, para nada, ese non é o camiño que debemos seguir neste tema, tema tan grave que abrangue a meirande parte deste país.

Humildade, si, a humildade e escoitar é importante, porque aquí debemos analizar. E xa se dicía antes: isto é só un principio, debemos ter calma e sosego para analizar a fondo, cuantificar, propoñer e, en definitiva, tratar de solucionar este problema.

Respecto da posición oficial, por así dicilo, da Consellería, a tese está clara. É unha tese única á que se nos trata de levar e que tamén aparece replicada nos medios de comunicación. E é que isto é froito dunha trama de incendiarios. Esa é a tese única que vostede exhibiu aquí nesta sede parlamentaria, non se escoitou falar doutras razóns, doutras causas moito máis profundas e tanto ou máis importantes. E iso non significa sacarlle valor ningún ao tema ou á incidencia dos incendiarios neste tema. Porque, se esa fose a tese única —que non o é—, vai contra todo o sentido común. Vostede dicía que só hai lumes se se plantan. Si, e mesmamente iso se contradí coa afirmación inicial de que o 75 % son debidos aos incendiarios. Pero hoxe mesmo *La Voz de Galicia* publicaba a entrevista co fiscal de Medio Ambiente, o señor Álvaro García Ortiz, que repite ao longo da entrevista: «*No tenemos indicios de que en una situación de un caso de incendiario la gente aproveche para quemar más*». Bueno, dío o fiscal, non o di o Grupo Socialista nin o Bloque nin En Marea. «*Hasta ahora, tras muchos años investigando, no hemos encontrado nada parecido a una trama, ni siquiera en la oleada de 2006. Ya veremos*». Termina así.

Por citar algunha das cousas, descártao, descártao en principio, o cal non quere dicir que ao final pois non apareza a trama. Pero mentres non apareza, hai que actuar cun pouquiño máis de prudencia nese senso. (*Aplausos.*) E eu penso, e pensamos todos, porque así está en todo tipo de investigacións, publicacións, etc., que, independentemente da incidencia de incendiarios, o problema dos lumes é un problema moito máis amplo e complexo. E se non queremos aceptar esta tese, é imposible que intentemos poñer o remedio.

Respecto desas causas profundas, desas causas complexas estruturais, témolas dito aquí en sede parlamentaria moitísimas veces. Temos falado de despoboamento, e todos os estudosos, os analistas, falan do despoboamento como un elemento cardinal que incide nos incendios; ou do abandono da actividade agraria, consecuencia e causa. Supoño que saberá o dato de que este mesmo ano, desde o 1 de xaneiro a 30 de agosto, 263 granxas pecharon, a pesar dos anuncios

e da incidencia das axudas —que as hai, que non se negan—. Pero ese é un botón de mostra de como está o sector, de como, en definitiva, están os alicerces socioeconómicos do mundo rural.

O Plan forestal está obsoleto. Vostede creo que falaba del en termos concretos de que o está facendo a sociedade galega. Bueno, ¡home!, ata aí poderíamos chegar. Houbo grupos, señora conselleira, que participaron nas directrices, pero as directrices son unha cousa, non é o plan. Porque para o plan hai un técnico de Tragsa en Madrid que copia e pega o que se fixo nas Baleares, esa é a realidade. E hai un borrador que o 30 de xuño pasou polo Consello da Xunta pero que segue aí estancado. E non pedimos algo que sexa tan anormal, como que ese borrador sexa de coñecemento...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** ... participen os actores do sector e participen os grupos parlamentarios. Non sei que temor hai a iso. Pero, desde logo, que estea participando a sociedade galega nese plan forestal, non, non, negamos a maior, porque non é certo. Porque a situación —e falaremos mañá diso— non é como vostede nos acaba de describir.

E, para rematar xa, presidente, si; incendiarios, si. Pero sería moi triste que quedase na sociedade que o problema do lume neste país é só unha cuestión de incendiarios, de xente mala fronte a un goberno bo. Porque iso é unha mentira. O problema do lume é un tema moitísimo máis complexo, como vostede sabe, como saben tamén os membros do seu partido e como sabe o Goberno. E hai que ter vontade de afrontar todas esas causas, que son causas estruturais, e tratar de...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Grazas, presidente. Rematei. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Balseiros, señora conselleira, preséntolles este magnífico teléfono móbil. É un Samsung de última xeración, é lixeiro, é flexible, gárdase en calquera lugar, ten unha batería prolongada, ten unha pantalla táctil excelente. A navegación é moito mellor que calquera dos da súa serie, cunha pantalla táctil deliciosa e que ten moita sensibilidade. É un magnífico teléfono Samsung que está estalado. Estalou esta fin de semana, estalou esta fin de semana dentro dunha funda que, á súa vez, estaba dentro dun traxe ignífugo de extinción de lumes. O seu propietario era David, de Manzaneda, deputado neste Parlamento. (*Aplausos.*) Así de cerca do lume está a xente de En Marea cando fai falta. Así de cerca está a xente do común, na defensa do territorio, do país e do ben común, cando fai falta. Así é a xente do común, así somos nós. (*Aplausos.*)

E agora, se queren, falamos do resto de cuestións que nos ocupan nesta tarde, con este cativo debate —que non pode ser un gran debate— sobre as causas e as consecuencias dos lumes.

Dúas notas. Aínda que están empeñados en non dar respostas, talvez algunha poidan, porque non todo o que sucedeu esta fin de semana veu de causas relativas á extinción de lumes desta fin de semana. Hai cuestións que son máis estruturais. Podería vostede aproveitar a súa última quenda para explicarnos por que, cando chegaron ao Goberno, reduciron a distancia de seguridade, entre os núcleos de poboación e as masas forestais, de 100 metros a 50. Suba aquí e explíqueo. ¿Por que fixeron iso? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, suba aquí e explíqueo. Terá o seu turno para explicalo.

En segundo lugar, expliquen por que reduciron de 50 a 30 metros as franxas libres de especies especialmente combustibles. ¿Por que reduciron as masas arbóreas dos núcleos de poboación? ¿Por que as reduciron? ¿Por que, poñendo con iso en perigo as poboacións, como se viu nestes días, reduciron esas distancias? Expliquen por que. ¿A que intereses obedecían? ¿Para que o fixeron? ¿Valeulles a pena a redución desas distancias? O beneficio económico que se podería obter deses 50 metros de distancia, ¿valeulles a pena estes días? Ou sexa, unha soa perda material —xa non falemos das humanas— ¿vale toda a redución de distancias mínimas que vostedes aplicaron con esta reforma que fixeron en 2009 cando chegaron á Xunta? Diga «si» ou diga «non». Explíquese. Porque iso tampouco ten que ver nin cos portugueses nin coas tramas incendiarias. Iso ten que ver cunha decisión institucional da Xunta de Galicia que responde a uns intereses. Diga vostede a que intereses responde e explique por que. Xa que o señor Feijóo non pensa facelo, polo menos que veña alguén que teña a decencia de darnos explicacións.

En todo caso, isto é un debate incompleto, é un debate que pode resultar enganoso, porque os lumes só rematarán cando haxa un rural vivo, e para iso é necesario remover de fondo toda a política aplicada neste momento, non soamente con relación ao medio rural, senón en relación con todo o país.

Que os lumes entraran nas cidades é un exemplo de que non se pode diferenciar rural e urbano. Temos que entender todo coma un conxunto, como un ecosistema do humano e do natural, onde todos poidamos vivir en harmonía.

Para iso se necesita, en primeiro lugar, que haxa un rural vivo. Un rural vivo necesita —e dixémolo aquí mil veces— de servizos esenciais para que a poboación teña expectativas de presente e expectativas de futuro para vivir con dignidade e non marche. O abandono do rural é a primeira causa dos lumes forestais.

É necesario que as escolas abran e non pechen, como fan vostedes.

É necesario que os centros médicos teñan médicos e médicas e enfermeiras e enfermeiros, e non os baleiren de servizos, como fan vostedes.

É necesaria unha rede de atención ás persoas maiores no fogar, e institucionalizadas cando é necesario, e non a destrución dos servizos esenciais, como fan vostedes.

É necesario que os sistemas de transporte, tanto rodado como ferroviario, funcionen, e non incomuniquen, como fixeron vostedes este verán.

É necesario ter en conta que chegou o cambio climático, non é unha ameaza, é unha realidade, pero quen nega o cambio climático non pode adaptarse a el. Temos que adaptarnos ao cambio climático. Iso significa botar man das enerxías renovables, e non penalizalas; iso significa fomentar o aforro enerxético; iso significa fomentar medios de mobilidade sostibles, tanto nas cidades como no medio rural.

É necesario un cambio de modelo forestal, orientado á multifuncionalidade, á sostibilidade e á diversificación das especies, que non sexa todo un monocultivo nin de eucalipto nin de piñeiros. É necesario que se aproveite o sotobosque. É necesario que haxa especies que pasten para que fagan de cortalumes naturais, que desbrocen de xeito natural e que, ademais, produzan riqueza económica. É necesario fomentar a recuperación dun modelo agrogandeiro que poña en valor, non soamente para a forestación de terras agrarias —que foi a maior aberración que viu este país nos últimos trinta anos—, senón que se recuperen para uso agrogandeiro esas superficies que vostedes eucaliptizaron.

É necesario que se produza a mobilidade das terras agrarias, para que a superficie agraria útil daqueles gandeiros e gandeiras que hoxe en día queren acceder a maiores cotas, para ter a explotación ben atendida, poidan facelo.

É necesario que o PDR, que o Plan de desenvolvemento rural, sexa atendido en termos de sostibilidade e de fomento do desenvolvemento do contorno rural, e non simplemente para subvencionar as plantacións de eucaliptos, ao servizo do cártel forestal.

É necesario que a política agraria común sirva para fixar poboación no medio rural.

É necesario que a Administración pública estableza redes, como a oficina de extensión agraria, que sirvan para atender o medio rural.

É necesario que, en definitiva, a Administración se volque cunha xente que loita por sobrevivir no día a día.

O que vimos esta fin de semana...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...cunha poboación atendendo e defendendo o ben común coas súas propias mans ante a falta de medios, só foi unha mostra do momento máis grave do que é a situación cotiá, e é que a xente loita ela soa por saír adiante, porque non ten axudas da Xunta para nada, non ten unha administración que se ocupe nin do medio rural nin da articulación do medio rural, nin do medio urbano, nin do medio urbano nin de nada.

Temos un Estado mínimo —o soño dos neoliberais—, cada vez máis privatizado, cada vez máis retraído, cada vez máis despreocupado da xente, onde non se pode exercer nin a solidariedade social nin a xustiza social, nin hai unha preocupación polo ben común.

Nós consideramos que é necesario un cambio completo de modelo. Non se trata só, efectivamente, de dispoñer de máis brigadistas para que o lume non queime o monte. É necesaria

unha política integral diferente, de carácter agrario, de carácter agropecuario, de carácter forestal, de entender o medio rural e o medio urbano como conformadores dunha soa esencia, dun ecosistema do mundo no que vivimos, que é o único que temos. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiros.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Grazas, señor presidente.

Señora Pontón, evidentemente, nós queremos hemeroteca.

Mire: «*Escritores como Manuel Rivas y Suso de Toro y cantantes como Antón Reixa atribuyen la ola de incendios al rencor por el cambio de Gobierno.*». (Murmurios.) Supoño que lles soa. «*El fiscal general se pone a la cabeza de la tesis del Gobierno de que hay una trama organizada.*» ¿No 2006 si e agora non? (Murmurios.)

Pero, señorías, non os estou insultando, nin sequera son miñas as palabras. Alfredo Suárez Canal, conselleiro de Medio Rural: «*Moitos en Galicia saben como facer dano. O conselleiro do Medio Rural defende que, se o número de lumes non baixa, é porque hai unha actividade criminal inusitada.*» Na mesma páxina: «*Narbona propone investigar si los gallegos padecen alguna patología.*» (Risos.) (Murmurios.)

Señora Pontón, ¿vostede non sabe que hai terroristas incendiarios? O señor Quintana sabíao.

Señor Quiroga, ¿que pasa? Eu non cumpro ningún papel, cumpro coa miña obrigaçión, e fágoo con respecto e con humildade. Por certo, ¿no ano 2006 non había Meteogalicia? Dígoo polo da falta de previsión.

Señor Villares, vostedes están tan cerca dos lumes que teñen tempo para estar nos lumes e mais nas manifestacións. Curioso. Por certo, bota de menos o presidente. ¡Home!, non menosprece a conselleira, que é a responsable do tema que estamos a tratar. (Aplausos.) (Murmurios.)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio. Señor Villares, silencio.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Ademais, ¿saben vostedes por que non está aquí o presidente? O presidente non está aquí porque estalles transmitindo as condolencias de toda Galicia ás familias dos falecidos nos incendios.

Créanme —de verdade llelo digo, señorías—: síntome autorizado a poñer en dúbida as súas críticas á xestión da Xunta de Galicia en materia de prevención e extinción de incendios. E síntome autorizado, porque eu, si, este que lles fala agora, si, xa viviu esta experiencia desoladora con anterioridades. Si, estoume a referir á famosa vaga de incendios do ano 2006. Si, señorías, pero daquela os que gobernaban eran vostedes. ¿Acórdanse da zona cero daqueles pavorosos incendios? Eu si, eu era o alcalde de Cerdedo naquel intre, e pódolles acreditar que daquela, como agora, estiven desde o minuto 1 ao lado dos veciños, a carón dos



lumes, axudando e apagando; tres noites sen durmir, cinco días comendo a base de bocadillos cando se podía, sete días sen descansar, loitando, sufrindo e traballando ao lado dos veciños, dos afectados, da xente, vivindo e compartindo experiencias tan desagradables que moitos nin sequera se poden imaxinar.

Eu, xunto co encargado da agrupación de protección civil, atopamos dúas mulleres carbonizadas ao carón do seu coche calcinado nun desvío ao pé da estrada nacional 541. Logo houbo outro falecemento polo incendio no veciño concello de Campo Lameiro. E créanme: iso non se esquece, iso non é posible esquecerlo.

Si, señorías, daquela tamén houbo desgrazas, daquela tamén houbo perdas de vidas humanas. Nesta ocasión o Goberno deu a cara. Dende a pasada fin de semana estiveron sobre o terreo non só o presidente e a conselleira, senón outros membros do Goberno, como o vicepresidente ou o conselleiro de Sanidade, ademais de todos os que lles relatei anteriormente.

Tamén estiveron nos medios de comunicación, e hoxe nesta mesma semana, e a petición propia, temos a conselleira no Parlamento. Cando ardeu Galicia con outros partidos no Goberno —e eu lembro moi ben aqueles lumes, porque, como dixer, levaron vidas de veciñas no meu concello e no colindante—, o Goberno rexeitou calquera comparecencia extraordinaria nos días posteriores á catástrofe. Tivemos que agardar quince días para escoitar o Goberno en sede parlamentaria. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** ¡Moito mal fan as verdades! E a desculpa era a seguinte —e cito textualmente o conselleiro Suárez Canal nunha entrevista a *El Correo Gallego*, o 14 de agosto daquel ano—: «Eu darei explicacións no Parlamento cando resolvamos a crise; agora non podemos facer unha polémica política mentres a xente está sufrindo.» Curioso.

Creo que hoxe este goberno amosa que as cousas se poden facer doutro xeito, que se pode estar sobre o terreo coa xente que está sufrindo, axudando, sendo humildes, e tamén dar explicacións no Parlamento ao conxunto da sociedade galega sobre un tema que nos produce inqueda a todos.

Daquela, no 2006, había altas temperaturas; era agosto, señorías. Daquela había seca; era o verán, señorías. Daquela había vento de 30 quilómetros por hora; agora superáronse os 90, señorías. Ante determinadas situacións de extrema e continuada seca, a inexistencia de humidade e cun vento cálido de máis de 90 quilómetros por hora, falar de que un 5 % máis de persoal podería ter evitado a catástrofe resulta frívolo e resulta totalmente absurdo para quen saiba algo de extinción de lumes.

Se non me cren a min, nin á conselleira, nin ao director xeral de Montes, crean a unha ministra socialista dun goberno apoiado polo BNG e por Esquerda Unida, a señora Narbona, ministra de Medio Ambiente en 2006 e actual presidenta do PSOE, que dicía nunha entrevista en *La Voz de Galicia* o 10 de agosto de 2006: «*Quando el fuego es tan generalizado, aportar más medios no añade eficacia.*».

Se vostedes queren sacar aquí declaracións de políticos do Partido Popular nese verán que foran críticas co Goberno, para acusarnos de oportunistas, paréceme ben, están no seu dereito; non creo que ningunha supere algunhas que vimos estes días nas redes sociais.

Leo —conta oficial do BNG—: «Arde Galicia porque temos un goberno irresponsábel.» Luís Villares: «A seca de ideas da Xunta asola o país; o lume só o parará outra política forestal e agraria no rural.» Xosé Manuel Beiras: «As non políticas da Xunta de Núñez incineran os montes e tamén cidadáns en vida.»

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Alexandra Fernández, deputada de En Marea no Congreso: «Arde o país e ardemos de rabia; fai falla unha tormenta de indignación contra Feijóo.»

É dicir, a súa primeira reacción e a súa primeira preocupación é a de sempre: a electoral. Por suposto, onte, no medio da crise, xa convocaron as súas primeiras manifestacións, e estrañábanse moitísimo cando no 2006 o PP, o partido que estaba na oposición naquel momento...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señor Balseiros.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Señor presidente, agardo que me deixe un pouco máis de tempo, porque me estiveron interrompendo constantemente.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, mire o reloxo, mire o reloxo, jeh! Remate, por favor. (*Murmurios.*)

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Polo tanto, escandalizábanse de que se convocara unha manifestación un mes despois e vostedes fano mentres a xente está con eses caldeiros apagando nos lumes ou velando os seus defuntos.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, remate, señor Balseiros.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Remato xa, presidente.

Para vostedes hoxe o culpable dos lumes é o Goberno, é a súa política forestal, ou é o eucalipto. E eu pregunto: ¿que eucalipto hai no parque natural do Xurés, que foi onde se iniciaron os primeiros grandes incendios? ¿Que eucalipto hai na zona do Ribeiro, en Monforte ou en Pena Vidosa? ¿Que política forestal hai no casco urbano de Vigo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Balseiros. Terminou o seu tempo.

Peche da comparecencia, señora conselleira.

**A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto):** Grazas de novo.

Dicirilles que isto é unha comparecencia, pero que me terán á súa disposición cada un dos grupos para toda a información que precisen, para toda a transparencia, porque non se vai ocultar absolutamente nada, porque non se ten que ocultar absolutamente nada. Créame, señor Villares. Seguro que o acepta de bo grao, porque está sorrindo, e a min paréceme moi ben. Á súa enteira disposición para todas as dúbidas ou todo o que precise, porque lle daremos a información. É bo, porque así todos faremos crítica construtiva, e así Galicia irá moito mellor. (*Aplausos.*)

Estou aquí a petición propia, e, ademais, eu espero que quede claro e que non se interpreten as miñas palabras, senón que queden co que digo. Vin dicir cal foi o operativo e vin dicir cales son as causas e cales non polas que se contratou de maneira emerxente antes da vaga de lume o persoal. E ese operativo —volvo lembrar— foron 350 brigadas, 220 motobombas, 40 pas, unha vintena de medios aéreos, contando os propios da Xunta e tamén do Ministerio; en total, foron 5.600 efectivos.

Créanme que a pé da xente non estiven eu soa, estivo todo o Goberno, e de maneira moi especial, á parte do presidente da Xunta de Galicia, o vicepresidente da Xunta de Galicia, que me acompañou ao longo de todo o día e toda a noite do domingo, e, ademais, intentando coordinar o mellor posible todos e cada un dos momentos que se complicaban pola vaga de incendios. ¿Púidose facer mellor? Seguramente. Fíxose todo o humanamente posible, todo o humanamente que puido cada unha das persoas que estiveron á fronte do operativo. E crédeme que, en moitos casos, quedou illado persoal de incendios, quedou illada a poboación e quedaron illados membros incluso da Policía Nacional. Esa foi a realidade que viviu Galicia cun furacán e con ventos de 100 quilómetros/hora. Desde que parou o vento, crédeme que xa houbo control da situación; mentres, foi materialmente imposible.

A isto hai que engadirlle todos os efectivos da UME que estiveron polos distintos puntos de Galicia e naquelas zonas que decretabamos de situación 2.

Estaba todo o operativo, un operativo que endexamais estivo no mes de outubro. Estaba por primeira vez o persoal de tres meses. E eu —aínda que se nomeou aquí varias veces Seaga— quero darlle as grazas ao persoal de Seaga, que rapidamente se reorganizou para estar operativo xa o domingo. (*Aplausos.*)

Creo que é bo —e teño que dicilo aquí para que non haxa lugar a dúbidas, e aínda que non foi nomeado, si anda moito polas redes sociais, e moitas veces non digo que sexan vostedes como grupo pero igual a xente que nos segue alimenta certas falsidades— falar da recualificación do chan ardido. Todo o mundo sabe que iso non é certo; é rotundamente falso que se poidan recualificar terreos despois de ser queimados; (*Murmurios.*) todo o contrario: é que se establece a prohibición de facelo polo menos durante trinta anos. Creo que era bo dicilo, sobre todo porque van mandando mensaxes e ás veces iso produce certas inquedañas na poboación.

O nivel de ocupación do persoal do Servizo de Defensa contra Incendios Forestais e os axentes forestais na provincia da Coruña era do 98,59 %; en Lugo, o 97,22 %; en Ourense, o 96,99 %; en Pontevedra, o 98,19 %; a media, o 97,75 %. Esta é a realidade, que vostedes poden comprobar e poden constatar, e ademais que consta.

E outro dos temas que quería poñer enriba da mesa. Eu pediríalle á señora Pontón que non interprete as miñas palabras. Moitas veces é que un vén cun discurso premeditado e ao final quere seguir lanzando o mesmo ata que queda algo aí no tinteiro. Non houbo despedimentos, houbo renovación de contratos, iso por un lado. Por outro lado, cando nomearon vostedes Portugal, Galicia, na medida das súas posibilidades, na vaga máis forte que tivo de incendios, apoiou a Portugal. E apoiou a Portugal con coordinación a través do 112 e con grupos de persoal de incendios, xunto con grupos tamén de emerxencia. Por suposto que eles quedaron agradecidos e por suposto que o seu presidente intenta cambiar o seu dispositivo e pon os ollos en Galicia. Iso quere dicir que temos un bo dispositivo.

Pero ben é certo que na vaga de incendios que sufría Galicia non podemos ocultar que nos viñeron unhas fronteas quilométricas de Portugal. E non sei que problema hai en dicilo, e é que o incendio das Neves era procedente de Portugal e por primeira vez na historia atravesaba o Miño; algo inaudito, pero os ventos sopraban, eran de 100 quilómetros/hora e había moita seca.

Pero non só iso, é que o Xurés se arrasou por un vento tamén quilométrico que procedía de Portugal, e onte mesmo seguiu entrando outro incendio de Portugal. E iso non é demonizar a Portugal, iso é dicir que temos un problema e é un problema transfronteirizo, e que temos que facer o posible para que nin veñan lumes de Portugal a Galicia nin de Galicia a Portugal. Pero, señora Pontón, aí están os datos e —tamén llos podería dicir— a gran maioría entrannos de Portugal a Galicia e non de Galicia a Portugal. E iso non é demonizar, iso é dicir a realidade. E o único que fixo o presidente da Xunta de Galicia, como calquera de nós, foi dicir: ademais da vaga de incendios, temos ademais todos estes; e, polo tanto, había que redistribuír o territorio. E tiñamos 4 pas, 4 bulldozer, dende o sábado, na fronteira de Portugal, porque viamos que a quilómetros estaba unha fronte moi forte, que tivemos que retirar para atender outras poboacións no domingo. Esa é a realidade.

Pero créanme que estamos aquí para que vostedes nos digan, nos pregunten. E, polo tanto, aínda que foi todo moi rápido, temos moitísimos datos para poder facilitarlles.

Falamos de incendios forestais, e, efectivamente, houbo incendios forestais pero —lembrén— na vaga de incendios houbo incendios en Lugo. E no de tramas, ninguén falou de tramas aquí, ninguén dixo: hai unha trama; pero si dixemos que son incendiarios e, polo tanto, os incendios son provocados. E non nos poñamos de lado dos incendiarios. É que todo se pode evitar se a xente non prende lume.

E dicir aquí e dende aquí que hai motivos para prender lume nas condicións climatolóxicas adversas que tiñamos esta fin de semana de verdade que é para pensar e repensar ata onde queremos chegar. Non hai nin un só motivo para prender lume en ningún lado. (*Aplausos.*) O lume sabemos onde comeza, endexamais sabemos onde remata; non hai ningunha causa; co cal non nos fagamos cómplices dos incendiarios. Poñamos un foco, e ese foco é esas mans que prenden o lume. Son homicidas, sen dúbida, e así temos que tipificalos; son homicidas e son terroristas; e, polo tanto, faremos todo o posible para que sexan tratados dese xeito.

Miren, falamos de despoboación no rural e de que, por suposto, pode favorecer a despoboación no rural. Pero é que Gondomar non está despoboado, e Nigrán non está despoboado, e

Vigo non está despoboado, e Lugo non está despoboado, e A Coruña non está despoboad; e en todos estes lugares houbo incendios. Pero son diferentes os incendios, señora Pontón, e houbo que atender a todos eses incendios. É que o persoal de incendios no mes de xullo estivo en tres incendios consecutivos na Coruña, estivo na Coruña cidade, ao lado de Mari-neda, estivo onde está a poboación.

E, polo tanto, eu pediríalles a todos os alcaldes —e vostede tamén, señor Villares— que esas franxas de xestión por suposto que entre todos as manteñamos limpas, porque hai obrigacións, e esas obrigacións son compartidas, son compartidas.

E explícolle agora o das distancias, pero ben entendo que vostede ás veces no rural pérdese un pouco, e non pasa nada, como cando se confundiu e dixo que a velutina comía os castiñeiros; pois é un erro, e pode telo calquera. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero explícolle eu agora a diferenza. A diferenza é que a partir do ano 2009 as franxas de xestión non se contabilizan dende as casas; agora, dende o ano 2009, contabilízanse dende o bordo do núcleo urbano ou do núcleo rural. Polo tanto, as distancias son maiores. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Pero danse conta vostedes de que non é o mesmo? Pero collan un planeamento, por favor, e vexan a diferenza entre contabilizar dende unha vivenda a contabilizar entre o radio do núcleo urbano e do núcleo rural. Esa é a realidade. Entón, cando..., *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿non o entende? Que llo expliquen e, se non, explícollo eu.

Arderon masas de todas as especies. Polo tanto, aquí, señora Pontón, defensora de Ence, ¡para nada!, que lle quede claro non, ¡clarísimo! Eu son defensora dos propietarios dos montes que queren plantar e, polo tanto, ter un rendemento económico, sexa de eucalipto, *(Aplausos.)* sexa de pinos, sexa de carballos, sexa de castiñeiros. É o único que se persegue, e pódelle dar vostede cen mil voltas e pode facer o que lle dea a gana. É dicir, aquí a quen hai que defender é a eses propietarios e que teñan rendemento. Non demonicemos nada, aquí ardeu unha especie e ardeu outra especie, e arderon vides. Esa é a realidade.

Por outro lado, falábanme do PDR e de subvencionar os eucaliptais. No PDR non está contemplado, non se subvencionan os eucaliptos —diren unha e mil veces—. Pero é que é difícil facer pedagogía na sociedade cando os que son representantes lexítimos cren iso, ou, se non o cren, intentan facer demagogia en realidade con eses feitos.

Ao mesmo tempo escoitei que se dicía que a prevención se facía no verán. Sigán un pouco as ordes da Xunta. No Consello de setembro habilitáronse 11 millóns de euros para facer os labores de prevención e de silvicultura xa para o vindeiro ano, que comezan no mes de outubro ata o mes de xuño. *(Aplausos.)*

Falaban anteriormente sobre as cinzas e sobre as repercusións que poden vir a posteriori, e de que se estaba facendo no día de hoxe. No día de hoxe estase perimetrando, no día de hoxe estanse refrescando as zonas. No día de hoxe, aínda que non hai chamazas, temos incendios que entendemos que están en activo debido á seca e que se poden reproducir. E no día de hoxe, ademais, estaba traballando xa todo o Goberno e dun xeito moi especial estanse tomando medidas contra a erosión, coa identificación, de maneira que o persoal todo de mar

está vendo se pode haber posibilidades, se nos chove moito, de que as cinzas vaian ao mar. Estase facendo dende o día de hoxe para que non se cometan erros, como se puideron cometer en calquera outro momento.

Dito todo isto, e independentemente de que a señora Pontón me dicía que non lle respondera, eu creo que lle respondín, porque lle falei do operativo, e espero que lle clarificara o do persoal, moi humildemente; igual é que teño que cambiar eu non sei se de forma de ser. Está empeñada en que sexa humilde e eu creo que o son, pero igual a veces hai que mirarse un a un mesmo. Pero ¡que máis dá a miña humildade se aquí o único que conta é o que pensa a poboación e o momento que estamos vivindo!

Eu quero darlles as grazas —como dixen anteriormente— a todos os que estiveron pendentes dun xeito ou doutro. E eu mirei para todos e seguro que hai xente desta bancada que estivo pendente, ¡é que xa só faltaría! Entón, o recoñecemento foi para todos; se alguén se dá máis ou menos por aludido, pois eu pido as miñas desculpas dende aquí.

Co cal, eu agradecer a todos os empregados públicos do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios da Xunta de Galicia, concretamente os bombeiros forestais, emisoristas, vixiantes, escalas de axentes ambientais, técnicos; o persoal da Dirección Xeral de Emerxencias e de Interior; os brigadistas e motobombas municipais; os combatentes das empresas públicas Seaga e Tragsa; e aqueles que se presentaron voluntarios deses tamén de Seaga e de Tragsa; e incluso xente que traballou en incendios que agora optou por outra profesión e que chamou para incorporarse; persoal helitransportado, militares de UME, integrantes das forzas e corpos de seguridade do Estado, Policía Municipal, Protección Civil, persoal sanitario. E, por suposto, a poboación, eses veciños sen os cales é totalmente imposible combater un lume, como combater calquera outro tipo de adversidade, se non están as mans da xente que vive nas poboacións. (*Aplausos.*)

Por suposto, agradecer ao presidente Rajoy, que estivo visitando e valorando as zonas —hoxe fíxoo a ministra—, e a todo o Goberno, que se implicou dende o minuto cero, cada un dentro do que son as súas responsabilidades.

E, ¡como non!, os nosos respectos, a nosa dor e a nosa condolencia para aqueles polos cales xa non podemos facer absolutamente nada: Maximina, Angelina, Alberto e Marcelino.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, conselleira.

### ***Alteración da orde do día.***

**O señor PRESIDENTE:** Antes de pasar ao punto 3º da orde do día, comunícolles a todos os deputados e deputadas que foi retirada a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, a través do seu viceportavoz.

Polo tanto, comezamos debatendo a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

### **Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia**

**O señor PRESIDENTE:** Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** No pasado pleno interpelabamos o conselleiro de Política Social —que se está indo— sobre a situación da dependencia, sobre as listas de espera tanto para as avaliacións como para recibir o recurso que lles corresponda ás persoas tras esa avaliación.

O conselleiro non deu resposta ás cuestións que lle formulamos, preguntas concretas, preguntas sinxelas, mais —insisto— que non obtiveron resposta. Da comparecencia sacamos en claro que o 25 % das persoas con dereito a recibir algunha prestación, segundo o recoñecido na Lei de dependencia, non a están a recibir en Galiza.

Preguntámoslle cales son os tempos de agarda desde que entra por rexistro unha solicitude ata que, efectivamente, ten o recurso a persoa demandante, e non nos contestou; que motivo é o enorme atraso que teñen miles de persoas en Galiza para desfrutar das prestacións, e tampouco nos contestou; se os recursos humanos destinados a este fin son suficientes, e tampouco deu resposta; se se substitúe a totalidade do persoal nas súas ausencias, e tampouco contestou; nin cal é o criterio para as políticas de persoal; nin contestou que medidas pensa adoptar para rematar con esa situación.

E a aplicación da Lei de dependencia en Galiza é claramente insatisfactoria; é insatisfactoria para as persoas usuarias, para as persoas que agardan unha avaliación que significa o recoñecemento á prestación e para as que, tras serlles recoñecido ese dereito, agardan meses e incluso anos a recibir esas prestacións.

Vén de facerse público o informe sobre a pobreza 2017. Onte a Rede Galega de Loita contra a Pobreza fixo público o informe sobre o estado da pobreza en Galiza 2017, e ese informe revela que son case 700.000 persoas as que se atopan en situación de pobreza en Galiza e que, pese a que se aprecia unha leve melloría de décimas, os que se manteñen nesa situación de pobreza están peor. Di ese informe que a brecha da poboación pobre en Galiza é do 26,8 %, que é unha cifra superior en case 7 puntos —6,9 puntos— porcentuais ás que existían no ano 2008 e que denota o empeoramento das condicións de vida da poboación pobre en Galiza.

Di o informe que no ano 2016 o 4,1 % da poboación de Galiza, é dicir, 111.000 persoas, vivía en condicións de privación material severa. Iso o que significa é que viven con arredor de 4.100 euros ao ano, ou en situación de pobreza, que son os que viven con arredor de 8.000 euros ao ano.

Mulleres, mocidade, infancia, familias monoparentais e maiores de 65 anos son os colectivos máis fráxiles e aos que menos lles chega a saída da crise. Fai referencia á fraxilidade das persoas maiores de 65 anos.

A nivel estatal, o informe alerta de que a poboación maior de 65 anos é a única na que aumenta o risco de pobreza e exclusión e que en Galiza, aínda que só empeora unha décima respecto do ano anterior 2015, segue estando por riba da taxa estatal.

O 62,7 % das pensións que se perciben en Galiza, é dicir, 474.000 persoas que perciben pensións, que representan este 62 %, teñen un importe inferior ao limiar da pobreza. Destas, nas de viuvez, percibidas maioritariamente por mulleres, o 80,7 % teñen un importe inferior ao limiar da pobreza e o 30,2 % por debaixo dese limiar da pobreza.

E traio aquí a colación estes datos porque son de relevancia para o tema obxecto da moción que trae hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego, porque Galiza é unha das comunidades máis envellecidas do Estado. A franxa de idade das persoas maiores de 80 anos e que nutren o groso das persoas dependentes en Galiza é moi avultada, e é moi avultada a das persoas maiores de 65 anos, que representan o 24,6 %.

E por iso o BNG presenta hoxe unha moción na que solicitamos do Goberno galego, primeiro, que se poña en marcha de xeito inmediato un plan de atención ás persoas en lista de espera tanto para unha avaliación como para que se materialicen as axudas que teñen recoñecidas a través da Lei da dependencia, coa dotación orzamentaria de recursos materiais e humanos precisos que contemple dimensionamento do cadro de persoal da Consellería de Política Social e realización de todas as accións precisas para garantir unha rede pública cos recursos que as persoas en situación de dependencia precisen.

¿E por que presentamos esta iniciativa? Porque é unha evidencia que hai demoras nas valoracións de grao. E vou poñerlles algún exemplo: un neno maior de 6 anos co 78 % de discapacidade que solicita valoración de dependencia en maio deste ano 2017, que entra no rexistro da Xunta a finais de maio de 2017, que a finais de agosto, tres meses despois, aínda non estaba rexistrado en dependencia, polo que aínda non se iniciara o expediente.

¿Por que fago referencia a este caso? Porque xa denuncié na interpelación ao conselleiro que resulta que está habendo unha situación que é que as persoas fan o rexistro da súa petición no rexistro da Xunta e que do rexistro da Xunta ao rexistro de Dependencia resulta que poden pasar como mínimo tres meses, tres meses, cando a lei establece que ten que ser o prazo de tres meses para que se resolva. Entón, ao cabo de tres meses, en moitos casos nin sequera entrou no rexistro de Dependencia. Por exemplo, na Coruña, o rexistro da Xunta e o de Dependencia están no mesmo edificio. Pois dáse o caso de que pode entrar no rexistro da Xunta, que está na planta baixa, o día 1 dun mes e tres meses despois non chegou ao rexistro de Dependencia da Consellería de Benestar, que está uns andares máis arriba. Co cal, en concreto, neno de 6 anos co 78 % de discapacidade que tres meses despois a súa solicitude non chegou sequera ao rexistro de Dependencia.

Outro caso: muller envía solicitude en marzo do ano 2017, a principios de setembro continúa sen ser valorada, e a resposta é que aínda estamos metendo os datos que entraron en setembro do ano 2016. Esta é a realidade.

Outro caso: muller, solicitude rexistrada en Dependencia, neste caso xa superou o rexistro da Xunta, a mediados de marzo de 2016, citada e valorada a principios de agosto do ano 2017, máis de seis meses despois.



Ou muller de 85 anos, solicitude rexistrada en Dependencia en decembro do ano 2015, grao resolto en xullo do ano 2016, oito meses despois de dar o primeiro paso. A estas alturas non tiña recurso adxudicado.

Estes son casos reais, con nomes e apelidos, de persoas reais, de galegos e galegas que padecen esta situación.

E hai demoras nos recursos para prestar esa atención. Exemplos: muller valorada en 2012 con grao 1 e a día de hoxe segue esperando unha axuda no fogar. Muller de 84 anos, grao 3, 77 puntos, pendente de residencia en calquera lugar de Galiza, dende xaneiro deste ano, e segue sen térselle adxudicado o recurso. Todos os solicitantes de residencia por debaixo de 92 ou 94 puntos esperan máis dun ano; 92 ou 94 puntos sobre 100, 100 é o máximo. Calquera que teña menos de 90 puntos non dá entrada nun recurso de residencia. Estamos falando de 90 e algo puntos sobre 100. Xa poden imaxinar vostedes en que condicións están esas persoas, e poden esperar un ano, dous ou tres, sen que se lles adxudiquen recursos.

¿Cales son as consecuencias? Que as familias, sobre todo as mulleres, teñen que botar ao lombo atender estas persoas ou que, segundo o informe do Observatorio Estatal de Dependencia, en Galiza poden ser máis de mil as persoas que morren sen que se lles dea un recurso.

Parece evidente que é preciso aumentar os recursos, como demandamos nesta moción do Bloque Nacionalista Galego, igual que demandamos incrementar o gasto público en dependencia, ata chegar, como mínimo, ao gasto medio por persoa do Estado. O gasto público en dependencia en Galiza, comparado co Estado, é moito menor. Estamos a falar de que se reduciu unha media de 660 euros, e que con menos recursos non se pode dar máis atención.

Igual que demandamos que o Parlamento de Galiza inste o Goberno galego a dirixirse ao Goberno español e que lle reclame ao Goberno español o pago dos máis de 150 millóns de euros que nos corresponden en función do establecido na Lei de dependencia, e que se lle reclame o financiamento do acordado, do 50 % dos gastos da atención á dependencia.

¿Que demandamos con isto? O que demandamos é que se lle exixa ao Estado que nos pague os cartos que nos debe, os máis de 150 millóns de euros que o Estado non lle paga a Galiza segundo o establecido na Lei de dependencia, que se lle demande que asuma o 50 %, como estaba establecido, e non menos do 20 % que asume neste momento. Demandamos que se exerza de Goberno de Galiza e que se reclame ao Goberno do Estado...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...o que se nos debe, que se deixe de ser submisos ao que diga Madrid e que se lle reclame o que se nos debe.

Parécenos que son medidas as que contempla esta moción necesarias, precisas, para que galegos e galegas de carne e óso, con nomes e apelidos, reciban as prestacións de dependencia que a lei lles reconece e que o Goberno do Partido Popular non lles está a conceder.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, por dicir algo, señorías. (*Risos.*)

O primeiro que... Non sei se é motivo de risa, pero para algúns, dende logo, non son nin bos días nin boas tardes o que estamos pasando estes días; por iso o digo. Eu pensei que xa non facía falta dar unha explicación ao respecto, pero vexo que si.

O primeiro que imos facer o Grupo Socialista a partir de agora, cando empecemos a falar de dependencia, é facer unha ubicación temporal, porque despois o Partido Popular vén aquí falando de que agora se atenden máis dependentes que no 2005, incluso máis que na pre-historia, no 1990, no 2000 e demais.

Entón, ubicación, Lei 39/2006, do 14 de decembro, unha lei impulsada —e dígoo sempre con moitísimo orgullo— por un goberno socialista, o do señor Zapatero (*Aplausos.*), unha lei que entrou en vigor no 2007 pero, como saben vostedes, empezou a aplicarse no 2008, debido ás adaptacións que se tiveron que facer nas comunidades autónomas e, principalmente, porque había problemas a respecto do tema competencial, o que puñan —e non é por sinalar— os partidos políticos nacionalistas tanto vascos como cataláns; houbo un atraso polo tanto na posta en marcha da mesma.

Cando deixamos o Goberno, no 2009, había 18.000 persoas atendidas, en pouco máis dun ano de aplicación desta norma. E, claro, hoxe hai máis persoas atendidas que daquela, posto que esta é unha lei de aplicación progresiva.

Pero quero irme a outro dato, o do que percibían as persoas dependentes no 2009 e o que perciben no 2016: 6.459 euros de media no 2009; no 2016, 6.041; máis de 400 euros menos.

O señor conselleiro —que é unha mágoa que non estea hoxe neste debate—, cando chegou ao posto, despois da nefasta xestión da súa antecesora, prometeu que se ían atender 10.000 dependentes máis. Claro, non puido cumprir esta promesa, fáltanlle 7.000. E ¿por que?, posto que niso tivo moito que ver e lle axudou o seu amigo o señor Rajoy, cun real decreto que retallou as axudas á dependencia, que puxo en marcha reavaliacións —e quero dicilo, e díxoo a señora Prado Cores aquí— nalgúns casos indecentes, e cunhas axudas do Estado que seguen sen ser do 50 %, tal e como se contempla na propia lexislación.

Co señor Rajoy, co Partido Popular, houbo unha redución de 34,9 millóns de euros no ano 2016, e así paulatinamente cada ano. Con ese importe teríase atendido a 5.800 persoas máis, case estaría a piques o señor conselleiro de chegar aos números que dicía el, a ratio á que ía

chegar, e teríanse creado máis de 1.500 postos de traballo. Hai un atraso na valoración de persoas que o necesitan para situacións da súa vida cotiá.

E aquí en Galicia ¿que fixeron? Pois actuar con complicidade. Aquí se incrementaron os co-pagos; e non, non se fixo en todas partes, en Andalucía e en Asturias non se fixo.

E xa o mencionou a señora Prado Cores, pero quero volver repetilo, porque me parece importante: o informe do estado da pobreza en Galicia, que acabamos de coñecer, que coñecemos onte en concreto. Son datos do Ministerio, que din que o 55,5 % das pensións por xubilación en Galicia son de persoas que están en situación de pobreza, e as pensións de viuvez, porque non soamente é que as mulleres sexan as que atenden, as que cargan coa responsabilidade dos coidados aos dependentes, senón que ao mesmo tempo son tamén marxinas no que se refire ás pensións que perciben. Hai un 80,9 % —e paréceme un dato gravísimo— de mulleres pensionistas que están a percibir pensións de viuvez —xa sei que non todas son maiores—, pero si máis do 70 % que están en risco de pobreza.

Imos apoiar, señora Prado Cores, polo tanto, esta iniciativa e todas aquelas que recollan o espírito daquela Lei de dependencia, que impulsamos —repito: con moito orgullo— os socialistas, con ese espírito de converter en dereito aquilo que ata entón fora simplemente unha simple beneficencia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Confésolles que non sei ben por onde comezar, porque reitero que para o noso grupo a magnitude da traxedia vivida estes días motivaba a suspensión da actividade parlamentaria normal e exixía a convocatoria dun pleno extraordinario onde o propio presidente dera conta; non estamos dicindo que se tivera que facer hoxe, senón cando pasara a crise. Pero ben, falemos de dependencia.

Falar en Galiza de dependencia é ter en conta que somos unha sociedade avellentada, das máis avellentadas de Europa, o que motiva, efectivamente, que teñamos unha das maiores taxas de persoas dependentes do Estado. Permítanme dicir que esa poboación maior poderíamos definila como o que queda dunha sociedade que foi nidiamente labrega, os restos dun naufraxio, dun modelo de país, que ten, como vimos estes días nos incendios, un dos seus efectos máis dramáticos, porque seguro que moitas de nós nos preguntamos canto valoramos agora o que significa unha labrega ou un labrego, Porque estamos a falar de que non só se producían alimentos de calidade no medio rural, tamén se mantiña o territorio vivo. Xa foi dito aquí numerosas veces: en moitas desas sociedades quen mantivo o territorio vivo son hoxe persoas maiores e dependentes que non teñen no seu territorio recursos públicos suficientes, por certo, outra das causas do abandono do medio rural.

E, polo tanto, non podemos desligar nada do que falemos hoxe dos lumes, porque estamos a falar de modelo de país. Unha cousa é a evolución social e que o noso territorio cambie,

pero outra cousa é o etnocidio, e créanme que eu, si, eu tamén vivo no rural e sei que o que vivimos neste país, o proceso que temos vivido nas últimas décadas, é un etnocidio, un desmantelamento do país.

Seguían activos esta mañá incendios en concellos cunha alta taxa de poboación maior e dependente; está aí Cervantes —xa foi citado—, hoxe duramente castigado, ou Parada de Sil, un dos concellos máis envellecidos de toda Galiza. Por certo, que en todos os concellos nos que arderon estes días, se miramos a existencia de recursos públicos, de centro de día ou residencias, na maioría deles non hai; de aí a importancia dun dos puntos da moción que propón o Bloque Nacionalista Galego.

En fin, podemos falar tamén do Val de Lemos, tamén unha zona na que faltan recursos públicos. Porque, señor Balseiros —non sei onde está, señor Balseiros—, leccións, ningunha. Onte mesmo xente de En Marea estivo batendo o corpo nos lumes de Monforte ou da Pobra do Brollón, onde faltaban medios; o señor deputado Davide Rodríguez estivo practicamente dúas noites sen durmir apagando lumes; leccións, ningunha, a ninguén.

É evidente que estivo por todo o país xente de todas as cores políticas axudando a combater os lumes, aquela xente que podía ou que ten as características físicas nas que pode colaborar e non entorpecer. Porque esa é outra: tampouco temos que estar todas e todos ao pé dos lumes, tampouco imos entorpecer o labor dos profesionais, aos que estes días reiteramos, por suposto, o recoñecemento do seu labor e tamén ás persoas voluntarias en todas as parroquias que tiveron que saír a suplir a falta de medios, porque houbo falta de medios e houbo pánico en gran parte da poboación. Por iso reiteramos: nós non cremos que hoxe fora o día para manter a actividade parlamentaria normal.

Pero, en fin, falemos de persoas dependentes en Galiza. Neste Parlamento hoxe penso que falar de persoas dependentes e maiores tamén é falar desas persoas maiores que pasaron onte medo, onte, antonte, estes días, medo en núcleos rurais cercados polo lume, pero non só aquelas que tiveron que ser evacuadas, tamén xente maior en moitas aldeas que, vendo as noticias que primeiro estaban secuestradas nos medios públicos, empezaron a ter pánico. Porque falamos, hoxe si, de franxas de protección de núcleos, pero ¿é que acaso se cumpre a Lei de montes?, ¿acaso se cumpren as distancias neste país?

En fin, esa xente maior, esa xente dependente, para a que hoxe está aquí esta moción, tivo pavor estes días. Reiteramos que non é momento de manter a actividade parlamentaria normal; non era momento de ter secuestrada a información e poñer *Land Rober* e *Serramoura* na principal canle da TVG.

Miren, onte dúas persoas, dúas mulleres —as mulleres ben saben que son as que máis desempregan o rol de coidadoras, as que máis se encargan desas persoas dependentes; temos en Galicia ademais unha porcentaxe moi alta de mulleres, xa maiores, que teñen ao cargo persoas dependentes—, na manifestación de Monforte —non eran perigosas radicais—, trasladáronme, xa que hoxe había pleno, unha cuestión para Feijóo —non o digo eu, trasladáronmo elas—: que menos bágoas de crocodilo; é certo que si, terrorismo incendiario si, pero menos bágoas de crocodilo e máis medios. Unha sorte de terrorismo de Estado tamén

pode ser o desmantelamento dun país. Polo tanto, aplíquense o conto da xente que onte saíu a rúa con medo, porque había medo, moita dela maior, dependente, e poñamos enriba da mesa un debate fondo sobre cambiar o modelo de país. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez Arias.

**A señora RODRÍGUEZ ARIAS:** Grazas, señor presidente.

Hai uns días celebrabamos nesta Cámara o debate do estado da Autonomía, un debate no que o Grupo Parlamentario Popular ofreceu un grande acordo ao Bloque Nacionalista Galego en relación coa dependencia en Galicia, un acordo no que instabamos á Xunta de Galicia que impulsara unha estratexia global para mellorar o sistema de atención á dependencia; un acordo con actuacións concretas, actuacións para mudar o sistema de financiamento da dependencia, que se teñan en conta os servizos que se prestan e o custo de acordo coas características específicas que ten Galicia, como a porcentaxe de maiores e a dispersión da poboación; un acordo no que falabamos de exixir ao Goberno do Estado o incremento dos fondos para poder cumprir co obxectivo do financiamento establecido na Lei da dependencia; un acordo no que exixiamos ao Goberno do Estado máis financiamento para poder mellorar os servizos e prestacións; e un acordo no que exixiamos ao Goberno do Estado máis financiamento para poder atender esas persoas que teñen recoñecida a situación de dependencia e que están agardando.

Tamén ofreciamos un acordo para continuar reforzando o servizo de axuda no fogar, a través dos concellos, distribuindo o número de horas atendendo as necesidades reais en cada un deses concellos, e un acordo para ampliar a rede pública de centros de día e servizos de residencias.

Pero vostedes rexeitaron ese acordo relativo á mellora da Lei da dependencia na nosa comunidade. Vostedes rexeitaron chegar a un entendemento para mellorar o sistema de atención á dependencia na nosa comunidade.

Nós consideramos que é necesario un novo sistema de financiamento da dependencia. Vostedes saben que o Goberno do Estado non cumpriu coa súa obriga establecida nesa lei de financiamento do 50 %. A Xunta neste momento financia o 72 % do sistema; o Estado, o 28 %. Pero non este ano: dende a posta en marcha da Lei da dependencia o Goberno do Estado non cumpriu coa súa obriga de porcentaxe neste financiamento. ¿Que fixo a Xunta de Galicia? Pois incrementar a parte que lle correspondía, para poder cubrir ese déficit de financiamento, concretamente en 210 millóns de euros.

En 2017 a Xunta de Galicia destina 336 millóns de euros para atender as persoas en situación de dependencia, e como non se pode facer comparativa neste Parlamento do que se destinaba no ano 2009 e o que se destina agora, o que imos facer é falar do que a Xunta do Partido Popular incrementou dende o ano 2010. No 2010 incrementa en 24,1 millóns de euros o financiamento para a dependencia; en 2011 incrementa en 4,3 millóns de euros; en 2013, en 117,6; en 2014, 24 millóns de euros; en 2015, 14 millóns de euros; en 2016, 13 millóns de euros máis; e en 2017, outros 13 millóns de euros máis.

Estamos a falar de que dende que governa o Partido Popular a Xunta de Galicia non fixo outra cousa que incrementar o orzamento da Lei da dependencia para atender todas aquelas persoas que están nunha situación e que necesitan axudas e que están amparadas por unha lei. Este esforzo orzamentario para atender as persoas en situación de dependencia tradúcese en que se puido atender máis persoas. Concretamente, neste momento a ratio de atención do Estado é do 71 % e a ratio de atención de Galicia é do 75,8 %. Por certo, no ano 2009 a ratio era do 30 %; algo fariamos ben dende que o Partido Popular governa a Xunta de Galicia.

¿Que queda moito por facer? Si, pero iso nunca se negou. Incluso o conselleiro nesa interpelación asegurou que claro que queda por facer. Pero, con ese esforzo que fixo a Xunta de Galicia, o que se conseguiu é que, mentres antes se atendía só un 30 % desas persoas, agora se atende case o 76 % desas persoas que o necesitan.

Por certo, hai outro compromiso do presidente da Xunta de Galicia nese debate do estado da Autonomía: que Galicia pasará das 14.000 persoas dependentes atendidas en 2009 a 60.000 persoas dependentes atendidas en 2018. E iso só se fai incrementando os orzamentos e cando unha Xunta está comprometida co cumprimento desa lei.

É necesario tamén reforzar o servizo de axuda no fogar. En 2017 este servizo incrementou en 10 millóns de euros o seu orzamento e chegou a 59 millóns de euros. En 2009 vostedes destinaban 20 millóns de euros. Hoxe máis de 20.700 persoas reciben o servizo de axuda no fogar, e en 2010 recibían o servizo de axuda no fogar 4.125 persoas. Ademais, reforzouse o servizo de axuda no fogar con máis de 1 millón de horas anuais e un financiamento e un incremento de 2,6 millóns de euros.

Por certo, é necesario tamén ampliar a rede pública de centros, pero hoxe Galicia conta con preto de 15.000 prazas públicas en residencias e centros de día, un 35 % máis das prazas públicas que había en 2009, e estanse a planificar residencias nas sete grandes cidades, ao que se van destinar máis de 72 millóns de euros.

Este é o acordo que o Partido Popular ofrecía no debate do estado da Autonomía se se quería falar en serio da dependencia. E vostedes rexeitaron este acordo. Rexeitado este acordo, nós preguntámonos: ¿aceptarán hoxe vostedes a votación por puntos?, porque creo que é importante falar en serio da dependencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Arias.

Grupo autor da moción, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Non é unha novidade que os deputados e deputadas do Partido Popular fan unha reinterpretación da realidade segundo lles convén. Resulta que a deputada señora Rodríguez acaba de facer unha reinterpretación do que foi o debate do estado da nación, onde o Bloque Nacionalista Galego fai unha proposta de resolución en termos moi similares a esta moción. E resulta que o Partido Popular quere deturpala e convertela nunha

*cosita light.* ¡E resulta que foi o Partido Popular o que fixo un ofrecemento de *no sé que cosa!* ¡Home!, un pouquiño de respecto, señora Rodríguez, un pouquiño de respecto. (*Aplausos.*)

A moción do BNG está feita pedindo recursos e pedindo e demandando que se lle exixa ao Goberno do Estado o que corresponde, que deixe de ser un Goberno submisivo con base nunha realidade. E a realidade é que o 25 % das persoas con dereito a recibir unha prestación, un recurso con base na Lei de dependencia, en Galiza non o están a recibir. O que di a realidade é que o Estado español lle debe a Galiza máis de 150 millóns de euros en función da Lei de dependencia, e que se lle reclamen, que se lle exixa que os paguen. Iso é o que faría un Goberno que non fora unha delegación territorial do Goberno de Madrid, un Goberno que quixera darlle recursos, prestacións, servizos de calidade á súa poboación.

¿Este é algún dos puntos que non quere votar, señora Rodríguez, o que di que o Estado tiña que estar aportando o 50 % do custo da Lei de dependencia, e non está aportando nin o 20 %? Isto díxoo vostede no anterior pleno, señor conselleiro: que Galicia está aportando o 80 % e o Estado o 20 %. Logo, que lle reclamemos o 50 % será o normal. ¿Non son eles os que recadan?, ¿non son eles os que teñen a chave da caixa?, ¿non son eles os que deciden?, ¿non son eles os que deciden que facer cos recursos que pagamos os galegos e as galegas?

Vostedes están cómodos nese escenario. Non queren cambiar as normas do xogo; non queren que nós teñamos instrumentos para poder actuar na realidade; non queren que nós teñamos instrumentos para poder recadar, para poder poñer a carga impositiva que consideremos oportuna, para poder logo destinar os cartos aos servizos públicos dos nosos cidadáns. Non queren iso, nin queren exixirlle a Madrid que cos cartos que recadan en Galicia pois que os paguen. Non queren nin unha cousa nin a contraria.

Ben, a realidade é que hai lista de espera, a realidade é que hai persoas que esperan meses e anos a que se lles avalíe, a realidade é que hai persoas que esperan meses e anos a recibir un recurso. Entón, ¿que pide o BNG? Recursos, materiais, persoal, que se lle reclame ao Estado, que teñamos un gasto por persoa equivalente á media do Estado. Parécennos cousas máis que razoables.

Porque, señoras e señores do Partido Popular, vostedes saben moi ben que esa baixada de ratios non se corresponde coa prestación de recursos de calidade. Vostedes saben perfectamente que baixaron as prazas residenciais, non deixaron de minguar desde que vostedes están no goberno. E saben moi ben que ás cuidadoras no contorno familiar xa non se lles financian as cotas para estar de alta na Seguridade Social. E saben moi ben que vostede, señora deputada concretamente (*A señora Prado Cores diríxese á señora Rodríguez Arias.*), sacou peito moitas veces nesta tribuna dicindo que, por exemplo, as libranzas eran un recurso que non era principal, e que o que había que facer era recursos públicos. Si, está aquí no *Diario de Sesións*. ¡É o que ten, as cousas quedan gravadas! E resulta que agora para baixar as listas de espera, o que fan é estalas baixando a base de libranzas, desdicíndose do que vostedes dixeron, desdicíndose. Pero, ¿con que contías?

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Con contías de miseria, e sobre todo contías de miseria para mulleres, que é o peor desta cuestión.

Co cal eu non sei exactamente que parte desta moción non queren votar vostedes, señoras e señores do Partido Popular. Parécenos que son razoables todos e cada un dos puntos.

E quero agradecer o apoio mostrado tanto polo Partido Socialista como por En Marea a esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir ao final do punto 2, alínea a), o seguinte texto:*

*«Con carácter inmediato e en canto non se chegue a un acordo co sector sobre os termos e condicións destas liñas, ampliaranse a contía e os prazos de solicitude para as liñas de apoio publicadas no DOG núm. 191, do venres 6 de outubro de 2017.»*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir ao final da alínea a) un novo punto co seguinte texto:*

*“6. Con carácter de urxencia, habilitaranse axudas directas para os custos extraordinarios de alimentación na gandaría e apicultura.»*)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Dende que debatemos aquí a interpelación da que é resultado esta moción, a verdade é que no rural da provincia de Ourense mudaron cousas, mudaron situacións. Se o día que a debatíamos falabamos das difíciles condicións atmosféricas, do resultado desas condicións que tiñan que afrontar os gandeiros, os agricultores e os apicultores, en particular da provincia de Ourense, pero tamén doutras zonas da comunidade autónoma galega, a iso témoslle que engadir o drama que sufriron estes días. A maiores, van ter que afrontar unha situación terrible nas vindeiras semanas e nos vindeiros meses.



Miren, señorías, ninguén pode culpar un Goberno do cambio climático; esa é unha responsabilidade colectiva. Pero si de non combatelo e, sobre todo, de non adaptar as súas políticas a este fenómeno. Isto vímolo coa falla de axudas para paliar os danos no medio rural aos que me estou a referir. E vímolo estes últimos días tamén na provincia de Ourense, con veciños e veciñas apagando o lume con todo o que podían, intentando salvar os seus animais, e poño como exemplo ese veciño de Carballeda de Avia. Por certo, fago dende aquí un requirimento por se algún deputado do Partido Popular o pode atender: se alguén ten contacto co presidente da Deputación de Ourense, agradeceríamos encarecidamente que lle dera unha chamada ao alcalde de Carballeda de Avia, (*Aplausos.*) porque despois da difícil noite que pasou o outro día, despois do difícil momento do outro día, a Deputación de Ourense non puxo nin un só medio nin chamou para interesarse, por se este, non este alcalde, senón por se os veciños e veciñas de Carballeda de Avia necesitaban algo desta institución.

Este Goberno nin estaba nin se lle esperaba. E por desgraza os alcaldes e as alcaldesas están moi acostumados a que sexa así, os de todos os signos políticos. E queroo dicir e queroo recalcar: levan moitos anos botándose ás costas os problemas do rural. Vostedes, señores do Partido Popular, hoxe en concreto, foron igual de exixentes na oposición como incompetentes no Goberno a respecto desta vaga de lumes. Señorías, o fondo de todo isto, o fondo da vaga dos lumes, é que o rural non existe; non existe para este Goberno ata que haxa unha catástrofe, e ás veces nin así.

No pasado pleno interpelabamos a conselleira —como lles dicía— a respecto destas axudas, dos danos ocasionados, e facíámolo porque as organizacións sindicais levan meses intentando poñerse en contacto con ela; fixérono por escrito, por teléfono, publicamente, pero seguen sen recibir ningún tipo de resposta. E mesmo no anterior pleno lle facía chegar á conselleira do Medio Rural unha carta dunha gandeira pedíndolle axuda. Ante este SOS que lanzan dende o noso rural, o noso Goberno sempre responde da mesma maneira: con indiferenza.

Ademais das consecuencias da xeada e da saraibada, a seca está truncando o presente e o futuro de moitas persoas, está transformando ese país dos mil ríos nun deserto. Sábeno, señorías; estivemos en prealerta dende o 13 de xaneiro, ata que se declarou a alerta por seca a principios deste mes en seis demarcacións. Este é, segundo os propios técnicos e técnicas da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o ano hidrolóxico máis seco dende o 1982.

Esta situación esténdese por toda a provincia de Ourense e por parte da comunidade autónoma. Pero, en concreto, queroo referir hoxe a unha zona que está especialmente devastada por este fenómeno, que é a zona oriental da provincia de Ourense, e poñéndolles, señorías, exemplos concretos de persoas que o están a pasar mal. Por exemplo:

Xoán. Este é un rapaz de 25 anos que hai un ano e medio que se dedica á cría de ovellas en ecolóxico. Fíxoo con moita ilusión, e sobre todo porque quere vivir no rural e desexa estar alí. Está desolado porque as súas ovellas roen como poden nas xestas.

Antonio, un gandeiro con experiencia cuxas vacas devoran dende hai semanas as reservas de forrage; esas que non deberían de tocarse ata ben entrado o inverno.

Ou María, a gandeira que escribía esa carta á conselleira. Unha rapaza que se está facendo cargo dunha explotación que é rexentada dende hai décadas pola súa familia, que ten que apañar durante estes meses auga para que beban as súas vacas, gastando uns dez mil litros de auga á semana. Por certo, María acaba de perder nesta vaga de lumes todos os castiñeiros que tiña ela e a súa familia.

E podería poñerlles, señorías, centos de exemplos. Como ese apicultor que normalmente recollía uns 40.000 quilos de mel, e que este ano cun pouco de sorte quedará nos 5.000. Ou a redución ou a inexistencia dese ingreso extra das castañas, tamén.

Son exemplos concretos, pero hai xa algunhas valoracións, como, por exemplo, a que fixo o sindicato de Unións Agrarias, que no caso dos viticultores as perdas se calcula que rozan os quince millóns de euros a consecuencias da xeadada de abril e do pedrazo do mes de agosto. Son persoas que non soamente non terán ningún ingreso, senón que terán que facer fronte a un incremento de entre un 10 % e un 15 % en coidar esa segunda brotación despois das xeadas.

Ante esta situación, ¿que fai o Goberno galego? Pois dedícase a facer roldas de prensa posteriores ao Consello da Xunta e a facer o que nós xa vimos chamar «a teletenda en diferido», é dicir, venden da man do presidente medidas que xa están en marcha, que xa foron aprobadas con anterioridade; nada novo baixo o sol para estas persoas.

¿E que propoñemos nós? Pois axudas directas. É o que están a pedir tamén as organizacións sindicais. E por iso convocaron unha manifestación para o 18 de novembro en Santiago, na que o PSdeG estará, como non podía ser doutra forma.

Non sería a primeira vez que se conceden. Fíxose cando foron os danos ocasionados na Ribeira Sacra no 2016. Claro, daquela había eleccións. Pero eu pídolles que pensen que para o mes que vén, cando vaian votar, hai comicios electorais, para ver se así conseguimos un voto afirmativo. E establecer liñas do Igape tamén. E ese plan urxente en colaboración coa Fegamp, as organizacións ecoloxistas e agrarias, que debiera de estar en marcha dende hai tempo na loita contra a seca.

E pedimos que se busquen fórmulas que permitan a adaptación deses seguros agrarios á realidade da estrutura produtiva e da propiedade do sector primario de Galicia. Facémolo porque nas novas pólizas non se aumenta a porcentaxe de subvencións, e non soamente iso, senón que hai unha redución do 10 % por parte do Ministerio de Agricultura. Queremos hoxe lembrar tamén que a Unión Europea permite que se subvencionen as pólizas agrarias ata un 65 %, e na actualidade estamos nun 40 %.

E pedímoslles que pidan a axuda tamén ao seu Goberno amigo, ao Goberno de España, para que lle soliciten a bonificación por parte do Ministerio de Traballo do 90 % das cotas da Seguridade Social, a redución por parte do Ministerio de Facenda dos módulos para os sectores afectados e a declaración de zona de emerxencia que vimos reclamando dende hai moitos meses para aquelas zonas nas que se dean as condicións requiridas para iso.

Hoxe, señorías, está en xogo —aínda que lles pareza unha exaxeración quizais— o medio de vida de moitas familias, de familias que ven en perigo as súas explotacións. E o peor de todo é que non estamos a falar de presente, estamos a falar tamén de futuro, está en risco tamén que moitas novas incorporacións en zonas de montaña e desfavorecidas queden polo camiño. É por iso que lles pido o apoio a esta iniciativa.

E máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Ben, eu teño que dicir, antes de centrarme nesta cuestión que afecta de forma moi importante Ourense, que sinto, de verdade, absoluta vergoña por algunhas das cuestións que se estiveron que escoitar aquí hai arredor dunha hora. Eu creo que é unha absoluta falta de respecto por todas as persoas que estivemos preocupadas estes días, e eu non dubido *(A señora Presas Bergantiños diríxese á bancada popular.)* de que deste lado tamén estiveron. *(Aplausos.)*

Eu non vou entrar en determinadas cuestións, pero só vou dicir unha cousa e especialmente a vostede *(A señora Presas Bergantiños diríxese á señora conselleira do Medio Rural.)*, si, especialmente a vostede. Eu non era deputada no ano 2006, eu non estaba alí, pero desde logo dígolle que durante todos estes días non parei de recordar os compañeiros e compañeiras que coñezo persoalmente de Ourense, como algúns dos que se citaron hoxe aquí, como Teixeira, como Alberte Blanco, como o propio Alfredo. Non parei de pensar neles, e tamén no que poderían ter pensado outros membros dese Goberno, e o mal que o tiveron que pasar. E, desde logo, tamén pensei no mal que se tiña que estar pasando estando no propio Goberno, porque se eu estaba absolutamente desesperada, non quero imaxinar tamén as persoas do Goberno. E poño a man no lume por todas esas persoas da xestión do Bipartito, con todos os seus erros e con todos os seus acertos; esas persoas das que eu tanto teño aprendido na política, e no ético sobre todo; de que todas esas persoas ningunha delas estaba pensando en ningún tipo de manifestación de alegría, nin moito menos, polo que vostedes estaban pasando, *(Aplausos.)* desde logo que non.

**O señor PRESIDENTE:** Xa está claro, señora Presas. Vaia ao tema.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Desde logo que non. *(Aplausos.)* Desde logo que a historia porá a cadaquén no seu sitio, pero que desde aquí o meu recoñecemento para a altura ética e moral tamén de todos os meus compañeiros e compañeiras.

E se non lles gusta, pois a min tampouco me gusta oír determinadas cuestións, que ademais creo que estiveron moi fóra do debate político e que desde o respecto que lle teño ao señor Santalices tamén debería ter interrompido. *(Aplausos.)*

Ben, precisamente mañá falaremos tamén máis en profundidade na iniciativa do BNG do problema da seca. Pero precisamente ten unha incidencia moi negativa en concellos como

dos que se falou, como Viana do Bolo, como A Veiga, como Vilariño de Conso. Ten unha incidencia especialmente negativa toda esta seca que estamos a vivir como país, pois, primeiro, unhas condicións climáticas, que non meteorolóxicas, moi específicas do clima ourensán, especialmente do oriente e do sur; e, segundo, a alta reincidencia ano tras ano dos incendios. E, como vostedes saberán —se leron coma min as conclusións da Comisión de investigación do 2006—, a repetición dos incendios ten unha incidencia moi negativa sobre o solo e sobre a capacidade de recuperación.

A este engadido tivemos diferentes problemas climáticos este ano. Primeiro, veu a xeadada en abril, e xa daquela, aínda non podendo preverse unha seca como a que padecemos, as persoas expertas e as persoas que traballan e viven do gando advertían de que esta situación podía traer complicacións a medio e longo prazo, non só no inmediato. É certo que nese momento tivemos unha preocupación moi importante, sobre todo polo sector vitivinícola, ¿como non?, nunha provincia como a nosa con tantas denominacións de orixe. É certo que foi o que máis pola súa espectacularidade centrou as nosas atencións, pero tamén houbo outras consecuencias a medio e longo prazo. Xa entón —teño aquí unha entrevista de *Campo Galego*, un portal referencial para o sector do agro, do 21 de xuño— e unha das persoas entrevistadas dicía: «A falta de precipitacións, xunto a unhas temperaturas anormalmente altas e á xeadada destas semanas, está tendo como consecuencia unha perda de herba, que é a base da alimentación do gando nesta zona». E seguía: «O máis grave aínda pode estar por chegar: a falta de auga para o gando, que xa empeza a escasear nalgunhas zonas». Isto foi en xuño de 2017.

Poño este exemplo, en concreto, porque non me dá tempo de falar de todos os sectores afectados, pero para lanzar unha reflexión importante desde o Bloque Nacionalista Galego, que é a falta de previsión e a política de abandono do Goberno galego. Falta de previsión, política de abandono e agora, aínda por riba, unha treboada de tomaduras de pelo vía publicidade a golpe de *DOG*. (*Aplausos*.) Pois emitiron vostedes a semana pasada unha orde de axudas que non son axudas, que son créditos brandos do Igape, cuxo prazo remata este venres.

Por iso, a primeira das nosas emendas para mellorar a proposta do Grupo Socialista, que compartimos con rasgos xerais e que son as reivindicacións que están lanzando os sindicatos, é ampliar a contía, porque vostedes moito falan dos 3,5 millóns, pero o crédito inicial é de 500.000, aínda que din na orde que é ampliábel. Pero tamén din que se se esgota a contía, xa non se pode concorrer por eses créditos; é unha cousa un tanto confusa. Entón, polo tanto, e máis diante destas circunstancias, máis contía dispoñíbel e máis prazo para poder adscribirse a esas axudas, sobre todo tendo en conta que os potenciais usuarios esta fin de semana estiveron apagando lumes.

E, en segundo lugar, tamén temos unha proposta para mellorar a moción do Partido Socialista de cara a ter axudas directas para os custos extraordinarios de alimentación, de gandería e apicultura, porque non poden esperar un mes máis —como llelo están dicindo— a ver se axudan a adiantar as axudas da PAC. As gandeiras e gandeiros e outros sectores non poden agardar un mes máis a que iso se verifique, se é que se verifica. E ademais tamén teríamos que estar a empezar a falar neste contexto tamén de como imos alimentar,...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...por exemplo, animais salvaxes que están agora mesmo desorientados, como o están demandando ademais as organizacións ambientais.

Mañá poderemos falar máis polo miúdo ao fío da iniciativa do BNG de diferentes sectores. Pero, reiteramos: ante circunstancias extraordinarias requírese de medidas e respostas extraordinarias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Grazas, presidente.

«A Xunta está a rirse de nós. Saca unhas medidas que a única intención que teñen basicamente é quedar ben na prensa. Se o presidente e a conselleira non están capacitados para cumprir a súa función» —que neste caso é darlle resposta a todo o sector agrogandeiro ante o problema da seca— «deberían dimitir e deixar que xente máis cualificada desempeñe esta función». Son as verbas de Xoán —que nomeou antes a compañeira do Partido Socialista—, un rapaz de Vilariño de Conso, gandeiro. O ano pasado fixo unha nova incorporación, meteu trescentas ovellas, tivo que vender cincuenta para comprar comida para que lle aguanten o que queda de ano.

Aquí un servidor —non o estou inventando, créanme— ve minguada a produción das castañas por mor das xeadas nun 80 %. En Marea visitou as zonas afectadas pola seca, reuniuse e acompañou os afectados e rexistrou iniciativas. A En Marea impórtalle a seca, ao Partido Popular pouco; a min polo menos solución aínda non me aportaron ningunha.

Dixo a deputada do Bloque Nacionalista Galego, Noa Presas, unha realidade que moita xente desta Cámara esqueceu ao ver anubrar onte na rúa do Hórreo: que Lugo e Ourense seguían a arder, e aínda hoxe seguen a arder; nos concellos do oriente ourensán, da zona cero da seca, está ardendo. Pode ser que ao longo do día de hoxe que xa queden todos os incendios extinguidos, mais o dano que se lle fixo á nosa terra vai quedar aí para moitos anos. O PP mándalles ás alcaldías súas e aos seus cargos un argumentario para falar de «terrorismo incendiario». Mándalle a un de como facer improvisación, que diso por desgraza nestes días demostraron que saben bastante. *(Aplausos.)*

Agora voulle ler a declaración dun alcalde que non é dos seus, é dun concello afectado pola seca: «Estas son as políticas forestais do Partido Popular: un lume que arrasa centos de hectáreas no pobo de Cernado. Para combatelo, unha brigada con tres operarios, ¡de vergoña!, e un axente forestal que non coñecía o territorio, máis de cento cincuenta hectáreas. Grazas a uns vinte veciños da zona que non deixaron meter o lume no pobo» —e a el coa moto-bomba— «alí estivemos ata as cinco da mañá que pasou o perigo. Estas son as políticas do señor Feijóo no rural» —a lexislatura do rural, disque—. «Dáme auténtico noxo que poidan encher a boca así con tanta impunidade do mundo», o alcalde de Manzaneda.

O único alcalde que o Partido Popular ten hoxe nunha cidade de Galiza, o señor Vázquez Abad, dicía onte nunha coñecida rede social: «*No es momento de manifestarse, es momento de ayudar a los que lloran al perderlo todo. En la calle sí, pero para ayudar*», de esta vez sen selfie.

Aquí temos a foto que vostedes tanto odian, que é a do señor Feijóo —vólvollela sacar, xa estarán fartos de vela—, poden nela observar un modelo Armani duns mil e algo (*O señor Rodríguez Estévez amosa unha fotografía ao hemiciclo.*), non sei. (*Aplausos.*) E aquí temos a dun alcalde ás cinco da mañá nun alto dunha motobomba (*O señor Rodríguez Estévez amosa outra fotografía ao hemiciclo.*) intentando salvarlle os mobles á incompetencia da Xunta de Galiza para atallar os incendios forestais. (*Aplausos.*)

O dereito a manifestarnos libremente de momento aínda non nolo quitaron. Onte berramos con rabia e berramos con indignación «Lumes, ¡nunca máis!» dende todos os recunchos do país. Pero non estivemos só nas rúas, nós tamén estivemos no noso monte, nas nosas vilas traballando arreo, igual que moitos deputados e deputadas do Partido Popular, igual que moitos do Bloque Nacionalista Galego e igual que moitos do PSOE. Non se colguen vostedes as medallas sós, por favor.

Foi vergonzosa a resposta loxística de comunicación que deu a Xunta de Galiza a esta praga de lumes. Faltou previsión, faltou xestión, houbo deixadez por parte da Xunta, ocultaron datos e enganaron a xente; perdas humanas, económicas, ecolóxicas e sociais que van ser irrecuperables. Hoxe Galiza ten un sistema de extinción politizado, onde o único que importa é a rendibilidade política e o seu negocio do lume. Serra do Xurés, Negreira, As Neves ou Os Ancares, innumerables lugares afectados polos incendios forestais, espazos naturais protexidos, parques naturais, reservas da biosfera, ecosistemas de gran valor económico e medioambiental. Non houbo medios nin materiais nin humanos, e estas zonas foron totalmente arrasadas dunha forma descontrolada. E se non houbo máis perdas foi grazas á profesionalidade dos traballadores e traballadoras, das brigadas forestais —das cales formo parte— que —créanme vostedes— non están nada conformes coas súas políticas nin coa súa situación laboral.

Miles de hectáreas queimadas, pero tamén a perda de importantes ecosistemas forestais, hectáreas calcinadas e co Servizo Forestal da Xunta de Galiza baixo mínimos, por incompetencia e deixadez dos responsables do Goberno do Partido Popular. Levamos todo o ano con baixas e xubilacións sen cubrir, bombeiros forestais, axentes forestais, axentes medioambientais, motobombistas, distritos forestais sen unha soa caseta de vixilancia de incendios en activo, brigadas forestais cun só compoñente, camións autobomba con vinte anos de antigüidade e que están estragados.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor; estamos no límite.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Entre 600 e 800.000...

**O señor PRESIDENTE:** Estamos no límite da orde do día.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...—remato presidente— empregados do Exército español para que fagan traballos de vixilancia, ao mesmo tempo que eliminan a categoría dos vixilantes móbiles ou un corpo con persoal coñecedor ao cen por cento do noso territorio.

**O señor PRESIDENTE:** Estamos no límite. Grazas, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** E agora vounos deixar cun deputado ou deputada do Partido Popular, que nos vai traer aquí unha lista de propaganda para os gandeiros da nosa seca.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez.

Grupo Parlamentario Popular, señor González Vázquez.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Rodríguez, agradezo que vostede anticipe o que eu vou falar, igual falo outra cousa.

Eu é certo que veño hoxe —bueno, cada un ten a súa forma de vestir— de traxe e garabata, pero eu onte estiven tamén en incendios forestais. Pero é que vostedes son especialistas en tirar a pedra e esconder a man, porque á mañá falouse de que só unha parte do hemiciclo estaba atendendo a xente. E nós estivemos ao pé da xente, e ademais estivemos ao pé tamén das nosas familias e das nosas propiedades que están no rural, (*Aplausos.*) e alí estivémolas defendendo. (*Aplausos.*) Collín pola noite dende Quins —o que coñeza o concello de Melón— e subín a Carballeda de Avia. Por certo, quero sinalar aquí o meu agradecemento ao alcalde de Carballeda de Avia pola referencia que fixo á nosa visita, a de César e a miña, na mañá do luns. Un señor que fixo un traballo estupendo e que estivo toda a noite loitando polos seus veciños. Paréceme un pouco preocupante que vostede estea a falar soamente do presidente da Deputación cando o Consorcio de Emerxencias da Deputación tivo todos os seus medios á disposición de todos os alcaldes e concellos da provincia de Ourense. Paréceme un pouco forte que vostede ande facendo esas mencións.

Repítolles: hai xente que vimos aquí traxeados, falamos desta forma que podo ter eu e de tal, pero vivimos o rural e sufrimos o rural. Eu estiven sen durmir o domingo pola noite esperando que o vento non virara e que viñera arder nas viñas do Ribeiro enteiras.

Miren, tamén lles quero dicir unha cousa, que iso de facer uso político —e voume xa meter na moción porque hoxe é o tempo de falar da moción, do traballo... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Chámenos... porque eu... (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio porque estamos no límite en ambos os casos e non imos agora... En ambos os casos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, ¿non sei eu distinguir agora, ou que?

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** Señor Rodríguez, é difícil entender por parte desta parte do hemiciclo que se poida falar de que non hai uso político nunhas manifestacións nas que a cabeza da pancarta era: «Feijóo igual a lume». Eu defendo aquí a dignidade do presidente da Xunta, do vicepresidente, da conselleira e, por suposto, do señor Balseiros tamén. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) ¡Por suposto! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

E, por certo, estamos a falar —como moi ben sinalou a conselleira— dunhas circunstancias climatolóxicas tremendas. Miren, voulles dar só uns datos: seis días de fogo incontrolado, máis de corenta mortos, máis de setenta mil evacuados, máis de douscentos desaparecidos, máis de oitenta e cinco mil hectáreas, cinco mil setecentos edificios destruídos. ¿Saben onde é isto? En California, o Estado que ten o mellor sistema antiincendios de Estados Unidos. Máis de catro mil persoas alí e todo o Exército, e non se dá parado o lume. Vivimos unhas circunstancias climatolóxicas adversísimas. E os que estiveron nos lumes estes días —e eu estiven— saben perfectamente do que estamos a falar.

Xa no caso da moción, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque, señora Presas, eu onte tamén cando cheguei tivenme que poñer a traballar, porque estaba na mesma situación que vostede, estaba moi preocupado. Pero nós temos que facer aquí un traballo para o que nos pagan os galegos e as galegas, que é defender as mocións e, se é o caso, rebatelas. E eu voulle tratar de argumentar porque rebato esta moción.

En primeiro lugar, téñolle que dicir... (*Murmurios.*) Si, si, xa sei que... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), xa sei que é da señora Noela Blanco, (*Murmurios.*) ¡xa vou agora! Téñolle que dicir... (*Murmurios.*) que non debe de estar moi coordinada co señor Quiroga e coa xente da Comisión 7ª, non debe de estar moi coordinada, porque boa parte destas medidas que recolle na moción xa se debateron na comisión e, por suposto, tamén no pleno, pero na comisión especificamente. Hai unha PNL, que se debateu na comisión do 26 de maio, do PP, na que a maior parte das propostas que recolle esta moción xa estaban alí recollidas. ¿E sabe quen votou a favor desta PNL? O PP, os demais grupos abstivéronse, señor Quiroga. Non sei se o recorda.

Mire, estaba recollido establecer liñas de crédito do Igape, que xa se aprobaron —por certo, tamén, señora Presas, o prazo é ata o 15 de novembro, hai que ler a orde completa; é o 20 para solicitar axudas e o 15 de novembro para firmar as operacións financeiras cos bancos—, e poñer en marcha un plan urxente consensuado coa Fegamp, organizacións ecoloxistas e agrarias con medidas concretas para loitar contra a seca. Temos o informe do Consello do 11 de outubro do 2017 no que se recollen todas estas medidas.

E eu non podó finalizar a miña intervención sen falar dun tema no que lle pido, por favor, prudencia e que é gravísimo. Falou de perdas dos viticultores de 15 millóns de euros. ¿Vostede ten os datos das denominacións de orixe? Mire, Monterrei, 2.800.000 quilos, cen por cento da media dos últimos dez anos; D. O. Ribeira Sacra, 5.400.000 quilos, cen por cento da media dos últimos dez anos; D. O. Ribeiro, nove millóns e medio de quilos, 73 % da media dos últimos anos —dos dez últimos anos, que, por certo, a xente que vivimos no rural sabemos que é a media que temos que tomar nas explotacións agrícolas—; Valdeorras, 4.180.000, que é o 77 %. ¿Vostedes non saben que se non hai unha perda superior ao 30 % non podemos sequera falar de zonas de emerxencia?



Eu pídlle aquí, agora escoitarei a súa resposta, pero pídlle toda a prudencia en relación cos viticultores e co sector do viño. Estamos a falar de xente que vive...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor GONZÁLEZ VÁZQUEZ:** ...deste tema e que é moi perigoso estar dicindo cousas que non se corresponden coa realidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor González Vázquez.

Grupo autor da moción, señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

O primeiro dicir que imos aceptar a emenda do BNG, que o que fai é completar a nosa iniciativa, e agradecer o apoio deste grupo parlamentario, tamén de En Marea e creo que do Partido Popular, posto que xa se presentou, xa se está facendo, ¿votarán a favor?, digo eu, ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si. Entón, claro, como xa se debateu...

E a verdade é que é certo: non nos vimos nos lumes, non coincidimos, e tampouco me veu na Televisión galega porque eu non saio demasiado, e tampouco chamo os medios públicos cando vou ver un lume nin chamo os medios de comunicación para que me fagan fotos ao lado dos meus alcaldes, nin imaxes cos veciños e coas veciñas cando están pasando momentos durísimos. Non o fago eu nin o fai ningún dos meus compañeiros e compañeiras. *(Murmurios.)* Estes días, señorías do Partido Popular, *(Aplausos.)* sufriron persoas, señor Pazos, de toda color política. Estou convencida de que os alcaldes do Partido Popular estaban igual de desolados que os do PSdeG, que os do Bloque Nacionalista Galego e que os de En Marea, exactamente igual. E os deputados e deputadas, os meus compañeiros e compañeiras estiveron, estivemos cos nosos alcaldes e estivemos no medio rural, por suposto que si en moitos pobos, en concreto tamén da provincia de Ourense. O que pasa é que non facemos publicidade e propaganda, porque non iamos entorpecer, nin iamos sacar a foto, iamos facer aquilo que o señor Baltar non fixo, aínda que volva repetir o señor deputado que si. Si que o fixeron outros membros —estou de acordo con vostede— do Partido Popular, pero non o fixo a institución despois dos concellos máis próxima aos cidadáns, que é a Deputación de Ourense. Non había medios da Deputación de Ourense no incendio de Carballeda de Avia. *(Murmurios.)* Non, non había medios. E os medios da Xunta chegaron aproximadamente ás catro e pico da mañá. Pero haberá tempo dabondo para falar de responsabilidades políticas e do que aconteceu estes días.

É certo que as medidas que puxo en marcha o Partido Popular estaban feitas: establecemento de abastecemento de auga; estruturas de abastecemento de auga véñense incluíndo nos plans de mellora. Outras liñas de axudas extraordinarias á contratación de seguros teñen o mesmo importe, señor deputado, 4,7 millóns de euros, este ano que no 2016. As liñas de axudas para facilitar o financiamento eran de 10 millóns de euros e quedaron en 500.000. As axudas da PAC non se adiantan, simplemente se cobran cando se teñen que cobrar sen ningún tipo de atraso.

E deixen que lles diga unha cousa xa para rematar a miña intervención. Non sei se é porque eu, ao igual que o señor Rodríguez e a señora Presas, pertenzo a unha xeración que creceu por desgraza coas súas cousas positivas ao amparo, somos a xeración do *Nunca Máis*, aquela xeración que viu como as nosas costas se enchían de chapapote, pero estou tremendamente orgullosa... Eu estiven onte nesas manifestacións, aínda que ao alcalde de Ourense e aos membros do Partido Popular non lles guste, e o que máis me enorgulleceu onte foi ver rapaces e rapazas que nin sequera naceran cando moitos estabamos berrando «¡Nunca máis!», e que onte o berraban. (*Murmurios.*) A semente, que é o que lles preocupa a vostedes...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...de futuro, de conciencia medioambiental...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, silencio.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** ...está aí e non para de crecer.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Rematado o debate sobre as mocións, procedemos á votación.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores.

Foi solicitada a votación por puntos, que non foi aceptada... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Vai falar sobre iso, sobre a votación por puntos, a señora Prado.

Cando queira.

**A señora PRADO CORES:** Si, si, que se acepta a votación por puntos. ¿Non sei que punto é o que quere votar separado?

**O señor PRESIDENTE:** Quere votar, segundo a señora Rodríguez Arias, o número 3 e o número 6.

Votamos, en primeiro lugar, os números 3 e 6 desta moción. **Votamos.**

*Votación dos puntos 3 e 6 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, quedan aprobados estes dous puntos da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos o resto dos puntos da moción.

Votamos.

*Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de atención ás persoas en situación de dependencia, agás dos puntos xa votados.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** E agora votamos a moción do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, por iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez.

Foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas perdas ocasionadas polas extremas condicións climatolóxicas no sector agrario.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Abran as portas, por favor.

Continuamos co debate do punto 4º da orde do día, que é de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Raúl Fernández Fernández e dous deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno ga-**

## **lego ao Goberno central en relación coa execución da liña e das infraestruturas de alta velocidade ferroviaria en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Raúl Fernández Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase modificar no punto 4 da parte resolutiva da proposición non de lei o seguinte contido:*

*No punto 4, onde di: «...se contemplan nos orzamentos de 2017 as inversións...», debe dicir: «...se contemplan nos orzamentos de 2018 as inversións...».)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Quizais sexa hoxe acertado coa iniciativa do Grupo Parlamentario Socialista que imos debater establecer un paralelismo histórico entre o lume e o ferrocarril en Galicia. Unha historia recente do lume e do ferrocarril cun protagonista coñecido que ten mudado de argumentos, relatos e posicións en función da situación persoal: oposición ou goberno en Galicia e oposición ou goberno do Partido Popular en Madrid. En ambas as dúas cuestións asistimos a cambios camaleónicos de difícil explicación e de imposible comprensión. O lume, a historia recente do lume en Galicia está marcada pola vaga de incendios de 2006, co señor Núñez Feijóo como líder da oposición e o señor Touriño como presidente; e a vaga de lume de outubro de 2017 sendo o señor Feijóo presidente da Xunta.

Non vou transcribir o dito polo líder da oposición en 2006, porque me produce noxo a súa reprodución. *(Aplausos.)* Pero si quero dicir que daquela para o Partido Popular era incompetencia do Goberno, agora a incompetencia é externa: a climatoloxía, Portugal, os concellos, os propietarios... ¡Canto fariseísmo nas xustificacións!

E a historia do lume en Galicia repetiuse once anos despois desgraciadamente para deixar ao descuberto unha vergoñenta forma de facer política, tamén para darnos unha lección. No rural sempre dicimos ás persoas lanzadas, pouco reflexivas: «Non cuspas para arriba, que nunca se sabe». En 2006 o señor Núñez Feijóo cuspiu para arriba e estes días ten a resposta a ese atrevemento. Lección que debemos aprender co lume para non cometer os mesmos erros co ferrocarril.

O ferrocarril tamén é historia. En Galicia é unha historia de tempos perdidos. A primeira liña construíuse vinte e cinco anos despois da primeira liña en España. Galicia estivo conectada

co resto da rede estatal trinta e cinco anos despois de que se iniciara a construción no conxunto de España no ano 1883; a liña era A Coruña-Madrid.

E chegamos á segunda xeración, á xeración da alta velocidade ferroviaria. Eu quero ser honesto na miña intervención e por iso quero lembrar —non me doen prendas— que na rede de alta velocidade española o primeiro deseño e os primeiros compromisos orzamentarios se desenvolveron no ano 2001 gobernando o Partido Popular. E tamén é certo que o Plan Galicia do ano 2003 introduciu unha certa aceleración naqueles plans. A verdade é que con déficits importantes, como o proxecto do señor Álvarez Cascos, que contemplaba un tramo da liña única entre Ourense e Olmedo, o cal pervertía a denominación de «alta velocidade ferroviaria». Co señor Aznar de presidente, co señor Fraga de presidente e co señor Feijóo de conselleiro de Infraestruturas, transixencia e silencio. Estabamos no ano 2003. Hoxe, catorce anos despois, con similares protagonistas no lume e no ferrocarril, as pantasma seguen sobre unha situación similar: o tramo de vía única permanece presente na cidadanía.

No ano 2004 chegou ao Goberno de España o señor Rodríguez Zapatero e no 2005 chegou ao Goberno de Galicia o señor Touriño. Xa estamos no ano 2006, no ano coincidente coa vaga de lumes. E ao igual que pasou cos lumes, a compracencia, o silencio e o silencio sobre as carencias da alta velocidade ferroviaria a Galicia cos gobernos amigos dos anos anteriores trucou e converteuse nunha pulsión reivindicativa e irracional do Partido Popular, co señor Feijóo á cabeza tentando recuperar os tempos perdidos en compracencias e silencios.

Lembramos o desboque reivindicativo do señor Feijóo nos anos 2005, 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010 e 2011, xa como presidente. Daquela o Pacto do Obradoiro, asinado entre o ministro de Fomento, o señor José Blanco, e o presidente da Xunta, o señor Núñez Feijóo, en xuño de 2009, era «un feito imprescindible» —en boca do señor presidente— «para o desenvolvemento económico e social desta comunidade autónoma».

Esta posición reivindicativa volveu mudar de maneira milagrosa no ano 2011 coa chegada do señor Rajoy ao Goberno de España. Unha nova transmutación do señor Feijóo convertendo as reivindicacións en complicidades; xa non renega das actuacións, dos orzamentos, das execucións orzamentarias, xa non nega os avances palpables á vista da época do señor José Blanco, nin escenifica o invisible dos avances co señor Rajoy. Agora xa non importa o Pacto do Obradoiro como guía de actuacións para o desenvolvemento económico e social de Galicia, nin o calendario do dito plan; xa non importan os calendarios de reunións bilaterais para facer o seguimento; xa non importa unha axenda pública do AVE que Goberno, medios de comunicación e cidadáns poidamos avaliar e controlar a evolución nas obras. Substituíuse a transparencia pola opacidade, a orde pola desorde, o rigor pola submisión, o interese dos galegos e das galegas polo interese do Partido Popular.

Recoñecemos que se produciu unha situación de crise económica durísima, pero dende o ano 2011 ata hoxe nunca o Partido Socialista pediu máis orzamentos para o AVE. Pedimos maior execución, maior dilixencia nas obras, maior negociación coas empresas nos temas de modificación de proxectos, pero nunca pedimos máis orzamentos. O que queremos, o que exiximos é que o Goberno de Galicia defenda para Galicia un AVE de alta velocidade perfectamente homologable aos AVE do resto de España.

Esta proposición non de lei ten que ver exactamente coa posición política do Goberno galego. Os socialistas galegos cremos que durante a primeira lexislatura do señor Rajoy houbo un silencio vergoñento do señor Núñez Feijóo, e cremos que na actualidade hai unha compracencia estratéxica dos gobernos populares de España e Galicia que prexudica as galegas e os galegos. Estratexia baseada en cuestións irrealis pouco cribles, como, por exemplo, que as grandes obras son moi complexas e teñen moitos problemas. É verdade, pero xa eran complexas e con problemas no ano 2004, no 2005, no 2006, no 2011 e tamén agora no 2017.

Non parece que a variable complexidade influíra nas exixencias do señor Feijóo aos gobernos galego e estatal do Partido Socialista, non parecía sensible a esta variable daquela, como tampouco parecía sensible aos custos das infraestruturas. Fíxese o que dicía daquela, decembro 2005: «*La Xunta non sabe pedir lo que es nuestro*», referíndose ao AVE; evidentemente, gobernaba o señor Touriño. Marzo de 2006: «Galicia será a derradeira comunidade en contar con tren de alta velocidade». Decembro de 2007: Feijóo exixe un 50 % máis de inversión para o AVE e pide que a conexión coa Meseta estea operativa en 2016. Setembro de 2008: «Serei implacable na defensa da chegada do AVE a Galicia e en que se cumpran os compromisos. Ninguén me vai frear na defensa dos intereses de Galicia». Nembargantes, estas exixencias e compromisos non os temos escoitado cando os gobernos os preside o Partido Popular. Soan a desculpas de mal pagador e máis a intereses partidarios que a xustificacións reais.

Deberíamos saber que a situación actual de dificultade de chegar a liña de alta velocidade ferroviaria a Galicia non é un problema de complexidade, tampouco é un problema orzamentario, é un problema de definición, de adxudicación e de execución, é un problema de inexecución das partidas orzamentarias. Do ano 2012 ao ano 2017 non se executaron 2.200 millóns de euros consignados nos orzamentos daquelas anualidades. No orzamento de 2017...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** ...quedaron inexecutados 440 millóns de euros. A estas alturas da anualidade do 2018 seguen sen estar comprometidos arredor do 70 % dos recursos dedicados ao AVE galego. —Xa remato, señor presidente.— E mentres isto está a pasar ano tras ano co Goberno amigo, o señor presidente asente e cala.

Disto vai esta iniciativa do Grupo Socialista, de que Galicia teña AVE sen renuncias, en situación de igualdade co resto do país, de que a variante de Ourense sexa irrenunciabile, de recuperar o tempo perdido incorporando aos orzamentos de 2018 o inexecutado nas anualidades anteriores e presente.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Estamos nun debate sobre o ferrocarril e sobre o AVE que se centra na cuestión do calendario, que a estas alturas nos parece un debate un tanto enganoso, que ao noso entender desvíaa intención das cuestións principais, porque, ao final, estamos falando de se o 2018, se o 2019, se o 2020; estamos falando de cantos anos de atraso acumulado imos sumar, se van ser dez, se van ser doce, se van ser catorce, se imos chegar a trinta anos desde que chegou o primeiro AVE do Estado a Sevilla. Estamos a falar, polo tanto, dunha historia de incumprimentos, de adiamentos e de enganar, aínda que hai quen prefere chamarlle «deslizamentos de datas», e vostedes son moi dados aos deslizamentos, tamén aqueles deslizamentos de *hilillos de plastilina* en dirección vertical.

Esta tamén é unha historia —podemos dicir— de vaivéns sentimentais, de vaivéns emocionais do señor Feijóo, que pasa de sentir esa emoción amorosa, ese flechazo do Obradoiro en xullo do ano 2009, cando aquel anuncio solemne de que as obras ían rematar no ano 2015, e despois veu o afastamento, a ruptura desa relación; debeu ser porque viñan as eleccións do ano 2011 e había que escenificar esa ruptura. Pero, claro, despois veu un novo Goberno no Estado e anuncian de novo, de maneira solemne, o remate das obras que estaban blindadas para o ano 2015, e xa pasaron uns cantos anos desde o 2015 e agora fálanos do 2019 ou quen sabe, porque o 2019 é en período de probas. Entón, nós o que lle dicimos —xa llo dixemos máis veces— é que deberían pedir desculpas por esta sucesión de incumprimentos e de enganar.

E tamén é unha historia —podemos dicir— de bipolaridade política que sofre o señor presidente da Xunta, que nalgúns momentos lle dan uns ataques dunha actitude de belixerancia extrema e noutros casos de submisión e de vasalaxe, dependendo de quen governe en Madrid. Cando governa outro partido pois ataques furibundos, e cando atacan os seus pois pleitesía, submisión, xustificación de todo o que haxa que xustificar, de todos os atrasos dos gobernos do señor Feijóo. E eses atrasos teñen que ver sobre todo coa baixa execución dos orzamentos, que no ano 2015 chegaron ao 40 % nada máis no caso das obras do AVE, e teñen que ver, polo tanto, coa incapacidade de xestión por parte dos gobernos do Partido Popular e tamén con ese recortazo que sufrimos en Galiza no último ano de 440 millóns de euros nos investimentos do Ministerio de Fomento. E, claro, despois vostedes quedan tan tranquilos anunciando unha comisión de seguimento dos investimentos do Estado, que agardamos tamén a ver proximamente os resultados, a ver se nos fan un informe de como van eses investimentos.

En fin, nós pensamos que hai que centrar o debate no que é o fundamental neste tema, que ten que ver co modelo de ferrocarril que queremos para o noso país e tamén, desde logo, co modelo de mobilidade, de mobilidade tanto para as persoas como para as mercadorías. Porque falamos moito da mobilidade no ferrocarril das persoas e habería que falar máis das mercadorías, porque é unha cuestión absolutamente fundamental para o noso desenvolvemento económico e para a nosa competitividade como país, a conexión dos portos, das plataformas loxísticas.

E hai que falar da alta velocidade e da súa conexión co exterior, conexión coa Meseta e conexión con Europa, e conexión con Portugal tamén, da saída sur de Portugal, que aínda segue gardada nun caixón. Temos que falar da necesidade de completar e modernizar a rede ferroviaria in-

terna, esas liñas tamén, obras eternamente adiadas da Coruña-Ferrol, Ourense-Lugo-A Coruña ou Ferrol-Ribadeo. E xa falamos aquí en moitas ocasións do estado calamitoso no que está a liña do antigo AVE; estamos peor en moitas destas liñas que hai trinta ou corenta anos. E, desde logo, hai que falar que é absolutamente fundamental o servizo de ferrocarril de cercanías, que é realmente a peza clave para ter un tren que sexa unha opción de mobilidade, moderna, económica, segura e rendible desde o punto de vista social, ambiental e económico.

En definitiva, o BNG vai apoiar esta iniciativa, aínda que nos parece que plantexa uns obxectivos absolutamente irrealizables. Non deixa de ser neste sentido unha especie de carta aos reis magos pensar que se van rematar as obras con proxectos aínda sen licitar...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** ...no ano 2018. E o que lle pedimos, de verdade, é que se deixen de lérias, se deixen de enganos, se deixen de enredos e aposten de verdade polo ferrocarril, porque non podemos volver perder este tren.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario de En Marea o señor Cal Ogando.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Realmente, foi desolador vir, ver e escoitar a máxima responsable do Medio Rural, a responsable do Goberno que hoxe se dignou aquí comparecer, vir aquí e non ofrecer absolutamente nin unha soa solución á cidadanía de Galicia. A conselleira do Medio Rural veu aquí dicir que está facendo todo ben. Polo tanto, a mensaxe que se está lanzando á cidadanía é que están totalmente desprotexidos e que non hai nada que facer para tratar de evitar que unha situación como esta volva acontecer.

Fixo un comentario que é verdadeiramente alarmante. Dixo a responsable do Medio Rural que o monte arde estea ordenado ou non. ¡Que pouco podemos agardar do Goberno galego se se fai esta afirmación!

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Cal, chámoo á cuestión, por favor.

**O señor CAL OGANDO:** Si. Non sabemos cales son os seus asesores, supoñemos que se seguen vostedes asesorando polo primo de Rajoy, o que dicía que non había cambio climático, porque facer esta afirmación é unha verdadeira aberración. *(Aplausos.)*

Pero sabemos perfectamente por que fai esta afirmación. Porque inmediatamente despois da súa intervención xa había titulares na prensa, na campaña propagandística, o NODO ac-



tuando, dicindo: «Galicia arde porque le prenden fuego; da igual que el monte esté bien ordenado». Esa era a mensaxe que quería lanzar a conselleira, e xa está circulando por todos os medios. A culpa é dos incendiarios e dos veciños que non limpan o seu terreo, e volve falar de grupos organizados. Estas son as mensaxes que están circulando agora nos medios. E isto foi o que veu facer aquí a conselleira do Medio Rural, non veu...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** ...no veu falar da situación real, non veu ofrecer solucións, veu colocar titulares,...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Cal...

**O señor CAL OGANDO:** ...que é o único que lles preocupa a vostedes nesta situación tan alarmante para a cidadanía.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Cal, desculpe, chámoo á cuestión por segunda vez. Sabe vostede que se lle teño que chamar unha terceira deixará de estar no uso da palabra.

Moitas grazas.

**O señor CAL OGANDO:** Correcto.

Falan vostedes das manifestacións. Nós onte estivemos nas manifestacións evidentemente; manifestacións multitudinarias da cidadanía, que saíu vendo unhas institucións que non están dando resposta a exixir respostas. É unha vergonza que vostedes estean criticando a cidadanía que alarmada sae á rúa. E debería ser preocupante para vostedes se verdadeiramente cren que as convocamos nós, como están afirmando e como tratan de trasladar...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Señor Cal, chámoo á cuestión por terceira vez...

**O señor CAL OGANDO:** ...á cidadanía, debería ser para vostedes preocupante que sexamos capaces de mobilizar tanta xente...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** ...e, en consecuencia, retíraselle a palabra como sabe e estipula o regulamento.

*(O señor Cal Ogando pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Boa tarde, señorías.

Señor Fernández, trae vostede a este Parlamento unha iniciativa de hai case un ano, rexistrada o 11 de novembro de 2016, que se invalida por si soa.

Fala do 2018 como data de chegada do AVE, e xa llo dixo o voceiro do BNG, cando é absolutamente inviable, e ademais o ministro xa deu as datas do 2019. Algo imposible o do 2018 polo bloqueo político sufrido no ano 2016, do que vostedes os socialistas teñen en boa medida moita responsabilidade.

Cando vin que presentaba unha autoemenda pensei, a verdade, inxenuo de min, que ía corrixir estes erros, pero decepción, só falaba de cambiar o «orçamento do 2017», que xa está executándose, polo «orçamento do 2018». Pero todo o resto de datas erróneas pois non se cambiaban, porque non é importante corrixir a demagogia, senón que o importante é seguir facendo confusión, mentir, e seguir confundindo a sociedade e xerar un discurso de confusión.

A min gustaríame recordar que tivemos un debate do estado de Autonomía hai dúas semanas e que ademais este Parlamento aprobou unha proposta de resolución que falaba claramente das datas realistas e posibles, e aprobouse. Decía expresamente que se instaba a Xunta de Galicia a solicitar do Goberno central o cumprimento de que o AVE a Galicia estea en funcionamento en probas no ano 2019. Ademais, sinalaba que se siga avanzando nas conexións internas comprometidas, isto é, o AVE a Lugo, o AVE Ourense-Vigo directo, a variante de Ourense e a mellora de conexións de Ferrol. Literalmente aprobámolo hai quince días.

Tamén se falaba das intermodais, porque, evidentemente, séguese necesitado o impulso dos gobernos central e autonómico, pero esperemos tamén que axuden un pouco os concellos, que teñen importantes competencias para poder facer estas intermodais.

Mire, nunca ata agora houbo un compromiso tan claro do Goberno de España co impulso do AVE a Galicia, porque agora temos data definitiva da chegada do AVE: no 2019, con seguimento trimestral dos compromisos, e tamén o que é máis importante: o compromiso de que será en dobre vía. Polo tanto, cos máis altos estándares de calidade, o que garante que é perfectamente homologable e equiparable a outras que pedía.

Como lle dicía, trimestralmente temos o compromiso do ministro de Fomento de vir xustificar e dar conta dos prazos, e tamén desa entrada do AVE a Ourense da que se fala no punto segundo. Tanto as obras de adaptación da propia estación, recentemente publicadas en información pública, as de adaptación do vial actual como solución provisional, como as da propia variante definitiva de Ourense seguen os prazos previstos, e séguese tamén nesa comisión os prazos establecidos.

Polo tanto, señorías, creo que temos unha clara diferenza entre un Goberno que dá a cara e que vén dar conta dos seus compromisos con outros camaleóns de ministros socialistas, porque os que de verdade eran camaleóns e cuspiron contra o vento foron significados ministros socialistas. Estou falando de don Abel Ramón Caballero Álvarez, que falaba de que o tren terminaba en Valladolid, ou o outro ministro don José Blanco López, que dicía, firmando o Pacto do Obradoiro, que no 2015 estaría rematado, pero non poñía nin orzamentos nin executaba. E iso si, o camaleón chegaba logo a Madrid e esquecíase de todo. (*Aplausos.*)

Polo tanto, transixencia, —e collo literalmente as súas palabras— compracencia e silencios vergoñentos só e principalmente os dos socialistas, e ademais a amnesia, especialmente de

cando gobernaban do señor Fernández, que parece que esqueceu as épocas nas que gobernaban. Sinceramente, de vostede esperaba algo máis de honestidade.

E unha proposición non de lei que se presenta aquí pola mala conciencia dos gobernos socialistas co AVE non lava e non borra a memoria dos galegos cos incumprimentos socialistas con Galicia. Saben vostedes que teñen mala conciencia, e por iso queren confundir coas datas, pero hai xeitos moi distintos de plantexar isto aos galegos.

Por certo, señor Bará, a comunidade galega é a segunda en investimento per cápita de todas as comunidades e a cuarta en investimento de todas as comunidades españolas.

Polo tanto, non imos apoiar esta proposición, temos que rexeitala, porque supón non recoñecer o compromiso, a calidade e o ritmo real de execución das obras do AVE; tampouco recoñece o compromiso da Xunta coas obras das intermodais e a realidade do investimento e da xestión que se está facendo...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** ...e supón —remato xa — mentir á xente, mentir á xente solicitando algo que saben de antemán que é imposible. A demagogia da súa mala conciencia non vai facer esquecer aos galegos os incumprimentos do Partido Socialista.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario autor da proposición non de lei o señor Fernández Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas de novo, señor presidente.

Señor Fernández Prado, xa sabía que ía dicir o de novembro do 2011, loxicamente. Pero traemos esta iniciativa porque un ano despois seguimos na situación do ano anterior a 2016. Fixemos unha emenda técnica e puxemos «2017». E xa renunciei ás propostas que tiña feito o señor Feijóo nas datas de AVE en Galicia: 2012, 2015, 2018. Agora anuncian en probas a finais do 2019. ¿Queren dicirme que van anunciar o ano que vén?, ¿cal é a seguinte data? Porque seguro que teñen máis datas. Ten continuidade isto.

Miren: inexecución de orzamentos, atrasos de adxudicacións, diferenzas nos modificados sen resolver, indefinición do tramo Taboadela-Ourense, modificación da estación intermodal de Ourense para limitala. Demasiados atrasos e renuncias, e demasiadas inseguridades.

O proxecto Taboadela-Ourense, de 17 quilómetros, está sen concretar; no día de hoxe non hai absolutamente nada, soamente *parole, parole, parole*, e máis nada. E a adaptación da vía actual como entrada de alta velocidade a Ourense, e polo tanto a Galicia, aumenta a confusión

e a seguridade da poboación de que volven estar enganando os ourensáns e os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

Porque unha solución provisional, como vostede di que é unha solución provisional... Polo pronto, de dobre vía nada, que tamén dixo vostede que ía en dobre vía; de dotación da actual liña de dobre vía, nada. ¿Provisional para tres ou catro anos? Xa lle demos a data nós en iniciativas anteriores: AVE 2022-2024 e sen garantías de dobre vía.

O que pasa é que tamén arrastra con esta indecisión súa institucións máis proclives á submisión partidaria que á defensa da cidadanía. Con respecto a isto, o señor alcalde de Ourense dixo que estaba satisfeito porque o ministro tiña presente a variante Taboadela-Ourense. Mire, os socialistas de Ourense e os cidadáns non queremos que teña presente iso; queremos que o faga dunha vez, que o faga e que o termine.

Comecei a miña intervención establecendo un paralelismo histórico entre o lume e o ferrocarril en Galicia, un paralelismo histórico coa figura do señor Núñez Feijóo como protagonista coincidente en dous momentos temporais moi definidos e concretos: ano 2004, 2005 e 2006, e ano 2017, mellor, outubro do 2017. A vaga de lumes destes días recuperou a hemeroteca e ditou sentenza a quen en 2006 cuspiu cara a arriba. O ferrocarril en Galicia, coa chegada da alta velocidade ferroviaria a Galicia —tamén vén na hemeroteca—, está configurando a súa sentenza só dilatada polas continuas prórrogas que se autoimpón o presidente da Xunta, tanto na integridade da mesma como na operatividade da liña. Temo que o capital acumulado polo señor Feijóo en forma de compromisos incumpridos terá un desenlace similar á sentenza do lume.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Só unha liña de alta velocidade ferroviaria a Galicia simplemente poderá mitigar o desenlace final.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández.



Rematado o debate desta proposición non de lei, suspéndese a sesión ata o día seguinte.

Moitas grazas.

*Suspéndese a sesión ás oito e vinte e oito minutos do serán.*

## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25